


Plan xeral de normalización da lingua galega

Proposta de actualización

XUNTA DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

Ilustración da cuberta: Susana Martínez

Santiago de Compostela, 2026

Plan xeral de normalización da lingua galega

Proposta de actualización

XUNTA
DE GALICIA

Índice

I. Comisións 8

II. Abreviacións 12

III. Presentación 16

1. Por que un plan? 18
2. O camiño andado: o PXNLG-2004 20
3. A necesidade da actualización do PXNLG 26
   - *3.1 Necesitamos recuperar a vizosidade do galego*
   - *3.2 A sociedade evolucionou nos últimos 20 anos*
   - *3.3 Recoñecemento efectivo da realidade plurilingüe de España*
   - *3.4 Preocupación social pola perda de saúde do galego*
4. Notas sobre a elaboración do PXNLG-2026 50
   - *4.1 Un plan colaborativo e participativo*
   - *4.2 Os sectores do PXNLG-2026*
   - *4.3 Órganos de redacción*
   - *4.4 Fases na elaboración*
5. Notas sobre a implementación do PXNLG-2026 54

IV. Obxectivos xerais 56

V. Sectores 62

1. Administración 64
   - *1.1 Presentación*
   - *1.2 Diagnóstico*
   - *1.3 Obxectivos*
   - *1.4 Medidas*
2. Economía 102
   - *2.1 Presentación*
   - *2.2 Diagnóstico*
   - *2.3 Obxectivos*
   - *2.4 Medidas*

3. Educación 128
3.1 Presentación
3.2 Diagnóstico
3.3 Obxectivos
3.4 Medidas
4. Transmisión patrimonial: familia, lecer e mocidade 152
4.1 Presentación
4.2 Diagnóstico
4.3 Obxectivos
4.4 Medidas
5. Sanidade..... 184
5.1 Presentación
5.2 Diagnóstico
5.3 Obxectivos
5.4 Medidas
6. Sociedade 224
6.1 Presentación
6.2 Diagnóstico
6.3 Obxectivos
6.4 Medidas
7. Comunicación, infraestruturas e industrias culturais 272
7.1 Presentación
7.2 Diagnóstico
7.3 Obxectivos
7.4 Medidas
8. Galego exterior, lusofonía e proxección exterior 298
8.1 Presentación
8.2 Diagnóstico
8.3 Obxectivos
8.4 Medidas
9. Tecnoloxías..... 326
9.1 Presentación
9.2 Diagnóstico
9.3 Obxectivos
9.4 Medidas
10. Recursos lingüísticos 348
10.1 Presentación
10.2 Diagnóstico
10.3 Obxectivos
10.4 Medidas
11. Dereitos lingüísticos..... 372
11.1 Presentación
11.2 Diagnóstico
11.3 Obxectivos
11.4 Medidas

I.
Comisións




COMISIÓN TÉCNICA
SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN
SECTOR 2: ECONOMÍA
SECTOR 3: EDUCACIÓN
SECTOR 4: TRANSMISIÓN PATRIMONIAL DO IDIOMA, FAMILIA E LECER
SECTOR 5: SANIDADE
SECTOR 6: SOCIEDADE
SECTOR 7: COMUNICACIÓN, INFRAESTRUTURAS E INDUSTRIAS CULTURAIS
SECTOR 8: GALEGO EXTERIOR, LUSOFONÍA E PROXECCIÓN EXTERIOR
SECTOR 9: TECNOLOXÍAS
SECTOR 10: RECURSOS LINGÜÍSTICOS
SECTOR 11: DEREITOS LINGÜÍSTICOS

II. Abreviacións

Abreviacións

ACIS: Axencia de Coñecemento en Saúde

AGASP: Academia Galega de Seguridade Pública

AFA: Asociación das Familias do Alumnado

ANPA: Asociación(s) de nais e pais de alumnado

BOE: Boletín Oficial del Estado

CAFI: Centro Autonómico de Formación e Innovación

CC: Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

CDCG: Consello da Cultura Galega

CE: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

CEG: Confederación de Empresarios de Galicia

CELGA: Certificado de Lingua Galega

CELRM: Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias

CES-Galicia: Consello Económico e Social de Galicia

CPSI: Consellería de Política Social e Igualdade

DOG: Diario Oficial de Galicia

EDLG: Equipos de dinamización da lingua galega

EF: Educación formal

EGAP: Escola Galega de Administración Pública

EI: Educación Infantil

ENF: Educación non formal

ENL: Equipo(s) de normalización lingüística

EP: Educación Primaria

ES: Educación Secundaria

ET: Estatuto dos Traballadores

EU: Unión Europea

FEGAMP: Federación Galega de Municipios e Provincias

FP: Formación Profesional

IA: Intelixencia Artificial

IGAPE: Instituto Galego de Promoción Económica

ILG: Instituto da Lingua Galega

IMELGA: Instituto de Medicina Legal de Galicia

LE: Lingua estranxeira

LNL: Lei de normalización lingüística

MARCO: Marco europeo común de referencia para as linguas

MSG04: Mapa sociolingüístico de Galicia de 2004

MSG92: Mapa sociolingüístico de Galicia de 1992

NEAE: Necesidades específicas de apoio educativo

ODS: Obxectivo de Desenvolvemento Sostible

ONU: Organización das Nacións Unidas

PAS: Persoal de administración e servizos

PLC: Proxecto lingüístico de centro

PLE: Planificación lingüística escolar

PXNLG: Plan xeral de normalización da lingua galega

PXNLG-2004: Plan xeral de normalización da lingua galega do 2004

PXNLG-2026: Plan xeral de normalización da lingua galega do 2026

RAG: Real Academia Galega

RDTL: Repositorio dixital de tempo libre en galego

RSE: Responsabilidade social empresarial

STEM: Ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas

SUG: Sistema Universitario de Galicia

SXL: Secretaría Xeral da Lingua

TERMIGAL: Servizo de Terminoloxía Galega

TIL: Tratamento integrado de linguas

TSXG: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

XESGALICIA: Sociedade galega xestora de entidades de capital de risco

III.
Presentación

III. PRESENTACIÓN

1. Por que un plan?


Todo proxecto con vocación de éxito esixe unha planificación previa, e máis aínda se o proxecto pretende garantir a plena normalización do uso do galego e que todas as persoas que queiran usalo teñan as ferramentas para facelo. No noso caso o obxectivo pretendido é lograr un avance no uso da lingua galega en todos os seus niveis, sectores e funcións por parte da comunidade galega; obxectivo que, en si, non supón novidade, pois xa se teñen tomado decisións e implementado accións neste sentido. Pero a realidade é que ata agora estas accións non alcanzaron todos os obxectivos, e unha das causas pode estar precisamente na ausencia dunha actuación de planificación por parte de todas as administracións. Unha actuación deste tipo era a pretendida coa redacción do *Plan xeral de normalización da lingua galega* en 2004 (PXNLG-2004), aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia, que, pasados xa vinte anos, necesita ser actualizado de acordo cos novos tempos e coa nova sociedade.

A renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG-2026) ten que ser un programa de medidas interrelacionadas entre si, debidamente aplicadas, garantan a plena normalización do uso do galego respaldando o comportamento lingüístico dunha parte importante da poboación. A aplicación deste plan debe lograr un avance substancial para que a lingua galega acade o prestixio social que merece. Para deseñar ese conxunto de medidas é necesario coñecer a situación actual da lingua nos distintos ámbitos sociais, coñecer cales son as súas fortalezas e as súas debilidades, e a partir de aí establecer uns obxectivos que mostren un cambio significativo da situación do galego. Por iso afrontamos a redacción dun documento no que queden establecidas de forma previa as fortalezas e debilidades da lingua galega, e programados os obxectivos, medidas e procedementos de aplicación destas encamiñados á súa normalización.

Debemos poñer o acento no concepto de 'planificación', que implica programación, universalidade, imaxinación e sinerxía, e que se opón a improvisación, parcialidade, rutina e dispersión.

O PXNLG-2026 debe actualizar e concretar os grandes obxectivos de política lingüística expresados nas súas liñas básicas na Lei de normalización lingüística de Galicia de 1983, partindo dos acordos acadados no PXNLG-2004, pero poñendo ao día as análises e medidas, tendo en conta as grandes transformacións producidas en Galicia nos últimos vinte anos. A Galicia na que a lingua galega ten que expandirse é xa diferente da Galicia de hai dúas décadas. O carácter dinámico e multicultural da sociedade actual require unha acción normalizadora sinérxica, sistemática e global.

Para que un proxecto planificador coma o que presentamos teña éxito cómpre acertar nas análises e nas medidas, pero é necesario tamén sermos quen de crear un compromiso colectivo baseado no convencemento de que, aínda que a lingua que nos



identifica no mundo está pasando por dificultades de diverso signo, podemos mudar a situación e lograr que sexa a lingua de unión de todas as galegas e galegos e a lingua que nos sirva de instrumento para expresarmos os pensamentos e as vivencias sociais de todo tipo; a lingua, en fin, que exprese a nosa maneira de estar no mundo.

Para que un plan sexa efectivo cómpre asegurar un compromiso firme de cumprimento das medidas establecidas por parte dos órganos responsables da súa execución. Pero non chega coa vontade, é necesario dispoñer dos recursos suficientes para a implementación das medidas e para o seu mantemento no tempo no que sexan de aplicación. Debemos ter fe nas nosas posibilidades: a garantía de éxito está en que todos xuntos nos manteñamos unidos na idea de que queremos e podemos mudar a situación. Poucas metas hai máis nobres polas que loitarmos que asegurar o futuro da nosa lingua, que é imprescindible para preservarmos a nosa identidade como pobo. Non temos dúbida de que, xuntas e xuntos, podemos.

III. PRESENTACIÓN

2. O camiño andado: o PXNLG-2004

Partindo dun enfoque historiográfico, no proceso de normalización da lingua galega podemos identificar diversos momentos relevantes, mais non cabe dúbida de que a aprobación, o 21 de setembro de 2004, no Parlamento de Galicia, do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG-2004) constituíu un dos máis transcendentais. Tratábase dun documento longamente agardado e reiteradamente demandado, na medida en que era percibido como a peza chave dun edificio planificador que permanecía incompleto. A aprobación do plan situouno no centro da atención pública, especialmente no ámbito político e entre os distintos grupos e axentes sociais implicados —en maior ou menor medida— na normalización lingüística. Aínda que durante os últimos vinte anos practicamente todas as accións gobernamentais de promoción do galego se referiron, con maior ou menor fundamento, a este documento como forma de xustificación e lexitimación, non é fácil realizar na actualidade unha valoración rigorosa e fiable do impacto real do PXNLG-2004 debido á súa amplitude e ao dilatado espazo de tempo na súa aplicación. Esta carencia limita tamén a posibilidade de optimizar, actualizar e mellorar o propio plan a partir da experiencia acumulada e dos resultados obtidos.

Era necesario elaborar un *Plan xeral para a normalización da lingua galega?* A esta pregunta respondía Gregorio Ferreiro Fente, membro da comisión técnica do PXNLG-2004, cun rotundo si, e sustentaba a necesidade de elaborar o plan de 2004, cando menos, en tres tipos de razóns:

a) o marco legal;

b) a natureza social da intervención lingüística; e

c) as razóns sociolingüísticas.

a) O marco legal:

Existían diversos textos legais que determinaban de forma explícita ou implícita a obriga de contar cun plan destas dimensións. Entre eles destaca o Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado en referendo o 21 de decembro de 1980, que establece:

> "A lingua propia de Galicia é o galego" (artigo 5.1, DOG do 28 de abril de 1981).
>
> "Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pú-

> blica, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento." (artigo 5.3, DOG do 28 de abril de 1981).
>
> "Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua "(artigo 5.4, DOG do 28 de abril de 1981).

Posteriormente, a Lei de normalización lingüística (LNL) de 1983 reforzaba esa obriga nos seus artigos 22 e 23:

> "Art. 22: O Goberno galego asumirá a dirección técnica, o seguimento e a planificación do proceso de normalización."
>
> "Art. 23: O Goberno establecerá un plan destinado a resaltar a importancia da lingua como patrimonio histórico e a fomentar a súa conservación, protección e transmisión."

En conxunto, o marco legal vixente desde o inicio da autonomía deixa patente que a protección, promoción e planificación do galego non constitúen opcións discrecionais, senón mandados legais expresos. Tanto o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, como a LNL de 1983 expresan unha obriga explícita para os poderes públicos: garantir o uso normal da lingua, impulsar o seu emprego en todos os ámbitos sociais e dotarse dos instrumentos precisos para asegurar a súa transmisión e conservación.

Deste modo, as razóns normativas xustificaban, lexitimaban e esixían a elaboración dun plan xeral de normalización lingüística coma o PXNLG-2004 e, pola mesma lóxica, reforzan hoxe a necesidade de revisar e actualizar ese plan para adecualo ás novas condicións sociolingüísticas e aos desafíos actuais.

b) A natureza social da intervención lingüística:

Tentando responder á pregunta sobre a necesidade do PXNLG2004, salientábase a natureza social que posúe toda intervención lingüística. Ata aquel momento moitas actuacións desenvolvidas resultaban parciais e estaban, en numerosos casos, excesivamente centradas no ensino non universitario. E, sendo este importante, non poden quedar esquecidos moitos outros sectores que son fundamentais no desenvolvemento diario da sociedade galega. Ademais, a política lingüística aplicada carecía da creatividade necesaria para facerlles fronte aos problemas identificados na maioría dos estudos sociolingüísticos.

As accións levadas a cabo no campo da normalización lingüística desde a aprobación da LNL caracterizábanse, con frecuencia, pola ausencia de planificación, pola súa aplicación indiscriminada, falta de valoración e un notable voluntarismo. E sabemos ben que as actuacións no ámbito da normalización lingüística para seren exitosas convén que obedezan a un proceso que inclúa un estudo da situación, unha planificación, unha intervención e unha avaliación destinada a medir o grao de implementación e o éxito das medidas, para que, partindo da análise dos resultados, se poidan introducir as correccións e melloras necesarias.


O conxunto das valoracións previas ao PXNLG-2004 permite concluír que, nese momento, o sistema de intervención lingüística existente resultaba insuficiente para afrontar os desafíos sociolingüísticos detectados. A focalización parcial das actua-

cións, a ausencia dunha estratexia transversal, a falta de avaliación rigorosa das medidas e o predominio dun voluntarismo disperso para a aplicación das medidas revelaron a necesidade de dotarse dun instrumento planificador sólido e integral. O PXNLG-2004 xurdiu, así, como resposta imprescindible para articular de maneira coordinada, sustentada e avaliable as políticas de normalización lingüística en Galicia.

c) A razón sociolingüística:

No momento da elaboración do PXNLG-2004 contábase en Galicia cun estudo fundamental que proporcionaba a base empírica que aconsellaba a redacción do plan. O *Mapa Sociolingüístico de Galicia* de 1992 foi un traballo clave na demolingüística galega, cuxos resultados achegaron información de enorme relevancia. Cunha mostra de case 40.000 persoas (n=38.897 persoas e un erro de +/- 0,62 % para un nivel de confianza do 95 %) o MSG ofrecía nunha primeira lectura un panorama aparentemente positivo: sete de cada dez galegos de 16 ou máis anos empregaban habitualmente o galego (Lingua habitual -só galego+máis galego = 68,6 %) (Seminario de Sociolingüística, RAG 1995, p. 47). Pero unha lectura máis polo miúdo deixaba ver un proceso acelerado de desprazamento lingüístico do galego cara ao castelán. Outros indicadores do MSG, obtidos por métodos indirectos, amosaban que a proporción de galegofalantes habituais descendera máis dun 56 % ao longo dun século. O descenso foi gradual entre as persoas nadas a finais do XIX e comezos do XX, pero intensificouse a partir dos anos vinte e acelerouse aínda máis desde a década de 1960, ata o punto de que entre as nadas nos anos setenta a porcentaxe de uso habitual non chegaba ao 40 %. **(Figura 1)**


Figura 1. Evolución da lingua habitual en 1992 en Galicia das persoas nadas dende 1877 ata 1974: monolingües en galego, bilingües maioritariamente en galego e galegofalantes.



Adaptación propia dos Gráficos 3.4 e 3.5 do Seminario de Sociolingüística, RAG (1995, p.53)

Ao contrastar a evolución das prácticas lingüísticas entre xeracións (avós/as, pais/nais e persoas enquisadas) en diferentes cohortes de idade (16-25 anos, 26-40 anos, 41-65 anos e máis de 65 anos), obsérvase que o índice de desprazamento do galego —calculado como a diferenza entre a lingua habitual dos entrevistados/as e a lingua habitual dos avós/as— aumenta de maneira progresiva. A diferenza nas prácticas lingüísticas entre os avós e as persoas entrevistadas de 1992 é duns dez puntos porcentuais entre as maiores de 65 anos; pola contra, entre os mozos e mozas de 16 a 25 anos supera o 40% (Figura 2). O proceso de ruptura da transmisión interxeracional do galego avanzaba xa daquela a unha velocidade preocupante. Os datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* de 1992 (MSG92) tamén poñían de manifesto que estes procesos de substitución estaban fortemente condicionados por factores como o territorio, o nivel de estudos ou a clase social, entre outras, e que era nos sectores con menor dinamismo e cun prestixio social máis baixo onde o galego se mantiña con maior vitalidade. **(Figura 2)**

Figura 2. Porcentaxe de galegofalantes habituais (só galego e máis galego) dos ascendentes das persoas enquisadas en Galicia segundo idade (avós – proxenitores - enquisados). Índice de desprazamento do galego por idade (Enquisados galegofalantes - Avós galegofalantes).



Adaptación propia do Seminario de Sociolingüística, RAG (1995)



O avance dos procesos de substitución viuse intensificado pola urbanización e os movementos demográficos cara ás cidades, especialmente as do eixo atlántico, de modo que as fortes diferenzas segundo territorio, unidas ás diferenzas derivadas do nivel educativo e da clase social, mostraban un escenario de desigual vitalidade lingüística, no que o uso do galego quedaba cada vez máis restrinxido a sectores con menor prestixio social.

Durante este período, moitas familias procedentes do medio rural —onde o galego mantiña unha posición hexemónica na vida cotiá e nas relacións comunitarias— optaron por adaptar o seu repertorio lingüístico ás esixencias socioculturais do medio urbano. O castelán funcionaba como lingua de integración, asociada á mobilidade social ascendente, acceso ao emprego cualificado e participación en esferas institucionais e educativas nas que o galego estaba ausente ou mesmo estigmatizado. Este proceso deu lugar a un desprazamento lingüístico tanto nos ámbitos formais coma nos informais, incluída a transmisión interxeracional: moitas familias elixiron o castelán como lingua inicial para as súas fillas e fillos, ao consideraren que este era un recurso que facilitaba a adaptación e a promoción social.

Ben é certo que tamén houbo determinados grupos da pequena burguesía urbana e de intelectuais que estaban instalados no castelán e que adoptaron o galego como símbolo de reivindicación identitaria, cultural e política.

Este contraste entre, por un lado, familias rurais que adoptan o castelán buscando integración e mellores oportunidades e, por outro, sectores urbanos que recuperan ou manteñen o galego como signo distintivo, amosa que os procesos de cambio lingüístico en Galicia responden non só a variables estruturais (status, utilidade, mobilidade social), senón tamén a dinámicas simbólicas e ideolóxicas profundamente enraizadas.

En fin, ao longo da segunda metade do século XX prodúcese unha substitución progresiva do galego polo castelán como consecuencia de factores como a emigración masiva dunha poboación rural maioritariamente galegofalante, o avance acelerado dos procesos de urbanización, a xeneralización do ensino obrigatorio en castelán ou a expansión dos medios de comunicación editados fóra de Galicia, que reforzaron a presenza e o prestixio social da lingua dominante.

Estes indicadores, e moitos outros, revelaban un contexto de fraxilidade lingüística que non podía atenderse mediante accións illadas ou voluntaristas. Resultaba imprescindible un instrumento planificador que artellase unha resposta global, coordinada e baseada en evidencias, capaz de afrontar as causas estruturais do desprazamento social do galego cara ao castelán e de garantir a presenza e a transmisión do galego en todos os ámbitos sociais. Así, e coa axuda de moitas persoas estudosas, xurdiu o PXNLG-2004 como instrumento para mellorar significativamente a implantación social da lingua galega.

III. PRESENTACIÓN

3. A necesidade da actualización do PXNLG

3.1

Necesitamos recuperar a vizosidade do galego

As principais enquisas demolingüísticas realizadas en Galicia nas últimas décadas coinciden en evidenciar as importantes dificultades polas que atravesa o galego como lingua social. A análise conxunta destes estudos revela que existen varios procesos que afectan á evolución da lingua, como a ruptura da transmisión interxeracional, o decrecemento do uso entre a mocidade, a diminución da porcentaxe de persoas instaladas no galego ao que contribuíu o incremento de poboación nacida fóra de Galicia, o aumento do consumo de contidos dixitais noutras linguas ou a persistencia de actitudes que penalizan simbolicamente o galego e as persoas que o falan.

En Galicia, segundo a estimación realizada polo Instituto Galego de Estatística en 2023 (IGE 2023), 1.176.465 habitantes falan habitualmente en galego. Non obstante, son 2.156.092 as persoas que saben falar a lingua moito ou bastante (aínda que, se engadimos os que manifestan falar "pouco" a porcentaxe chega a un 94,62 %), nunha comunidade cunha poboación total que non chega aos 2,7 millóns de habitantes. En definitiva, o número de persoas que saben falar galego en Galicia case duplica o das que o falan habitualmente. Se comparamos estes resultados cos obtidos dúas décadas atrás, a comezos do século XXI (IGE 2003), podemos ver que a variación no número de persoas que saben falar en galego é importante, pero é aínda máis acentuada no caso de falantes habituais.

Así e todo o galego continúa a ser unha lingua relevante dentro do conxunto das 7.170 linguas faladas no mundo. Segundo a estimación de *Etnologue*, sitúase por número de falantes no posto 160, ocupa o lugar 23 entre as linguas europeas e é a segunda lingua europea máis falada entre as que non son linguas oficiais dun Estado.

O PXNLG-2004 indicaba na súa introdución que o galego era en Galicia a lingua maioritaria. Sinalaba tamén que o galego estaba presente —ou, cando menos, latente— no conxunto da sociedade galega. Hoxe isto non é así, pero a lingua galega está nalgunha medida presente aínda nunha parte importante da nosa poboación: sete de cada dez habitantes de Galicia empregan o galego para comunicarse nalgunha ocasión, e non chega ao 30 % a poboación que emprega sempre o castelán. Todo isto indica que é posible reconquistar espazos para a lingua galega e reverter a perda de presenza social do galego e o descenso no número de galegofalantes.


3.1.1 Alta porcentaxe de competencia lingüística autopercibida en galego

A relación entre o galego e o castelán está marcada pola súa proximidade lingüística, un factor que xera dinámicas específicas que non poden extrapolarse a outras situacións de minoración lingüística, como as do éuscaro, do bretón ou do irlandés. Nestes casos, as persoas que non empregan a lingua autóctona adoitan descoñecela por completo. Pola contra, no contexto galego, case a totalidade da poboación posúe algún grao de competencia pasiva en galego, o que non implica necesariamente un uso activo desta. As razóns desta desconexión entre coñecemento e práctica poden ser de natureza psicolingüística, social ou política.

Os últimos datos arredor das competencias orais pasivas en galego superan o noventa por cento da poboación (moito + bastante = 93,37%). É dicir, case a totalidade das persoas en Galicia comprenderían a unha persoa se esta lles falase en galego. A situación cambia cando se lles pregunta sobre a súa destreza para falar (competencia activa): o 83,39% (o 94,62% sumando os que saben falar pouco) tería a capacidade para desenvolverse falando en galego. Aínda que se trata dunha porcentaxe alta, é preocupante que, a pesar da introdución do galego no ensino regrado, exista un grupo (5,37% da poboación) que se considera incapaz de falar en galego. (Figura 3)

As competencias pasivas na escrita presentan proporcións semellantes ás da comprensión oral, mais as destrezas activas difiren substancialmente. O 60,99% (o 84,35% sumando os que saben escribir pouco) das persoas indica ter capacidade para escribir en galego, unha porcentaxe que mellora a situación anterior, pero que segue sendo notablemente inferior á correspondente á expresión oral. Evidentemente na valoración do índice de capacidade para escribir en galego cómpre ter en conta unha porcentaxe importante de poboación que non foi alfabetizada en galego. Pero, mesmo así, é preocupante que exista un grupo moi relevante —o 15,66% da poboación— que se considera totalmente incapaz de escribir en galego. (Figura 3)

Figura 3. Competencias lingüísticas autopercibida orais e escritas [pasivas e activas] en galego. Datos recollidos en 2023.




Fonte: Adaptación propia dos datos do IGE (2023)

As tendencias relativas ás competencias lingüísticas activas —orais e escritas— en galego entre 2003 e 2023 mostran un descenso nas primeiras e un lixeiro incremento nas segundas. No caso da expresión oral, obsérvase unha diminución superior aos cinco puntos porcentuais, mentres que nas competencias escritas se rexistra un aumento próximo aos dez puntos, o que nos achega información preocupante no primeiro caso e alentadora no segundo. (Figura 4)

Constátase que o principal medio polo que se aprende a falar galego continúa a ser o contexto familiar, unha realidade que apenas variou co paso do tempo. Pola contra, a presenza da escola como ámbito de adquisición ou mellora foi aumentando progresivamente: na actualidade, o 56,68 % da poboación galega inclúe a institución escolar entre os espazos nos que aprendeu galego.

Neste senso, evidenciase que os factores determinantes da perda do galego non son lingüísticos, senón sociais, contextuais e simbólicos, polo que é imprescindible incrementar a utilidade percibida e os espazos reais de uso.

Figura 4. Evolución das competencias lingüísticas autopercibidas orais e escritas [activas] en galego na poboación de 15 ou máis anos. Datos recollidos entre 2003 e 2023.



Fonte: Adaptación propia dos datos do IGE recompilados en Monteagudo, Loredo e Vázquez-Grandío (2024).

3.1.2 As persoas que aprenderon a falar en galego


Cando se elaborou o PXNLG-2004 máis da metade das galegas e dos galegos declaraba que a súa lingua inicial era o galego. Dúas décadas despois esa porcentaxe descendeu ata situarse arredor dun terzo, o que quere dicir que case un vinte por cento da poboación deixou de ter o galego como única lingua inicial. En paralelo, o número de bilingües iniciais aumentou un 12,9 %, o que significa que se acentúa a tendencia ao bilingüismo, e a proporción de castelanfalantes iniciais experimentou un lixeiro incremento.

Segundo datos de 2023, o 33,9 % da poboación aprendeu a falar en galego, o 33,1 % en castelán e o 29,2 % nas dúas linguas. Isto evidencia que a poboación galega se distribúe actualmente case por igual entre estas tres opcións, o que reflicte un cambio importante na adquisición da lingua inicial, tal e como se pode apreciar na gráfica. Chama tamén a atención o lento pero progresivo aumento da alternativa "outras situacións" ata chegar aos catro puntos actuais.

Esta baixada no número de persoas que aprenden a falar inicialmente en galego ten consecuencias directas para a vitalidade futura da lingua. Podería pensarse que a tendencia evoluciona cara á adquisición inicial equilibrada das dúas linguas, pero a realidade non é así: a suma das persoas que aprenderon a falar en galego e das que o fixeron nas dúas linguas descendeu de maneira considerable. En 2003, ambas as dúas alternativas alcanzaban o 82,1 %, mentres que en 2023 esa porcentaxe se reduce ao 67 %. (Figura 5)

Os datos evidencian que a transmisión interxeracional está seriamente debilitada, cunha diminución relevante da porcentaxe de persoas que adquiren o galego como lingua inicial e cunha fenda xeracional superior aos cincuenta puntos entre maiores de 65 anos e menores de 15. Esta erosión compromete a base demográfica da lingua e fai necesario a posta en marcha de medidas inmediatas que incidan, entre outros ámbitos, no contexto familiar, tradicionalmente considerado un espazo de seguridade para a transmisión lingüística do galego. Sen o reforzo neste ámbito —xunto con políticas que actúen tamén noutros espazos de socialización—, a continuidade interxeracional do galego corre o risco de quedar seriamente comprometida.

Figura 5. Evolución da lingua na que aprenderon a falar os galegos e galegas [2003-2023].



Fonte: Adaptación propia dos datos do IGE recompilados en Monteagudo, Loredo e Vázquez-Grandío (2024)

3.1.3 O uso do galego: a diferenza entre 2003-2023


Foron numerosos os estudos sociolingüísticos precedentes os datos do IGE de 2023 que, entre as súas conclusións, afirmaban que o galego continuaba a ser o idioma maioritario entre a poboación galega. Non obstante, tras esta constatación inicial, adoitaban advertir que as proxeccións de uso cara ao futuro resultaban pouco alentadoras. As súas análises fundamentábanse, entre outros factores, no descenso progresivo dos usos a medida que diminuía a idade, na baixa valoración social da lingua ou nas dificultades asociadas á transmisión interxeracional.

Os resultados demolingüísticos máis recentes viñeron confirmar as predicións negativas para o galego. Un dos datos que adquiriu maior transcendencia social na enquisa do IGE de 2023 foi que só o 45,5 % da poboación de Galicia era galegofalante (falaba só ou máis galego) (Figura 6). Esta cifra corroboraba a tendencia sinalada nos estudos precedentes, e coincidía de maneira case exacta coas predicións neles formuladas.

Na figura que presentamos pódense observar as diferenzas significativas nos datos de uso de lingua habitual entre 2003 e 2023 (IGE 2003, 2023). En 2003, a porcentaxe de galegofalantes situábase no 61,2 %, fronte ao xa mencionado 45,5 % rexistrado en 2023. Isto significa que, ao longo de dúas décadas, a porcentaxe de galegofalantes experimentou un descenso de 15,7 puntos porcentuais. Neste período tamén se produciu un incremento dos grupos bilingües ("máis galego", "máis castelán"), aínda que nunha magnitude inferior á esperada e á promovida polas políticas lingüísticas. Pola contra, as persoas monolingües en castelán aumentaron en case dez puntos porcentuais.

A partir deste punto, resulta evidente que será a intervención social —e, por extensión, as políticas lingüísticas— a que deba asumir un papel central para asegurar unha modificación efectiva destas tendencias regresivas.

Figura 6. Comparación da lingua que falan habitualmente os galegos e galegas [2003-2023].




Fonte: Adaptación propia dos datos do IGE (2003 – 2023) recompilados en Monteagudo, Loredo e Vázquez-Grandío (2024).



Na figura 7 pódese ver a evolución do número de persoas que falan habitualmente en galego e das que utilizan habitualmente o castelán entre 2003 e 2023. A visualización dos resultados é clara, e as tendencias de futuro resultan evidentes: progresivo incremento de castelanfalantes habituais e progresivo descenso de galegofalantes habituais, se ben é certo que se observa unha lixeira pero esperanzadora desaceleración no proceso de substitución lingüística.

Figura 7. Evolución da porcentaxe de persoas que falan habitualmente en galego ("só galego", "máis galego") e castelán ("só castelán" e "máis castelán") en Galicia [2003-2023].



Fonte: Adaptación propia dos datos do IGE (2003, 2013, 2023) recompilados en Monteagudo, Loredo e Vázquez-Grandío (2024)



3.1.4 O cambio xeracional: Incremento do monolingüismo en castelán


No PXNLG-2004 xa se advertía que *a lingua dos netos é moi distinta da dos avós*. Segundo datos do Censo de 2001 sete de cada dez persoas de 65 ou máis anos (75,54 %, 421.983 individuos) eran monolingües en galego, mentres que entre a poboación de 5 a 9 anos só o eran catro de cada dez (37,63 %, 101.840 individuos). Isto supuña, pois, un retroceso a principios de século do 37,91 % nos usos monolingües entre as dúas cohortes de idade.

Naquel momento, tamén se apuntaba que ese cambio de comportamento lingüístico non se definía principalmente a partir das opcións extremas ("sempre" vs. "nunca"), senón que se orientaba cara a usos bilingües ("ás veces").

Na actualidade, ao afondar de novo nesta análise e volver examinar a fenda das diferenzas xeracionais nas prácticas lingüísticas en Galicia —cunhas cifras que falan por si soas— obsérvase que a distancia entre a porcentaxe de galegofalantes de 65 ou máis anos e a porcentaxe de galegofalantes de 5 a 14 anos supera os cincuenta puntos porcentuais (51,73 %). O feito de que a presenza da lingua diminúa conforme a idade, presenta unha deriva na que cómpre actuar. (Figura 8). A proxección destes resultados cara ao futuro evidencia con claridade a necesidade dunha intervención urxente e sostida no tempo que permita reconducir unhas tendencias claramente daniñas para o galego.

A situación sociolingüística da infancia-con todas as prevencións coas que hai que manexar estes datos- revela así un ámbito de actuación de especial interese para o futuro da lingua, xa que a escaseza de contextos reais de socialización para a mocidade e a imposibilidade de compensar a ruptura da transmisión familiar sitúan estas idades como unha prioridade estratéxica esencial.

Figura 8. Prácticas lingüísticas en Galicia segundo a idade. Datos recollidos en 2023.



Fonte: Adaptación propia dos datos recollidos polo IGE (2023)

3.1.5 A transmisión interxeracional

A transmisión lingüística constitúe o eixo central para comprender a vitalidade do galego e o seu futuro como lingua socialmente viable. Trátase do proceso polo cal unha lingua se transmite dos proxenitores aos seus descendentes, un ámbito no que a familia desempeña un papel absolutamente primordial. As linguas socialmente minorizadas só manteñen a súa viabilidade na medida en que a aprendizaxe nos primeiros anos de vida está garantida por procesos sólidos de transmisión interxeracional. Así, a continuidade do galego non depende exclusivamente da presenza da lingua na escola ou noutras institucións, senón, sobre todo, da capacidade das familias para preservaren os procesos naturais de socialización primaria en galego. En Galicia, o debilitamento desta transmisión constitúe o indicador máis claro que afecta á evolución lingüística, pois cando a lingua deixa de pasar dunha xeración a outra prodúcese unha perda estruturada e dificilmente reversible. A revitalización do galego debe, polo tanto, centrarse na creación de contextos reais e afectivos que o convertan nunha lingua útil, segura e emocionalmente significativa para pais e fillos, de maneira que a transmisión poida recuperar o seu papel como motor fundamental da reprodución lingüística.

A transmisión interxeracional é un alicerce fundamental para o futuro dunha lingua, e este é un dos principais problemas que leva sufrindo o galego desde a segunda metade do século XX. Os datos do IGE do 2023 indican que mentres que no 94,3 % das familias castelanfalantes se mantén a transmisión desta lingua ás fillas e aos fillos, o mantemento da lingua galega é só dun 75,1 % nas familias galegofalantes.



A perda de transmisión familiar é máis alta no hábitat urbano, onde a presión lingüística a favor do castelán é máis intensa, actuando estes ámbitos como motores de substitución lingüística que fan necesarias políticas diferenciadas.

Pero cómpre salientar o fenómeno positivo aínda minoritario de persoas que transmiten o galego a pesar de que non o recibiron como lingua familiar. No 2023 este perfil acadaba o 5,7 %, mentres que dez anos antes, no 2013, só significaba o 2 %. Este é un fenómeno moi importante no proceso de gañar falantes de galego, tal como se puido observar en Cataluña, onde no ano 2013 xa acadaba o 11,9 % (cando en Galicia só afectaba a un 2 %). Este tipo de perfil é importante, ademais, porque posúe a capacidade de influír de maneira decisiva no status do grupo de galegofalantes.

Esta presenza de dinámicas de galeguización en determinados grupos con alta visibilidade social, xunto con niveis de retención lingüística aínda significativos, preséntanos un escenario sociolingüístico que, malia a ser complexo, posúe aínda unha base importante sobre a que promover procesos de revitalización da lingua. Para que estes avances sexan efectivos resulta imprescindible deseñar e aplicar medidas diferenciadas e adaptadas aos diferentes grupos sociolingüísticos: estratexias específicas para os contextos urbanos máis vulnerables, políticas de reforzo nos ámbitos rurais con maior capacidade de transmisión, e actuacións orientadas a apoiar perfís emerxentes (por ex.: familias lingüisticamente mixtas) —como os procesos de recuperación do galego como lingua habitual— que poden exercer un papel dinamizador no conxunto do sistema lingüístico. Só mediante unha intervención adaptada á diversidade sociolingüística do país será posible reverter a tendencia actual de perda de transmisión interxeracional.




3.1.6 A idade infantil e o galego

Os datos demolingüísticos amosan como a presenza do idioma galego é menor a medida que descende a idade. Cómpre aclarar o delicado que supón avaliar con precisión os datos contidos no informe do IGE, que non son obtidos directamente das persoas obxecto de investigación, senón obtidos a través doutras persoas entrevistadas na familia.

Xa no PXNLG-2004 se manifestaba unha notable preocupación respecto dos datos relativos á idade infantil, pois se ben na franxa de idade de 5 a 15 anos a capacidade de entender o galego chegaba ao 97 %, as competencias activas baixaban dunha maneira substancial. Se nos centramos na máis importante das competencias activas, que é a capacidade de falar, vemos que desde aquela esta vai diminuíndo progresivamente ata o momento presente: no 2003 era un 18 % a porcentaxe de nenos e nenas que tiñan dificultades para se expresaren en galego, pero esta aumentaba a un 23 % no ano 2013 e chegaba ao redor dun 40 % no 2023. (Figura 9)

Figura 9. Competencias lingüísticas activas en galego da poboación de 5 a 14 anos. Datos recollidos en 2023.




Fonte: Adaptación da Figura 11 (p.25) de Monteagudo, Loredo e Vázquez-Grandío (2024).



Pero nesta cohorte de idade o problema é aínda máis grave se nos centramos nos usos lingüísticos. Mentres que en 2003 a porcentaxe de galegofalantes habituais neste grupo ascendía ao 40,3 %, na actualidade apenas o 16,2 % dos nenos e nenas empregan o galego de maneira habitual (Figura 10). Existe pois un salto moi preocupante entre o número de nenos e nenas que teñen capacidade para falalo e o número dos que realmente o falan.

Figura 10. Porcentaxe de galegofalantes da poboación de 5 a 14 anos. Datos recollidos entre 2003-2023.



3.1.7 A distribución territorial

A dimensión territorial constitúe un factor clave na distribución social do galego en Galicia, pois condiciona tanto as prácticas lingüísticas como os procesos de transmisión interxeracional. As zonas rurais e semiurbanas, cunha maior continuidade histórica no uso da lingua e cunha rede de interaccións sociais máis densas e estables, mantiveron tradicionalmente porcentaxes máis elevadas de galegofalantes. Pola contra, os núcleos urbanos —caracterizados por unha maior mobilidade social, maior presenza de persoas de fóra de Galicia ou de fóra de España, así como pola centralidade dos medios de comunicación e do mercado laboral en castelán— experimentaron unha perda máis intensa e temperá de usos lingüísticos en galego. Esta desigualdade territorial, lonxe de reducirse, continúa a reproducirse nas xeracións máis novas, facendo do territorio un elemento determinante para comprender as dinámicas de vitalidade e substitución lingüística no país.


O mapa que nos ofrece o último informe elaborado pola Real Academia Galega (RAG) a partir da distribución territorial en comarcas, comarcas galegas definidas polo IGE, permite visualizar con precisión a desigual distribución territorial do galego. Nel identifícanse zonas de mantemento da lingua —como a Costa da Morte, O Barbanza-Noia, Xallas, Ordes-Melide, leste da provincia de Lugo, sur de Ourense ou o nordeste da provincia de Pontevedra— xunto con áreas de mantemento moderado. En contraste, aparecen tamén rexións en proceso avanzado de substitución lingüística, como o sur de Pontevedra e O Morrazo, así como áreas nas que a substitución é xa moi intensa, entre as que destacan Ferrol-Eume-Ortegal, A Coruña, Ourense, Vigo e Pontevedra (Figura 11). Esta cartografía evidencia que o territorio continúa a ser un factor determinante na vitalidade do galego e na configuración das súas dinámicas de uso, polo tanto, unha variable estratéxica á hora de deseñar e aplicar as dinámicas de intervención lingüística.



Fonte: 3º Plan xeral de normalización da lingua galega. Proposta de actualización.

Figura 11. Distribución territorial por áreas da lingua habitual [IGE-2023].

Fonte: tomada de Monteagudo, Loredo e Vázquez-Grandío 2024, pp. 49-50.



3.2
A sociedade evolucionou nos últimos 20 anos

Unha boa parte das dinámicas sociolingüísticas explícanse por procesos que non son estritamente lingüísticos, senón económicos, sociais, tecnolóxicos ou culturais. Debemos ter en conta estes factores á hora de planificar o futuro da lingua para poder darlles resposta ás necesidades e desafíos dos novos tempos.

Nos últimos vinte anos a sociedade galega sufriu unha serie de transformacións importantes que cómpre ter en conta na renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega .

3.2.1 Cambios demográficos: baixa taxa de nacementos e incremento da inmigración

No que levamos de século producíronse cambios demográficos significativos, caracterizados por unha baixa taxa de nacementos, un maior avellentamento da poboación e un incremento da inmigración, especialmente procedente de países suramericanos de fala castelá. É imprescindible ter en conta esta nova realidade demográfica para interpretar correctamente os datos sociolingüísticos e, sobre todo, para facer unha planificación lingüística axeitada á realidade actual de maneira que se poida desenvolver un modelo estruturado de acollemento lingüístico que facilite a aprendizaxe, a integración comunitaria e a adquisición de usos reais da lingua galega.

A inserción social, laboral e lingüística da poboación inmigrante é un desafío ao que temos que dar resposta. As persoas que chegan a Galicia para desenvolver aquí a súa vida laboral e familiar deben recibir unha atención lingüística especial, temos que lograr que o galego lles sexa accesible, e isto será tanto máis fácil canto máis se lles facilite a integración social, a participación política, e mesmo o progreso económico.

Galicia foi unha terra marcada historicamente polo fenómeno da emigración, primeiro con fluxos dirixidos principalmente cara a América latina e, máis tarde, a partir dos anos 60 do século pasado, cara a Europa. Pero no S.XXI Galicia converteuse nun país de acollida para xentes de fóra, e o fenómeno da inmigración adquire unha importancia cada vez maior. Desde o punto de vista lingüístico é importante ver a evolución durante o que vai de século da poboación de Galicia que naceu fóra da Comunidade, porque se supón que estas persoas ou non tiveron como lingua inicial o galego ou, se o tiveron, foi nunhas condicións socialmente moi restritivas, limitadas ao ámbito intimamente familiar. Dentro deste grupo haberá persoas procedentes do estranxeiro ou de comunidades autónomas de España distintas de Galicia, pero tamén retornados/as galegos e fillos/as ou netos/as de emigrantes galegos que decidiron regresar a Galicia.


A figura 12 mostra a evolución da poboación de Galicia nacida fóra da Comunidade Autónoma entre 2000 e 2025, expresada en porcentaxes sobre o total da poboación, diferenciando entre os que naceron fóra de España e os que naceron noutras comunidades autónomas.

En primeiro lugar, obsérvase un incremento sostido da poboación nacida fóra de España, que pasa de valores próximos ao 1,5 % no ano 2000 a un 14,7 % no ano 2025, o que supón un incremento de aproximadamente un 13 % sobre o total da poboación neste espazo de tempo. Trátase dun proceso de incremento sostido que pasou por etapas de diferente intensidade ao longo destas dúas últimas décadas.

Unha tendencia ben distinta seguiu a poboación galega nacida noutras comunidades autónomas que se caracterizou por un proceso de estabilidade sostido cun certo retroceso estes últimos anos. De feito, produciuse un proceso de inversión nos procesos de inmigración pasando a ser maior a porcentaxe de persoas nadas fóra do territorio nacional que as nadas noutra comunidade autónoma.

En termos sociolingüísticos, este fenómeno demográfico ten implicacións destacadas: Galicia, tradicionalmente caracterizada por un saldo migratorio negativo, convértese progresivamente nun territorio de recepción, cunha diversidade lingüística crecente. O especialmente relevante á hora de elaborar un PXNLG é que no ano 2025 un 25 % da poboación de Galicia naceu fóra da Comunidade, e este feito supón unha dificultade engadida ao problema estrutural interno de perda da transmisión familiar.

Figura 12. Porcentaxe de habitantes de Galicia nacidos no estranxeiro e fóra da Comunidade Autónoma de Galicia



Fonte: A información procede ata o ano 2020 da explotación do Padrón Municipal de Habitantes, e a partir de 2021 da explotación do Censo da poboación.


IN YES

A chegada de novos colectivos implica a presenza de persoas sen ou con poucos vínculos previos co ecosistema lingüístico galego, o que converte a acollida lingüística nun elemento esencial. Cando existen políticas e contextos sociais que favorecen a integración en galego —especialmente na escola, nos servizos públicos e nos espazos comunitarios—, a inmigración pode contribuír a ampliar a base de falantes e reforzar a reprodución lingüística. Pola contra, na ausencia de mecanismos de acompañamento ou se estes mecanismos son deficitarios, a dinámica dominante tende a favorecer o castelán como lingua de integración rápida, reforzando así os procesos de substitución. Desde o punto de vista sociolingüístico, a inmigración non debe ser entendida nunca, pois, como unha ameaza, senón como unha oportunidade sobre a que se debe incidir de maneira positiva para o galego mediante unha planificación lingüística eficaz. No Quebec, por exemplo, a escolarización obrigatoria en francés para fillos e fillas de inmigrantes converteu este colectivo nun dos motores máis importantes da revitalización da lingua. Noutras comunidades autónomas xa teñen certa experiencia na aplicación de políticas activas de acollida lingüística para que as novas xeracións de familias inmigrantes adquiran a lingua propia da CA como lingua de integración social. Estes casos poñen de manifesto que a incorporación lingüística, sen tratarse dun proceso fácil, non está totalmente determinada pola orixe das persoas migrantes, senón que pode ser mediatizada ou influída pola estrutura de oportunidades e incentivos creada pola sociedade receptora. Galicia podería beneficiarse de estratexias semellantes, potenciando a aprendizaxe do galego como ferramenta de integración comunitaria e creando espazos onde o seu uso resulte útil, accesible e socialmente prestixiado.

Ben é certo que o contexto galego presenta unha serie de retos específicos á hora de integrar a inmigración. En primeiro lugar, a percepción do castelán como lingua de prestixio en Galicia e como vehículo principal de integración rápida dificulta que o galego sexa visto como unha opción útil e funcional para as persoas que chegan. En segundo lugar, a estrutura territorial de Galicia —con áreas urbanas en avanzado proceso de substitución lingüística e zonas rurais onde o galego mantén unha vitalidade maior— xera oportunidades desiguais para a aprendizaxe e o uso efectivo da lingua. Galicia ten diante de si o desafío de transformar o galego nun recurso socialmente útil, visible e valorado para a poboación inmigrante, converténdoo nunha porta de entrada á Comunidade e non nun código marcado ou socialmente restrinxido.

O impacto da inmigración no panorama sociolingüístico da Galicia dos vindeiros anos dependerá en boa medida da capacidade das políticas lingüísticas para integrar estes colectivos chegados de fóra de Galicia, tanto de países estranxeiros coma doutros territorios de España.

3.2.2 O multiculturalismo e o plurilingüismo

A globalización trouxo consigo, como xa vimos, fenómenos coma o incremento da inmigración ou a abolición de fronteiras económicas e comerciais. Nesta era da globalización irrompeu como un fenómeno cada vez máis importante o multiculturalismo e o multilingüismo.

Acabamos de ver como na Galicia actual empeza a ser relevante a presenza de persoas con outras linguas e con outras culturas, e preséntasenos o problema de como respectar os dereitos lingüísticos e culturais desas persoas ao mesmo tempo que se integran na sociedade galega. Ao lado deste escenario cada vez máis multicultural e multilingüe, preséntase outra realidade, a do plurilingüismo, entendido como a utilización por parte dun individuo de dúas ou máis linguas na comunicación, adaptando o seu repertorio lingüístico ao contexto persoal, educativo ou profesional. Non son poucas xa as persoas que por razóns profesionais se ven obrigadas a utilizar varias linguas ao longo da súa xornada laboral, e teñen que comunicarse dúas horas en inglés, dúas en castelán e catro en galego, ou un día manter toda a comunicación en alemán e outro día exclusivamente en galego. Por iso, na análise sociolingüística, cada vez resulta máis difícil de establecer a aplicación do concepto de "lingua habitual", porque nun número alto de casos son varias as linguas habituais que unha persoa emprega no seu traballo, na súa familia e nas súas relacións sociais.

Hai xa un número significativo de persoas que utilizan habitualmente varias linguas, cada unha cun peso distinto segundo os casos. Para facer unha avaliación atinada será cada vez máis necesario ver o peso de cada lingua nas distintas interaccións laborais e sociais de cada persoa. Nos últimos anos estáselle dando cada vez máis importancia na descrición das situacións sociolingüísticas ao concepto de "lingua de identificación", que é aquela lingua coa que, nunha situación plurilingüe, o individuo se ve máis identificado, e pode darse o caso de que alguén empregue toda a xornada a lingua castelá no traballo por imposición, pero que sinta que a súa lingua de identificación é o galego, por considerar que pertence ou debe pertencer a unha cultura e a un grupo que se expresa nesta lingua. Xa non son raros os casos de persoas inmigrantes que se integraron na sociedade galega, e que consideran que teñen dúas linguas de identificación, a do país ou cultura da que proceden e a propia da sociedade que as acolle. Esta situación, aínda que polo momento é minoritaria en Galicia, está adquirindo cada día máis importancia.

3.2.3 Aceleración da globalización

A aceleración da globalización, que prima as linguas con maior peso internacional, contribuíu a darlles un maior valor instrumental, pero tamén simbólico, ás grandes linguas francas internacionais, moi especialmente ao inglés, pero tamén, en menor medida, ao castelán. A globalización está promovendo o inglés como lingua franca para a diplomacia, os negocios e a tecnoloxía, e produce ao mesmo tempo unha fenda entre uns poucos idiomas predominantes e as linguas minoritarias, para as que constitúe unha seria ameaza.

3.2.4 Multiplicación dos medios de comunicación

Desde o ano 2004, a oferta de medios de comunicación, nos diversos formatos e plataformas (televisión, radio, prensa dixital) incrementouse de xeito moi notable, mais este proceso fixo medrar en maior medida a oferta mediática en lingua castelá ca en lingua galega. Por referírmonos unicamente ao ámbito televisivo, mentres que en 2004 a Televisión de Galicia competía con cinco canles en aberto ou semiaberto en castelán (TVE1, TVE2, Antena 3, Telecinco e Canal+), a posta en marcha da TDT supuxo un enorme incremento no número de canles, pero só unha delas en galego: a G2, creada no ano 2009. Son dúas canles de ámbito autonómico en galego dentro dunha oferta total que ronda a trintena de opcións, á marxe de televisións locais que desenvolven un traballo moi interesante e, nalgúns casos, en lingua galega.

Un crecemento semellante, asimétrico a nivel lingüístico, se deu no ámbito radiofónico e no dos medios escritos, fundamentalmente no eido dixital. A creación e continuidade de medios en galego é proporcionalmente moito máis limitada que a eclosión de dixitais en castelán, cun significativo número de consumidores en Galicia.

3.2.5 Internet e o desenvolvemento das tecnoloxías lingüísticas

O desenvolvemento tecnolóxico e a revolución dixital, coa omnipresenza de Internet e das redes sociais, que presentan un novo paradigma de comunicación social, esixen a utilización de ferramentas e aplicacións case sempre desenvolvidas fóra de Galicia, o que reforza a presenza de linguas coma o inglés ou o castelán no mundo empresarial, pero tamén noutros ámbitos sociais. Desde Galicia, como desde moitos outros lugares mesmo con maior potencial, non tivemos capacidade para darlle unha resposta axeitada a esta nova situación que garantise a prevalencia do galego nas aplicacións informáticas no noso territorio.

A chamada Cuarta Revolución Industrial é unha realidade que está marcando dunha maneira decisiva a vida no século. XXI. As tecnoloxías dixitais, a Intelixencia artificial, a Internet das Cousas, o *Big Data*, a conectividade 5G... están producindo un aceleramento da automatización dos procesos, unha conectividade ubicua, o auxe dos teléfonos intelixentes e das redes sociais. Estamos a vivir unha era de conectividade sen precedentes, que está mudando as relacións das persoas coas máquinas, que está modificando a maneira de acceder á información, ao lecer, e está cambiando as formas de socialización, sobre todo entre a xente máis nova.

As tecnoloxías lingüísticas teñen efectos evidentes sobre as linguas, e moitos deles poden ser positivos. Pero o aproveitamento das posibilidades que ofrecen estas tecnoloxías non se producen dunha maneira igual nas distintas linguas. Existe o problema real dunha profunda fenda entre as linguas con máis recursos dixitais e as que carecen destes.

A falta de acceso aos recursos tecnolóxicos na nosa lingua pode levar a unha lingua coma o galego cara a unha acelerada irrelevancia, ao mostrarse incapaz de ofrecerlles ás persoas usuarias os recursos que ofrecen outras linguas, coma o inglés ou o castelán. Cómpre facer un enorme esforzo para dotar a nosa lingua das tecnoloxías lingüísticas esenciais que lle permita á cidadanía galega vivir na modernidade, tanto



no terreo dixital como no ámbito audiovisual, e é imprescindible garantir a presenza do galego nas aplicacións informáticas máis populares –especialmente nas redes sociais-, nas ferramentas de traballo das Administracións e das empresas, así como asegurar unha oferta ampla e variada de produtos audiovisuais en galego.

A iniciativa privada, nunha economía de mercado baseada en número de usuarios e o seu retorno económico, non garante a incorporación das linguas con pouco peso económico e demográfico nas aplicacións nin en boa parte dos produtos que oferta, porque non lles reporta o beneficio que obteñen coas linguas de maior peso, aínda que hai mostras de empresas con boas prácticas neste aspecto. Pero aí deben actuar os poderes públicos para incentivar o mercado en lingua galega e para, mediante medidas legais e apoio económico, garantir o dereito da cidadanía a utilizar a lingua galega nas tecnoloxías que pon ao noso dispor a sociedade do século XXI.

Nos últimos anos puxéronse en marcha certas iniciativas que marcan o camiño que se debe seguir para asegurar a presenza do galego nas tecnoloxías lingüísticas, entre as que é obrigado salientar o Proxecto *Nós*, que está xerando recursos dixitais e lingüísticos necesarios para facilitar o desenvolvemento de aplicacións baseadas en Intelixencia Artificial e Tecnoloxías da Linguaxe, tales como asistentes de voz, axentes conversacionais, tradutores automáticos, resumidores de noticias, clasificadores automáticos e outras ferramentas que xa todas e todos en maior ou menor medida utilizamos na nosa vida diaria.

3.2.6 Emerxencia do traballo en remoto

Na sociedade actual adquire cada vez unha maior importancia o traballo en remoto. Son xa moitos os traballadores e traballadoras que realizan unha parte da súa dedicación laboral desde os seus domicilios ou desde un lugar distante aos seus centros de traballo, sen necesidade de acudiren fisicamente a eles. O teletraballo esixe a utilización dunha serie de ferramentas nas que a lingua ocupa tamén un lugar importante. Nʃa planificación lingüística da lingua galega é absolutamente necesario atender a esta nova realidade para garantir que todo este novo procedemento de traballo, incluíndo as ferramentas informáticas que o fan posible, se poida desenvolver integramente en galego.

3.2.7 Aparición e eclosión das redes sociais

Hai pouco máis de vinte anos apareceron as primeiras redes sociais, e en pouco tempo pasaron a ser de utilización diaria por practicamente o conxunto da sociedade: no 2004 aparece *Facebook*, no 2005 *YouTube*, no 2006 *Twitter*, no 2009 *WhatsApp*, no 2010 *Instagram*, no 2011 *Twitch*, no 2016 *TikTok*, etc. Estas redes, utilizadas pola gran maioría da poboación, teñen unha enorme influencia nas relacións sociais, na vida económica, na difusión de información e mesmo na configuración da ideoloxía dunha parte importante da poboación. Nunha realidade coma esta, coa súa capacidade para conectar persoas, impulsar a economía, facilitar o acceso á información e fomentar a participación cívica, o galego non pode estar ausente, e debemos ter a capacidade para que sexa a lingua utilizada habitualmente nestas plataformas pola poboación galega.

3.3

Recoñecemento efectivo da realidade plurilingüe de España

3.3.1 Visibilidade da realidade plurilingüe de España

A realidade plurilingüe de España caracterízase pola convivencia do castelán, a lingua oficial no conxunto do Estado, coas linguas oficiais das distintas comunidades autónomas. Trátase dunha diversidade que forma parte da identidade do país e que reflicte a súa riqueza cultural, histórica e social.

O recoñecemento desta realidade por parte de todas as institucións públicas favorece que se poidan empregar sen conflitos e garantindo os dereitos lingüísticos da cidadanía en diferentes eidos como poden ser a educación, as administracións públicas ou os medios de comunicación.

Neste senso, nos últimos anos produciuse un incremento na visibilidade desta realidade a través do compromiso das diferentes administracións con iniciativas tendentes a darlles unha maior visibilidade ás diversas linguas oficiais do Estado, como a creación do Consello e Oficina de Linguas Oficiais, a posibilidade de utilización do galego, éuscaro e catalán en diferentes institucións, ou a transmisión nas cadeas públicas españolas de eventos deportivos importantes nas distintas linguas para os territorios cunha lingua propia oficial distinta do castelán.

3.3.2 Expectativas cara ao futuro

Recentemente propúxose que a ONU inclúa na Axenda 2030 a protección das linguas minoritarias, como o galego, o éuscaro e o catalán, como parte dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). A UNESCO está traballando neste tema, e espérase que a inclusión destas linguas na Axenda 2030 contribúa á paz social e a protección dos dereitos da cidadanía que as falan.

Isto compleméntase coa tramitación dunha lei sobre Plurilingüismo, xa anunciada polo Goberno do Estado, coa que se pretende reforzar o uso das linguas oficiais en todos os ámbitos da Administración, incluíndo o da Xustiza. Esta lei implicará un bo número de modificacións noutros textos legais coa idea de reforzar o uso das linguas oficiais nas institucións do Estado central e prevé introducir obrigas claras de capacitación lingüística en Xustiza, función pública e contratación.

3.4

Preocupación social pola perda de saúde do galego

Os datos da enquisa do IGE do ano 2023 sobre coñecemento e uso do galego provocaron unha fonda inquedanza e preocupación sobre a saúde social da lingua galega. Para algunhas persoas estes datos foron unha sorpresa, para outras non foron máis ca a confirmación dunha tendencia que se observaba desde hai tempo e que a maioría dos estudos viñan constatando ano tras ano. Si, produciuse un sobresalto que fixo saltar as alarmas, sectores da sociedade reaccionaron pedindo a adopción de medidas urxentes.

Esta preocupación pola situación do idioma galego (cunha puntuación de 6,59 sobre 10) plásmase tamén na *Enquisa sobre a percepción social do galego* (Sondaxe, decembro 2024), se ben por debaixo doutras preocupacións como o medio ambiente (8,11), o avellentamento da poboación (7,63) e o despoboamento do rural (7,52). A preocupación maniféstase con maior forza entre a xente nova (de 18 a 34 anos), entre quen ten como lingua de uso cotián o galego, nos municipios de menos de dez mil habitantes e, como é lóxico, entre quen son naturais de Galicia.

Entre os remedios para recuperar a saúde social do galego veuse reclamando repetidamente, tanto desde as entidades máis representativas da cultura galega (Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega), como desde os movementos de base, a aplicación das medidas previstas no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todas as forzas políticas no ano 2004 (PXNLG-2004), debidamente actualizado. A actualización, despois de máis de dúas décadas, parece algo non só razoable, senón altamente desexable por non dicir imprescindible, porque a sociedade galega (como a dos outros países) cambiou moito nos últimos vinte anos.

Cómpre así que se incremente o sentimento de orgullo pola nosa identidade e a nosa estima de ser galegos/as, e que nos ilusionemos ao redor da idea de que a lingua galega é o principal elemento histórico e social desa identidade, de que representa a nosa maneira de ser e de ver o mundo. Así como a recibimos dos nosos devanceiros, temos a responsabilidade de llela transmitir aos nosos descendentes.

Este conxunto de indicadores poñen en evidencia unha serie de problemas, mais tamén identifican ámbitos de intervención con elevada capacidade de transformación a través de políticas transversais e coordinadas que actúen sobre a transmisión do galego abranguendo o ensino, a mocidade, os medios de comunicación, a tecnoloxía e a vida comunitaria en xeral.

III. PRESENTACIÓN

4. Notas sobre a elaboración do PXNLG-2026

4.1

Un plan colaborativo e participativo

Ao afrontarmos a redacción dun plan que pretende intervir e modificar a situación na que se atopa a lingua galega neste momento, debemos partir necesariamente do exame máis realista posible desa situación, polo que é imprescindible contar coas análises, opinións e achegas de axentes que coñezan desde dentro os problemas e as fortalezas do galego en cada ámbito.

Por iso, a elaboración dun PXNLG ha de ser necesariamente un traballo colaborativo, no que ao lado de expertos en planificación lingüística, participen activamente axentes sociais dos diversos ámbitos e sectores, que coñezan de primeira man a situación do galego dentro deles, que sexan quen tamén de detectar as razóns que dificultan un maior uso do galego, que desde unha visión realista establezan unha serie de obxectivos alcanzables nun prazo determinado de tempo, e que teñan a suficiente capacidade para deseñar un conxunto de medidas que leven ao cumprimento deses obxectivos.

As achegas de referentes importantes de cada sector son importantes, pero non son suficientes para asegurar o éxito do PXNLG. Para que o PXNLG-2026 teña éxito, é necesario que sexa participativo e que todos os membros da sociedade —independentemente da cal sexa a súa condición — teñan a posibilidade de contribuír coas súas análises, ideas e propostas. Tratamos de buscar no proceso de elaboración do PXNLG un espazo para a participación das distintas forzas políticas, dos sindicatos e de todo tipo de organizacións sociais, e foi necesario abrir canles de participación para que calquera cidadán ou cidadá puidese facer chegar as súas ideas. Os procesos participativos non só contribúen a enriquecer as ideas, senón que xeran outro efecto tan importante como o propio texto do Plan, establecen unha corresponsabilidade na súa elaboración que facilita a súa aplicación práctica e evita rexeitamentos que poden suscitar calquera idea percibida como imposta desde fóra.

Esta necesidade de establecer un proceso colaborativo e a de asegurar a transparencia nos traballos levou, como xa se fixera na elaboración do PXNLG-2004, a convidar as distintas forzas políticas que teñen presenza no Parlamento de Galicia (coa participación de Partido Popular, Partido Socialista Obrero Español e Democracia Ourensana) a nomear un representante para participar nos traballos de cada unha das comisións sectoriais.

En fin, na súa elaboración tívose en conta un moi amplo número de achegas das institucións públicas, entidades privadas ou persoas individuais que polo seu cometido, ámbito de traballo, coñecementos, especialización ou relevancia social consideramos que poden contribuír ao proceso de normalización da lingua galega.

4.2
Os sectores do PXNLG-2026

O Plan xeral de normalización da lingua galega debe incidir sobre o conxunto dos habitantes de Galicia, e sobre todos os ámbitos da súa vida profesional, social e económica. Por iso para o traballo e para o deseño de medidas neste PXNLG-2026 traballouse establecendo unha serie de sectores.

No PXNLG-2004 fixérase unha división entre sectores transversais (aqueles que lle afectan ao conxunto da sociedade, particularmente o dos dereitos lingüísticos, tecnoloxías e implementación do corpus) e os sectores verticais baseados nas diversas actividades socioeconómicas desenvolvidas polos galegos e galegas. Nesta ocasión, e insistindo igualmente no carácter transversal dos dereitos lingüísticos, as tecnoloxías e os recursos lingüísticos, quixemos darlles un papel máis relevante a todos os sectores, non só incrementando notablemente o número de medidas a eles referidas, senón tamén propoñendo a creación dunha serie de oficinas e entidades específicas para garantir, por exemplo, que calquera persoa teña un lugar onde acudir cando ve conculcado algún dereito lingüístico, ou onde debe dirixirse cando necesite un apoio terminolóxico específico, ou onde pode propoñer a necesidade da realización dunha aplicación informática ou da súa localización ao galego.

Para o traballo de análise da situación, deseño de obxectivos e proposta de medidas estableceronse once sectores:

Sector 1. Administración.

Sector 2. Economía.

Sector 3. Educación.

Sector 4. Transmisión patrimonial do idioma. Familia e lecer.

Sector 5. Sanidade.

Sector 6. Sociedade.

Sector 7. Comunicación, infraestruturas e industrias culturais.

Sector 8. Galego exterior, lusofonía e proxección exterior.

Sector 9. Tecnoloxías.

Sector 10. Recursos lingüísticos.

Sector 11. Dereitos lingüísticos.

4.3
Órganos de redacción

A *Comisión técnica* é a encargada de deseñar e coordinar todo o proceso de elaboración do PXNLG-2026.

As *Comisións sectoriais* son os grupos de traballo responsables da selección, definición e proposta á *Comisión técnica* das análises de situación en cada sector, de establecer unha serie de obxectivos xerais e específicos para a súa área, e, finalmente, realizar unha serie de propostas de medidas ponderadas en cada un dos once sectores nos que está dividido o PXNLG-2026.

4.4
Fases na elaboración

O traballo de elaboración do PXNLG-2026 foi estruturado en tres fases diferenciadas:

Primeira fase:

1. Cuestións de tipo organizativo

1.1. Constitución das comisións.

1.2. Deseño das áreas de traballo dentro de cada comisión.

1.3. Establecemento dun cronograma de reunións.

1.4. Confección dunha relación de referentes do sector aos que conviña entrevistar presencialmente por seren persoas ben coñecedoras do sector ou por seren personalidades influentes que poden servir de exemplo e espello de actuación dentro do sector.

2. Labores de contido

2.1 Estudo e exame do contido do PXNLG-2004 no sector correspondente a cada comisión.

2.2 Análise DAFO de cada sector, no que se examinen as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da situación do galego en cada un deles, poñendo o foco especialmente no exame das fortalezas e debilidades.

2.3 Deseño de obxectivos xerais para cada un dos sectores, e para as distintas áreas que integra cada sector.

2.4 Establecemento por parte da Comisión técnica dos obxectivos xerais da renovación do PXNLG-2026.

3. Participación cidadá a través de diferentes vías:

3.1. Entrevistas presenciais con entidades e personalidades representativas de cada sector.

3.2. Enquisa escrita dirixida a un alto número de persoas das que cada comisión sectorial considerou que era conveniente coñecer a súa opinión sobre a situación do galego nun ámbito determinado.

3.3. Recepción de información e propostas de actuación desde organismos ou iniciativas que realizaron traballos específicos sobre a situación actual do galego (como, por ex., as conclusións das sete mesas de traballo do Foro participativo *Un País coa súa lingua* do CCG; ou as do curso de verán *Traballando en lingua con inmigrantes*, organizado pola Universidade da Coruña no Concello de Carballo).

3.4. Por medio da caixa de correo virtual á que a cidadanía en xeral podía acceder para facer chegar as súas propostas e suxestións.

Segunda fase:

1. Recepción, estudo e valoración das máis de 1400 achegas recibidas.

2. Establecer os *obxectivos específicos*, que deben contribuír a acadar os obxectivos xerais, e que se deben orientar a reforzar os puntos fortes, pero fundamentalmente a superar dunha maneira realista os déficits indicados nos puntos débiles.

3. Deseñar as medidas necesarias para acadar cada un dos *obxectivos específicos*. Deben ser accións positivas, que contribúan a superar as dificultades coas que se poden atopar as persoas que deciden vivir en galego. As medidas son de moi diverso tipo: lexislativas, administrativas, de implementación do corpus, de desenvolvemento tecnolóxico, de campañas de información ou promoción.

Terceira fase:

1. **Redacción final do PXNLG-2026 por parte da *Comisión técnica*.**
2. **Envío da redacción final ás *Comisións sectoriais* para o seu visto e prace.**
3. **Entrega do informe á *Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude*.**

III. PRESENTACIÓN

5. Notas sobre a implementación do PXNLG-2026

No PXNLG-2004 indicábase que a modernidade e a cortesía son os elementos básicos do clima que o PXNLG propón para as relacións lingüísticas en Galicia. E estes dous elementos concrétanse nun xesto que debe marcar o estilo destas relacións: a *oferta positiva*, a *oferta informativa* e mais a *cortesía*. Estes tres guieiros deben seguir na base da estratexia da normalización da nosa lingua, tal como se enunciaban no ano 2004:

- **Oferta positiva.** Consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa e a cidadanía ou a clientela. A oferta positiva desinhibe o galego da persoa interlocutora, permítelle saír da ocultación, facilita que a conversa poida continuar nesa lingua, se a cidadanía ou a clientela o desexa, e elimina de raíz a barreira rutineira pola que un cliente ou un cidadán lle oculta o seu galego a todo aquel que aparece revestido de máis poder (administrativo ou comercial) ou autoridade. No caso de relacións administrativas, implica que todo tipo de formularios, instancias e documentación que teña que cubrir a persoa demandante dun servizo se lle ofreza de partida en galego.
- **Oferta informativa.** Consiste en informar da validez, legalidade e mesmo conveniencia de redactar en galego un documento, no momento de iniciar calquera trámite oficial ou comercial. É a forma que adopta a oferta positiva no caso dos profesionais das notarías, avogacía e procuradorías e de calquera persoa representante dun poder público. É un dos obxectivos básicos deste PNL.
- **Cortesía.** Tanto a oferta positiva como a oferta informativa son fundamentais para quen actúe en nome da Administración e sería de desexar que se estendese no mundo comercial máis formalizado, como expresión de cortesía coa cidadanía ou coa clientela e do respecto que estas merecen.

No proceso de elaboración dun Plan é necesario ter presente en todo momento unha reflexión sobre o ámbito temporal de aplicación, porque as medidas deben de estar axustadas para poderen ser aplicadas nun tempo e nunhas circunstancias de-

terminadas. O ámbito temporal de referencia presente na elaboración deste PXNLG é o de seis anos, período de tempo no que deberían estar executadas todas as medidas na súa integridade.

Evidentemente non todas as medidas se poderán implementar ao mesmo tempo, de aí a necesidade de elaborar unha temporización para a súa aplicación secuencial. Isto esixe que o Goberno galego, órgano impulsor do PXNLG, deba velar polo cumprimento das medidas. Parece evidente que a priorización temporal das medidas debe estar motivada pola súa urxencia e potencialidade transformadora. Canto máis importante se considere unha medida, antes debe ser posta en marcha. Isto non implica que estas medidas se completen necesariamente no primeiro ou no segundo ano, porque hai medidas importantes (como poden ser algunhas que impliquen cambios lexislativos de alcance) que pola súa complexidade necesitan un período de tempo máis dilatado para poderen ser executadas na súa integridade. En calquera caso, a sociedade debe ter coñecemento de que se está traballando nelas activamente.

Hai moitas medidas que poden activarse cos recursos normais das Administracións, e que a súa implementación deriva exclusivamente da decisión política de levalas a cabo, sen esixiren a disposición de partidas orzamentarias extraordinarias nin grandes desembolsos económicos. Non debe haber moitas razóns de peso para que esas medidas non se implementen de maneira inmediata. Pero hai outro grupo de medidas que implican un gasto de recursos materiais e de recursos humanos que cómpre poñer en marcha, polo que é absolutamente imprescindible que a proposta de aplicación anual do PXNLG-2026 vaia acompañada dun orzamento que garanta a viabilidade da aplicación de tales medidas.

Amais do posible control parlamentario do proceso de execución do Plan, este deberá ser avaliado anualmente polo *Consello Asesor da Lingua Galega*, organismo que debe ser creado, entre outras, coas funcións fundamentais de asesorar os poderes públicos con competencia en materia lingüística e estudar e analizar as cuestións relacionadas co fomento, protección e promoción do galego na sociedade. Este organismo, que pode seguir o modelo do *Consell Social de la Llengua Catalana* ou do *Euskararen Aholku Batzordea*, deberá estudar e facer un seguimento da evolución social da lingua galega, polo que será o que albergue o *Observatorio do galego na familia* e o *Observatorio do Galego na Mocidade*, previstos neste PXNLG-2026, así coma outros posibles observatorios que se poñan en marcha para analizar a presenza da lingua galega en distintos sectores da sociedade.

IV. Obxectivos xerais



Patrick Sebastian Nawrat, der Agenturgründer und Fotograf, ist ein Vorbild für viele Kreative.

IV. OBXECTIVOS XERAIS

1. Cara a onde deben dirixirse os obxectivos xerais

A finalidade dun Plan que pretenda a normalización plena dunha lingua na sociedade debe enfocarse naquelas esixencias que sexan fundamentais para que esta lingua poida ser utilizada polo conxunto da poboación, e cara a estas esixencias han de orientarse os obxectivos xerais do PXNLG-2026.

É evidente que unha lingua non pode ser vehículo de comunicación dunha comunidade se os membros desa comunidade non a coñecen e a dominan, por iso o primeiro obxectivo xeral ha de estar orientado necesariamente a afianzar o coñecemento lingüístico.

Para lograr o uso normal dunha lingua debe existir un marco legal que permita que os membros dunha comunidade a poidan utilizar sen restricións nin obstáculos en todos os ámbitos comunicativos.

Hoxe a lingua galega coexiste, e polo tanto compite por espazos sociais, co castelán en Galicia, e ambas as dúas gozan da condición de linguas oficiais. Pero, por riba de toda condición legal, o galego debe ter un apoio e un compromiso especial por parte dos seus falantes. Este compromiso especial debe vir dado pola súa condición de lingua propia e polo carácter identitario que lle proporciona ao pobo galego. Ao falar de lingua "propia" queremos dicir que é a lingua que foi vehículo de comunicación natural do pobo galego ao longo da súa historia, desde que o latín de Galicia se transformou nunha lingua románica, e é unha das causas polas que o galego nos identifica como pobo diferenciado.

É evidente que a normalización do galego necesita dunha ampla implantación social entre os membros da nosa comunidade, pero nun mundo sen fronteiras coma o de hoxe, é tamén fundamental que o galego sexa coñecido e recoñecido como a lingua propia de Galicia pola comunidade internacional.

As sociedades cambian a velocidade de vertixe e todas as linguas necesitan actualizarse diariamente para responder ás novas necesidades comunicativas e para poderen expresar a evolución da ciencia, da tecnoloxía e dos avances sociais. Por iso é necesario un esforzo para que o galego estea presente nas novas tecnoloxías lingüísticas, na intelixencia artificial e nos recursos que a evolución social, científica e tecnolóxica pon ao noso dispor en cada momento.

2. Seis obxectivos xerais



Por estas razóns deseñáronse os seguintes seis obxectivos xerais que deben ser os grandes albos aos que se orienten todas as medidas que se propoñan nesta proposta de PXNLG-2026:

01

Capacitación lingüística

Que a práctica totalidade da poboación de Galicia teña un coñecemento e unha competencia de lingua galega no nivel oral e escrito para desenvolver a súa vida familiar, social e profesional en galego.

02

Garantía legal

Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo das leis e das institucións.

03

Implantación social

Que cada vez máis poboación de Galicia utilice a lingua galega nas súas interaccións familiares, laborais e nas súas relacións sociais habituais.



04

Transmisión interxeracional

Que a sociedade galega sinta unha maior estima polo galego como elemento fundamental da súa identidade, e que se conciencie de que a mellor maneira de preservalo é transmitírllelo aos descendentes é utilizalo como lingua habitual.

05

Recoñecemento exterior

Que o galego sexa coñecido e recoñecido como a lingua propia e natural de Galicia.

06

Recursos lingüísticos e técnicos para as diversas funcións

Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos que o capaciten para vehicular as necesidades da sociedade actual.

V.
Sectores

SECTOR 1

ADMINISTRACIÓN



SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Presentación

A Comunidade Autónoma de Galicia conta cun Estatuto de Autonomía no que se recolle a obriga de protexer e promover o galego como lingua propia de Galicia. Unha gran parte da lexislación lingüística derivada do Estatuto está orientada cara á garantía de que as administracións ofrezan os seus servizos en galego. E isto non é casual, senón que se fai, en primeiro lugar, co obxectivo de garantir o dereito dos cidadáns en Galicia a recibiren os seus servizos en galego, pero tamén, en segundo lugar, pola percepción social de que as diversas Administracións (autonómica, local e estatal) teñen unha responsabilidade e unha importancia decisivas no proceso de normalización lingüística.

Todas as Administracións deben garantir, xa que logo, o uso do galego a todos os cidadáns e cidadás que o desexen utilizar nas súas relacións coa administración. Son os cidadáns e cidadás os verdadeiros depositarios dos dereitos lingüísticos, e os poderes públicos teñen o deber de respectalos e facilitar que se poidan exercer sen dificultades. E isto afecta á administración autonómica, á administración local e á administración do Estado en Galicia.

A LNL establece que as administracións públicas de Galicia deben utilizar o galego como lingua habitual normal tanto na súa comunicación interna como na relación coa cidadanía, sen prexuízo do dereito de opción lingüística do cidadán. Isto evidentemente implica a necesidade de que o persoal que traballa nestas administracións posúa un coñecemento suficiente de lingua galega como para garantir o establecido na LNL. Pero a realidade demostra que isto non é totalmente así, polo que cómpre incidir no dominio lingüístico do galego e do coñecemento dos dereitos lingüísticos da cidadanía por parte do persoal que traballa nas diferentes administracións en Galicia.

As administracións locais, que foron as primeiras en asumir o galego como lingua habitual de funcionamento, á parte do cumprimento da legalidade en canto ao uso do galego, deben polo seu contacto máis directo coa cidadanía ser axentes activos de normalización lingüística, e, aínda que existen concellos que realizan un esforzo importante neste eido, especialmente por medio das actuacións dos servizos lingüísticos municipais, hai moitos outros que non mostran ningunha proactividade en favor da normalización da lingua galega. Cómpre lograr que a gran maioría dos axentes implicados nos servizos da administración local —tanto o persoal que debe prestar directamente os servizos como os representantes políticos— teñan unha actitude proactiva cara á normalización do galego.

Aínda que a Administración Xeral do Estado realizou movementos importantes nos últimos anos a prol da visibilidade práctica das diversas linguas oficiais de España como linguas do Estado (a creación do Consello das Linguas Oficiais e da Oficina para as Linguas Oficiais, a posibilidade de utilización no Senado e no Congreso dos Deputados, emisión nas cadeas públicas españolas de eventos deportivos importantes comentados nas distintas linguas oficiais para os territorios que lles son

propias...), queda moito labor para lograr unha plena normalización da lingua galega dentro dela. Hoxe, que a maior parte da información e da tramitación administrativa se realiza por Internet, se acudimos ás páxinas *webs* da Administración Xeral do Estado en Galicia o uso do galego dista moito de ser o desexable. Por exemplo, nas páxinas dos corpos e forzas de seguridade do Estado en Galicia (tanto na Policía Nacional coma na Dirección Xeral da Garda Civil), aínda que existe unha teórica versión en galego, esta non implica máis ca a tradución ao galego dos rótulos de primeiro nivel das páxinas, pero non está dispoñible en galego ningunha documentación nin información relevante. Cómpre asegurar que o galego estea presente na información e atención ao cidadán en todos os servizos da Administración Xeral do Estado en Galicia e na tramitación de todo tipo de documentos e solicitudes de prestacións estatais. E iso implica tamén a formación adecuada en galego do persoal que presta estes servizos.

O galego está recoñecido como oficial e de uso válido nos documentos notariais e rexistrais, pero o certo é que non existe unha normativa específica que garanta na práctica o dereito do cidadán a recibir a atención e a documentación en galego nese tipo de actuacións.

Especialmente grave resultou nos últimos anos a carencia da versión en galego nas aplicacións informáticas de xestión procesual, feito que dificultou enormemente a normalización do galego na Administración de xustiza, mesmo para aqueles traballadores da xustiza comprometidos claramente co uso do galego neste ámbito.

Todas as administracións deben facer un esforzo por lograr unha comunicación de calidade coa cidadanía, utilizando unha linguaxe facilmente comprensible que respecte a gramática, a ortografía, a morfosintaxe, o léxico e os modos de expresión propios da lingua galega. Deben facer igualmente un esforzo importante para utilizar unha linguaxe inclusiva e non sexista.

O papel das administracións en Galicia, e de maneira moi especial da autonómica e da local, foi fundamental para o prestixio social do galego. Hai cincuenta anos non contabamos nin co *Diario oficial de Galicia* (DOG) escrito na lingua propia, nin con leis, decretos e bandos escritos en galego, nin con servizos administrativos en idioma galego, nin os edificios públicos estaban rotulados en galego. Estas son realidades evidentes que nos deben permitir non cegarnos e ver os clarescuros da normalización do galego nas administracións públicas: onde hai moitas carencias que cómpre corrixir, pero tamén houbo avances notables na implantación da lingua propia nestes mesmos servizos.

Ver as fortalezas e as debilidades da lingua galega na administración é o que pretendemos coa nosa diagnose do sector que facemos deseguido.

SECTOR 1

ADMINISTRACIÓN
Diagnóstico

Marco normativo e dotación de ferramentas para garantir o uso do galego

FORTALEZAS

O marco lexislativo recoñece a lingua galega como lingua propia de Galicia e o dereito e mais a obriga das administracións públicas de protexela, promovela e empregala.

A Administración local, polo seu maior contacto coa cidadanía, ten un papel relevante na defensa e promoción da lingua galega.

Creación do Consello das Linguas Oficiais e da Oficina para as Linguas Oficiais (RD 798/2025, do 26 de setembro), con incidencia importante na acción da Administración xeral do Estado.

O marco lexislativo recoñece os dereitos lingüísticos da cidadanía de Galicia nas actuacións xudiciais.

O portal xurídico Lex.gal é unha ferramenta importante ao servizo do persoal das administracións.

A condición xurídica dos colexios profesionais como Administración pública funcional cando exercen potestades delegadas, recoñecidas na Lei 39/2015 e na Lei 11/2001, reforza a súa inclusión nas políticas lingüísticas públicas.

Os colexios profesionais teñen certa capacidade normativa, formativa e representativa que os converte en axentes multiplicadores da normalización lingüística no seu ámbito profesional e contribúen á permeabilización do uso da lingua entre o sector público e o privado.

A lingua galega está recoñecida como oficial e de uso válido nos documentos públicos notariais e rexistrais, conforme o Estatuto de autonomía, a Lei de normalización lingüística (LNL) e a normativa estatal.

A natureza pública das funcións notariais e rexistrais obriga respecto dos dereitos lingüísticos da cidadanía, segundo o principio de oficialidade e de igualdade no acceso aos servizos.

A recente sinatura (xuño de 2025) dun protocolo entre a Xunta de Galicia, o Colexio Notarial de Galicia e a Irman-

DEBILIDADES

Ausencia dun diagnóstico da situación actual sobre o uso e a actitude respecto do galego por parte do persoal das administracións públicas.

Insuficiente control sobre o cumprimento das normas de uso do galego pola Administración autonómica.

Escaso desenvolvemento normativo dos principios xerais da Lei de normalización lingüística (LNL).

Ausencia de directrices para o persoal das administracións públicas sobre o galego.

Tendencia a considerar o uso e a promoción da lingua galega como unha cuestión propia do sector cultural e non como un asunto transversal das administracións públicas.

O portal xurídico Lex.gal non ten a implantación necesaria e aínda carece de recursos básicos para o apoio ao traballo do persoal das distintas administracións (lexislación estatal en galego, xurisprudencia...).

Boa parte do persoal non conta coa información necesaria sobre cuestións derivadas dos dereitos lingüísticos da cidadanía e o valor do galego como lingua de relación habitual.

Ausencia de referencia na Lei galega de colexios profesionais ao uso da lingua galega nas corporacións profesionais.

Non existe unha normativa específica que regule o uso da lingua nas actuacións notariais e rexistrais, nin protocolos obrigatorios que garantan o dereito á atención e documentación en galego.

Os Rexistros da Propiedade e Mercantil están baixo dependencia funcional do Ministerio de Xustiza, o que dificulta a intervención normativa da Xunta de Galicia.

A aplicación informática de xestión procesual está deseñada exclusivamente en castelán, o que impide a normalización do galego na Administración de xustiza, ao ser a ferramenta de traballo do persoal ao servizo das administracións públicas.

Escasa dispoñibilidade de modelos actualizados de escrituras, pólizas, actas e formularios en galego, especialmente en formato dixital.

Ausencia de coordinación das notarías e rexistros coas entidades financeiras e aseguradoras, que condicionan moitas veces a lingua dos documentos notariais a través das súas esixencias documentais.

Nas notarías e rexistros o uso do galego adoita limitarse á atención oral informal e non se traslada á documentación de maneira habitual.

Diagnóstico

dade Xurídica Galega para promover o uso do galego nas notarías marca un avance institucional relevante e con vocación de continuidade.

A xurisdición voluntaria notarial (Lei 15/2015, do 2 de xullo) amplía o campo de actuación notarial, creando máis oportunidades para o uso do galego.

Aínda que o novo protocolo coas notarías representa un avance importante, a súa implantación práctica está en fase inicial e aínda non se consolidou un sistema efectivo de avaliación e seguimento do uso do galego nas actuacións notariais.

A cidadanía percibe dificultades reais para ser atendida en galego e obter documentos públicos nesta lingua, especialmente no ámbito notarial.

Capacitación lingüística e deberes lingüísticos do persoal ao servizo das administracións públicas

FORTALEZAS

O groso do persoal ao servizo das administracións públicas e tamén do persoal das notarías, dos rexistros e dos colexios profesionais é de procedencia galega e provén dun sistema de ensino que garante que «ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán» (art. 14 da LNL).

Existencia de cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

Na Administración local, o Decreto 103/2008, do 8 de maio, establece a obriga de acreditar o coñecemento do galego para a provisión dos postos de traballo reservados a funcionarios/as directivos/as.

A Administración periférica do Estado inclúe a acreditación da competencia lingüística do persoal ao seu servizo como mérito nos concursos de traslados e, en xeral, na provisión de postos.

Na Administración de xustiza houbo avances relevantes en materia lingüística na intranet de Xustiza da Xunta de Galicia a disposición do persoal de xulgados e tribunais.

DEBILIDADES

Presenza maioritaria do castelán na formación do persoal das distintas administracións.

A normativa estatal e os materiais divulgativos circulan case exclusivamente en castelán.

A oferta de formación en linguaxe administrativa e xurídica galegas continúa a ser insuficiente.

Escaso protagonismo das escolas do persoal ao servizo das administracións públicas (EGAP, AGASP, ACIS...) como centros de referencia na formación lingüística do persoal.

Escaso liderado das deputacións provinciais e da FEGAMP en materia de formación e promoción do galego como lingua da Administración local e cativa coordinación entre elas e coa EGAP.

Ausencia de programas formativos específicos en lingua galega no proceso de formación continua de notarios/as e rexistradores/as destinados en Galicia.

Escasa formación ou capacitación lingüística específica dos cargos colexiais e do persoal administrativo dos colexios profesionais para garantir un uso correcto e fluído do galego.

Sensibilización do persoal ao servizo das administracións públicas e papel deste na promoción do uso do galego

FORTALEZAS

Hai unha parte do persoal ao servizo das administracións públicas que amosa unha actitude de favorable a facer do galego lingua de emprego habitual, así como colectivos e entidades singularmente relevantes.

Existen colectivos profesionais sensibilizados coa normalización lingüística e implicados na defensa do uso galego nas súas profesións.

Posta en marcha recentemente de convenios para a formación de fiscais.

Establecemento de convenio co Colexio Notarial de Galicia para formación e promoción do uso do galego nas notarías.

Formación en lingua galega na Escola Xudicial de Barcelona.

Convenios da Xunta de Galicia cos colexios oficiais da avogacía.

DEBILIDADES

Ausencia de campañas dirixidas especificamente ao persoal ao servizo das administracións públicas para a promoción e a sensibilización respecto ao uso do galego.

O persoal ao servizo das administracións públicas de nova incorporación non conta ás veces coa información necesaria sobre as súas obrigas respecto do emprego do galego como lingua de relación habitual coa cidadanía e co resto de administracións.

Constátase unha actitude pouco favorable ao uso do galego por parte dos membros da carreira xudicial e fiscal, ademais dun desinterese, en xeral, pola formación en lingua galega, ao percibirse como non necesaria no posto de traballo.

Nos colexios profesionais hai un uso moi minoritario do galego en ámbitos formais como a comunicación institucional, os procedementos disciplinarios, os actos públicos ou as publicacións oficiais.

Nos colexios profesionais, hai un certo descoñecemento entre os profesionais colexiados dos seus dereitos lingüísticos e da validez plena dos documentos xurídicos redactados en galego.

Casos de falta de atención efectiva en galego en moitos colexios profesionais.

Ausencia de campañas institucionais dirixidas ao persoal das notarías e dos rexistros que poñan en valor a lexitimidade, a utilidade e a seguridade do uso do galego.

Nos colexios profesionais, existe pouca e desigual integración do galego como lingua vehicular nas accións formativas e na comunicación colexial (boletíns, circulares, redes sociais...).

Calidade da lingua

FORTALEZAS

Os cursos específicos de linguaxe administrativa e xurídica contribúen a fomentar o emprego dunha lingua correcta e de calidade.

DEBILIDADES

Aínda se arrastran esquemas dunha linguaxe administrativa e, sobre todo, xurídica de corte tradicional, con xiros e expresións arredados da lingua común e por veces difícil de interpretar por parte da cidadanía.

A cidadanía percibe un emprego ritualizado do galego por parte da clase política e do persoal directivo e constata unha expresión oral de baixa calidade.

SECTOR 1

ADMINISTRACIÓN
Obxectivos

SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Obxectivos xerais

01

Fomentar que o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas das distintas administracións, nas relacións entre administracións e nas relacións coa cidadanía.

02

Incrementar o uso da lingua galega na Administración de xustiza e na Administración periférica do Estado en Galicia nas súas relacións internas e garantir a atención á cidadanía en galego.

03

Conseguir que todos os colexios profesionais de Galicia poidan ofrecer os seus servizos administrativos e corporativos en lingua galega.

04

Asegurar o dereito da cidadanía ao uso do galego nas súas relacións coa función notarial e rexistral en Galicia.

05

Avanzar no uso dunha linguaxe correcta, facilmente comprensible, inclusiva e non sexista.

SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Obxectivos específicos

Administración autonómica[7]

01

Garantir o dereito pleno da cidadanía a poder relacionarse en galego coa Administración.

02

Fomentar unha maior implicación do persoal ao servizo das administracións públicas na normalización do uso da lingua galega.

03

Acadar a capacitación plena do persoal ao servizo das administracións públicas para realizar en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional.

04

Fomentar que o persoal ao servizo da Xunta de Galicia, en todos os seus departamentos, empregue o galego nas súas relacións coa cidadanía, de acordo coa normativa vixente.

05

Asumir o liderado e a coordinación do proceso de normalización da lingua propia de Galicia e actuar como motor de normalización do galego noutros ámbitos administrativos e sociais en xeral.

06

Conseguir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e desenvolver unhas actitudes favorables a esta lingua.

07

Promover unha linguaxe administrativa e xurídica de calidade e próxima á cidadanía, aplicando o principio de claridade.

7. Extensible á Administración do Parlamento de Galicia e dos órganos estatutarios.

SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Obxectivos específicos

Administración local

01

Garantir o dereito pleno da cidadanía a poder relacionarse en galego coa Administración local.

02

Consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio do incremento do uso do galego como lingua de traballo e comunicación coa cidadanía.

03

Incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través de empresas contratistas e concesionarias de obras e servizos públicos.

04

Poñer os medios para que todo o persoal ao servizo directo ou indirecto da Administración local e provincial conte cunha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, co coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua a cidadanía que o desexe e tamén coa práctica habitual da oferta positiva.

05

Promover unha linguaxe administrativa de calidade e próxima á cidadanía, aplicando os principios da linguaxe clara.

SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Obxectivos específicos

Administración periférica do Estado

01

Garantir o dereito pleno da cidadanía a poder relacionarse en galego cos organismos e departamentos que se localizan en Galicia dependentes da Administración do Estado, cumprindo co mandato constitucional e estatutario.

02

Impulsar o uso do galego, baixo o recoñecemento do carácter plurilingüe do Estado, como natural na práctica desa Administración en Galicia, respecto da relación co resto das administracións territoriais e corporativas na comunidade.

03

Poñer os medios para que o persoal empregado ao servizo directo ou indirecto da Administración do Estado na nosa comunidade conte cos recursos e coa capacitación necesarios para atender en galego á cidadanía que así o desexe, de acordo coa normativa vixente.

04

Promover unha linguaxe administrativa de calidade e próxima á cidadanía, aplicando os principios da linguaxe clara.

SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Obxectivos específicos

Administración de xustiza

01

Garantir o dereito da cidadanía a ser atendida en galego e a que os procesos, en todos os seus trámites (orais e escritos) se poidan desenvolver en lingua galega.

02

Lograr a capacitación lingüística de todas as persoas que traballan na Administración de xustiza.

03

Mellorar a disposición do persoal ao servizo da Administración de xustiza cara ao uso da lingua galega, fomentando a súa utilización nas actuacións xudiciais e atención á cidadanía.

04

Promover unha linguaxe xurídica de calidade, clara e próxima á cidadanía.

SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Obxectivos específicos

Administración corporativa[8]

01

Garantir que de xeito progresivo os colexios profesionais de Galicia poidan ofrecer os seus servizos administrativos e corporativos en lingua galega, en condicións de igualdade, principiando por aqueles cuxa actividade teña máis relevancia nos contactos coa cidadanía e os servizos públicos, un maior número de persoas colexiadas e que tomasen xa algunhas iniciativas normalizadoras.

02

Impulsar un proceso de normalización lingüística a partir do modelo que se implante neses colexios profesionais pioneiros.

03

Introducir e/ou fortalecer a presenza do galego no traballo, na formación e na comunicación institucional dos colexios profesionais, tanto interna como externamente.

8. Colexios Profesionais

SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Obxectivos específicos

Función pública notarial e rexistral

01

Garantir o dereito da cidadanía a utilizar a lingua galega no ámbito das funcións públicas notarial e rexistral e acadar o uso habitual e normalizado do galego nos documentos propios daquelas funcións.

02

Posibilitar a dispoñibilidade de modelos documentais, formularios e recursos técnicos en galego que faciliten o uso efectivo desta lingua neses ámbitos.

03

Impulsar a dixitalización bilingüe dos servizos notariais e rexistrais, promovendo que as tecnoloxías incorporen progresivamente o galego nas súas interfaces e procedementos.

04

Promover a capacitación lingüística do persoal ao servizo de notarías e rexistros e unha actitude dese colectivo que sexa favorable ao uso da lingua propia de Galicia.

05

Implicar os Colexios Notarial e de Rexistradores, así como o Ministerio de Xustiza, nas políticas de normalización da lingua galega.

SECTOR 1

ADMINISTRACIÓN
Medidas

Medidas

Administración autonómica

GRUPO 1.1.1

Marco normativo e dotación de ferramentas para garantir o uso do galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Consolidar o galego como **lingua xeral de referencia na Administración autonómica**, non só no plano escrito, senón tamén nas relacións intraadministrativas e de relación coa cidadanía en todos os niveis.

Establecer un mecanismo de coñecemento sobre ese cumprimento. Para iso, o Consello da Xunta aprobará unhas **directrices** para o persoal funcionario sobre o uso do galego en todos os planos.

Para verificar o cumprimento, **actualizarase o Decreto 58/2006, do 30 de marzo**, polo que se crea e regula o funcionamento da Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

Lograr a coordinación das actuacións das distintas administracións.

ÓRGANO EXECUTOR

Toda a Administración autonómica, e polo tanto todas as consellerías da Xunta de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade

1.1.1.1. Realizar un **diagnóstico** da situación actual sobre o emprego do galego na Administración autonómica e sobre as actitudes do persoal ao servizo das administracións públicas e o seu grao de capacitación lingüística. → 1

1.1.1.2. A Xunta de Galicia ditará **instrucións para o fomento do uso do galego** en todas as instancias que dependen dela, onde se fixarán, entre outras, medidas como as seguintes: → 1

1.1.1.2.1. Os distintos **niveis** de fomento do uso do galego nos planos oral e escrito, con especial incidencia nas actuacións relacionadas coa atención á cidadanía.

1.1.1.2.2. O impulso da **oferta positiva** en galego para todos os servizos e para todo o persoal ao servizo das administracións públicas.

1.1.1.2.3. A representación xurídica da Xunta ante os órganos xudiciais exercerase preferentemente en galego e, cando proceda, pedirase que esta sexa a lingua do procedemento. Os documentos públicos e as inscricións rexistrais promovidos pola Xunta de Galicia no territorio da Comunidade realizaranse en galego.

1.1.1.2.4. En todas as normas que propoña (proxectos de lei) ou dite (regulamentos) a Xunta de Galicia velarase por incluír **cláusulas de dispoñibilidade lingüística**, dentro do marco normativo vixente, cando o obxecto da norma ou da proposta de norma afecte a materias en que o emprego do galego sexa especialmente relevante.

1.1.1.2.5. Tamén se introducirán **cláusulas de dispoñibilidade lingüística**, acorde co marco xurídico vixente, para todas as empresas contratistas ou concesionarias da Xunta de Galicia, de modo que estas poidan ofrecer o galego en todas as relacións que desenvolvan referidas ao obxecto do contrato ou da concesión, en especial as referidas á cidadanía.

1.1.1.2.6. O galego non só debe ser a **lingua da publicidade institucional** da Administración autonómica, senón que tamén se promoverá a súa presenza nas actividades, servizos e contratos que conten con financiamento da Xunta de Galicia.

1.1.1.2.7. Nas *webs* institucionais e nas sedes electrónicas promoverase a presenza e dispoñibilidade do galego desde a páxina inicial de acceso.

1.1.1.2.8. A Xunta fará campañas de divulgación das normas incluídas nas citadas instrucións.

1.1.1.2.9. No marco da Comisión de Seguimento do Plan (actualización do Decreto 58/2006, do 30 de marzo), a Xunta creará subcomisións de seguimento da aplicación das instrucións en cada Consellería.

1.1.1.3. A Xunta de Galicia potenciará ***Lex.gal***, de modo que amplíe progresivamente os servizos que ofrece (lexislación estatal en galego, xurisprudencia, enlace a comentarios xurisprudenciais, etc.) e se converta en ferramenta de emprego habitual por parte das administracións e dos axentes xurídicos galegos.

1.1.1.4. A Xunta de Galicia impulsará un novo convenio co BOE, vinculado a *Lex.gal*, para **publicar en galego a normativa estatal** e para manter actualizada unha **base de datos de lexislación estatal en lingua galega**. 1 2

GRUPO 1.1.2

Capacitación lingüística do persoal ao servizo das administracións públicas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Procurar, nos procesos de selección e mais nos de formación relacionados coa carreira administrativa, **un dominio real no emprego do galego** por parte do persoal que accede á función pública autonómica ou que promociona dentro dela.

Favorecer a **calidade do idioma falado e escrito** polo persoal ao servizo da administración local.

Actualizar os **recursos técnicos** para facilitar o traballo en galego do persoal ao servizo das administracións públicas.

ÓRGANO EXECUTOR

Todas as consellerías, con especial implicación da Secretaría Xeral da Lingua e as escolas de formación do persoal empregado público (EGAP, ACIS, AGASP).

MEDIDAS

Prioridade

1.1.2.1. A Xunta de Galicia promoverá, especificamente, a **formación en lingua galega do persoal directivo**, coa finalidade de que estes melloraren no uso do galego e na calidade da lingua que empregan. → 2

1.1.2.2. 1.1.2.2. A Xunta de Galicia ditará normas sobre a utilización do galego por parte das escolas de formación do persoal empregado público (EGAP, ACIS, AGASP) co obxectivo de impulsar e fomentar o emprego do galego nas súas actividades formativas. → 1

1.1.2.3. Nas actividades de formación, as escolas velarán especialmente pola calidade da lingua utilizada e polo emprego dunha terminoloxía científica e técnica en galego. → 2

1.1.2.4. A Xunta de Galicia establecerá convenios coas universidades galegas para incluír materias de contido lingüístico, para instruír nas técnicas da boa redacción en lingua galega, naqueles graos que forman alumnado con moitas probabilidades de se integrar no futuro nas distintas administracións, nomeadamente nos graos de base xurídica. → 1

GRUPO 1.1.3

Sensibilización do persoal ao servizo das administracións públicas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Implicar o persoal ao servizo das administracións públicas no impulso do emprego do galego no desempeño laboral e na atención á cidadanía.

ÓRGANO EXECUTOR

Todas as consellerías, con especial implicación da Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade

1.1.3.1. Ademais dos cursos específicos de formación en lingua galega, as escolas de formación deseñarán **cursos sobre os dereitos lingüísticos e de sensibilización** polo emprego do galego. Tamén incluirán esta materia naqueles cursos de máis longa duración distribuídos en módulos. → 1

1.1.3.2. A Xunta de Galicia deseñará **campañas de sensibilización** dirixidas ao persoal ao servizo das administracións públicas e á cidadanía, para que esta perciba que a Administración fomenta as relacións en galego. → 2

1.1.3.3. Nas oficinas da Administración, así como nas páxinas *web* e nas aplicacións informáticas de relación da cidadanía coa Administración, haberá **información explícita sobre o dereito da cidadanía a ser atendida en lingua galega**. → 1

GRUPO 1.1.4

Calidade da lingua

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Facer da lingua da Administración autonómica un **modelo que contribúa ao prestixio social do galego**, con especial incidencia na lingua das normas e dos documentos de relación coa cidadanía.

ÓRGANO EXECUTOR

Todas as consellerías, con especial implicación da Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade

1.1.4.1. Nas **comisións de redacción de normas** (disposición adicional décimo sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia) contarase co asesoramento de persoal lingüístico e velarase por unha redacción clara e comprensible para a cidadanía. → 2

1.1.4.2. A XG promoverá un **plan de redacción en lingua clara**, empezando por aqueles sectores que teñen unha incidencia maior na cidadanía. → 2

1.1.4.3. A XG establecerá un plan de **revisión lingüística da documentación dos diferentes procedementos vixentes** e que se creen no futuro para ofrecelos nunha lingua correcta, clara e que resulte modélica para as persoas receptoras. → 2

1.1.4.4. A XG creará un portal **web para resolver dúbidas lingüísticas** e para ofrecer consellos e suxestións para mellorar a redacción da normativa e mais dos documentos, nomeadamente dos dirixidos á cidadanía. → 3

Medidas

Administración local

GRUPO 1.2.1

Marco normativo e dotación de ferramentas para garantir o uso do galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Consolidar o galego como **lingua xeral de referencia na Administración local**, non só no plano escrito, senón tamén nas relacións intraadministrativas (reunións, grupos de traballo...) e de relación coa cidadanía en todos os niveis.

Avanzar na promoción e coordinación da planificación, a execución e a avaliación das políticas de normalización lingüística na Administración local.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, Deputacións, FEGAMP e Concellos

MEDIDAS

Prioridade

1.2.1.1. Realizar un **diagnóstico** da situación actual sobre o emprego do galego na Administración local e sobre as actitudes do persoal e o seu grao de capacitación lingüística. → 1

1.2.1.2. A Xunta de Galicia impulsará, en coordinación coas deputacións e coa FEGAMP, **un modelo xeral de regulamento ou ordenanza de fomento do uso do galego** para as deputacións e para os concellos, con carácter voluntario para a administración local, tendo en conta, neste último caso, as súas distintas tipoloxías. Este regulamento abordará os distintos niveis de fomento do uso de galego, o impulso da oferta positiva, o posible establecemento de cláusulas de dispoñibilidade lingüística, o emprego en webs, campañas, publicidade e sinaléctica, nas relacións con outras administracións e servizos de normalización lingüística eo seu uso na representación xurídica das corporacións locais ante os órganos xudiciais. → 1

1.2.1.3. A Xunta de Galicia promoverá o establecemento dun **mecanismo permanente de coordinación**, dotado economicamente, con participación da SXL, das deputacións e da FEGAMP, que deseñe e facilite programas de normalización e planificación lingüística para a Administración local. → 3

GRUPO 1.2.2

Capacitación lingüística do persoal ao servizo das administracións públicas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Procurar, nos procesos de selección e formación relacionados coa carreira administrativa, **o coñecemento da lingua galega** por parte do persoal que accede ou promociona na función pública local.

Favorecer a calidade do idioma falado e escrito polo persoal directivo e polo persoal ao servizo das administracións públicas en xeral.

Actualizar os **recursos técnicos** para facilitar o traballo en galego do persoal ao servizo da Administración local.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, FEGAMP e Deputacións provinciais.

MEDIDAS

Prioridade

1.2.2.1. As entidades locais promoverán a **formación en lingua galega de todo o persoal ao servizo da administración local**. → 2

1.2.2.2. As accións formativas do persoal ao servizo da Administración local promovidas polas deputacións provinciais, a FEGAMP e/ou os propios concellos atenderán ás normas de uso do galego que aproben estas entidades ou ás ditadas pola Xunta de Galicia co obxectivo de avanzar progresivamente na impartición en galego das actividades formativas cun horizonte de referencia do 70%. → 1

1.2.2.3. Nas actividades de formación velarase especialmente pola **calidade da lingua** utilizada e polo emprego dunha terminoloxía científica e técnica en galego. → 2

1.2.2.4. Para a colaboración das entidades locais en accións formativas organizadas por outras entidades terase en conta que estas se desenvolvan en galego. → 1

1.2.2.5. Terase en conta a superación de **cursos de linguaxe administrativa galega de nivel superior** nos itinerarios formativos vinculados á avaliación do desempeño no posto de traballo para o **persoal técnico e xurídico do grupo A**. → 3

GRUPO 1.2.3

Sensibilización do persoal ao servizo das administracións públicas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Mellorar a implicación do persoal ao servizo das administracións públicas no emprego do galego no seu desempeño laboral e na atención á cidadanía.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, FEGAMP e Deputacións provinciais.

MEDIDAS

Prioridade

1.2.3.1. Ademais dos cursos específicos de formación en lingua galega, os organismos que organicen formación para o persoal das corporacións locais deseñarán cursos sobre os **dereitos lingüísticos e de sensibilización polo emprego do galego**. Tamén incluirán esta materia naqueles cursos de máis longa duración distribuídos en módulos. 1

1.2.3.2. Promoverase que as entidades locais deseñen, coa colaboración económica da Administración autonómica, campañas de sensibilización do seu persoal e tamén dirixidas á cidadanía, para que esta perciba que a Administración fomenta as relacións en galego. 2

GRUPO 1.2.4

Calidade da lingua

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Facer da lingua da Administración local un **modelo que contribúa ao prestixio social** do galego, con especial incidencia na lingua das normas e dos documentos de relación coa cidadanía.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL e Deputacións provinciais.

MEDIDAS

Prioridade

1.2.4.1. Na elaboración de ordenanzas e regulamentos contarase co asesoramento de persoal lingüístico especializado e velarase por unha redacción clara. 1

1.2.4.2. A Xunta de Galicia promoverá un **plan de redacción en lingua clara**, empezando por aqueles sectores que teñen unha incidencia maior na cidadanía, que servirá de guía á Administración local. 2

1.2.4.3. A Xunta de Galicia establecerá un plan voluntario de **revisión lingüística da documentación dos diferentes procedementos vixentes** propios das corporacións locais e que se creen no futuro para ofrecelos nunha lingua correcta, clara, inclusiva e non sexista, e que resulte modélica para as persoas receptoras. 2

1.2.4.4. A Xunta de Galicia promoverá un **portal web para resolver dúbidas lingüísticas** e para ofrecer consellos, suxestións ou boas prácticas para unha mellor redacción dos documentos que chegan á cidadanía. Poñerase a disposición das entidades locais a través de Eido Local. 3

Medidas

Administración periférica do Estado

GRUPO 1.3.1

Marco normativo e dotación de ferramentas para garantir o uso do galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Reforzar o **obxectivo estratéxico de impulso no emprego das distintas linguas oficiais**, contido no Plan da Administración xeral do Estado, en todo o territorio español, para o que se recollerán, na medida do posible, dentro do marco normativo actual, as medidas propostas unha vez revisado o actual PXNLG.

Reforzar as relacións de colaboración e cooperación coas restantes entidades territoriais en Galicia no ámbito da lingua galega.

ÓRGANO EXECUTOR

Delegación do Goberno en Galicia (en representación da Administración Xeral do Estado) e Xunta de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade

1.3.1.1. A Delegación do Goberno, en colaboración coa Xunta de Galicia, deseñará **programas de normalización da lingua galega**, especialmente naqueles ámbitos con maior impacto na cidadanía: Facenda, Seguridade Social, corpos e forzas de seguridade do Estado. → 1

1.3.1.2. Fomentarase a **oferta positiva en galego** para todos os servizos e para todo o persoal. → 1

1.3.1.3. A Xunta de Galicia asinará coa Administración xeral do Estado os convenios necesarios para a creación e mantemento actualizado dunha **base de datos de lexislación estatal en lingua galega** que inclúa as normas de aplicación habitual, así como a publicación destas no BOE. → 3

GRUPO 1.3.2

Capacitación lingüística do persoal ao servizo das administracións públicas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Capacitación do persoal para a prestación de servizos en galego dando cobertura á demanda formativa existente.

Inclusión de perfís lingüísticos en postos de carácter técnico.

Fomento e posta en valor da lingua galega para un maior emprego no seu uso social e profesional.

ÓRGANO EXECUTOR

Delegación do Goberno (en representación da Administración xeral do Estado) e Xunta de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade

1.3.2.1. A Xunta de Galicia e a Administración xeral do Estado coordinarán **a formación en lingua galega do persoal directivo estatal**, de cara a prestixiar o uso do galego. → 2

1.3.2.2. Esixencia de superación de **cursos de linguaxe administrativa galega de nivel superior** nos itinerarios formativos vinculados á avaliación do desempeño no posto de traballo **para o persoal técnico e xurídico do grupo A**. → 1

GRUPO 1.3.3

Sensibilización do persoal ao servizo das administracións públicas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Implementación e **impulso da paisaxe lingüística** (rotulación, cartelaría, sinalética...) da Administración periférica en galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Delegación do Goberno en Galicia e toda a Administración do Estado en Galicia.

MEDIDAS

Prioridade

1.3.3.1. Os departamentos e organismos do Estado en Galicia deseñarán **campañas de sensibilización** para o seu persoal e tamén dirixidas á cidadanía, para que esta perciba que a Administración fomenta as relacións en galego. → 1

1.3.3.2. As webs institucionais e as sedes electrónicas, ademais de contaren cunha versión en galego, ofrecerán nesta lingua toda a documentación dispoñible para a cidadanía. 1

1.3.3.3. A publicidade institucional farase tamén en lingua galega. 1

1.3.3.4. A sinalización e a rotulación dos departamentos, organismos, parque móbil, etc. farase tamén en galego. 1

GRUPO 1.3.4

Calidade da lingua

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Facer da lingua da Administración do Estado en Galicia **un modelo que contribúa ao prestixio social do galego**, con especial incidencia na lingua das normas e dos documentos de relación coa cidadanía.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración periférica do Estado en Galicia.

MEDIDAS

Prioridade

1.3.4.1. A Administración periférica do Estado en Galicia impulsará un plan de **revisión lingüística da documentación dos diferentes procedementos e formularios** á disposición da cidadanía (Facenda, Seguridade Social, forzas e corpos da seguridade do Estado, etc). 2

Medidas

Administración de xustiza

GRUPO 1.4.1

Marco normativo e dotación de ferramentas para garantir o uso do galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Garantir o exercicio do dereito da cidadanía a ser atendida, defendida e representada en galego e a que os procesos, en todos os seus trámites (orais e escritos), se conduzan en lingua galega.

Promover o uso do galego como **lingua de traballo da Administración de xustiza** en Galicia.

Propiciar o espírito de respecto ao galego e unha **actitude favorable** a este nos membros dos órganos xudiciais e dos axentes que colaboran coa Administración de xustiza (Avogacía, Procuradoría, forzas e corpos de seguridade do Estado...).

ÓRGANO EXECUTOR

Delegación do Goberno (en representación da Administración xeral do Estado), TSXG, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e SXL.

MEDIDAS

Prioridade

4.1.1. A aplicación informática de xestión procesual deberá dispoñer dunha versión bilingüe con opción para tramitar os procesos e xerar os documentos en castelán e en galego. Así mesmo, promoverase a presenza e dispoñibilidade do galego desde a páxina inicial de acceso. → 1

1.4.1.2. Propiciarase a introdución de **ferramentas informáticas bilingües** para o uso do persoal ao servizo das administracións públicas de todos os corpos xurídicos e dos corpos e forzas de seguridade do Estado (Fiscalía, Avogacía do Estado, IMELGA, Policía Nacional, Garda Civil, quenda de oficio...). → 1

1.4.1.3. A base de datos LexNET ao dispor da Administración de xustiza, incorporará paulatinamente toda a lexislación consolidada —autonómica, estatal e comunitaria— en galego. → 2

1.4.1.4. A Xunta de Galicia promoverá un convenio co TSXG para a **tradución das súas sentenzas**, en particular as que establezan doutrina xurisprudencial, e para manter unha base de datos actualizada coa citada doutrina incorporada a LexNET. → 2

1.4.1.5. Fomentarase a explotación e o uso de programas de intelixencia artificial que contribúan á galeguización do traballo xurídico. 2

1.4.1.6. A Xunta de Galicia promoverá un convenio co Ministerio de Xustiza para ampliar a utilización do galego como lingua normal de traballo na Administración de xustiza. 2

4.1.7. Os convenios asinados entre a Consellería de Xustiza e os distintos colexios profesionais para a emisión de informes periciais en apoio dos órganos xudiciais deberán incluír cláusulas de dispoñibilidade lingüística dentro do marco normativo vixente. 1

GRUPO 1.4.2

Capacitación lingüística do persoal ao servizo das administracións públicas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Impulsar a capacitación lingüística de todas as persoas e operadores ao servizo da Administración de xustiza: persoal ao servizo das administracións públicas, fiscais, médicos/as forenses, carreira xudicial e letrados/as da Administración de xustiza (LAX).

Implantar a idea de que a utilización do galego é un dereito lingüístico da cidadanía e sensibilizar os diversos actores que participan na Administración de xustiza para que garantan a legalidade e o exercicio deste dereito.

Actualizar os recursos técnicos para facilitar e conseguir traballar en galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

MEDIDAS

Prioridade

1.4.2.1. A Xunta de Galicia potenciará a oferta de formación en linguaxe xurídica para o persoal da Administración de xustiza. 1

1.4.2.2. Nos casos en que sexa preciso, para fomentar a incorporación de máis profesionais ao desempeño en lingua galega, organizarase formación de nivel básico para adquirir habilidades na lingua oral e escrita. 1

1.4.2.3. A formación do persoal da Administración de xustiza incluirá módulos de sensibilización sobre o emprego do galego para atender os dereitos lingüísticos da cidadanía. 1

1.4.2.4. Potenciarase a divulgación das ferramentas lingüísticas xa dispoñibles e a formación con base nelas. 1

GRUPO 1.4.3

Sensibilización do persoal ao servizo das administracións públicas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Promover unha **actitude positiva** e unha disposición do persoal ao servizo das administracións públicas xudicial cara á lingua galega.

Contribuír a que a cidadanía perciba a Administración de xustiza en Galicia como unha institución comprometida coa promoción do uso do galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Delegación do Goberno (en representación da Administración xeral do Estado), TSXG.

MEDIDAS

Prioridade

1.4.3.1. A Xunta de Galicia promoverá campañas de sensibilización sobre a importancia de que o persoal ao servizo das administracións públicas xudicial use o galego. → 2

1.4.3.2. Fomentarase a oferta positiva en galego para todos os servizos e para todo o persoal e deseñaranse campañas de información pública sobre os dereitos lingüísticos da cidadanía nas súas relacións coa Administración de xustiza. → 1

1.4.3.3. A sinalización nos edificios e dependencias xudiciais en Galicia empregará o idioma galego. → 2

GRUPO 1.4.4

Calidade da lingua

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Promover unha **linguaxe xurídica de calidade**, inclusiva e non sexista, clara e próxima á cidadanía.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Secretaría Xeral da Lingua (SXL).

MEDIDAS

Prioridade

1.4.4.1.A Xunta de Galicia garantirá que a documentación en galego da aplicación informática de xestión procesual (ATENEA IRIS) estea redactada cun estilo de **máxima corrección**, precisión e claridade. → 1

4.4.2. Máis alá da documentación propia da aplicación de xestión procesual, promoverase un plan de catalogación e calidade lingüística da documentación dos diferentes procedementos e tamén dos modelos que poidan servir de guía aos múltiples operadores xurídicos. → 2

1.4.4.3. Nos procesos de formación, promoveranse técnicas de redacción cunha linguaxe clara e sinxela dirixida aos operadores xurídicos. → 2

1.4.4.4. A Xunta de Galicia actualizará e divulgará os materiais que conteñen terminoloxía xurídica e técnica en lingua galega. → 1

SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Medidas
Administración corporativa[9]

GRUPO 1.5.1

Marco normativo e dotación de ferramentas para garantir o uso do galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Impulsar a existencia e aplicación efectiva dun **marco normativo** interno nos **colexios profesionais** que regule o uso da lingua galega nas súas funcións públicas e de servizo á cidadanía.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

MEDIDAS

Prioridade

1.5.1.1. Valorar a modificación da Lei de colexios profesionais de Galicia, co fin de que estableza a previsión de aprobar un **protocolo de uso do galego** nas citadas corporacións no que se recoñeza a súa condición de lingua oficial en Galicia.. → 2

1.5.1.2. Promover a **adhesión formal e progresiva dos colexios profesionais ao PXNLG**, por medio dos correspondentes convenios coa XG, establecendo un modelo común de compromiso lingüístico no que se establezan como obxectivos: → 1

9. *Colexios Profesionais*

- Fomentar o uso do galego nas relacións internas e promover que os documentos normativos colexiais (estatutos, regulamentos, convocatorias, actas e resolución) estean dispoñibles tamén en galego.

- Favorecer a atención en galego á cidadanía e ás persoas colexiadas.

- Facilitar a tramitación de procedementos administrativos en galego.

- Promover a dispoñibilidade en galego dos documentos oficiais.

1.5.1.3. Procurar a inclusión de cláusulas de dispoñibilidade lingüística, dentro do marco normativo vixente, nos convenios, contratos e accións subvencionadas polos colexios coa finalidade de que as entidades e empresas con eles relacionadas impulsen o emprego do galego nas actividades dirixidas ás persoas colexiadas. 1

GRUPO 1.5.2

Organización e xestión institucional

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Fortalecer a **integración efectiva da lingua galega** na organización e funcionamento habitual dos colexios profesionais, favorecendo a súa presenza estable nos órganos de goberno, na atención administrativa e na actividade representativa.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

MEDIDAS

Prioridade

1.5.2.1. Promover o galego como **lingua de comunicación institucional**, tanto nas relacións internas (entre órganos do colexio) como externas (notas de prensa, web, redes sociais, boletíns, etc.), e na atención telefónica e telemática ás persoas colexiadas e á cidadanía. 1

1.5.2.2. Facer visible o compromiso lingüístico dos colexios mediante a **sinalización física e dixital en galego**, a publicación periódica de contidos en lingua galega e a inclusión de mensaxes institucionais a prol da normalización. 1

GRUPO 1.5.3

Capacitación lingüística do persoal

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Promover que o persoal administrativo e os cargos directivos dos colexios profesionais conten cun nivel adecuado de **competencia lingüística** en galego e fomentar unha actitude proactiva no seu uso oral e escrito.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Colexios profesionais e Secretaría Xeral da Lingua (SXL).

MEDIDAS

Prioridade

1.5.3.1. Promover a formación en galego, singularmente sobre **linguaxe administrativa, expresión oral, terminoloxía profesional e dereitos lingüísticos**, por medio de **convenios coa SXL e en colaboración con outras entidades públicas e universidades**, mediante actividades dirixidas ás autoridades, persoas colexiadas e persoal empregado desas corporacións, que se desenvolverán preferentemente en lingua galega. 1

GRUPO 1.5.4

Sensibilización do persoal

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Impulsar a visibilidade institucional do galego nos colexios profesionais e fomentar a **percepción social da lingua como elemento de calidade, rigor e modernidade na práctica profesional**.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Colexios profesionais e Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade

1.5.4.1. Desenvolver **campañas de sensibilización sobre os dereitos lingüísticos** dos colexiados e usuarios, informando sobre a validez legal, dispoñibilidade e utilidade do galego nos trámites profesionais. 2

1.5.4.2. Promover o uso do galego como **marca de calidade institucional**, mediante distintivos, selos, premios ou recoñecementos a boas prácticas normalizadoras dentro dos colexios. 3

GRUPO 1.5.5

Calidade da lingua

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Incidir na mellora da calidade lingüística dos contidos producidos polos colexios profesionais e contribuír á creación, estandarización e difusión da terminoloxía técnica en lingua galega nos distintos ámbitos profesionais.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Colexios profesionais e Secretaría Xeral da Lingua (SXL).

MEDIDAS

Prioridade

1.5.5.1. Fomentar a **elaboración de glosarios e guías terminolóxicas** en galego para as profesións colexiadas e divulgar adecuadamente a información sobre os xa existentes, en colaboración con centros de investigación e co apoio de Termigal. → 1

1.5.5.2. Incorporar a dimensión lingüística nos **criterios de calidade institucional** dos colexios, esixindo unha redacción clara, correcta, inclusiva, non sexista e moderna en galego nos documentos dirixidos á cidadanía e establecendo mecanismos de **revisión lingüística e terminolóxica** dos documentos normativos, administrativos e formativos producidos polos colexios. → 3

SECTOR 1: ADMINISTRACIÓN

Medidas

Función pública notarial e rexistral

GRUPO 1.6.1

Marco normativo e dotación de ferramentas para garantir o uso do galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Establecer un marco operativo que fomente **o uso efectivo da lingua galega nas actuacións notariais e rexistrais** en Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Colexio Notarial de Galicia, Colexio de Rexistradores, o Ministerio de Xustiza e Secretaría Xeral da Lingua (SXL).

MEDIDAS

Prioridade

1.6.1.1. A XG, mediante os correspondentes convenios co Colexio Notarial de Galicia, o Colexio de Rexistradores e o Ministerio de Xustiza, promoverá o establecemento dun **protocolo de uso do galego nas actuacións notariais e rexistrais**, que prevexa: → 1

- A dispoñibilidade por parte das oficinas notariais e rexistrais dos recursos informáticos que posibiliten a redacción dos documentos públicos en lingua galega.

- A oferta de módulos formativos sobre lingua xurídica e administrativa dirixida aos colectivos de persoal das citadas oficinas que posibilite a atención en galego ás persoas usuarias.

- Unha adecuada información á cidadanía sobre a oferta de atención en galego nas citadas oficinas.

1.6.1.2. Impulsar a versión galega **dos textos legais e dos formularios empregados nas actuacións notariais e rexistrais**, garantindo a súa difusión en formato dixital e accesible desde os portais oficiais da Xunta de Galicia e dos Colexios Notarial e de Rexistradores. → 2

1.6.1.3. Crear e difundir modelos de escrituras públicas adaptados ás esixencias da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. → 2

1.6.1.4. Promover que a **información pública xerada polos colexios oficiais notarial e de rexistradores de Galicia** (circulares, convocatorias, notas informativas, páxinas web...) estea tamén dispoñible en galego. → 1

GRUPO 1.6.2

Capacitación lingüística do persoal

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Reforzar a formación lingüística do persoal ao servizo das notarías e rexistros, tanto no acceso como na formación continua, para avanar nun uso competente e natural do galego nas funcións públicas que desempeñan.

ÓRGANO EXECUTOR

Colexio Notarial de Galicia, Colexio de Rexistradores, Secretaría Xeral da Lingua (SXL) e Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

MEDIDAS

Prioridade

1.6.2.1. Establecer módulos de formación lingüística galega nos **cursos de actualización profesional, formación continua e prácticas** do persoal ao servizo das oficinas notariais e rexistrais. 1

1.6.2.2. Ofertar obradoiros específicos sobre a redacción de escrituras de compravenda, hipotecas e aceptación de herdanzas en galego. 1

1.6.2.3. Crear e manter actualizado un **repositorio de modelos documentais normalizados en galego** (escrituras, actas, pólizas, certificacións rexistrais...), accesible en liña para todo o persoal do sector. 1

1.6.2.4. Sensibilizar os colectivos de persoal ao servizo das oficinas notariais e rexistrais no espírito da **oferta positiva** do galego. 1

GRUPO 1.6.3

Sensibilización do persoal

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Fomentar unha cultura profesional favorable ao uso do galego nas notarías e rexistros, **promovendo actitudes proactivas entre o persoal** de xeito que a cidadanía perciba o uso da lingua propia como un dereito real e accesible.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Colexio Notarial de Galicia, Colexio de Rexistradores e Secretaría Xeral da Lingua (SXL).

MEDIDAS

Prioridade

1.6.3.1. Elaborar e difundir **material informativo para a cidadanía**, en formatos accesibles (trípticos, vídeos, web), sobre o dereito a ser atendida en galego e a obter a documentación pública nesta lingua en igualdade de condicións co castelán. 1

1.6.3.2. Promover a **adhesión voluntaria das notarías e rexistros ao PXNLG**, mediante declaracións públicas de compromiso, convenios específicos ou participación en campañas conxuntas. 1

1.6.3.3. Establecer un **selo de compromiso lingüístico** para oficinas notariais e rexistrais que acrediten boas prácticas no uso do galego, co apoio institucional da Xunta e dos colexios profesionais. 3

1.6.3.4. Realizar **campañas semellantes** en entidades bancarias e do sector hipotecario, aseguradoras, avogados/as e outros profesionais colaboradores das notarías para fomentar o envío de documentación en lingua galega. 1

GRUPO 1.6.4

Calidade da lingua

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Velar pola **calidade lingüística, terminolóxica e formal** dos documentos notariais e rexistrais redactados en galego, promovendo modelos de redacción claros, actualizados e plenamente válidos para a práctica profesional.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Colexio Notarial de Galicia, Colexio de Rexistradores e Secretaría Xeral da Lingua (SXL).

MEDIDAS

Prioridade

1.6.4.1. Establecer un mecanismo permanente de **revisión e actualización dos modelos documentais en galego**, tanto notariais como rexistrais, con criterios técnicos, xurídicos e lingüísticos, en colaboración coa Xunta, universidades e profesionais en activo. 1

1.6.4.2. Confeccionar e difundir guías de uso do galego e recursos terminolóxicos no ámbito da propiedade inmoble e urbanismo. 1

1.6.4.3. Aplicar principios de **linguaxe clara e accesible** aos modelos de uso común, especialmente nas cláusulas de información á cidadanía, consentimentos, advertencias legais ou formularios. 2

1.6.4.4. Integrar a linguaxe xurídica galega nun **repositorio técnico accesible en liña**, con buscador, glosarios terminolóxicos e modelos descargables, que funcione como fonte de consulta oficial. 2



SECTOR 2

ECONOMÍA



SECTOR 2: ECONOMÍA

Presentación

Vinte anos despois da aprobación do PXNLG e nun contexto socioeconómico distinto, faise necesario actualizar e ampliar as liñas estratéxicas para garantir unha presenza real e efectiva da lingua galega no contexto socioeconómico e empresarial de Galicia. Moitas das medidas recollidas no PXNLG-2004 conservan aínda plena vixencia e continúan a ser unha base sólida sobre a que construír o novo PXNLG-2026, como promover o uso do galego nas empresas punteiras, fomentar o seu emprego nas relacións internas e comerciais, impulsar a súa presenza no sector industrial público e no cooperativismo ou garantir a atención en galego como práctica habitual. Moitos destes obxectivos, cómpre reforzalos mediante un maior impulso institucional, económico e social, co fin de favorecer a súa implementación no contexto actual ou, de ser necesario, reconsiderar o seu enfoque para garantir a súa consecución.

A realidade económica actual presenta novos desafíos e oportunidades: a diversificación dos sectores produtivos, a internacionalización empresarial, o avance e a transición ecolóxica configuran un escenario que esixe unha revisión das políticas lingüísticas, co obxectivo de que o galego poida acompañar con naturalidade e funcionalidade este proceso de cambio. Así mesmo, a crecente pluralidade da sociedade galega, xunto coas novas dinámicas laborais e os procesos de dixitalización, así como a incorporación da IA, fan tamén necesaria a adopción dunha visión estratéxica e transversal.

A normalización plena do galego no sector económico de Galicia presenta tanto desafíos coma oportunidades. Por unha banda, persisten barreiras sociolingüísticas, tecnolóxicas e mesmo psicolóxicas, que dificultan a presenza do galego en moitos espazos da vida, e de maneira moi especial no ámbito económico. Por outra banda, a análise realizada pon de manifesto a existencia de numerosos puntos fortes nos que apoiar este proceso de galeguización, pois o galego segue a ter un papel importante en certos nichos do mercado, existe un orgullo renovado pola autenticidade galega e contamos cun marco legal que permite avanzar na galeguización.

Mediante a implementación decidida de medidas concretas -como incentivos económicos, formación especializada, desenvolvemento de recursos dixitais, a incorporación da IA e promoción activa da lingua- sería posible converter o galego nun verdadeiro valor engadido para as empresas.

É necesario entender que apostar polo uso do galego non só contribúe á preservación e transmisión dun patrimonio cultural único, senón que pode xerar tamén vantaxes competitivas. Unha empresa que emprega o galego reforza a súa identidade e proximidade nun mercado local, marca denominación de orixe, confianza, proximidade, conectando mellor cos seus clientes naturais, e proxéctase con personalidade propia nos mercados globais cada vez máis homoxéneos. Pola contra, renunciar ao uso da lingua galega significa desperdiciar un activo que cada vez é máis valorado por amplos sectores.

Para acadar os obxectivos propostos, resulta fundamental un compromiso coordinado entre a administración pública, o sector empresarial e a sociedade en xeral. As institucións deben liderar e facilitar con recursos suficientes e normas adecuadas; os empresarios e profesionais, entender o galego como investimento de futuro e integralo na xestión; e a cidadanía, reclamar e valorar ese esforzo, escollendo e recoñecendo as marcas que actúan con responsabilidade lingüística. Se todos os actores camiñan na mesma dirección, conseguiremos que a nosa lingua sexa percibida non só como un vehículo cultural, senón tamén como un activo económico de primeira orde, un elemento de identidade e valor engadido no tecido produtivo de Galicia.

A renovación do PXNLG debe marcar un punto de inflexión para que o galego ocupe o espazo que lle corresponde na economía do país. Debemos lograr que o galego pase de ser visto polas empresas como unha opción secundaria ou simbólica a ser considerado unha lingua plenamente útil, rendible e integrada na xestión empresarial cotiá.

SECTOR 2

ECONOMÍA
Diagnóstico

FORTALEZAS

O galego mantén unha forte presenza no sector primario. Existe un uso case exclusivo do idioma galego na comunicación oral cotiá, especialmente en ámbitos tradicionais como as feiras e mercados locais.

Nos últimos anos obsérvanse algúns avances no uso do galego en ámbitos industriais e empresariais.

Nas relacións das empresas coas Administracións autonómica e local, o galego ten unha presenza significativa e normalizada (por exemplo, nas comunicacións oficiais con empresas provedoras ou nos trámites coas entidades municipais).

As empresas tecnolóxicas, a pesar de pertenceren a un ámbito globalizado e fortemente dominado polo inglés, tamén presentan oportunidades para a lingua galega.

Existencia dun dominio.gal, operativo dende 2014, que reforza a presenza do galego e a identidade galega no mundo dixital.

DEBILIDADES

No sector primario, a maior parte das veces o uso da lingua galega está limitado á oralidade, estando menos presente na documentación escrita e formal das empresas, na utilización do galego na etiquetaxe dos produtos, na contratación laboral e documentación legal, onde adoita empregarse o castelán por inercia.

A normalización lingüística continúa sendo unha materia pendente na industria.

Nas grandes empresas e multinacionais con sede en Galicia, o uso do galego é residual, limitándose normalmente ás relacións coa Administración autonómica ou local, pero con escasa presenza na comunicación empresarial cotiá.

En xeral, as grandes empresas de servizos con sede en comunidades con varias linguas oficiais adoitan mostrar carencias no compromiso coa lingua propia, asumíndoa unicamente para cumprimentos formais ou non considerándoa unha prioridade.

O sector tecnolóxico segue presentando importantes carencias para a normalización do galego, do que serve como exemplo que a presenza do galego no comercio electrónico é moi baixa.

Unha parte importante da empresa galega aínda non utiliza o dominio.gal.

Diagnóstico

Sector primario [10]

FORTALEZAS

O galego mantén unha forte presenza no sector primario. Existe un uso case exclusivo do idioma galego na comunicación oral cotiá, especialmente en ámbitos tradicionais como as feiras e mercados locais.

O vínculo entre lingua e medio rural segue a ser sólido: nas relacións laborais do día a día en granxas, confrarías e explotacións, o galego predomina de xeito natural.

Abundan pequenas empresas agroalimentarias que utilizan o galego na etiquetaxe e na publicidade dos seus produtos, empregándoo como sinal de garantía de calidade e de orixe autóctona para atraer consumidores/as.

A utilización do galego como estratexia de marca converteuse hoxe en día nun valor en alza, ata o punto de que Galicia e a lingua galega percíbense como símbolos de autenticidade, e proxectan unha imaxe positiva do país e dos seus sinais de identidade no mercado.

Potencialidade do selo Galicia Calidade.

Colaboración con entidades mercantís implicadas na galeguización.

Celebración do día e o mes da Galeguidade Empresarial.

DEBILIDADES

A maior parte das veces o uso da lingua galega está limitado á oralidade, estando menos presente na documentación escrita e formal das empresas, na utilización na etiquetaxe dos produtos, na contratación laboral e documentación legal, onde adoita empregarse o castelán por inercia.

Son escasos os contratos de compravenda, de persoal ou nóminas redactados en galego nas explotacións agrogandeiras.

Falta de ferramentas informáticas ou recursos técnicos en galego, o que impide un uso pleno do idioma nas xestións máis especializadas.

Crecente presenza de persoal procedente de fóra de Galicia que emprega maioritariamente castelán ou inglés no traballo cotián.

Nas relacións comerciais do sector primario dentro e fóra do territorio de Galicia predomina o uso do castelán, e apréciase pouca conciencia do potencial do galego como lingua de comercialización, malia que o "feito en Galicia" vende.

10. Agrogandeiro, Pesca e Actividades do Rural.

Sector secundario[11]

FORTALEZAS

Nos últimos anos obsérvanse algúns avances no uso do galego en ámbitos industriais e empresariais.

En certas empresas comeza a empregarse -nalgúns casos con altas cotas de éxito- o galego na atención ao cliente e mesmo en campañas de publicidade comercial.

Sectores como o da alimentación gourmet, o viño ou a artesanía amosan un crecente interese por etiquetaren en galego os seus produtos, porque entenden que a lingua propia subliña a autenticidade, a calidade e a orixe local do produto.

Xurdiron algunhas iniciativas pioneiras para incorporar o galego na documentación interna de empresas industriais, desde manuais de calidade ata comunicacións corporativas, aínda que de momento sexan casos illados.

Paulatina sensibilización dalgunhas industrias cara ao uso do galego como elemento de proximidade cos consumidores e da responsabilidade social corporativa.

DEBILIDADES

A normalización lingüística continúa sendo unha materia pendente na industria, e aínda persiste o prexuízo de que o galego é pouco útil para a tecnoloxía ou a proxección exterior, o que lastra a súa implantación neste sector.

A utilización do galego nas grandes empresas e multinacionais con sede en Galicia está lonxe aínda de ser unha práctica xeneralizada.

Apenas existen manuais de instrucións, catálogos ou etiquetaxes de produtos manufacturados que estean dispoñibles en galego, máis aló dalgunhas iniciativas puntuais.

O galego está practicamente ausente na maior parte da documentación técnica, nos manuais de instrucións da maquinaria e nos contratos mercantís do sector secundario.

É inusual atopar o galego nos documentos de prevención de riscos, nos informes de enxeñería ou na correspondencia comercial das grandes empresas e multinacionais en Galicia.

Escasa oferta de formación técnica e profesional en galego dirixida ao persoal das industrias, o que dificulta a adquisición de vocabulario técnico na nosa lingua.

11. Industrial.

Diagnóstico

Sector servizos [12]

FORTALEZAS

Nas relacións das empresas coas Administracións autonómica e local, o galego ten unha presenza significativa (por exemplo, nas comunicacións oficiais con empresas provedoras ou nos trámites coas entidades municipais).

En ámbitos coma a restauración e a hostalaría, ligados ao turismo cultural ou gastronómico, hai negocios que fan do galego un atractivo engadido, ao ofreceren cartas, visitas guiadas ou atención en idioma galego para recalcaren a autenticidade da experiencia.

Uso relativamente frecuente do galego no pequeno comercio e nas medianas empresas de carácter local, sobre todo cando o propietario ou persoal pretenden ter unha relación de maior proximidade coa clientela.

O dominio de Internet .gal, que se converteu nun referente da identidade dixital galega e axuda a dar visibilidade en liña ás empresas comprometidas co país.

Campañas do ámbito da banca.

Emprego do galego por parte de empresas de fóra de Galicia.

DEBILIDADES

En xeral, as grandes empresas de servizos con sede en Galicia adoitan mostrar un escaso compromiso activo coa lingua galega, asumíndoa unicamente para cumprimentos formais ou non considerándoa unha prioridade.

No conxunto do sector servizos aínda predominan dinámicas pouco favorables ao galego.

Nos servizos bancarios adoita imperar o castelán: a documentación contractual, os formularios e a burocracia bancaria preséntanse case exclusivamente en castelán, e a atención ao cliente nas sucursais tamén é maioritariamente en castelán.

En ámbitos coma o turismo, o galego apenas se utiliza para comunicarse cos visitantes: moitas empresas turísticas optan polo castelán e o inglés como linguas de comunicación externa, desaproveitando a oportunidade de ofrecer unha experiencia máis auténtica empregando a lingua galega.

Escasa visibilidade do galego no comercio de grandes superficies e cadeas de distribución, tanto na rotulación interior e exterior das tendas como nos envases e publicidade, onde case sempre se recorre ao castelán por defecto.

Crenza errónea dalgúns equipos directivos de que ofrecer servizo en galego pode ser menos eficaz ou profesional.

As campañas de publicidade e márketing, agás honrosas excepcións, seguen a realizarse en castelán ou inglés, sen estratexias específicas en galego que conecten cos consumidores locais.

12. Comercio, Turismo, Finanzas, etc.

Sector tecnolóxico e dixital[13]

FORTALEZAS

Existe un grupo dinámico de profesionais empeñados en mostrar que o ámbito tecnolóxico, a pesar de ser globalizado e fortemente dominado polo inglés, tamén presenta oportunidades para a lingua galega.

Galicia conta cun elemento de visibilización singular na Internet: o dominio .gal, operativo desde 2014, que reforza a presenza do galego e a identidade galega no mundo dixital.

Disponse de diversas ferramentas dixitais en galego creadas nos últimos anos: correctores ortográficos e gramaticais, tradutores automáticos en liña e mesmo programas de software profesional adaptados ou desenvolvidos en lingua galega. Este ecosistema tecnolóxico autóctono viuse impulsado polo apoio das universidades galegas e centros de investigación a proxectos de desenvolvemento en galego, que teñen xerado dicionarios terminolóxicos, interfaces localizadas e aplicacións propias.

A instalación en Galicia da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA) ofrece unha oportunidade estratéxica: poderíase fomentar desde esta institución o uso do galego no ámbito da intelixencia artificial e das tecnoloxías emerxentes, situando Galicia como referente na incorporación dunha lingua minorizada aos avances tecnolóxicos.

Posta en marcha do proxecto Nós, que abre as posibilidades de incorporar a lingua propia ás tecnoloxías de vangarda e á IA.

DEBILIDADES

O sector tecnolóxico segue presentando importantes carencias para a normalización do galego. O inglés mantén un claro predominio como lingua de traballo e programación, desprazando o galego na maior parte dos contextos profesionais.

A presenza do galego no comercio electrónico é tamén moi baixa: as páxinas web de venda en liña e as plataformas dixitais das compañías adoitan non ofrecer versión galega, reducindo así a visibilidade do galego na economía dixital global.

Falta de apoio para a creación de software e contidos dixitais en galego, de modo que moitas iniciativas dependen do voluntarismo ou quedan fóra do mercado pola falla de recursos.

As empresas que desexen operar integramente en galego atópanse con dificultades prácticas, como a escaseza de servizos TIC (provedores de software, consultorías tecnolóxicas, soporte técnico, etc.) que ofrezan atención e produtos en galego.

Escasean os manuais técnicos, a documentación de produtos de software ou as guías de formación tecnolóxica en galego, o que dificulta o seu uso tanto nas aulas de formación profesional como dentro das empresas.

O galego aínda non ocupa o lugar que podería no mundo da innovación, e é necesario un impulso decidido para integrar a lingua nas novas tecnoloxías e evitar que quede relegada nas profesións do futuro.

13. TIC, I+D e Novos Sectores.

SECTOR 2

ECONOMÍA
Obxectivos

SECTOR 2: ECONOMÍA

Obxectivos

Normalizar o uso do galego nas comunicacións empresariais internas e externas: fomentar que o galego sexa utilizado de forma regular en todos os niveis de comunicación corporativa, desde a documentación administrativa e comercial ata a comunicación co persoal e co público. O galego debe ser lingua de traballo nas empresas galegas á par do castelán, eliminando barreiras que hoxe o relegan a ámbitos informais.

01

Incorporar o galego na identidade corporativa e de marca das empresas galegas: fomentar que as empresas integren activamente elementos lingüísticos galegos nas súas marcas, produtos e campañas de márketing, co fin de mellorar a proximidade coas persoas consumidoras, reforzando unha imaxe de autenticidade e calidade ligada a Galicia diferenciando os produtos/servizos galegos no mercado global e local.

02

Sensibilizar o empresariado sobre as vantaxes competitivas do galego: concienciar os empresarios/as, persoal directivo e emprendedores de que a utilización do galego pode achegar valor engadido ao seu negocio. Facerlles ver que unha atención de calidade ao cliente pode aumentar a satisfacción dos consumidores galegofalantes e provocar unha conexión lingüística cos visitantes. Promoverase que o galego sexa percibido como unha vantaxe diferenciadora no mercado local e global, especialmente aproveitando a súa proximidade co portugués e a proxección cara a comunidades lusófonas.

03

Establecer instrumentos de apoio e incentivos para o uso do galego nas empresas: como parte dos obxectivos, proponse crear programas de fomento específicos (por exemplo, subvencións, premios ou certificacións) que recompensen as compañías que integren o galego na súa actividade. A finalidade desta proposta é mobilizar recursos públicos e privados para acompañar as empresas no proceso de galeguización, de xeito que vexan recoñecido e facilitado o seu esforzo normalizador.

04

Distinguir e recoñecer publicamente as empresas comprometidas coa lingua: implantar un selo de calidade ou garantía lingüística que dea visibilidade ás empresas que destaquen polo uso do galego. Este obxectivo xeraría un efecto positivo no tecido empresarial, xa que contar cun "selo de empresa galegofalante" xeraría un orgullo e un reclamo para os negocios, animando a máis empresas a seguir ese camiño.

SECTOR 2

ECONOMÍA
Medidas

GRUPO 2.2.1

Incentivos económicos e axudas ás empresas

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Crear liñas específicas de subvencións destinadas a empresas que empreguen o galego nas súas comunicacións internas ou externas. Por exemplo, concesión de axudas para gastos de tradución de páxinas web ao galego, para rotulación comercial en galego ou para desenvolvemento de plans de normalización lingüística dentro da empresa. Estas subvencións actuarían como estímulo financeiro directo para aquelas compañías que queren dar pasos cara á galeguización.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.1.1. Programas públicos de subvencións e axudas á normalización lingüística. 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incorporar criterios de valoración e medidas de apoio ao uso do galego nas convocatorias de financiamento das distintas Administracións públicas ás empresas, de maneira que o compromiso lingüístico poida computar como mérito, respectando o marco normativo vixente.

ÓRGANO EXECUTOR

Todos os organismos públicos.

MEDIDAS

2.2.1.2. Introdución de cláusulas de dispoñibilidade lingüística, dentro do marco normativo vixente, en subvencións, contratos e créditos públicos. 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Deseñar e pór en marcha un selo oficial ou certificación de "Empresa Comprometida coa Lingua Galega" que recoñeza as empresas que impulsen o uso do galego na súa actividade, con criterios transparentes e proporcionados.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia.

MEDIDAS

2.2.1.3. Selo de garantía lingüística para empresas. 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar que, nos procedementos de contratación pública da Xunta de Galicia e doutras administracións galegas, poida valorarse positivamente a dispoñibilidade lingüística cando estea vinculada ao obxecto do contrato e dentro do marco normativo vixente. Concretamente, poderán terse en conta compromisos verificables como a dispoñibilidade de documentación técnica en galego ou a atención ao cliente en galego. Deste xeito, incentivaríase que as empresas inclúan a variable lingüística nas súas propostas comerciais cando contratan co sector público.

ÓRGANO EXECUTOR

Todas as administracións e organismos públicos.

MEDIDAS

2.2.1.4. Fomentar a introdución de cláusulas de dispoñibilidade lingüística, dentro do marco normativo vixente, nas contratacións públicas para favorecer que as empresas presten os seus servizos tamén en galego. 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Velar por que as entidades beneficiarias dunha subvención a fondo perdido ou dun crédito para a creación de novas empresas por parte das Administracións públicas respecten os dereitos lingüísticos acordes co ordenamento xurídico vixente en cada momento.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia.

MEDIDAS

2.2.1.5. Velar polo respecto dos dereitos lingüísticos nas actividades que realicen as entidades beneficiarias de subvencións a fondo perdido ou de créditos para a creación de empresas. 1

GRUPO 2.2.2

Formación e sensibilización lingüística no tecido empresarial

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Ofertar e promover cursos de formación gratuítos ou bonificados en lingua galega específicos para empresas e traballadores/as. Incorporar nos plans formativos das empresas módulos de galego orientados a habilidades profesionais: atención ao público en galego, galego técnico sectorial, etc. Deste xeito, os empregados/as, sexan galegos ou procedentes doutros lugares, poderán adquirir competencia no uso do galego no seu posto de traballo de xeito accesible.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Consellería de Economía e Industria.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.2.1. Cursos de galego no ámbito laboral. 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Elaborar materiais didácticos específicos adaptados a sectores con baixa implantación do galego. Por exemplo, guías de vocabulario galego-castelán-inglés para o sector da automoción, manuais de estilo bilingües para o sector turístico, ou cursos en liña sobre galego administrativo para persoal de empresas. Estes recursos axudarían a cubrir baleiros terminolóxicos e a dar seguridade no uso do galego en ámbitos especializados.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Consellería de Economía e Industria.

MEDIDAS

2.2.2.2. Materiais de formación por sectores. 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Crear programas intensivos de integración lingüística dirixidos tanto a traballadores/as de fóra de Galicia coma a neofalantes galegos que desexen incorporar activamente o idioma ao ámbito laboral. Por exemplo, acordos con academias ou escolas de idiomas para impartir cursos intensivos de galego para profesionais de fóra de Galicia que chegan a empresas galegas, ou a neofalantes no seu proceso de adaptación. Estes cursos poden levar vinculadas prácticas en empresas en que o galego estea totalmente normalizado. Estas iniciativas favorecerían unha integración natural do persoal non galegofalante, á vez que difunden unha imaxe inclusiva da lingua galega.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL e Consellerías nos seus ámbitos de responsabilidade.

MEDIDAS

2.2.2.3. Programas de integración lingüística. 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Desenvolver campañas institucionais de concienciación destinadas ao empresariado e cadros directivos, subliñando os beneficios económicos e sociais do uso do galego. Estas campañas —a través de vídeos, folletos, xornadas, etc.— deben transmitir mensaxes claras: casos de éxito de empresas que medraron incorporando o galego, datos de mercado que amosan a preferencia de moitos consumidores/as por seren atendidos en galego, ou recordatorios das obrigas legais en materia lingüística. O obxectivo é romper cos prexuízos lingüísticos existentes e motivar actitudes positivas respecto ao galego nas persoas que toman decisións.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL e Consellerías nos seus ámbitos de responsabilidade.

MEDIDAS

2.2.2.4. Campañas de sensibilización empresarial. 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Organizar obradoiros e seminarios para emprendedores, directivos de PEMES e responsables de RRHH sobre "como incorporar o galego" nas súas áreas: márketing e publicidade en galego, atención ao cliente, creación de marca en galego. Nestas sesións poderían participar expertos en lingua e empresarios/as que teñan experiencia positiva no uso do galego, de modo que compartan a súa experiencia e solucións reais. Esta formación específica axudará a dotar de ferramentas e confianza aos profesionais para dar os seguintes pasos cara á normalización nas súas empresas.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e SXL.

MEDIDAS

2.2.2.5. Obradoiros e seminarios de boas prácticas. 3

GRUPO 2.2.3

Ferramentas dixitais e recursos tecnolóxicos en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover e financiar o lanzamento de aplicacións móbiles, plataformas e software empresarial con versión en galego. Isto inclúe tanto fomentar que os grandes provedores de software incorporen a lingua galega, coma apoiar emprendementos locais que desenvolvan aplicacións directamente en galego. Medidas concretas poderían ser: subvencións a proxectos TIC que contemplen a tradución ao galego, premios á innovación en galego no eido dixital, ou acordos con grandes compañías para incorporar o galego nos seus paquetes de software.

ÓRGANO EXECUTOR

AMTEGA e Consellería de Economía e Industria.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.3.1. Desenvolvemento de aplicacións e software en galego. → 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Facilitar que as empresas poidan dispoñer de programas de xestión (facturación, contabilidade, recursos humanos) en idioma galego. Poderíanse crear a través de convenios coas universidades, ferramentas de xestión en lingua galega específicas para sectores estratéxicos. Con iso, a lingua pasaría a estar presente tamén nas tarefas loxísticas e administrativas do día a día nas empresas.

ÓRGANO EXECUTOR

AMTEGA e Consellería de Economía e Industria.

MEDIDAS

2.2.3.2. Implantación de sistemas de xestión empresarial en galego. → 3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Apoiar a produción e difusión de documentación técnica en galego nos sectores punteiros (por exemplo manuais de maquinaria agroindustrial, documentos técnicos de diferentes tipos de industria, elaboración de glosarios terminolóxicos galegos en colaboración coas universidades e centros de I+D, creación dun repositorio público de documentación técnica en galego, etc. Desta maneira as empresas terían máis doado acceder a materiais en galego para formación e consulta.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Economía e Industria e SXL.

MEDIDAS

2.2.3.3. Documentación técnica e contidos dixitais galegos. → 3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar o uso do galego en todos os novos mecanismos de interacción empresa-cliente baseados en tecnoloxía. Por exemplo, promover que os asistentes virtuais, chats das webs corporativas e sistemas automáticos de resposta telefónica automática inclúan a opción do galego nos seus idiomas dispoñibles. Así mesmo, instar ás empresas de telecomunicacións, banca e servizos a que nas súas liñas de atención telefónica automática e presencial haxa unha opción clara para ser atendido/a en galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Economía e Industria e SXL.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.3.4. Atención dixital ao cliente. 3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Xerar materiais audiovisuais (tutoriais, seminarios en liña, etc) en galego sobre temáticas innovadoras e tecnolóxicas, dirixidos ás empresas e profesionais. Por exemplo, cursos en vídeo sobre mercadotecnia dixital en galego, tutoriais para emprendedores/as sobre comercio electrónico, etc. empregando o galego como lingua vehicular. Isto non só crea recursos en galego senón que transmite a mensaxe de que o galego é perfectamente válido para falar de tecnoloxía, emprendemento e negocios.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Economía e Industria e AMTEGA.

MEDIDAS

2.2.3.5. Contidos audiovisuais e formativos en galego para o sector tecnolóxico. 2

GRUPO 2.2.4

Visibilidade e promoción do galego no ámbito económico

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Lanzar campañas públicas (desde a Xunta de Galicia ou entidades colaboradoras) que destaquen as vantaxes competitivas e o valor engadido do uso do galego no mundo empresarial. Estas campañas poderían incluír publicidade en medios (anuncios protagonizados por empresas que empregan hoxe o galego con éxito), eventos como o "Día da Galeguidade Empresarial", ou outros onde se visibilice o papel do noso idioma nas empresas. Amais de xerar un clima favorable ao galego, estas campañas contribuirán a que o uso do galego sexa percibido como útil, moderno, rendible e positivo para os negocios.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Economía e Industria e SXL.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.4.1. Campañas institucionais de promoción do galego nas empresas. 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Traballar da man con asociacións empresariais, cámaras de comercio e entidades de promoción económica para que colaboren na galeguización do tecido económico. É necesario involucrar activamente a organismos como a Confederación de Empresarios de Galicia, as Cámaras de Comercio, os clústers e asociacións sectoriais (por exemplo, ANFACO no sector conserveiro, o Clúster do Naval, asociacións de hostalaría, etc.) para que incorporen nos seus plans de accións a promoción do galego entre as empresas asociadas. Poderían organizarse xornadas conxuntas, elaboración de guías de boas prácticas lingüísticas sectoriais ou convenios de colaboración nos que estas entidades se comprometan a asesorar e motivar ás empresas que teñen asociadas. En definitiva, crear unha rede no tecido económico coa finalidade de que amplifiquen a mensaxe normalizadora máis aló do ámbito institucional.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Economía e Industria, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

MEDIDAS

2.2.4.2. Implicación de asociación e entidade económicas. 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar que o galego teña un maior peso na publicidade comercial, especialmente nos medios dixitais e nas redes sociais. Hoxe en día, a gran maioría das campañas publicitarias en Galicia son realizadas en castelán; por iso, é necesario incentivar que as empresas e axencias publicitarias creen contido publicitario en lingua galega. Sería moi positivo promover estratexias de márketing en galego ligadas a produtos galegos destinados á mocidade. O aumento da presenza do idioma nas mensaxes comerciais contribuiría a que os consumidores/as vexan o galego en contextos distintos reforzando o seu status diante da cidadanía.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Economía e Industria, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, SXM.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.4.3. Presenza do galego na publicidade e medios comerciais. 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Crear e manter actualizado un directorio ou observatorio público onde se recollan as empresas destacadas polo uso do galego. Esta base de datos, accesible en liña, permitiría a consumidores/as e provedores/as identificar facilmente compañías galeguizadas en diversos sectores, que desexen figurar no directorio. Podería incluír información sobre en que ámbitos se emprega o galego (atención ao cliente, etiquetaxe, web, sinalización, nóminas, contratos, etc.) e servir como guía para aqueles cidadáns que prefiran consumir en galego. Tamén funcionaría como escaparate positivo, dando notoriedade ás empresas comprometidas co uso da nosa lingua.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Economía e Industria, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

MEDIDAS

2.2.4.4. Directorio público de empresas que usan o galego. 2

GRUPO 2.2.5

Medidas lexislativas e relación coas administracións públicas

OBXECTIVO ESPECÍFICO

É prioritario que as administracións públicas garantan o cumprimento efectivo das disposicións legais que protexen os dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico. Por exemplo, a Lei 13/2010, de comercio interior de Galicia establece que o exercicio da actvidade comercial debe levarse a cabo con rigoroso respecto aos dereitos lingüísticos recollidos no art. 5 do Estatuto de Autonomía, e que ninguén poderá ser discriminado ou atendido incorrectamente en razón da lingua empregada. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal dos dous idiomas. Igualmente, a Lei 2/2012, de protección das persoas consumidoras recoñece que na etiquetaxe de produtos e nas comunicacións comerciais realizadas en Galicia se pode empregar calquera das linguas cooficiais e encomenda ás administracións que incentiven o uso do galego neses ámbitos. Deberíase, xa que logo, incidir e difundir entre as empresas esta posibilidade legal e establecer instrumentos para facilitarlle esta información, asegurándose de que ningún operador económico alegue descoñecemento da lei para excluír o galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Todas as administracións.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.5.1. Aplicación de cláusulas de dispoñibilidade lingüística adaptada ao sector e natureza de cada empresa, acorde á normativa vixente de aplicación en cada caso. → 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Proponse promover, en colaboración co Consello Galego de Relacións Laborais, a introdución dunha cláusula tipo sobre dereitos lingüísticos nos convenios colectivos sectoriais e de empresa. Dita cláusula explicitaría o valor da lingua galega como patrimonio común, comprometéndose a contribuír á súa normalización e presenza na vida laboral. Tamén o dereito da persoas traballadoras a empregar o galego nas súas relacións internas e na súa actividade profesional, particularmente nas relacións co persoal e a clientela situada en Galicia. As empresas e as representacións das persoas traballadoras manifestarán o compromiso de favorecer o uso progresivo do galego e as partes poderán acordar no seo da comisión paritaria plans ou accións de fomento do galego.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL e Consello Galego de Relacións Laborais en colaboración cos Sindicatos.

MEDIDAS

2.2.5.2. Promover a inclusión de cláusulas de dereitos lingüísticos na negociación colectiva, de acordo coa normativa vixente. → 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Instar as entidades do sector público empresarial en Galicia a adoptar plans de normalización lingüística equiparables aos que se piden ao sector privado. As administracións deben dar exemplo, por iso, todas as empresas onde a Xunta de Galicia teña participación deberían desenvolver políticas para aumentar significativamente o uso do galego en todos os seus servizos en Galicia. Ademais, nas contratacións públicas de obras e servizos, engadir cláusulas de dispoñibilidade lingüística que fomenten as concesionarias ou adxudicatarias a empregar o galego na atención á cidadanía e na rotulación de obras, sempre que a natureza do contrato e as condicións xurídicas o permitan. Deste xeito, garantiríase que o investimento público redunde tamén na promoción da lingua galega.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Economía e Industria, empresas públicas ou con participación da Xunta de Galicia.

MEDIDAS

2.2.5.3. Políticas lingüísticas nas empresas colectivas. → 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

É necesario que as entidades públicas en xeral elaboren unha política lingüística propia, acorde coas súas competencias de desenvolvemento económico. Isto implicaría, por exemplo, que estes organismos inclúan a promoción do galego como criterio nos seus programas (como xa se mencionou para as subvencións) pero tamén que atendan ás empresas que asesoran preferentemente en galego e que ofrezan documentación e formularios en galego. Ademais, recoméndase que

estas entidades establezan canles permanentes de colaboración coas institucións encargadas da normalización lingüística (SXL, etc.) e co tecido asociativo (Foro Enrique Peinador, etc), co obxectivo de coordinar esforzos e intercambiar boas prácticas. En resumo, integrar o galego como un factor de calidade, proximidade e responsabilidade social corporativa.

ÓRGANO EXECUTOR

IGAPE, XESGALICIA, SXL.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.5.4. Adopción dunha perspectiva lingüística nos organismos de promoción económica. 3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Avaliar a posibilidade de impulsar reformas normativas ou novas leis que reforcen a protección e promoción do galego no eido económico, no caso de que os instrumentos existentes resulten insuficientes. Calquera novo desenvolvemento lexislativo debería basearse nos dereitos recoñecidos (consumidores, traballadores/as, etc.) e nas competencias autonómicas en comercio buscando sempre o equilibrio entre a promoción do idioma e a seguridade xurídica para as empresas.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL en colaboración cos sindicatos e co tecido asociativo do ámbito económico e empresarial.

MEDIDAS

2.2.5.5. Novas iniciativas lexislativas se fose necesario. 1

GRUPO 2.2.6

Implicación de empresas, entidades públicas e asociacións sectoriais

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incentivar que as empresas galegas de maior dimensión (e tamén aquelas máis visibles de cada sector) tomen a dianteira na adopción destas medidas, converténdose en exemplos a seguir. Compañías punteiras en Galicia –do sector alimentario, téxtil, financeiro, etc.– poderían elaborar e difundir os seus propios plans de normalización lingüística corporativos, publicitando os avances acadados. O apoio explícito destas empresas daría credibilidade e pulo ao proceso, demostrando que o galego pode ter cabida natural na xestión empresarial moderna.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL coa colaboración de distintas consellerías e grandes empresas que poidan servir de guía e provocar un efecto mimético.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.6.1. Liderado desde as grandes empresas e corporacións galegas. → 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Animar ás empresas a incluír a dimensión lingüística dentro das súas políticas de RSE, entendendo o uso do galego como parte do seu compromiso coa contorna social e cultural. Igual que se asumiron estándares ambientais ou de igualdade, deberíase asumir o respecto e promoción da lingua propia de Galicia como un indicador máis. Isto implica, entre outras cousas, non discriminar pola lingua nas relacións laborais e co público (cumprindo co principio de non discriminación recollido na lexislación), e contribuír á preservación do patrimonio inmaterial galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

MEDIDAS

2.2.6.2. Integración nos plans de Responsabilidade Social Empresarial (RSE). → 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

As asociacións de empresarios e as cámaras xogan un papel crucial. Sería bo levar a cabo convenios entre a Administración e estas entidades para desenvolver accións conxuntas: por exemplo, programas de asesoramento lingüístico gratuíto para comerciantes asociados, charlas de sensibilización en empresas dentro dos polígonos industriais a través das asociacións empresariais, etc. En particular, contar coa CEG como socio estratéxico permitiría chegar de forma masiva ao tecido empresarial. Tamén as cámaras de comercio poderían difundir as iniciativas entre miles de PEMES. Implicar as asociacións sectoriais (turismo, hostalaría, comercio téxtil, etc.) axudaría a adaptar as medidas que se considerasen dentro de cada ámbito, facendo máis doadas e efectivas as recomendacións de uso da lingua galega.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia (a través de todas as consellerías) en colaboración coa CEG e as asociacións de empresarios.

MEDIDAS

2.2.6.3. Colaboración coas asociacións empresariais e Cámaras de Comercio. → 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

As distintas administracións galegas deben actuar coordinadamente para impulsar estas medidas. A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Lingua (SXL) e das consellerías competentes en economía, deberían ter un papel reitor na implicación doutras entidades públicas: por exemplo, o Consello Económico e Social de Galicia podería asumir un rol activo realizando labores pedagóxicas entre as empresas que o conforman, para que incorporen o galego e compartan experiencias; así mesmo, a FEGAMP podería promover que os concellos tiveran iniciativas de dinamización do galego no comercio local (campañas nos mercados municipais, incentivos á rotulación en galego nas rúas comerciais, etc.). Cómpre que todas as administracións públicas, cada unha ao seu nivel, integren nos seus plans de actuación económica apartados específicos referidos á lingua.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración autonómica e local, CES-Galicia, FEGAMP.

MEDIDAS

Prioridade

2.2.6.4. Apoio das institucións e entidades públicas autonómicas e locais. 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Ademais dos axentes económicos existen tamén asociacións culturais e colectivos que levan anos traballando pola normalización do galego no eido económico. A sinerxía entre administración, empresas e asociacións que traballan pola lingua dentro da sociedade civil garante que as propostas sexan realistas promovendo a implicación de todos os actores – empresas grandes e pequenas, sector público e privado, organizacións empresariais e cívicas– pois esa é a clave para que o galego ocupe o lugar que lle corresponde na nosa economía.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración autonómica e local en colaboración con asociacións que traballan no eido económico.

MEDIDAS

2.2.6.5. Participación de entidades culturais e sociais. 3

SECTOR 3

EDUCACIÓN



SECTOR 3: EDUCACIÓN

Presentación

A educación constitúe un piar estratéxico nas políticas lingüísticas de Galicia, ao actuar como un dos máis importantes ámbitos de socialización capaz de asegurar a transmisión interxeracional do galego. Máis alá da adquisición de competencias, o sistema educativo desempeña un papel decisivo na configuración de actitudes, percepcións e valores asociados á lingua, factores determinantes para a súa vitalidade e continuidade. Neste sentido, a escola pode funcionar como un espazo de reequilibrio sociolingüístico, especialmente en contornos urbanos ou con predominio do castelán, onde o contacto co galego é máis limitado. Porén, este potencial só se materializa a través dunha planificación lingüística coherente, sostida e dotada de recursos, que promova o galego non só como obxecto de aprendizaxe, senón como lingua vehicular e de prestixio nos diferentes contextos educativos, tanto dentro como fóra da aula.

A presente proposta para o "Sector 3. Educación" aséntase no PXNLG-2004, que aquí se actualiza e amplía. De acordo con ela, apóstase por un plurilingüismo inclusivo que permita a adquisición, o uso e a valoración social da lingua propia de Galicia e, partindo dela, tamén do castelán e das linguas estranxeiras (LE) presentes no noso sistema educativo, así como o aprecio pola diversidade lingüística e máis o respecto e o acollemento doutras realidades idiomáticas presentes na sociedade galega actual.

Se ben os principios que rexen a proposta de 2004 e a de 2026 son os mesmos, hai diferenzas nos obxectivos e nas medidas construídas para acadar eses obxectivos. Estas tratan de responder aos cambios lexislativos, sociais e técnicos experimentados en Galicia nos últimos vinte anos. Así, por exemplo, a irrupción da intelixencia artificial, a crecente importancia da FP ou o maior peso dos servizos complementarios e das actividades extraescolares na vida do alumnado obrigan a aproveitar as potencialidades dos novos desenvolvementos tecnolóxicos para a creación de materiais en galego e a prestarlles máis atención tanto á FP como á educación non formal. Por outra banda, é obrigado partir dun marco legal parcialmente diferente ao de 2004, cuxos logros se queren aproveitar e cuxas carencias se busca corrixir, na procura dunha maior coherencia entre as diferentes disposicións.

A presente proposta estrutúrase en dous grandes apartados centrados na Educación formal (EF) e na Educación non formal (ENF). A EF aborda, por unha banda, o marco legal e organizativo e, por outra, as dinámicas sociais e escolares, así como a formación e os recursos. Son varios os organismos e administracións implicados no desenvolvemento das medidas sinaladas nestes apartados (concellos; deputacións provinciais; Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; Consellería de Política Social e Igualdade; Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, etc.) pero, sobre todo, cómpre a colaboración de toda a comunidade educativa. Profesorado, alumnado, familias, persoal non docente e empresas prestadoras de servizos no ámbito educativo na ENF están chamados a usar activamente a lingua galega e a contribuír ao presente e ao futuro dun idioma que é único, noso, útil e vital.

SECTOR 3

EDUCACIÓN
Diagnóstico

Educación formal

FORTALEZAS

A Carta europea das linguas rexionais e minoritarias (CELRM), ratificada polo Goberno de España en 2001, aséntase en principios dos que emanan directrices para garantir a preservación das linguas propias e defender a diversidade cultural.

Nos termos en que foi ratificada polo Goberno de España, a CELRM establece que se debe garantir educación en galego en todos os niveis educativos, aínda que a LNL impide a segregación do alumnado por razón de lingua.

Existe unha lexislación marco (Estatuto de autonomía, LNL) que establece obxectivos de normalización e de competencia en lingua galega.

A lexislación escolar recolleu tradicionalmente o emprego vehicular das linguas na docencia como medio para mellorar as competencias.

As familias galegofalantes valoran positivamente o emprego do galego na educación infantil e obsérvase tamén unha boa receptividade cara a súa presenza por parte dun sector das familias castelanfalantes.

A realidade en Galicia demostra que o ensino en galego e castelán nas primeiras etapas pode favorecer a competencia bilingüe.

Na lexislación lingüística galega está moi asentada a obrigatoriedade de impartir un determinado espazo curricular en galego.

A formación dos educadores e educadoras da etapa 0-3 contempla saberes relacionados coa expresión e a comunicación.

As ensinanzas de réxime especial ofrecen un marco diversificado con moitas oportunidades para darlle visibilidade ao galego e promover o seu uso.

As universidades teñen o galego como lingua oficial e unha lexislación favorable a este idioma.

A administración universitaria desenvólvese en galego, así como a maioría dos servizos.

Parte do profesorado e do PAS amosa un compromiso activo co galego.

DEBILIDADES

Os principios e directrices da CELRM non se trasladaron de modo totalmente efectivo aos espazos públicos en Galicia, como se constata nos últimos informes realizados polo Comité de Expertos.

Na educación, algúns deses informes recomendan eliminar as limitacións para o seu uso vehicular en materias de ciencias.

O sistema educativo, en situacións de contexto social desfavorable, atopa dificultades para lograr os obxectivos de normalización en lingua galega establecidos na lexislación marco, sobre todo en contornas urbanas.

A influencia da lingua que o alumnado emprega entre si en contornos urbanos con predominio do castelán non favorece a igualdade de uso das dúas linguas oficiais.

A aplicación do modelo require seguir mellorando a súa adaptación ás distintas realidades sociolingüísticas no territorio e reforzar a implicación das familias no proceso de adquisición das competencias nas dúas linguas oficiais.

As diferenzas entre contornos sociolingüísticos poden dar lugar a resultados desiguais no desenvolvemento das competencias nas dúas linguas oficias durante a EI.

No decreto actualmente vixente estableceuse por primeira vez un espazo curricular fixo de impartición en galego e castelán.

No plan de estudos desta titulación resulta conveniente continuar impulsando a prensenza do galego e da súa didáctica.

A regulación que existe na actualidade debe garantir mellor o aproveitamento desas oportunidades.

O galego só é habitual, nalgunhas facultades, no nivel institucional e no rexistro escrito formal.

Na docencia universitaria e na investigación o galego é minoritario na maioría de títulos, especialmente en graos STEM, ciencias da saúde e posgraos.

Debería aproveitarse máis o profesorado capacitado para, e disposto a, impartir docencia en galego.

As universidades teñen servizos lingüísticos que asesoran e estimulan o uso da lingua galega e existe unha Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística que busca coordinar as accións das tres universidades.

A lexislación escolar asume o compromiso cunha educación plurilingüe e fixa itinerarios para que o alumnado acade esta competencia.

A lexislación lingüística escolar prevé que os centros realicen unha planificación lingüística de 2º nivel para responder mellor a cada contexto sociolingüístico.

Esta planificación concrétase no Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) que teñen que deseñar os centros educativos. Hai regulación e asignación de responsabilidades para isto.

Existen procedementos para dar conta do uso vehicular das linguas nos centros educativos.

A lexislación que regula o uso das linguas na educación formal indica que se avaliará a capacitación do alumnado nas dúas linguas oficiais e os resultados xerais derivados da súa aplicación para tomar as medidas correctoras pertinentes.

A lexislación escolar contemplou sempre un instrumento específico para pular polo uso e valoración da lingua galega: os ENL/EDLG.

Hai persoas coordinadoras provinciais e centrais que poden orientar, apoiar e divulgar o labor dos EDLG nos centros.

O compromiso dos docentes que compoñen os equipos coa lingua galega é elevado e vai máis alá do cumprimento das responsabilidades laborais docentes e organizativas.

A dinamización lingüística nos centros está vencellada e coordínase habitualmente coas áreas humanísticas e creativas.

A exención temporal de avaliación en lingua galega para o alumnado que vén de fóra de Galicia traslada unha visión positiva e respectuosa da integración escolar e social.

A lexislación que regula o uso do galego na educación formal establece a necesidade de implementar un "plan específico para a nova poboación inmigrante que se está a asentar en Galicia".

O impulso normalizador dos servizos lingüísticos non sempre consegue compensar o desequilibrio no valor que a sociedade e as instancias de acreditación lle outorgan a cada lingua.

A competencia plurilingüe identifícase moitas veces na educación e na sociedade en xeral con competencia en inglés, deixando nun segundo plano as outras linguas.

O desenvolvemento efectivo da planificación lingüística de centro presenta un grao de implicación e desenvolvemento desigual.

A planificación lingüística de centro é ás veces débil, superficial e rutineira. Apréciase unha insuficiencia de modelos e asesoría técnica para deseñala e para avaliar os seus resultados.

Os mecanismos utilizados para coñecer o uso vehicular das linguas nos centros deben ser máis precisos e débese facer un seguimento para adoptar as medidas correctoras pertinentes.

Algúns informes realizados ofrecen nalgúns casos resultados desfavorables para a lingua galega.

A formación que reciben os EDLG é insuficiente e está centrada en actividades puntuais.

Estes equipos nalgúns casos teñen unha marxe de actuación limitada, o que fai que non se aproveite totalmente a súa potencialidade.

O Decreto 79/2010 só alcanza a establecer a obriga de crear EDLG unicamente en centros sostidos con fondos públicos.

A dinamización lingüística nos centros está escasamente vencellada coas áreas de perfil científico ou técnico.

A opción de usar a exención temporal de avaliación ás veces de forma inadecuada por parte das familias pode non cumprir o obxectivo previsto e alimentar as relacións de dominio entre as linguas.

O plan específico para a nova poboación inmigrante prevista no Decreto 79/2010 non está desenvolto na súa totalidade.

Diagnóstico

Dinámicas sociais e escolares, formación e recursos

FORTALEZAS

Socialmente recoñécese de xeito maioritario a competencia e mesmo a obriga da administración educativa para regular o uso escolar das linguas. A presenza escolar da lingua galega vívese en xeral con normalidade e os prexuízos declarados diminuíron.

A investigación sociolingüística demostra que o asentamento nunha lingua minorada é a vía máis eficaz para un plurilingüismo inclusivo.

Os sectores máis concienciados da sociedade mostran preocupación pola perda do galego na transmisión familiar e no acceso á escolarización.

Nas contornas escolares existen institucións e individuos que poden colaborar na difusión escolar da cultura e da lingua galegas. Houbo e hai proxectos moi eficaces de promoción da lingua galega que integran a aula, o ámbito escolar externo á aula e a contorna familiar e ambiental do alumnado.

Hai centros de formación de adultos e escolas de idiomas con potencial normalizador.

As universidades teñen que garantir nos seus títulos orientados á docencia unha competencia suficiente en lingua galega e unha formación básica en Planificación Lingüística Escolar (PLE). O SUG permite vías de formación complementaria aos graos habilitantes. As Facultades de Educación son as que teñen un grao máis elevado de docencia en galego do SUG.

A administración educativa ten encomendada legalmente a formación socio lingüística e lingüística do profesorado en servizo e en prácticas. A Consellería de Educación dispón de estrutura e de medios para facilitarlle formación socio lingüística e en PLE ao seu profesorado.

DEBILIDADES

Nalgúns contextos e entre certos colectivos está bastante estendida a idea de que a cuestión da lingua escolar debe ser decisión individual.

Mantéñense vellos prexuízos implícitos en moitos comportamentos sociais e apareceron algúns novos. A escola non sempre logra combater activamente estes prexuízos.

A divulgación social, e mesmo escolar, da investigación sobre aprendizaxe de linguas é insuficiente e non sempre axustada á realidade e á evidencia científica.

A transmisión familiar da lingua galega sofre unha caída continuada, especialmente nas áreas urbanas.

Agás en lugares e conxunturas concretas, non se lle dá a importancia debida á interacción entre os centros e a contorna para aproveitar eses recursos.

Estes proxectos, mesmo os que teñen soporte institucional, adoitan quedar na situación de 'caso singular' e non sempre se poñen os medios necesarios para seren desenvolvidos noutros contextos.

O galego é minoritario en moitos destes centros.

A competencia en lingua galega dos docentes que acceden á profesión non é sempre a adecuada e a súa formación en labores de PLE é insuficiente.

Os estudos de mestres/mestras están regulados por normas ECI de rango estatal que non son sensibles ás especificidades idiomáticas de contextos como o galego.

A galeguización da docencia nas Facultades de Ciencias da Educación non está garantida, dado que isto depende da vontade do profesorado.

Cómpre actualizar con máis frecuencia o enfoque e formato desa oferta formativa para obter resultados máis satisfactorios e para aumentar os estímulos para participar nela.

A relación entre as universidades e os centros non universitarios ás veces non supera os compromisos e certificacións formais.

Hai vías de relación institucional entre as universidades e os centros non universitarios que se poderían aproveitar para unha colaboración máis eficaz, tamén en materia lingüística. Hai algunhas experiencias de investigación na acción moi frutíferas entre profesorado das universidades e dos centros non universitarios.

Existen experiencias educativas e dinámicas pedagóxicas que favorecen un desenvolvemento lingüístico positivo, en competencia e actitudes: TIL, proxectos interdisciplinares e/ou transversais...

Hai persoal formado para atender en grupos pequenos ou mesmo individualmente as persoas con Necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), o que facilita o vínculo comunicativo. En educación secundaria, a normativa facilita un reforzo de dúas horas semanais en competencias lingüísticas ás persoas con NEAE.

Aínda que non cobren todas as necesidades, existen materiais e recursos para traballar con e na lingua galega en formatos e repositorios diversos. As áreas e niveis que son de impartición obrigatoria en galego dispoñen de bastantes recursos. A lingua galega foise incorporando ás tecnoloxías dixitais e por primeira vez a IA xenerativa permite a xeración de recursos en galego.

A proxección extraescolar da Formación Profesional ten un gran potencial galeguizador en múltiples ámbito. En FP unha parte significativa do alumnado é galegofalante ou vive en contornas galegófonas, o que podería representar un estímulo para un ensino galeguizado. Hai implicación de moito profesora do de FP que prepara e comparte materiais técnicos en galego.

Os proxectos de investigación na acción non se potencian, non se valoran e non se divulgan na medida que merecen.

Hai dificultade de acceso do alumnado dos títulos das Facultades de Ciencias da Educación aos contidos en formación ofrecida polo CAFI.

A dinámica dos centros en ocasións dificulta a colaboración interdisciplinar que faría efectivas esas experiencias.

Non todos os instrumentos estandarizados empregados na avaliación das necesidades específicas de apoio educativo, dispoñen de adaptacións validadas en lingua galega.

Os materiais específicos para o traballo coas NEAE adoitan estar maioritaria ou exclusivamente en castelán.

O galego non ten a presenza debida nos programas de reforzo en competencias lingüísticas.

O volume de materiais e recursos é superior en linguas coma o castelán, sobre todo na FP, nas materias STEM e na formación dixital.

No ensino universitario, escasean os manuais especializados en moitas áreas.

Ás veces o profesorado descoñece os recursos existentes en galego para a súa área e/ou nivel educativo.

A maioría do profesorado non ten aínda formación suficiente para extraer todo o potencial da intelixencia artificial xerativa en materia lingüística.

A reflexión sobre o papel escolar e social do galego presenta carencias nesta modalidade educativa.

Educación non formal

FORTALEZAS

A educación non formal permite flexibilizar a presenza das linguas e facilita que se faga unha aposta forte polo galego.

Creouse o sistema de certificación de coñecemento do galego CELGA acorde co *Marco europeo común de referencia para as linguas*, documento do Consello de Europa que proporciona unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais, etc. en toda Europa.

Hai un sistema de formación CELGA con cursos presenciais e en liña, titorizados e non titorizados e con adaptacións á Lectura Fácil.

Hai cursos especializados de linguaxe xurídica e de linguaxe administrativa para persoal funcionario e recentemente botaron a andar os específicos para persoal sanitario. Un sector do persoal ao servizo das administracións públicas posúe unha boa competencia para desenvolver a súa actividade profesional en galego.

Existe unha convocatoria pública estable e unha ampla oferta de campamentos e actividades de lecer promovidos por institucións con responsabilidade na promoción da lingua.

Hai unha alta demanda de formación no eido do tempo libre por parte da mocidade galega na que é posible unha aposta polo galego. A SXL conta cun Repositorio Dixital do Tempo Libre en Galego con propostas de actividades e dinámicas en galego.

Existe unha ampla oferta e demanda de servizos complementarios e de conciliación familiar ofertados desde os centros educativos e as administracións públicas idóneos para o emprego da lingua galega.

Moitos nenos e nenas participan en actividades extraescolares que ofrecen un espazo para a convivencia e relación entre iguais propicio para a normalización do galego.

Existe un forte tecido asociativo no ámbito da educación non formal (escolas de música, cultura tradicional, entidades deportivas, aulas de teatro...) que amosa sensibilidade cara á lingua galega.

As administracións públicas e outras entidades (ONG, fundacións, asociacións...) ofrecen actividades de alfabetización lingüística para favorecer a inclusión de persoas migrantes.

Desde algunhas administracións públicas estanse a desenvolver programas de voluntariado lingüístico e outros similares dirixidos á adquisición do galego.

DEBILIDADES

Por ser un ámbito con menor regulamentación, resulta máis complexo facer un seguimento e garantir o cumprimento dos usos que se recomenden ou consideren convenientes.

Non hai cursos ao longo de todo o ano e a intensividade e o carácter intensivo dos que se programan dificúltalle a asistencia ás persoas traballadoras. O nivel de abandono dos matriculados nos cursos é alto.

Faltan cursos de capacitación lingüística para outros colectivos profesionais (policías, monitorado de tempo libre, etc.).

A lingua maioritaria que se emprega nestas actividades e os recursos que se utilizan (xogos, cancións, contos, dinámicas...) moitas veces é en maior medida o castelán.

As metodoloxías, técnicas e recursos empregados nesta formación están maioritariamente en lingua castelá.

O repositorio non ten presenza nas plataformas de uso habitual no sector e non é coñecido polos seus profesionais.

Ao ser un ámbito sen regulación lingüística, o uso do galego depende da vontade do persoal responsable do servizo.

Non adoita haber regulamentación nin incentivos que fomenten especificamente o desenvolvemento destas actividades en galego.

É desigual a presenza da lingua galega nas actividades que ofertan diferentes entidades da sociedade civil.

Por veces estas actividades de alfabetización lingüística ofertan exclusivamente en castelán, obviando o potencial do galego como vehículo de inclusión social e laboral.

Estes programas non están suficientemente asentados para coñecer o seu impacto sostido no uso do galego.

SECTOR 3

EDUCACIÓN
Obxectivos

01

Establecer os principios e medidas que convertan o ensino nunha ferramenta clave para reverter a tendencia actual, frear a perda de uso da lingua galega, especialmente entre a infancia e a mocidade, e contribuír a promover a transmisión interxeracional.

02

Ter en conta os principios recollidos na Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (CELRM) para a educación en Galicia, axustados á realidade galega.

03

Establecer as bases dun marco lexislativo educativo que regule o uso das linguas no ámbito escolar en que os obxectivos e as medidas sexan coherentes entre si e garantan a competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, a valoración do galego como lingua propia de Galicia e soporte dun plurilingüismo inclusivo e a percepción da lingua galega como vehículo válido para todos os ámbitos de coñecemento.

04

Fomentar unha presenza efectiva da lingua galega que a consolide como código comunicativo de referencia na educación formal (EF) e non formal (ENF).

05

Dotar os centros escolares e outras instancias de formación dos recursos humanos, materiais e dixitais en galego que permitan impulsar as competencias comunicativas e reforzar a presenza do galego nos espazos de socialización.

06

Entender o uso da lingua galega como vía de inclusión do alumnado e das persoas orixinarias de fóra de Galicia ou novos galegos.

07

Promover na formación inicial e permanente do profesorado contidos sobre a realidade sociolingüística galega e estratexias para a creación de contornas lingüisticamente inclusivas.

08

Implicar activamente as familias e a comunidade educativa no proceso de recuperación do galego mediante campañas de sensibilización, materiais informativos e espazos de participación e diálogo.

09

Afondar nos mecanismos sistemáticos de avaliación e seguimento das medidas de normalización lingüística no ámbito educativo para asegurar a súa eficacia e introducir melloras continuas baseadas en datos contrastables.

10

Impulsar, en suma, unha visión transformadora da educación galega en clave de normalización lingüística.

SECTOR 3

EDUCACIÓN
Medidas

Medidas

GRUPO 3.1.1

Educación formal

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Harmonizar, na medida do posible, o marco normativo sobre o uso escolar das linguas ás indicacións da CELRM e aos principios de plurilingüismo inclusivo que a inspiran.

MEDIDAS

Prioridade 1

3.1.1.1 Garantir na norma reguladora do uso escolar das linguas o ensino en galego en todos os contextos e niveis educativos.

3.1.1.2 Buscar a adopción dos acordos necesarios que posibiliten na educación obrigatoria a impartición das distintas materias en galego, respectando o equilibrio lingüístico.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Establecer na norma legal para todos os centros e niveis educativos unha repartición do uso escolar das linguas oficiais que garanta a adquisición de competencias equilibradas e favoreza o coñecemento, a valoración e o uso da lingua galega.

MEDIDAS

1

3.1.1.3 Reforzar os espazos de uso nos centros educativos aumentando a presenza do galego de xeito que, dentro do principio de 'equilibrio' no uso vehicular das dúas linguas oficiais, se procure a equidade cun reforzamento do galego nas actividades extracurriculares.

3.1.1.4 Aumentar e reforzar espazos de socialización para o galego (recreos, radio escolar, biblioteca escolar, etc) e como lingua vehicular nas materias e actividades non curriculares en cada centro en función do contexto sociolingüístico.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Garantir un contacto temperán, equilibrado e positivo co galego e o castelán na educación infantil, favorecendo a valoración e o uso de ambas as dúas linguas.

MEDIDAS

1

3.1.1.5 (a) Seguindo as directrices da CELRM e do Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004, e dentro do marco normativo vixente, impulsar actividades e recursos educativos que garantan a presenza habitual do galego e do castelán na vida diaria da aula, adaptados á realidade sociolingüística do alumnado.

3.1.1.5 (b). Fomentar a incorporación do galego nas actividades de socialización, xogo e expresión oral propias da educación infantil, favorecendo a súa presenza natural e cotiá no ámbito educativo.

3.1.1.5 (c). Facilitar contextos de uso compartido do galego e do castelán que favorezan a competencia e a confianza do alumnado en ambas as dúas linguas.

3.1.1.5 (d). Promover unha presenza equilibrada das dúas linguas oficiais na educación infantil.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fixar na norma lingüística un espazo curricular obrigatorio en galego e castelán tendo en conta o contexto sociolingüístico.

MEDIDAS

Prioridade 1

3.1.1.6 Promover os acordos necesarios para establecer o método que permita a impartición das distintas materias en lingua galega, asegurando un reparto equilibrado entre as dúas lingua oficiais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Reforzar a presenza do galego como lingua vehicular e como espazo curricular de aprendizaxe na formación dos técnicos superiores en EI.

MEDIDAS

Prioridade 1

3.1.1.7 No título de técnico superior en educación infantil procurarase impartir en galego os módulos que traballen a comunicación.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incorporar ás normas que regulan as ensinanzas de réxime especial as indicacións necesarias para que o galego se converta en lingua de referencia.

MEDIDAS

Prioridade 1

3.1.1.8 Nas ensinanzas de réxime especial, favorecerase a impartición en galego de materias comúns a todo o alumnado, cando se dea o caso.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover o uso normalizado da lingua galega en todos os ámbitos universitarios.

MEDIDAS

Prioridade 2

3.1.1.9 Establecer incentivos para o uso do galego na docencia universitaria, así como mecanismos de seguimento que permitan coñecer o uso do galego.

3.1.1.10 Corrixir o desequilibrio entre o valor atribuído ao galego en relación a outras linguas nas instancias de acreditación e recoñecemento académico.

3.1.1.11 Reforzar o papel dos servizos lingüísticos universitarios e da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística.

3.1.1.12 Promover un marco común de coordinación para todo o SUG que fixe obxectivos, calendarios e criterios de seguimento da normalización nas universidades galegas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Garantir que a adquisición da LE se faga xunto coa aprendizaxe efectiva do galego dende a escolarización máis temperá.

MEDIDAS

Prioridade 2

3.1.1.13 Aplicar as referencias e indicacións da norma que regula Plurinfantil a todas as linguas do currículo, non só á LE.

3.1.1.14 Asegurar que o deseño e a aplicación do enfoque globalizador, interlingüe por proxectos propio da etapa de EI lle outorgue a atención necesaria ao idioma galego.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Ampliar as marxes de autonomía dos centros, dentro da normativa vixente, para adaptar a PLE (planificación lingüística escolar) ao seu contexto sociolingüístico, e facilitarlles modelos, asesoramento e recursos para esta tarefa.

MEDIDAS

Prioridade 2

3.1.1.15 Crear unha comisión de expertos en PLE (planificación lingüística escolar) e en educación en contextos multilingües que asesore e facilite modelos de actuación nestes cometidos.

3.1.1.16 Asegurar o funcionamento dos mecanismos establecidos para o seguimento e actualización dos PLC.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Reforzar o papel e a formación dos EDLG para estimular a participación do profesorado partindo do principio de que son axentes eficaces na promoción da lingua galega.

MEDIDAS

Prioridade 2

3.1.1.17 Recuperar o nome de Equipos de Normalización Lingüística.

3.1.1.18 Facilitar a formación específica necesaria.

3.1.1.19 (a) Asegurar un orzamento estable de base ao comezo do curso para os recursos dos EDLG.

3.1.1.19 (b) Axeitar os prazos doutras convocatorias para poder financiar os proxectos e actividades dos EDLG e axeitalos aos calendarios escolares dos centros educativos.

3.1.1.20 Deseñar actividades desde instancias centralizadas.

3.1.1.21 Crear canles de comunicación entre EDLG.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Estender ese obxectivo de reforzamento do galego a todos os centros (públicos e privados) e niveis educativos.

MEDIDAS

Prioridade 2

3.1.1.22 Facilitar a creación de EDLG nos centros privados.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Establecer na regulación da exención temporal de avaliación en galego mecanismos de integración na lingua e na cultura galegas e fórmulas de seguimento deste proceso.

MEDIDAS

Prioridade 1

3.1.1.23 Ofrecerlles aos centros educativos modelos de acollida lingüística.

3.1.1.24 Facilitar unha socialización en galego.

3.1.1.25 Formar as persoas responsables.

3.1.1.26 Avaliar periodicamente os resultados.

GRUPO 3.1.2

Dinámicas sociais e escolares, formación e recursos

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Reforzar na sociedade e nos espazos educativos a idea de que a lingua galega é un valor colectivo fundamental.

MEDIDAS

Prioridade 2

3.1.2.1 Elaborar e divulgar en soportes diversos información sobre as oportunidades que ofrece ter unha boa competencia en galego.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Contribuír a asentar na comunidade educativa e na sociedade en xeral a mensaxe de que o galego ofrece oportunidades e funciona como soporte primario eficaz dun plurilingüismo inclusivo.

3.1.2.2 Redactar un protocolo para que os centros informen ´as familias do traballo escolar coas linguas na reunión de principio de curso. 1

3.1.2.3 Facer campañas poñendo o foco na importancia do uso do galego por parte do profesorado e do persoal da administración e servizos fóra do traballo na aula. 2

3.1.2.4 Promover accións de formación e sensibilización comunitaria que desmonten os prexuízos implícitos e fomenten unha convivencia lingüística real. 2

3.1.2.5 Facilitar recursos e asesoramento ás familias para reforzar a transmisión da lingua galega. 1

3.1.2.6 Promover que a lingua inicial da Administración educativa, tanto nas comunicacións orais coma nas escritas, sexa a galega. 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Aproveitar o neofalantismo xuvenil como motor de cambio.

MEDIDAS

Prioridade 2

3.1.2.7 Darlles visibilidade ás persoas neofalantes e ás súas biografías lingüísticas entre o alumnado e a mocidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Contribuír a asentar na comunidade educativa e na sociedade en xeral a mensaxe de que o galego ofrece oportunidades e funciona como soporte primario eficaz dun plurilingüismo inclusivo.

Inserir os centros escolares na contorna física e sociocultural a través de proxectos colaborativos que se apoien na lingua e a cultura galega e sirvan para dinamizalas.

Estender o uso do galego nos centros de formación de adultos e escolas oficiais de idiomas mediante recursos específicos e accións motivadoras.

MEDIDAS

3.1.2.8 Desmontar prexuízos asociados aos trazos lingüísticos das persoas neofalantes. 2

3.1.2.9 Convocar e promover proxectos en colaboración con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas da contorna do centro escolar en actividades de dinamización da lingua e da cultura galegas. 1

3.1.2.10 Favorecer a implantación de boas prácticas a través da difusión dos proxectos de éxito e convertelos en modelos replicables para a súa extensión a outros contextos educativos con apoio institucional. 1

3.1.2.11 Continuar traballando na distinción dos centros que destaquen polo seu papel galeguizador, outorgándolles recoñecemento e converténdoos en referentes neste labor. 1

3.1.2.12 No ensino de linguas estranxeiras, potenciar a reflexión interlingüística desde o galego. 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Aproveitar o neofalantismo xuvenil como motor de cambio.

MEDIDAS

Prioridade

3.1.2.13 Aplicarlle ao ensino de adultos as mesmas medidas que nas titulacións correspondentes dirixidas ao alumnado de menos idade. 1

3.1.2.14 Reforzar a formación en sociolingüística galega, ensino bilingüe e PLE nos graos, mestrados e posgraos en xeral relacionados coa docencia. 2

3.1.2.15 Mellorar os criterios de avaliación da competencia lingüística en galego para o acceso á docencia. 1

3.1.2.16 Promover a competencia en lingua galega, así como a docencia e a investigación relacionadas con este idioma. 1

3.1.2.17 Formar o profesorado de EI na xestión de alumnado lingüisticamente heteroxéneo. 1

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Aproveitar o neofalantismo xuvenil como motor de cambio.

Estender o uso do galego nos centros de formación de adultos e escolas oficiais de idiomas mediante recursos específicos e accións motivadoras.

MEDIDAS

3.1.2.18 Realizar actividades de formación co colectivo docente para promover os cambios pertinentes nos PLC e dar a coñecer estratexias favorecedoras da galeguización dos centros. 1

3.1.2.19 Facer unha aposta pola acreditación e a formación lingüística e sociolingüística do profesorado. 1

3.1.2.20 Formar en galego o persoal docente e facilitarlle materiais didácticos actualizados en galego de todas as materias. 2

3.1.2.21 Promover proxectos de formación en PLE nos centros cun enfoque práctico e aplicado. 1

3.1.2.22 Facilitar un contacto permanente entre os centros e as instancias da Consellería relacionadas con esta temática. 1

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Impulsar relacións máis profundas e operativas as universidades e os centros non universitarios.

Facilitar e promover dinámicas pedagóxicas transdisciplinares cun uso instrumental das linguas que contribúa á normalización do galego.

MEDIDAS

Prioridade

3.1.2.23 Fomentar actividades compartidas entre profesorado universitario e dos outros niveis educativos relacionadas coa lingua galega. → 2

3.1.2.24 Promover proxectos de investigación-acción en materia de PLE e de educación lingüística. → 2

3.1.2.25 Aproveitar o Practicum dos títulos orientados á docencia para coñecer, deseñar e aplicar estratexias normalizadoras. → 2

3.1.2.26 Permitir o acceso do alumnado dos títulos de Mestre a materiais e contidos xerados polo CAFI e que poidan considerarse de especial interese académico. → 3

3.1.2.27 Deseñar e desenvolver proxectos TIL, interdisciplinares e/ou transversais. → 1

3.1.2.28 Facilitar nos centros os aspectos organizativos (horarios, espazos...) e os apoios necesarios para avanzar na normalización do galego no contexto TIL. → 1

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ofrecer en lingua galega toda a atención que contempla a lexislación para as persoas con NEAE nos diversos niveis educativos.

Asegurar a existencia de recursos en formatos diversos para ensinar en galego en todas as materias.

MEDIDAS

3.1.2.29 Elaborar materiais específicos en galego para atender á diversidade. → 2

3.1.2.30 Asegurar que o reforzo lingüístico en secundaria inclúa o galego. → 1

3.1.2.31 Adaptar ou traducir as probas psicométricas ao galego. → 2

3.1.2.32 Crear e divulgar plataformas que faciliten o coñecemento e acceso aos recursos en galego. → 2

3.1.2.33 Incentivar a creación de materiais en galego por parte do profesorado. → 2

3.1.2.34 Elaborar manuais especializados en galego para o ensino universitario. → 2

3.1.2.35 Garantir unha presenza significativa de recursos en galego nas bibliotecas escolares e dotalas de libros e de contido audiovisual. → 2

3.1.2.36 Ofrecer formación continua para que o profesorado poida aproveitar todo o potencial da intelixencia artificial en materia lingüística. → 2

3.1.2.37 Incentivar que os responsables TIC dos centros faciliten a configuración dos equipos e ferramentas dixitais en galego, asegurando que estean nas dúas linguas oficiais. → 2

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Asegurar a existencia de recursos en formatos diversos para ensinar en galego en todas as materias.

Fomentar a docencia en galego en FP.

Garantir a oferta de materiais técnicos en galego na FP.

Contribuír a unha maior presenza do portugués como lingua estranxeira.

MEDIDAS

Prioridade

3.1.2.38 Asegurar ferramentas dixitais en galego por defecto. → 2

3.1.2.39 Elaborar e traducir máis materiais e recursos en galego para FP. → 1

3.1.2.40 Incentivar a creación de materiais específicos de FP por parte do profesorado. → 1

3.1.2.41 Organizar cursos de galego profesional para o profesorado. → 1

3.1.2.42 Estimular a elaboración de proxectos intermodulares en lingua galega. → 2

3.1.2.43 Promover relatorios en galego de profesionais de referencia. → 2

GRUPO 3.1.3

Educación non formal

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Establecer mecanismos de seguimento e avaliación do uso lingüístico nas actividades de educación non formal para garantir a presenza do galego.

MEDIDAS

3.1.3.1 Crear un rexistro público e voluntario de entidades de educación non formal comprometidas coa promoción do galego, que inclúa indicadores de uso lingüístico e permita establecer canles de apoio e seguimento. → 1

3.1.3.2 Promover un sistema de seguimento e mellora do uso do galego en actividades subvencionadas ou organizadas por administracións públicas, con informes de boas prácticas e recomendacións. → 2

3.1.3.3 Elaborar un distintivo de calidade lingüística para entidades e actividades de educación non formal que impulsen o uso do galego de forma habitual, baseado en criterios avaliables (uso oral, materiais escritos, atención ao público, etc.). → 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Ampliar a oferta e periodicidade dos cursos CELGA, especialmente en formatos accesibles para persoas traballadoras.

MEDIDAS

Prioridade

3.1.3.4 Implementar cursos CELGA en modalidade, non só en liña, senón tamén semipresencial, que permita compatibilizar a aprendizaxe coas obrigas laborais e familiares, incluíndo recursos interactivos, foros e titorización flexible. → 1

3.1.3.5 Establecer convenios coas entidades sindicais, asociacións profesionais e concellos para ofrecer cursos CELGA en horarios adaptados e en lugares próximos á contorna laboral ou residencial das persoas traballadoras. → 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Ampliar a oferta de cursos de linguaxe técnica en galego a outros colectivos profesionais prioritarios como policías e persoal de lecer.

MEDIDAS

3.1.3.6 Crear módulos breves e autoformativos de linguaxe técnica en galego dispoñibles en liña, organizados por ámbitos profesionais (seguridade, ocio, turismo, etc.), con contidos multimedia, exemplos prácticos e avaliacións automatizadas, que permitan acceder á formación de maneira flexible e autónoma. → 2

3.1.3.7 Deseñar cursos específicos de linguaxe profesional en galego adaptados ás funcións de colectivos como policías locais, monitores de tempo libre, socorristas ou guías turísticos, con materiais contextualizados, vocabulario técnico e prácticas comunicativas reais. → 2

3.1.3.8 Integrar estes cursos como parte dos plans de formación das administracións públicas, concellos e entidades do terceiro sector, ofrecendo incentivos (certificacións, baremación, horas homologadas) para fomentar a participación. → 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Impulsar o uso do galego como lingua vehicular nas actividades de campamentos e lecer mediante formación, recursos e criterios de contratación.

MEDIDAS

3.1.3.9 Establecer que nas convocatorias públicas de subvencións para campamentos e actividades de lecer se poida valorar o uso do galego nas programacións e nas interaccións coas persoas participantes. → 1

3.1.3.10 Ofrecer formación específica en dinamización lingüística e comunicación en galego para monitores/as e coordinadores/as de tempo libre, con certificación oficial e contidos prácticos orientados ao contexto do lecer xuvenil. → 1

3.1.3.11 Poñer en marcha campamentos específicos onde o galego sexa a lingua principal de relación, cun enfoque atractivo e participativo, nos que as actividades de lecer se combinen con dinámicas que fomenten a reflexión sobre a lingua, o compromiso persoal e a creación de vínculos positivos co seu uso cotián. → 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Crear e difundir recursos en galego adaptados á formación no tempo libre, con metodoloxías motivadoras e baseadas na realidade xuvenil.

MEDIDAS

Prioridade

3.1.3.12 Deseñar unha colección de materiais didácticos en galego para a formación de monitorado e coordinación de actividades de lecer, con contidos actualizados, dinámicas participativas, estudos de caso e recursos audiovisuais que conecten coa cultura xuvenil actual (música, redes, medio ambiente, diversidade, etc.). 1

3.1.3.13 Crear unha plataforma dixital aberta que reúna e difunda recursos en galego para o tempo libre, incluíndo xogos, propostas de obradoiros, guías prácticas e experiencias de boas prácticas, elaborados con enfoque inclusivo e coidado lingüístico, pensada tanto para profesionais como para entidades formadoras. 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Establecer directrices lingüísticas para os servizos complementarios e de conciliación que aseguren a presenza do galego nestes espazos.

MEDIDAS

3.1.3.14 Elaborar un protocolo lingüístico de referencia para os servizos de madrugadores, comedor, actividades extraescolares e programas de conciliación. 1

3.1.3.15 Favorecer, no marco da normativa vixente, a incorporación de criterios que promovan o uso do galego na prestación de servizos contratados pola administración. 1

3.1.3.16 Ofrecerlle formación específica e materiais en galego ao persoal destes servizos. 2

3.1.3.17 Promover que toda a sinalética e comunicación visual dos servizos complementarios e de conciliación estea redactada en galego. 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Apoiar que as actividades extraescolares se desenvolvan en galego.

MEDIDAS

3.1.3.18 Establecer liñas de apoio para entidades que ofrezan actividades extraescolares en galego. 2

3.1.3.19 Crear un distintivo de "Actividade extraescolar en galego". 3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Deseñar liñas de colaboración co tecido asociativo para fomentar o uso do galego nas súas actividades.

MEDIDAS

Prioridade

3.1.3.20 Establecer convocatorias de axudas específicas para asociacións culturais, deportivas e sociais que empreguen o galego. → 1

3.1.3.21 Pór en marcha un servizo de apoio lingüístico para entidades deportivas e culturais. → 2

3.1.3.22 Impulsar convenios de colaboración con federacións e entidades deportivas, culturais, musicais e educativas. → 2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Introducir o galego nas actividades de alfabetización lingüística para migrantes.

MEDIDAS

3.1.3.23 Incorporar módulos de galego nos programas de alfabetización e aprendizaxe do idioma dirixidos á poboación inmigrante. (véx. sector Sociedade). → 1

3.1.3.24 Formar o persoal docente e as entidades sociais que traballan coa poboación inmigrante para que poida integrar o galego nas súas accións formativas. (véx. sector Sociedade). → 1

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Consolidar e avaliar os programas de voluntariado lingüístico.

MEDIDAS

3.1.3.25 Establecer unha estrutura estable e coordinada de programas de voluntariado lingüístico a nivel local e comarcal. → 2

3.1.3.26 Deseñar un sistema de avaliación periódica destes programas. → 2



SECTOR 4

TRANSMISIÓN PATRIMONIAL: FAMILIA, LECER E MOCIDADE



Presentación

Un factor clave para a permanencia das linguas é a súa transmisión patrimonial. A familia e as relacións interxeracionais son un espazo de oportunidade para a promoción do uso do galego. Garantir o futuro da lingua entre as xeracións máis novas implica tamén reforzar o seu emprego cotián fóra das aulas, así como nos territorios especialmente desgaleguizados ou con predominio do castelán, promovendo a súa presenza na educación non formal, no lecer e na interacción social entre adolescentes.

Favorecer toda esta engrenaxe desde o punto de vista lingüístico supón tomar decisións e implicar a sociedade no seu conxunto, desde as administracións aos axentes empresariais e asociativos, supón corresponsabilizar as entidades e os organismos que constitúen o tecido cívico e cultural de Galicia. Comporta, ademais, atraer cara ao galego de maneira eficiente e eficaz a poboación foránea de novo asento e abordar a intervención lingüística desde os esteos do coñecemento, a identidade, o prestixio e a utilidade efectiva, no marco dunha sociedade plurilingüe, dinámica e responsable.

Aínda que a lingua galega, como elemento identitario, se regula especificamente na Lei de normalización lingüística, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia considera o galego ben e vehículo do patrimonio cultural inmaterial. E sermos socialmente responsables vincúlanos directamente coa salvagarda do patrimonio cultural inmaterial da lingua como ferramenta de expresión, cohesión social, identidade e diversidade da nosa comunidade.

Nun momento onde a globalización ameaza seriamente a persistencia das linguas minorizadas, temos nas nosas mans a protección deste valioso legado para as xeracións futuras. Cómpre superar os prexuízos e os estereotipos negativos susceptibles de xerar discriminación, exclusión social e minorización sobre o galego e apoderar socialmente a lingua propia de Galicia. Só así terá impacto na transmisión interxeracional. E terá futuro.

Para iso, propóñense neste sector unha serie de medidas de actuación que se sustentan nos seguintes piares:

- Nas directrices que marca a lexislación vixente, tanto de ámbito galego (Lei de normalización lingüística), como europea (Carta europea de linguas rexionais e minoritarias, ratificada polo Goberno de España en 1992) e mundial (Declaración universal de dereitos lingüísticos, aprobada por unanimidade no Congreso dos Deputados e no Parlamento de Galicia en 1996).
- Na conveniencia e mesmo necesidade de implementar medidas de discriminación positiva a favor do galego, tendo en conta a desigualdade histórica que favoreceu a lingua castelá, discriminación positiva en moitos casos imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades nas dúas linguas e facer posible que quen así o desexe poida vivir e desenvolverse en galego.
- Na urxencia de reforzar e recuperar a transmisión interxeracional da lingua galega, especialmente no seo das familias novas con descendencia.
- Na necesidade de implementar plans e programas de promoción do uso do galego dirixidos a familias chegadas de fóra de novo asento en Galicia, cos que favorecer a vertebración e a cohesión social.
- Na necesidade de garantir a adquisición de competencias equiparables nos dous idiomas oficiais de Galicia (galego e castelán), prescrita pola Lei de normalización lingüística.
- Na instauración de espazos de vagar, lecer e interacción social en galego, especialmente entre adolescentes, nomeadamente nos territorios máis desgaleguizados.
- Na adopción de recursos específicos para persoas con necesidades especiais para que se poidan integrar socialmente e desenvolverse dunha maneira íntegra a través da lingua propia da sociedade na que viven.

SECTOR 4

TRANSMISIÓN PATRIMONIAL: FAMILIA, LECER E MOCIDADE

Diagnóstico

Transmisión familiar

FORTALEZAS

A familia é un agrupamento social heteroxéneo e flexible con grande influencia lingüística nos seus membros.

As poucas persoas menores de idade galegofalantes actuais sono, fundamentalmente, grazas ás súas familias.

Algunhas familias castelanfalantes valoran positivamente o coñecemento e uso da lingua galega e reciben ben as actuacións normalizadoras.

Algunhas familias son conscientes do rol cognitivo que significa o bilingüismo inicial e poténciano na casa malia non seren galegofalantes habituais.

Moitas persoas instaladas no castelán conservan vínculos (familiares e afectivos) con elementos e sectores galegófonos.

As familias novas son receptivas á participación en iniciativas e experiencias pensadas para gozar conxuntamente coas súas crianzas, independentemente da lingua vehicular na que se desenvolvan.

DEBILIDADES

O papel socializador das familias compártese con outras institucións sociais (por exemplo, a escola) e con outros ámbitos sociais (lecer, grupos de iguais, tecnoloxías, etc.). Por iso, con frecuencia, a opción lingüística dentro da familia vese contrarrestada pola influencia doutros ámbitos externos.

O uso do castelán cos/coas fillos/as en familias onde os proxenitores son galegofalantes.

Forte diminución do uso do galego nos últimos anos, especialmente no ámbito infantil e familiar.

En moitas familias xa non existe o idioma galego en ningunha xeración, de xeito que se perdeu a vinculación afectiva coa lingua dos devanceiros.

Hai familias que teñen aínda vínculos galegófonos, non se esforzan para que o galego se lles transmita ás crianzas, impedindo que prenda o elo emocional coa lingua.

Actitude social, en xeral, pasiva e pouco comprometida coa revitalización da lingua.

Baixo nivel de esixencia dalgunhas familias con respecto ao esforzo necesario para a transmisión do galego.

As familias que transmiten o galego de xeito consciente e comprometido en contornas urbanas atopan fóra da casa un ambiente non favorable á socialización infantil en galego.

As familias carecen de referentes lingüísticos positivos, pois o uso público do galego (esfera política, económica, deportiva...) a miúdo é unha fachada reducida a eventos institucionais ou protocolarios.

Hai familias que consideran que o galego é un atranco nos estudos dos seus fillos e fillas e que valoran o coñecemento idiomático segundo a súa utilidade económica.

Moitas familias procedentes de fóra de Galicia atopan no galego unha dificultade máis na integración escolar dos seus fillos e fillas, mesmo xerando un rexeitamento cara ao idioma e tensións entre familias do centro escolar.

Moitas persoas inmigrantes non aprenden o noso idioma porque non o perciben necesario.

Aínda existe unha baixa valoración da variedade lingüística familiar que se lles transmite aos fillos e fillas.

Pouca presenza do galego nos dispositivos electrónicos e contidos dixitais tan utilizados na sociedade actual.

Moitos produtos dixitais que consome a mocidade transmiten valores pouco favorables á lingua galega e ao plurilingüismo.

Escasos recursos formativos e de lecer en lingua galega dirixidos á xente máis nova, especialmente en soporte audiovisual e dixital (videoxogos, contidos nas redes sociais...), para axudarlles ás familias que queiran incrementar o contacto dos seus fillos e fillas coa lingua galega.

Ausencia dunha plataforma que recolla recursos en galego para a cativada e ao dispor das familias.

As familias actuais afrontan diversas problemáticas de conciliación respecto da súa proxenie (educativas, emocionais, académicas, identitarias, sanitarias, de conciliación familiar...) e a miúdo fraquéanlles o tempo e os folgos, polo que a preocupación lingüística adoita quedar fóra das súas prioridades.

A globalización dana os idiomas minoritarios e mingua a escasa conciencia acerca das vantaxes de dispoñermos dunha lingua diferenciada e do seu papel facilitador do acceso a outras linguas.

A discriminación positiva cara ao galego nas accións desenvolvidas con apoio institucional resulta moitas veces insuficiente.

A politización da lingua galega causa rexeitamento nalgunhas familias.

As campañas públicas de promoción da lingua galega están máis centradas na promoción do uso do galego ca na modificación dos prexuízos lingüísticos.

Lecer

FORTALEZAS

Presenza relevante da lingua galega en certos eidos de expresión artística e de lecer.

Algunhas persoas dan o paso de comezar a falar galego no contexto dunha actividade de ocio ou vagar.

Existencia de referentes artísticos de fala galega nos últimos anos, sobre todo na música.

Aumento do prestixio social da música e baile tradicionais.

Acceso fácil a case calquera contido cultural dixital audiovisual e musical grazas ás plataformas de prezos asumibles.

Actitude lingüística favorable de parte dos profesionais do sector.

Malia a tendencia xeral de predominio do castelán, no eido do tempo libre tamén se dan experiencias de introdución do galego grazas á mestura de persoas, intereses e actividades nun contexto informal.

Incremento na visibilidade da lingua galega nas canles de difusión e materiais de comunicación dos eventos festivos (festas populares, festivais...).

Aumento da presenza da lingua galega nas canles de difusión e materiais de comunicación dos eventos deportivos de afluencia masiva, incluso dos de categorías superiores.

DEBILIDADES

pesar de que se produce contido para o lecer en galego, segue a ser minoritario en comparación co producido en castelán.

Ausencia do criterio de calidade ou interese nalgúns produtos culturais subvencionados.

Os contidos en galego e os recursos técnicos dos produtos ofrecidos nesta lingua non responden ás últimas tendencias prioritarias na xente nova.

Ausencia do galego e, incluso, presenza de prexuízos lingüísticos en producións que teñen apoio económico das Administracións.

A maioría das plataformas de consumo audiovisual ou musical carecen de listaxes específicas de produtos en galego.

Pouca presenza e utilización de xogos, xoguetes e outros produtos de lecer en galego.

Escasa oferta de videoxogos creados ou dobrados ao galego.

Limitada dispoñibilidade de materiais e recursos para o traballo socioeducativo en galego, como é o caso das ferramentas dixitais dos especialistas en audición e linguaxe ou en pedagoxía terapéutica.

As Administracións financian ás veces actividades de ocio (musical, deportivo, artístico, etc.) sen o necesario criterio lingüístico.

Falta de formación lingüística e sociolingüística específica para os e as profesionais do tempo libre.

As entidades que organizan contidos formativos no ámbito lúdico adoitan empregar recursos en castelán, como os cadernos de traballo nunha banda de música, os manuais de manexo dun aparello tecnolóxico ou os libros instrutivos nun club deportivo.

O idioma das propostas de tempo libre acostuma ser o castelán, tanto no persoal monitor como nas actividades.

Ausencia dun modelo lingüístico para as actividades de tempo libre.

Os clubs deportivos traballan maioritariamente en castelán. Tamén os fíos musicais das competicións ou a comunicación coas familias adoita ser nese idioma.

Insuficiente presenza do galego nos espectáculos das festas populares.

Mocidade

FORTALEZAS

Coa escolarización en galego hai unha maior porcentaxe de mocidade con competencia lingüística en galego.

Unha parte da xente moza valora positivamente o bilingüismo social castelán-galego.

Obsérvanse neofalantes no eido dos estudos superiores, onde é habitual que algúns castelanfalantes se inicien a socializar en galego cando comezan unha nova etapa educativa, nunha cidade nova ou nunha contorna galegofalante.

Nos últimos anos xurdiron referentes culturais de consumo mozo que usan o galego nas súas creacións de xeito natural.

Unha parte das actividades asociativas e reivindicativas xuvenís fanse en galego.

No eido laboral da cultura, o manexo da lingua galega pode ser un valor positivo.

Algúns mozos e mozas consideran a lingua galega como un elemento clave na súa identidade e sitúana nun lugar relevante da súa construción persoal.

Algúns sectores da mocidade (neofalantes) experimentan un rexurdir identitario que os leva a adoptar o galego como lingua habitual.

Unha parte da xente moza que tiña o galego como lingua materna e a deixara de lado durante a adolescencia recupéraa na etapa adulta por vontade propia e con pouco esforzo grazas a terse criado nela.

A mocidade non adoita amosar un rexeitamento cara ás accións de promoción do galego.

Existe certa percepción sobre a lingua galega que reforza o seu prestixio social nos ámbitos académicos e culturais.

A mocidade constitúe un sector adaptable a novas situacións e con capacidade de implicación nos novos procesos.

A CSAG constitúe un medio con moitas posibilidades para -a partir das súas múltiples canles e plataformas- poder divulgar contidos e mellorar actitudes cara á lingua galega.

O éxito acadado polas produtoras de audiovisual e filmes concretos producidos en lingua galega -e mesmo a través de coproducións tamén noutras linguas oficiais e en portugués- reforzan o prestixio da lingua e a idea do plurilingüismo como vantaxe e oportunidade para a industria cultural.

De igual xeito, o éxito acadado polas produtoras musicais e intérpretes concretos que producen en lingua galega reforzan o prestixio da lingua e a idea do plurilingüismo como vantaxe e como oportunidade para a industria cultural.

O certame Xuventude Crea é unha referencia que impulsa a creación dos máis novos en galego.

DEBILIDADES

O nivel de uso en galego entre a mocidade non está totalmente xeneralizado.

A competencia oral xeral da poboación nova non sempre se mantén nos parámetros desexables.

A mocidade está moi influída polas tendencias globais e pola influencia doutros idiomas, que contribúen a deturpar a nosa lingua, especialmente no léxico.

Debido á baixa consideración social do galego, os/as adolescentes en plena construción da súa personalidade son máis vulnerables aos efectos dos prexuízos lingüísticos.

Os escasos grupos de mozos/as que aínda socializan en galego sofren unha presión social forte ao interactuaren con mocidade castelanfalante e ao consumiren contidos dixitais en castelán.

Moitos rapaces/as castelanfalantes carecen de contextos nos que interactuar con galegofalantes. Predomina o monolingüismo en castelán en redes relacionais.

Existen actitudes reticentes ante este fenómeno que non axudan a aproveitar as potencialidades que abre esa disposición dunha parte da mocidade.

A sociedade tende a dirixirse en castelán por defecto a calquera neno/a ou mozo/a.

Os principais medios de comunicación escritos en soporte papel adoitan usar o castelán, transmitíndolle á xuventude unha imaxe de maior prestixio desta lingua fronte ao galego.

Ás veces prodúcense produtos audiovisuais e programas que promoven prexuízos e estereotipos negativos cara ao idioma e reafírmaos entre a xuventude (galegofalante e castelanfalante).

O cambio nos hábitos de consumo dos produtos audiovisuais dificultan que a CSAG conecte suficientemente a través da programación liñal coa mocidade, de xeito que poida contribuír en maior medida a funcionar como axente galeguizador natural en liña co traballo que realiza noutros formatos de consumo audiovisual.

Unha parte da mocidade urbana xa non considera o galego como elemento identitario.

Cada vez é menor o número de mozos/as que recibiron o galego como lingua inicial, polo que diminúen os lazos afectivos deste colectivo con esta lingua.

As persoas mozas castelanfalantes que queren mellorar o seu galego carecen de condicións favorables para facelo nas súas relacións co grupo de iguais.

Utilización escasa do galego nos ámbitos e espazos máis relacionados coa mocidade: deporte, música, videoxogos, lecer...

Insuficiente presenza do galego na oferta asociativa e de tempo libre dedicada á infancia e á mocidade, tanto pública como privada. O idioma das actividades de tempo libre adoita ser o castelán, dependendo da vontade e sensibilidade lingüística dos traballadores/as (monitores/as).

O uso do galego en ámbitos formalizados percíbese, en certos casos, como ritual e baleiro.

Existe unha serie de prexuízos dos galegofalantes nativos cara aos neofalantes: frecuentemente os primeiros achácanlles falta de autenticidade aos neofalantes.

Desmobilización xeral da mocidade (menos asociacionismo e proxectos colectivos), o que dificulta a posta en marcha de iniciativas de normalización do galego.

O menor contacto coa aldea dificulta o contacto fluído coa lingua galega.

A mocidade observa que non necesita a lingua galega para acceder á maioría do mercado laboral.

Os referentes lingüísticos positivos e atractivos en ámbitos de interese xuvenil (deporte, música, redes sociais...) son excepcións.

A falta de prestixio social do idioma non motiva a mocidade a usalo.

A asociación na xuventude do idioma galego con aspectos dos que foxe (pobreza, ruralidade, atraso, falta de instrución, conformismo...) actúa como elemento desgaleguizador.

A configuración lingüística dos dispositivos electrónicos xeralmente vén en castelán ou en inglés e, se existe a opción en galego, esta esixe un esforzo engadido.

A fenda xeracional entre o sector adulto e a mocidade fai que cada vez custe máis chegar a esta por calquera vía ou campaña, mesmo en redes sociais apoiadas desde as Administracións.

O modo de vida actual, individual e dixital, diminúe as interaccións espontáneas entre persoas en espazos físicos, o cal dificulta o espallamento e vitalidade da lingua galega.

SECTOR 4

TRANSMISIÓN PATRIMONIAL: FAMILIA, LECER E MOCIDADE

Obxectivos

01

Orientar a visión lingüística da Administración cara a un punto que recolla a emoción e a identidade, pois as persoas temos o idioma na cerna da nosa configuración e pensamento.

02

Promover a transmisión interxeracional da lingua galega.

03

Xerar apego emocional coa lingua dentro dos núcleos familiares e nos ambientes xuvenís.

Obxectivos xerais

04

Dotar o ámbito familiar das condicións e recursos que posibiliten o seu desenvolvemento integral en galego.

05

Mediar coa mocidade na construción dunha conciencia colectiva e perdurable arredor do idioma, a identidade e os elementos diferenciais propios nun contexto de globalización.

06

Poñer a disposición da xuventude espazos físicos públicos con opcións de ocio atractivas en galego e produtos de entretemento en galego.

07

Promover referentes galegofalantes de interese xuvenil e con fala galega natural.

08

Garantir a presenza e fomentar o uso da lingua galega en calquera actividade de ocio ou tempo libre de financiamento público.

09

Aumentar a utilidade social da lingua galega.

Obxectivos específicos

Transmisión familiar

01

Que as familias teñan conciencia dos valores da lingua dende a perspectiva pedagóxica, identitaria, cultural, social e emocional.

02

Asegurar o financiamento e recursos necesarios para promocionar a transmisión e aprendizaxe da lingua dentro das familias, con medidas específicas para as de orixe estranxeira.

03

Incrementar o contacto interxeracional e interterritorial para fomentar a transmisión do galego.

04

Inculcarlles ás familias os valores funcionais e utilitarios da lingua galega.

05

Fomentar a transmisión lingüística familiar mediante campañas de promoción específica nas familias, atendendo á súa diversidade.

06

Promover contornos e paisaxes galegofalantes para que as familias poidan vivir en galego, sobre todo nas cidades.

Obxectivos específicos

Lecer

01

Promover que as actividades de ocio impulsadas por calquera Administración pública se desenvolvan en galego.

02

Impulsar unha oferta ampla e diversificada de produtos populares de lecer en galego.

03

Favorecer que as entidades do campo lúdico e formativo teñan a suficiente dotación de recursos en galego (manuais, guías, libros...).

04

Impulsar, apoiar e difundir xogos, xoguetes e videoxogos en lingua galega.

Obxectivos específicos

Mocidade

01

Lograr que a mocidade se sinta apelada e copartícipe na cuestión lingüística.

02

Revitalizar a lingua galega nas xeracións máis novas, da man das oportunidades que ofrecen a tecnoloxía e a Intelixencia Artificial (IA).

03

Acadar unha maior presenza e visibilidade de referentes galegofalantes de interese xuvenil nas redes sociais.

04

Promover un maior apego da mocidade cara ao galego.

05

Fomentar que a mocidade e o tecido asociativo e deportivo no que esta se move teñan o galego como lingua de desenvolvemento normal nas súas actividades.

06

Impulsar unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos culturais en galego.

SECTOR 4

TRANSMISIÓN PATRIMONIAL: FAMILIA, LECER E MOCIDADE

Medidas

Medidas

Transmisión familiar

GRUPO 4.1.1

Dinamización da lingua galega no ámbito familiar

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Impulsar a dinamización do uso da lingua galega no ámbito familiar e a súa transmisión interxeracional.

Sensibilizar as familias sobre as vantaxes de que os seus descendentes coñezan a lingua galega, así como da conveniencia de que a adquiran de forma temperá, como mellor garantía para que se instalen nela de xeito adecuado e poidan despois acceder a outros idiomas.

Derrubar os prexuízos sobre o galego e educar sobre a súa utilidade.

Potenciar ideas que asocien o galego con valores positivos, como a utilidade de ser bilingüe, as vantaxes da integración social en galego para familias inmigrantes e o valor identitario non ideolóxico.

Afondar no coñecemento da evolución do galego nas familias.

Garantir que todos os servizos públicos prestados á comunidade familiar se ofrezan en galego..

ÓRGANO EXECUTOR

Administración local e Conselleira de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 3

4.1.1.1. Crear dentro do Consello Asesor da Lingua Galega un observatorio familiar da lingua galega que faga un seguimento da evolución do galego nas familias, que detecte as necesidades e intereses das familias e que realice propostas de actuación. Terá carácter multidisciplinario e coordinarase co observatorio xuvenil.

4.1.1.2. Introducir, dentro do marco xurídico vixente, cláusulas de dispoñibilidade lingüística nas contratacións e subvencións con financiamento público destinadas á prestación de servizos á familia.

4.1.1.3. Crear campañas de comunicación dirixidas a distintos tipos de familia, co foco naqueles prexuízos concretos que cómpre derrubar (non falar galego coa cativada ou con figuras de autoridade, vincular o idioma co rural ou co nivel socioeconómico baixo...).

GRUPO 4.1.2

Aumentar o status do galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Reforzar a percepción social do galego como lingua útil e funcional.

Aumentar a presenza do galego na paisaxe lingüística dos espazos que xestionan servizos destinados ás familias.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración local e Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.1.2.1. Promover a competencia en galego e uso activo entre os traballadoras/es dos servizos públicos á comunidade familiar, ofrecéndolles ferramentas e recursos de traballo en galego.

4.1.2.2. Incorporar materiais e información en galego nos lotes de produtos que se lle regalan ás familias que acaban de ter un bebé (libros e folletos, arrolos, cantigas, directorio de servizos que empreguen o galego, manuais...).

4.1.2.3. Dotar de material gráfico, xornais, revistas e literatura en galego as salas de agarda de establecementos e servizos públicos, coidando da súa calidade e actualidade.

4.1.2.4. Reforzar contornos comerciais, sociais e asociativos municipais que traballan en galego.

GRUPO 4.1.3

Adquisición do galego polas persoas inmigrantes

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Garantir que todos os servizos públicos prestados á comunidade familiar se ofrezan en galego..

ÓRGANO EXECUTOR

Administración local e Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.1.3.1. Impulsar programas de benvida e acollemento lingüístico no ámbito municipal para familias, adaptándoos ás casuísticas de orixe, idioma, idades, perfil socioeconómico...

4.1.3.2. Facilitar que as familias inmigrantes incorporen o galego como lingua de comunicación.

4.1.3.3. Deseñar e levar a cabo actividades de benvida e acollemento lingüístico nos programas que xa existen.

4.1.3.4. Ofrecer outras actividades relacionadas coas áreas de interese das familias (clases, xornadas, encontros informais...) específicas para inmigrantes.

4.1.3.5. Elaborar recursos didácticos para a aprendizaxe do galego destinados ás familias inmigrantes (vídeos, audiolibros, xogos, guías de "primeiras palabras, glosarios...).

GRUPO 4.1.4

Presenza do galego na infancia

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Aumentar a presenza da lingua galega en idades temperás e mais nas actividades de lecer e incrementar a oferta de recursos tecnolóxicos, didácticos e educativos en galego destinados á infancia.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración local e Consellería de Política Social e Igualdade, CSAG e Sergas.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.1.4.1. Deseñar accións de dinamización da lingua galega para os contextos da vida escolar fóra da aula.

4.1.4.2. Promover campañas de sensibilización e formación lingüística dirixidas ás ANPAS para o fomento do galego nas accións que organizan nos centros (programa de madrugadores, comedor e actividades extraescolares).

4.1.4.3. Promover a creación de produtos audiovisuais sobre saúde, con persoal sanitario de perfil variado en canto a idade e acentos e con traslado ás redes sociais (implicar a persoal de enfermería, medicina, farmacia, fisioterapia..., tratar cuestións permanentes como saúde familiar, pediátrica, xuvenil, saúde mental, bo uso dos medicamentos, xestión da adolescencia, modelos de crianza... e incorporar cuestións de saúde estacional segundo o momento (como gripe, protección solar, alerxias...)

4.1.4.4. Incrementar o papel da CSAG e dos medios de comunicación como actores de difusión da lingua galega e do seu uso desprexuizado na contorna familiar. A programación ha de incluír programas, series e concursos que valoren e fomenten a autoestima dos galegofalantes e atraian o interese dos non galegofalantes con contidos de aprendizaxe lingüística pasiva e modelos positivos (por ex. Establecer colaboracións con youtubeiros, influentes, educadores e divulgadores galegos para crear contido familiar atractivo).

GRUPO 4.1.5

Materiais de entretemento en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar a existencia de produtos de entretemento en galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración local, Consellería de Política Social e Igualdade, CSAG e Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.1.5.1. Aumentar a oferta en galego de programas destinados á infancia, atendendo a criterios de atracción e popularidade.

4.1.5.2. Dobrar e localizar produtos audiovisuais de entretemento infantil.

4.1.5.3. Crear produtos de consumo masivo para nenos e nenas en galego (álbum de cromos, barallas de debuxos de moda...) e desenvolver colaboracións con empresas de material promocional e marcas infantís para incluír o galego nos xoguetes convencionais de distribución nos grandes mercados e acompañalos de campañas de visibilidade.

4.1.5.4. Promover a edición dunha revista dixital de pasatempos mensual e dirixida a diferentes idades.

GRUPO 4.1.6

Galego na atención diferenciada

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover a integración en galego das persoas con problemas que necesiten unha atención diferenciada.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

MEDIDAS

Prioridade 2

4.1.6.1. Posibilitar a oferta en galego dos sistemas alternativos de comunicación empregados para traballar con persoas con problemas da linguaxe en calquera idade (programas e dispositivos que inclúan glosarios visuais en galego e materiais accesibles, exercicios específicos de dicción en lingua galega e incorporación da linguaxe de signos en lingua galega).

4.1.6.2. Establecer acordos con organizacións que se ocupan da atención a persoas con necesidades especiais para deseñar os recursos específicos máis acaídos para que se poidan integrar socialmente e desenvolverse completamente en lingua galega.

GRUPO 4.1.7

Contextos en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Crear espazos favorables e seguros para criar e vivir en galego, nomeadamente en contextos (semi)urbanos e zonas con predominio do castelán.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración local e Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.1.7.1. Impulsar programas e actividades de dinamización lingüística en galego destinados a público familiar en contextos (semi)urbanos onde o galego teña menos presenza.

4.1.7.2. Reforzar os programas e as iniciativas xa existentes e dalas a coñecer entre as familias.

SECTOR 4: TRANSMISIÓN PATRIMONIAL: FAMILIA, LECER E MOCIDADE

Medidas

Lecer

GRUPO 4.2.1

Materiais de lecer en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Conseguir unha oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos de lecer en galego, prestándolle especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións autonómica e local, Secretaría Xeral da Lingua, Dirección Xeral de Xuventude.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.2.1.1. Impulsar un foro de reforzo da lingua galega nas empresas do ámbito do lecer.

4.2.1.2. Crear unha serie de xogos educativos en lingua galega destinados á infancia e á mocidade.

4.2.1.3. Crear un programa de difusión e posta en valor de actividades e materiais de lecer en galego destinado á infancia e á mocidade, mediante unha mesa itinerante para a dinamización da lingua galega.

4.2.1.4. Difundir información sobre convocatorias e subvencións vinculadas á lingua, inventario de iniciativas públicas ou privadas arredor do idioma.

GRUPO 4.2.2

Materiais de entretemento en galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Vencellar a lingua galega aos espazos de lecer asociados á modernidade e aos hábitos da mocidade actual.

Promover o galego no ocio nocturno.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións autonómica e local, Dirección xeral de Xuventude, Secretaría Xeral da Lingua en colaboración coas asociacións hostaleiras e coa Axencia de Turismo de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 2

4.2.2.1. Desenvolver un programa de actividades nocturnas en locais hostaleiros mediante xogos grupais de cultura popular, de preguntas e respostas (a semellanza das *Quiz Night* do Reino Unido) con incentivos para quen gañe unha competición.

4.2.2.2. Crear un *quiz* que se descargue con versións temáticas (música, historia, ciencia, concellos concretos) para uso libre.

4.2.2.3. Organizar rutas de ocio con artistas locais en lingua galega.

4.2.2.4. Darlles peso aos artistas en lingua galega na programación de festivais.

4.2.2.5. Incrementar a visibilización da programación específica destinada a infancia e mocidade por parte da CSAG, asesorada polos observatorios da mocidade e da familia.

4.2.2.6. Reforzar o galego no certame Xuventude Crea.

GRUPO 4.2.3

Galego e calidade

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Asociar a lingua galega con actividades de tempo libre de calidade.

ÓRGANO EXECUTOR

Dirección Xeral de Xuventude e Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.2.3.1. Establecer para as actividades de ocio e tempo libre un vínculo directo entre o uso do galego e a calidade da actividade. Exemplos: valor ecolóxico, contido non sexista, respecto á diversidade, conciencia democrática.

4.2.3.2. Promover, dentro do marco xurídico vixente, cláusulas orientadas a favorecer a dispoñibilidade do galego nos contratos e subvencións públicas destinadas ao campo lúdico.

4.2.3.3. Incorporar, nas solicitudes de subvención, unha breve memoria lingüística sobre o uso previsto do galego nas actividades de lecer subvencionadas.

4.2.3.4. Promover que teñan formación sociolingüística e coñecemento do galego as persoas e empresas que traballan no ámbito do lecer con financiamento público, particularmente o persoal monitor de actividades de lecer en infancia e mocidade.

GRUPO 4.2.4

Galego e festas

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Lograr que o galego sexa percibido como a lingua natural nas verbenas e festas populares.

ÓRGANO EXECUTOR

Dirección Xeral de Xuventude e Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade

4.2.4.1. Organizar foliadas e outras actividades gastronómicas e artísticas de carácter popular, promovendo a presenza do galego no seu desenvolvemento. 1

4.2.4.2. Promover a produción musical en lingua galega, fomentando a súa calidade e diversificación. 1

4.2.4.3. Apoiar unha feira das festas galegas, previa ao inicio da tempada de verán, que inclúa un festival de orquestras (en galego e apoiado polos medios de comunicación galegos). 2

4.2.4.4. Establecer acordos cos axentes artísticos de orquestras e espectáculos para fomentar a presenza do galego nos contratos, na publicidade e na relación co público. 1

4.2.4.5. Promover a versión ao galego dos éxitos musicais máis representativos do ano para incorporalos ao repertorio das festas. 2

GRUPO 4.2.5

Produción cultural en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Apoiar, reforzar e incentivar a produción cultural galega e promover o seu consumo.

ÓRGANO EXECUTOR

Dirección xeral de Cultura, Dirección Xeral de Xuventude e Administración local.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.2.5.1. Apoiar clubs de lectura en galego.

4.2.5.2. Incorporar a produción cultural galega (literatura, xogos de mesa, xogos de preguntas e respostas, sobre cultura galega, xogos tradicionais...) aos espazos de lecer (casas da xuventude, centros socioculturais, asociacións, centros comerciais, clubs deportivos....).

GRUPO 4.2.6

Produción cultural diversificada

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Fomentar unha oferta cultural diversa en lingua galega tendo en conta os diferentes xéneros, públicos ou tendencias.

Facilitar referentes galegofalantes para a mocidade.

ÓRGANO EXECUTOR

Dirección Xeral de Xuventude, Dirección Xeral de Cultura, Dirección Xeral de Comercio e Consumo (Fundación Artesanía de Galicia) e Administración local.

MEDIDAS

Prioridade 2

4.2.6.1. Programar nos campamentos de verán visitas de persoas populares galegofalantes para facer actividades non lingüísticas cos acampados/as.

4.2.6.2. Elaborar programas interxeracionais no que persoas maiores conten a rapaces e rapazas os seus recordos de infancia, guiados por dinamizadores e con difusión pública.

4.2.6.3. Desenvolver plans de actividades de artesanía e/ou lúdicas en galego: cestaría, olería, lecer manual, horta, alfombras florais, canto...

Medidas

Mocidade

GRUPO 4.3.1

Políticas públicas de promoción do uso do galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Facer partícipe a mocidade das políticas públicas de promoción do uso do galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións autonómica e local, Dirección Xeral de Xuventude e Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.3.1.1. Crear dentro do Consello Asesor da Lingua Galega un observatorio xuvenil da lingua galega que detecte as necesidades e intereses da xente nova e que faga propostas operativas. Será unha comisión permanente do Consello Asesor da Lingua Galega e coordinarase co Observatorio Familiar da Lingua Galega.

GRUPO 4.3.2

Presente e o futuro da lingua galega

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Sensibilizar a xente nova de que é o presente e o futuro da lingua galega.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións autonómica e local.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.3.2.1: Promover campañas orientadas a distintos perfís de xente moza, cun discurso contra prexuízos lingüísticos concretos, tales como os da xente nova galegofalante que rexeita o seu idioma.

GRUPO 4.3.3

Lingua de relación na mocidade galega nas súas situacións comunicativas diarias

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Potenciar o uso do galego como lingua de relación na mocidade galega nas súas situacións comunicativas diarias.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións autonómica e local, Consello Asesor da Lingua Galega, Dirección Xeral de Xuventude e Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.3.3.1. Creación na TVG de series de ficción xuvenil atractivas para adolescentes.

4.3.3.2. Desenvolvemento dunha app oficial de lecer xuvenil en galego con mapa de eventos (foliadas, concursos, feiras, quedadas temáticas...)

4.3.3.3. Creación de contidos en galego en clave de humor para achegarse á mocidade.

4.3.3.4. Incorporación no cadro de persoal de monitores/as dun/dunha dinamizador/a lingüístico/a do galego que desenvolva un programa de dinamización específico no marco do programa de actividades do campamento e acorde con el, durante o tempo de duración do campamento.

GRUPO 4.3.4

Modelos lingüísticos de referencia

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Reforzar o uso do galego entre a mocidade galegofalante e proporcionarlles modelos lingüísticos galegófonos de referencia aos rapaces e rapazas de orixe castelanófona.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións autonómica e local, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asociacións e entidades xuvenís e outras entidades que promoven actividades dirixidas á mocidade (terceiro sector).

MEDIDAS

Prioridade 1

4.3.4.1. Desenvolver un plan de formación (socio)lingüística para o persoal que traballe nas actividades destinadas á mocidade. Incorporar módulos específicos de lingua e sociolingüística nos cursos de monitores/as e dirección de tempo libre.

4.3.4.2. Promover que o galego teña unha presenza destacada nas iniciativas subvencionadas dirixidas a entidades que organicen actividades de lecer para a infancia e a mocidade, incluíndo a súa utilización na comunicación e difusión (carteis, redes, inscricións...), acorde co marco xurídico vixente.

4.3.4.3. Desenvolver un programa estable de voluntariado lingüístico coordinado por profesionais, encargado de:

- Relacionar mozos/as de diferentes perfís lingüísticos vía lecer (campamentos, obradoiros, concertos, excursións, etc.)

- Deseñar actividades de convivencia entre mozos galegofalantes e castelanfalantes con animadores galegofalantes formados en dinamización lingüística

- Crear un programa de intercambios entre concellos, incluíndo territorios lusófonos.

- Crear eventos de xuntanza das persoas voluntarias para premialas e motivalas a continuar participando no programa.

- Crear unha rede interxeracional de voluntariado para recuperar e documentar léxico local.

GRUPO 4.3.5

Galego como elemento de integración

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Facer do galego un punto de encontro e unha ferramenta de integración que alimente o sentido de pertenza a unha comunidade.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración autonómica e local, Consellería de Política Social e Igualdade e Secretaría Xeral da Emigración.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.3.5.1. Crear aulas de acollida destinadas á integración social, educativa e laboral da mocidade inmigrante (centros de ensino, concellos e entidades asociativas).

4.3.5.2. Deseñar e implementar accións de formación lingüística e cultural dirixidas á adquisición de competencia comunicativa en galego por parte da mocidade inmigrante.

4.3.5.3. Incorporar este tipo de actividades, tamén, nas aulas e nos programas de benvida e acollida xa existentes dirixidos á inclusión social das persoas inmigrantes ou refuxiadas (previstos, entre outras, na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia).

4.3.5.4. Incluílas tamén nos programas de carácter cultural, lingüístico, educativo e de reforzo dirixidos á poboación galega residente no exterior, coa finalidade de fortalecer o seu sentido de pertenza a Galicia, prescritos polo artigo 70 da devandita Lei (afianzamento dos vínculos coa poboación galega residente no exterior).

GRUPO 4.3.6

Galego e territorio na xente nova

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Atallar o proceso de desgaleguización das cidades e dos territorios semiurbanos, con especial atención á xente nova.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións autonómica e local, Dirección Xeral de Xuventude coa colaboración da Rede de Dinamización Lingüística, da AGADIC e de asociacións e entidades xuvenís.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.3.6.1. Deseñar e implementar accións de normalización lingüística que inclúa accións participativas destinadas aos máis novos e novas.

4.3.6.2. Empregar a Rede Galega de Información Xuvenil para facer circular actividades de ocio en galego para persoas mozas, ademais de usala para difundir esas iniciativas lúdicas a outros concellos.

4.3.6.3. Empregar a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta para reforzar os programas e iniciativas de promoción do galego impulsados desde a Administración local e desde o tecido asociativo municipal.

4.3.6.4. Ampliar e reforzar as opcións de ocio en galego (artes escénicas, cinema, música).

GRUPO 4.3.7

Galego dentro da oferta asociativa e deportiva

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incentivar e dinamizar o uso do galego dentro da oferta asociativa e deportiva dirixida aos mozos e mozas.

MEDIDAS

4.3.7.1. Crear un distintivo que recoñeza as entidades asociativas xuvenís e deportivas que empreguen o galego no seu funcionamento e proxección social. → 2

4.3.7.2. Coñecer a situación lingüística das entidades asociativas xuvenís e deportivas e ofrecerlles un modelo lingüístico no que desenvolveren a súa actividade en galego. → 1

4.3.7.3. Proporcionarlles ferramentas e materiais de xestión interna en galego ás entidades asociativas e deportivas. → 1

4.3.7.4. Valorar, de acordo coa normativa vixente, a presenza do galego nas convocatorias de subvencións, achegas ou axudas públicas dirixidas a entidades asociativas e deportivas. → 1

4.3.7.5. Incluír a lingua galega nos materiais e ferramentas empregados polos equipos deportivos: regulamentos, contidos didácticos, carteis e sinalización das instalacións. → 1

GRUPO 4.3.8

Produtos en galego destinados ao público xuvenil

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Ampliar e consolidar a oferta de produtos en galego destinados ao público xuvenil.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións autonómica e local, Dirección Xeral de Xuventude coa colaboración da Rede de Dinamización Lingüística, da AGADIC e de asociacións e entidades xuvenís.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.3.8.1. Dobrar e localizar produtos audiovisuais de entretemento xuvenil. Contratos estables con estudios de dobraxe para producir versións galegas de contidos.

4.3.8.2. Apoiar e dar a coñecer ferramentas de IA en galego de interese e utilidade para a xuventude.

4.3.8.3. Promover a creación e tradución ao galego de fanzines e outros formatos de éxito xuvenil que adoitan quedar fóra do radar das grandes editoras.

4.3.8.4. Establecer unha liña de financiamento e apoio para un número de proxectos de alto impacto por ano, referidos a ámbitos como: series de televisión ou en liña , grupos musicais, xogos e creadores de contido (*streamers*) con potencial masivo.

4.3.8.5. Apoiar o traballo de creadores/as de contido que teñan o galego como lingua habitual (abrirlles portas, organizarlles eventos, convidalos a entrevistas e festivais...).

GRUPO 4.3.9

Galego e unha sociedade inclusiva

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Facer do galego a manifestación dunha sociedade máis inclusiva.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 1

4.3.9.1 Elaborar e difundir un vocabulario sobre identidade de xénero e orientación afectivo-sexual

4.3.9.2. Crear materiais específicos en galego destinados a profesionais deste ámbito.

4.3.9.3. Coidar o emprego do léxico desde a óptica inclusiva en todas as campañas.



SECTOR 5

SANIDADE



SECTOR 5: SANIDADE

Presentación

A sanidade é un sector fundamental para que se poida cumprir o obxectivo principal deste Plan xeral, o de procurar que calquera persoa residente en Galicia poida desenvolver con total liberdade e sen atrancos a súa vida en galego, se así o desexar.

Unha das realidades de maior alcance e máis sensibles na existencia dos seres humanos é, sen dúbida, a que se refire á saúde, porque, desde mesmo antes do nacemento ata os últimos intres da vida, as persoas requirimos continuadamente atencións, coidados e un amplo e diverso abano de servizos destinados a previr a enfermidade, a combatela ou a paliar os seus efectos. Todas e todos, con maior ou menor frecuencia, precisamos ou imos precisar en calquera momento algún tipo de asistencia sanitaria, e, cando isto ocorre, adoitan emerxer en nós sensacións de vulnerabilidade e incerteza, que requiren que exista, a xeito de intervención terapéutica obrigada, unha axeitada comunicación entre as persoas que recibimos os servizos sanitarios e quen nolos fornece.

Nas seguintes páxinas faise, a partir dunha diagnose rigorosa da situación do galego no ámbito sanitario, unha proposta de intervención realista e ambiciosa, sempre respectando o marco lexislativo en vigor, cos obxectivos fundamentais de facer da lingua propia de Galicia unha lingua de uso normal nos sistemas público e privado de saúde, ao tempo que asegurar, no conxunto do ámbito sociosanitario, o cumprimento dos dereitos lingüísticos que asisten á cidadanía sen excepcións.

Para a consecución de tales obxectivos, así como doutros de non menor relevancia que tamén se describen a seguir, propóñense, para este sector, un conxunto de propostas de intervención, entre as que convén salientar tanto aquelas destinadas a fortalecer o sistema de formación lingüística do persoal sanitario, como aqueloutras que van dirixidas a converter o galego na lingua de comunicación habitual dentro dos servizos administrativos e de atención ao público nos centros de atención primaria, puntos de atención continuada e hospitais.

As medidas repártense nas cinco áreas en que se estrutura este sector, o que significa que se propón igualmente un abano amplo de accións que buscan promover a presenza do galego en parcelas tan importantes como poden ser as oficinas de farmacia que existen repartidas por todo o territorio; unhas oficinas nas que o acto de atender en galego non se debe entender só como a vontade de satisfacer os usuarios e usuarias, senón como un factor que condiciona para ben a asistencia sanitaria, pois optimiza o acto asistencial.

Importantes tamén son as áreas da veterinaria, tradicionalmente unha parcela estratéxica dentro do tecido económico de Galicia, e da investigación biosanitaria, ámbito relevante como elemento prestixiador da lingua galega. Para ambas as dúas áreas deseñáronse medidas igualmente ambiciosas, destinadas a conseguir que o galego recupere espazos de uso perdidos e logre ser, nun futuro inmediato, unha lingua viva e útil en todas as esferas, tamén na sociosanitaria.

SECTOR 5

SANIDADE
Diagnóstico

FORTALEZAS

Existencia dun marco legal que, aínda sendo mellorable, permite o uso e promoción do galego.

Existencia dunha lexislación internacional clara que protexe a lingua galega no ámbito da sanidade pública.

Capacidade de intervención da Administración pública nos servizos sanitarios.

Facilidade de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Secretaría Xeral da Lingua) e a Consellería de Sanidade.

Creación de Comisións de Normalización Lingüística nas facultades do ámbito sanitario.

Desenvolvemento de campañas de fomento do uso da lingua galega no eido das ciencias da saúde por parte dos servizos de normalización lingüística das tres universidades públicas.

Hai facultades e institutos (IDIS, IISGS, INIBIC...) con capacidade de coordinación a través de comités de ética, servizos de normalización lingüística e áreas de comunicación, que poden garantir a aplicación de medidas de normalización lingüística tanto no seu funcionamento coma nos proxectos de investigación.

Mellora das actitudes de profesionais e da poboación en xeral cara ao uso da lingua galega.

Coñecemento do galego por parte da maioría da poboación usuaria de servizos sanitarios.

Coñecemento do galego por parte da case a totalidade do alumnado universitario e de formación profesional, así como dunha gran parte do profesorado.

Debido ao relevo xeracional, gran parte do persoal sanitario en activo recibiu educación formal en lingua galega, grazas ao que aumentou a proporción de profesionais con competencias para utilizar a lingua galega.

Aumento dos recursos terminolóxicos para o correcto uso do galego no ámbito sanitario e científico, do que son exemplo os diversos dicionarios e vocabularios de termos médicos.

Existencia de correctores ortográficos gratuítos e de fácil acceso.

DEBILIDADES

Percepción dunha normativa insuficiente na protección do galego da persoa usuaria, especialmente no ámbito privado

Ausencia dunha planificación normalizadora específica para o sector e pouca implicación das asociacións profesionais e dos directivos na acción normalizadora

Carencia dunha lexislación ou normativa que regule o uso do galego nos servizos sanitarios, e ausencia de cláusulas lingüísticas nos pregos de contratación.

Os requisitos en materia de competencias en galego para o acceso a postos no sistema público experimentaron certa laxitude debido á falta de profesionais no sector.

Descoñecemento do marco legal que garante os dereitos lingüísticos das persoas usuarias, o que impide a súa aplicación efectiva e favorece actitudes de tolerancia pasiva ou rexeitamento.

Constátase unha gran dificultade para a normalización do galego na sanidade privada.

Detéctanse lagoas na praxe da Consellería de Sanidade ao emitir algunhas campañas de procedencia foránea que non están en galego.

Ausencia de ferramentas e organismos para levar a cabo accións de mellora na situación lingüística na sanidade, como podería ser un Servizo de Normalización Lingüística no Sergas ou persoal de referencia dedicado á lingua no sistema.

Pouca implicación e proactividade na promoción do galego por parte da dirección e dos profesionais dos centros docentes, e pouca actividade dos órganos encargados desta tarefa.

Ausencia de responsables de normalización lingüística nos colexios e asociacións profesionais do ámbito sanitario

Insuficiente compromiso explícito coa lingua galega nunha parte importante das novas xeracións de profesionais sanitarios.

Percíbense insuficiencias na implicación das estruturas de xestión de persoal e formación do Sergas na promoción activa do uso do galego, e non se teñen en conta criterios lingüísticos nos plans de formación, acollida ou avaliación profesional.

Poder contar coas posibilidades que nos ofrecen os novos sistemas informáticos e de IA.	Existe unha inercia herdada de uso do castelán no exercicio da medicina. O galego non se percibe como a lingua normal nin da actuación médica nin da formación.
Existencia de recursos dixitais e plataformas académicas, que permiten a difusión e accesibilidade de materias, informes e resultados en galego.	Parte do persoal sanitario segue sen ter consciencia sobre a conveniencia terapéutica de utilizar a lingua da persoa usuaria.
Alta valoración dos materiais divulgativos e formativos en galego por parte dos usuarios.	Descoñecemento do vocabulario popular relacionado coa profesión.
Uso frecuente do galego na atención primaria, especialmente en contornas rurais e pequenas vilas.	Crecemento de usuarios da sanidade procedentes de fóra de Galicia.
Notable incremento no uso do galego coloquial no trato co paciente, mesmo en persoas que non o falan habitualmente.	Mobilidade dos profesionais sanitarios e chegada cada vez maior de profesionais de fóra, sobre todo especialistas, que carecen do suficiente coñecemento de galego, o que dificulta o crecemento da porcentaxe de uso da lingua galega no sector.
Existencia de profesionais e equipos que empregan o galego como lingua vehicular habitual na atención sanitaria, actuando como referentes internos de boas prácticas lingüísticas.	O descoñecemento do galego por parte dun gran número de operarios procedentes doutros países nas explotacións gandeiras dificulta ás veces o fluxo en galego dos veterinarios co persoal das explotacións.
Existencia dun importante número de boticas no rural nas que se constata o uso habitual do galego na poboación e na relación directa cotiá do farmacéutico cos usuarios.	Aínda que aumentaron os recursos lingüísticos e terminolóxicos referidos aos ámbitos sanitarios, estes seguen a ser insuficientes
Uso case exclusivo do galego por parte dos gandeiros galegos.	Escasa presenza do galego nas ferramentas e nas aplicacións informáticas utilizadas polo persoal sanitario tanto na sanidade pública coma na privada
Uso habitual do galego nas clínicas veterinarias (maioritariamente nas dedicadas ao gando vacún).	Os programas de xestión, control leiteiro ou reprodutivo usados polos veterinarios están en castelán ou inglés.
Boa parte da sinalética dos centros sanitarios públicos, as publicacións oficiais provenientes da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde están en galego	Dificultade para acceso ao vocabulario técnico da especialidade veterinaria e descoñecemento por parte dos profesionais do vocabulario popular relacionado coa profesión.
	As receitas oficiais veterinarias están en galego, pero a maioría dos facultativos usan as receitas veterinarias realizadas polos programas de xestión, que están en castelán.
	Escaso emprego do galego no rexistro de datos das historias clínicas, aínda en galegofalantes, debido á percepción de formación técnica específica e á inseguridade no manexo da lingua profesional.
	A utilización do galego falado segue sendo baixo entre os directivos do sistema sanitario.
	A presenza do galego no sector sanitario privado e concertado é moi baixa.

Baixa implantación da lingua galega no ensino das especialidades sanitarias, tanto en facultades como en centros de formación profesional, mesmo no ensino da especialidade veterinaria.

Ausencia ou presenza insuficiente do galego na documentación xurídica e administrativa fundamental, como consentimentos informados e formularios clínicos, follas de instrucións, etc.

Pouca presenza do galego na comunicación con participantes en ensaios clínicos e proxectos de investigación.

Baixo uso do galego nos informes médicos tanto na atención primaria coma na especializada.

Inexistencia case absoluta de literatura científica profesional en galego.

Na literatura profesional das ciencias da saúde, as publicacións de revistas e libros, congresos, simposios, traballos académicos, cursos e docencia a través das redes, case non se utiliza o galego, e cada vez o inglés ten máis presenza, desprazando mesmo o español

Escaseza de contornas e espazos de investigación biosanitaria que favorezan a comunicación en galego.

Moitas páxinas web dos colexios oficiais do sector sanitario están en castelán.

As campañas sanitarias promovidas dende os colexios de farmacéuticos son, na súa maioría, en castelán.

As principais cooperativas distribuidoras de medicamentos non ofrecen o galego nos seus servizos, nin nas web, nin nas comunicacións, etc.

Presenza mínima do galego no HVU Fundación Rof Codina, onde parte dos formularios están en castelán.

Moitas páxinas web dos colexios oficiais do sector veterinario están en castelán e as súas comunicacións cos colexiados son en moitos casos só en castelán. Dos catro colexios veterinarios só o de Lugo ten a páxina en galego e só este fai a maioría das súas comunicacións en galego e castelán.

O idioma maiormente utilizado na escrita polos profesionais veterinarios para se dirixiren á súa clientela é o castelán, a excepción dalgunhas clínicas mixtas ou de localización rural onde a presenza do galego é maior.

SECTOR 5

SANIDADE
Obxectivos

SECTOR 5: SANIDADE

Obxectivos xerais

01

Concienciar da idoneidade de atender e prestar os servizos sanitarios e asistenciais correspondentes utilizando a lingua na que está instalada a persoa a quen van destinados.

02

Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.

03

Impulsar medidas institucionais firmes e intensivas que promovan a conciencia lingüística e dignifiquen o uso profesional do galego como factor de calidade asistencial e responsabilidade social.

04

Fomentar o compromiso da Administración Sanitaria Pública na promoción e protección da lingua galega.

05

Recuperar e reforzar a conciencia lingüística dos profesionais sanitarios, especialmente nas novas xeracións, mediante campañas específicas de sensibilización e formación.

06

Impulsar progresivamente a presenza do galego na formación universitaria e especializada en ciencias da saúde.

07

Darlle visibilidade a lingua galega nos espazos sanitarios.

SECTOR 5: SANIDADE

Obxectivos específicos

Sanidade pública

01

Promover a normalización do uso da lingua galega nos centros de atención primaria, nos puntos de atención continuada, nos centros hospitalarios e no 061 dependentes da Consellería de Sanidade.

02

Promover a dispoñibilidade da lingua galega na atención sanitaria en toda Galicia, tanto na atención presencial como na telefónica e noutros soportes.

03

Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios dos servizos sanitarios e asistenciais e tamén dos seus profesionais.

04

Promover o respecto aos dereitos lingüísticos e o uso da lingua galega en todos os servizos sanitarios subvencionados e ofrecidos a través de concertos coa Administración pública.

05

Concienciar tanto os profesionais coma as persoas usuarias de que o galego é perfectamente válido para a asistencia sanitaria.

06

Normalizar o galego no funcionamento interno do Servizo Galego de Saúde e asegurar o uso da lingua na documentación e nas comunicacións.

07

Promover a creación e uso de consentimentos informados en lingua galega.

08

Impulsar que o persoal dos dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais do sistema público conte coa competencia suficiente para atender en galego ás persoas que así o desexen.

09

Promover que o Sergas posúa os recursos, ferramentas e persoal necesarios para poder desenvolver un servizo sanitario en lingua galega, como garantía dos dereitos dos seus traballadores, pero sobre todo como garantía dos dereitos dos seus usuarios.

10

Establecer vías para que tanto os usuarios e usuarias do servizo como o seu persoal poidan comunicar incidencias no correcto cumprimento das medidas normalizadoras e garantir os seus dereitos lingüísticos.

SECTOR 5: SANIDADE

Obxectivos específicos

Sanidade primaria

01

Fomentar que os colexios oficiais actúen como axentes de promoción da lingua nos seus respectivos ámbitos profesionais.

02

Impulsar que o persoal que presta servizos na sanidade privada conte coa competencia suficiente para atender en galego ás persoas que así o desexen.

03

Promover o uso do galego en todos os eidos da sanidade privada, de xeito que se garanta o cumprimento dos dereitos lingüísticos de profesionais e persoas usuarias.

04

Favorecer que todos os dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais dentro do sistema privado conten con competencia suficiente en galego para poderen practicar a oferta positiva nesta lingua.

05

Dotar os colexios, asociacións e organizacións profesionais de recursos, ferramentas e asesoramento para realizaren o seu labor en galego.

SECTOR 5: SANIDADE

Obxectivos específicos

Farmacia

01

Promover entre os profesionais farmacéuticos e persoas que traballan nas oficinas de farmacia o uso da lingua galega como medio eficaz de transmisión de información e de comunicación cos usuarios e usuarias destes establecementos.

02

Concienciar a industria farmacéutica sobre o valor do emprego da lingua galega na información contida nos textos que dirixen ás persoas usuarias. Ademais, constitúe unha ferramenta óptima de comunicación empresarial que axuda a acadar unha mellor posición competitiva no mercado.

03

Promover o uso do galego nas comunicacións internas e no material formativo ofrecido polos colexios de farmacéuticos de Galicia.

SECTOR 5: SANIDADE

Obxectivos específicos

Veterinaria

01

Promover que se realicen con normalidade en galego as comunicacións, tanto orais como escritas, que as e os profesionais veterinarios produzan durante o exercicio da súa profesión.

02

Concienciar as e os profesionais do sector da veterinaria privada de que o uso normal da lingua galega facilitará e mellorará as comunicacións cos seus clientes.

03

Concienciar a industria farmacéutica veterinaria sobre o valor do emprego da lingua galega na información contida nos seus produtos.

04

Fomentar que os profesionais do sector dispoñan, ademais dunha suficiente formación específica en lingua galega, de ferramentas dixitais e de manuais e glosarios técnicos que faciliten o seu traballo.

SECTOR 5: SANIDADE

Obxectivos específicos

Investigación biosanitaria

01

Lograr un aumento do prestixio do galego na investigación biosanitaria.

02

Garantir a comprensibilidade e accesibilidade da información en galego, para asegurar o cumprimento dos dereitos lingüísticos das persoas participantes en estudos e ensaios clínicos realizados en Galicia.

03

Lograr que os profesionais do sector dispoñan, ademais dunha suficiente formación específica en lingua galega, de ferramentas dixitais e de manuais e glosarios técnicos que faciliten o seu traballo.

04

Promover que o galego estea presente nos encontros científicos e profesionais de ámbito galego, e nas súas canles de difusión en Galicia (revistas, xornadas, congresos científicos).

05

Impulsar que o galego teña presenza na difusión á sociedade galega dos logros e avances da investigación en saúde.

SECTOR 5

SANIDADE
Medidas

SECTOR 5: SANIDADE

Medidas

Sanidade pública

GRUPO 5.1.1

Servizo de normalización lingüística do Sergas

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Dotar o Sergas de recursos, ferramentas e persoal que permitan levar a cabo as accións necesarias para os obxectivos previos.

Establecer vías para que tanto as persoas usuarias do servizo como o seu persoal poidan comunicar incidencias no correcto cumprimento das medidas normalizadoras e garantir os seus dereitos lingüísticos.

ÓRGANO EXECUTOR

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde (Sergas), en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua para a posta en marcha, seguimento técnico e avaliación das actuacións.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.1.1. Creación dun Servizo de Normalización Lingüística dentro do Sergas permitirá desenvolver unha política lingüística real, planificada e sostida no tempo no sistema sanitario público.

GRUPO 5.1.2

Falar galego é saudable

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos das persoas usuarias de servizos sanitarios e asistenciais.

Normalizar o galego no funcionamento interno do Servizo Galego de Saúde e asegurar o uso da lingua na documentación e nas comunicacións.

Visibilizar o valor sanitario, social e comunicativo da comunicación en galego, reforzando a confianza e a comprensión entre persoal e usuarios e usuarias.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade e ACIS, coa coordinación do Servizo de Normalización Lingüística do Sergas (unha vez constituído) e a colaboración das áreas de comunicación, formación e recursos humanos.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.1.2. Realizar, no marco institucional do Sergas, unha campaña de difusión interna para promover o uso do galego na atención sanitaria.

GRUPO 5.1.3

Servizo de normalización lingüística do SERGAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios e das usuarias de servizos sanitarios e asistenciais.

Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos do persoal sanitario e non sanitario do Sergas, en todo tipo de proceso, documentación e plataforma.

Desenvolver recursos técnicos adicionais seguindo o exemplo de IANUS e promover consentimentos en galego.

Mellorar a seguridade e comprensión da persoa usuaria a través dunha comunicación en galego adaptada á alfabetización sanitaria.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde (Sergas), coa coordinación do Servizo de Normalización Lingüística do Sergas e ACIS.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.1.3. Corrección e galeguización progresiva dos sistemas informáticos, plataformas de formación (ex. "SHARE. Formación gratuíta en saúde e benestar para o cidadán") e da documentación sanitaria: ampliación gradual do galego en aplicacións e documentación clínica (consentimentos informados, modelos de alta/informe, solicitudes de probas, templates de interconsulta) e adaptación lingüística das aplicacións complementarias a IANUS.

GRUPO 5.1.4

Formación en galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Fomentar nos dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais do sistema público competencia abonda en lingua galega para poderen practicar a oferta positiva.

Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos das e dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.

Recuperar e reforzar a conciencia lingüística dos profesionais sanitarios.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde (Sergas), ACIS, coa coordinación do Servizo de Normalización Lingüística do Sergas e o apoio da Secretaría Xeral da Lingua, en colaboración cos colexios profesionais e as unidades de docencia dos centros sanitarios.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.1.4. Implantar un programa homoxéneo, regular e continuado de formación en lingua galega, adaptado ás necesidades reais e ligado á práctica asistencial, así como en linguaxe técnico-científica para profesionais do Sergas (médicos/as, enfermaría, TCAE, fisioterapia, persoal de administración, farmacéuticos/as, odontólogos/as...), con itinerarios por perfís e actualización terminolóxica permanente (dicionarios, glosarios, modelos de informe). Incluirá avaliación práctica e acreditación.

GRUPO 5.1.5

Modelo lingüístico para ciencias da saúde

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Fomentar nos dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais do sistema público competencia abonda en lingua galega para poderen practicar a oferta positiva.

Velar polo cumprimento dos dereitos lingüísticos das e dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.

ÓRGANO EXECUTOR

Órganos de goberno das universidades e das distintas facultades que impartan graos en Ciencias da Saúde, coa colaboración do SNL de cada universidade, vinculándose estas medidas a través da Comisión de Normalización Lingüística de cada centro.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.1.5. Procurar que o galego teña unha presenza significativa nos créditos dos graos en Ciencias da Saúde.

GRUPO 5.1.6

Materiais docentes, terminolóxicos e científicos en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar nos dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais do sistema público competencia abonda en lingua galega para poderen practicar a oferta positiva.

ÓRGANO EXECUTOR

Universidades, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Consellería de Sanidade, Sergas e Termigal.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.1.6. Producir e actualizar materiais docentes, terminolóxicos e científicos en galego e difundilos no ensino e na práctica profesional sanitaria. Débese favorecer a creación de repositorios dixitais de libre acceso que integren materiais docentes, terminolóxicos e científicos en galego.

GRUPO 5.1.7

Acollemento lingüístico

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Promover a normalización do uso da lingua galega no Sergas.

Fomentar nos dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais do sistema público competencia abonda en lingua galega para poderen practicar a oferta positiva.

ÓRGANO EXECUTOR

Universidades, Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Consellería de Sanidade.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.1.7. Favorecer unha estratexia de benvida lingüística destinada ao alumnado procedente de fóra de Galicia que se incorpora ás titulacións de ciencias da saúde.

GRUPO 5.1.8

Documentación pública

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios destes, de acordo coa normativa vixente.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade e Sergas.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.1.8. Incorporación de cláusulas de dispoñibilidade lingüística dentro dos contratos, nas compras públicas, convenios e concertos de prestación de servizos sanitarios concertados co Sergas e coa Consellería de Sanidade, acorde co marco xurídico vixente.

GRUPO 5.1.9

Xestor lingüístico

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Reforzar a conciencia lingüística e normalizar o galego no funcionamento interno do Sergas.

ÓRGANO EXECUTOR

Xerencias de área sanitaria; coordinación central Sergas, ACIS.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.1.9. Implantación da figura do/a xestor/a lingüístico/a de área sanitaria, responsable de dinamizar o uso do galego (formación *in situ*, revisión de modelos, acompañamento en servizos con baixa presenza), coordinación co SNL e informe anual.

GRUPO 5.1.10

Acollemento lingüístico

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Impulsar a oferta positiva e mellorar a adaptación lingüística de profesionais procedentes de fóra de Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

Sergas, SNL e SXL.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.1.10. Programa voluntario de acollida lingüística para profesionais que veñen doutras CC. AA. ou países: cursos intensivos aplicados ao ámbito sanitario, mentoría lingüística en servizo e recursos rápidos.

GRUPO 5.1.11

A lingua que coida mellor

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover accións que aumenten o prestixio e valor social, e concienciar de que o galego é necesario para a asistencia sanitaria.

ÓRGANO EXECUTOR

Sergas, SNL e SXL.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.1.1. Campaña dirixida aos usuarios para aumentar o prestixio do galego no ámbito sanitario; referentes clínicos; actividades lúdicas/educativas totalmente en galego; materiais para salas de espera (contos, xogos e vídeos en galego nas salas de espera infantís); redes sociais e microvídeos formativos.

GRUPO 5.1.12

Consulta en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover a normalización do uso oral e escrito do galego na relación directa profesional–paciente e fomentar unha oferta positiva sistemática en atención primaria.

ÓRGANO EXECUTOR

Sergas, áreas sanitarias e SNL.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.1.12. Creación do programa "Consulta en galego" para favorecer a atención en galego nas unidades de atención primaria, informando as persoas usuarias sobre a dispoñibilidade de atención en galego, sinalización adecuada en consultas e sistema de cita e acompañamento formativo para o persoal que desexe incorporarse ao uso habitual da lingua.

GRUPO 5.1.13

Consulta en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Recoñecer o galego como vehículo de relación terapéutica e ferramenta de humanización asistencial.

ÓRGANO EXECUTOR

Sergas/ACIS, SNL e Colexio de Psicoloxía.

MEDIDAS

Prioridade 3

5.1.13. Elaborar materiais educativos en lingua galega e difundir o seu uso nas unidades de saúde mental como ferramenta terapéutica que favoreza o apego e a confianza co paciente.

GRUPO 5.1.14

Consulta en galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía desde a primeira interacción co sistema sanitario.

Fomentar que todo o persoal de atención ao público (mostradores, administración, citas, información) poida atender en galego.

Impulsar a competencia lingüística do persoal non sanitario, clave na comunicación inicial co paciente.

Normalizar o uso do galego na xestión administrativa e nos servizos auxiliares da sanidade.

Dar visibilidade social á lingua, pois o persoal non sanitario ten unha alta exposición pública.

Reforzar o prestixio do galego como lingua válida en todos os ámbitos de atención ao público.

ÓRGANO EXECUTOR

Sergas, baixo as directrices da Consellería de Sanidade e en coordinación coa Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.1.14. Cursos de formación lingüística e sociolingüística para o persoal non sanitario para asegurar que a xestión e a atención ao público se poida facer en galego.

GRUPO 5.1.15

Paisaxe lingüística

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Garantir que todo o persoal de atención ao público (mostrador, administración, citas, información) poida atender en galego.

Normalizar o uso do galego na xestión administrativa e nos servizos auxiliares da sanidade.

Dar visibilidade social á lingua, pois o persoal non sanitario ten unha alta exposición pública.

Reforzar o prestixio do galego como lingua válida en todos os ámbitos de atención ao público.

ÓRGANO EXECUTOR

Sergas, baixo as directrices da Consellería de Sanidade e en coordinación coa Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS *Prioridade* 2

5.1.15. Reforzar a presenza do galego na sinalización, megafonía e información en centros sanitarios.

MEDIDA 5.1.16

Protocolo de oferta positiva en galego nas chamadas ao 061

OBXECTIVO ESPECÍFICO *Prioridade* 2

Establecer que a primeira fórmula de atención sexa en galego ou bilingüe: "Emerxencias sanitarias, dígame / dígame, 061, en que lle podemos axudar?". Se a persoa responde en galego, toda a conversa continúa en galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Sergas/ACIS, SNL e Colexio de Psicoloxía.

MEDIDA 5.1.17

Guía de comunicación urxente en galego claro

OBXECTIVO ESPECÍFICO *Prioridade* 1

Frases breves, seguras e normalizadas para situacións críticas:

- "Respira con normalidade?"
- "Ten dor no peito?"
- "Non colgue, imos axudalo/a."
- "Poña o teléfono en mans libres."
- "Comece compresións no centro do peito."

ÓRGANO EXECUTOR

Integración na pantalla de apoio da Central de Coordinación.

MEDIDA 5.1.18

Incorporación progresiva do galego nos sistemas do 061

OBXECTIVO ESPECÍFICO *Prioridade* 2

Interfaces, aplicacións de despacho, formularios de incidente, modelos de rexistro, SMS, mensaxes automáticas, partes de ambulancia e documentación interna, garantindo a dispoñibilidade lingüística.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade.

MEDIDA 5.1.19

Mensaxes automáticas, SMS e avisos do 061 en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO *Prioridade* 2

Fomentar que confirmacións, recomendacións sanitarias, avisos de seguimento, campañas e comunicación de programas estean dispoñibles en galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade.

MEDIDA 5.1.20

Cláusulas lingüísticas no transporte sanitario urxente contratado

OBXECTIVO ESPECÍFICO *Prioridade* 2

Incluír nos pregos de ambulancias cláusulas de dispoñibilidade lingüística, para favorecer a documentación e a atención oral en galego cando así se pida.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade.

MEDIDA 5.1.21

Identificación lingüística voluntaria nos equipos asistenciais

OBXECTIVO ESPECÍFICO *Prioridade* 1

Distintivos en ambulancias: "Atendémoste en galego", "Comigo podes falar galego".

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade.

MEDIDA 5.1.22

Auditoría lingüística anual do 061

OBXECTIVO ESPECÍFICO *Prioridade* 2

Revisión de chamadas, documentación, apps, campañas, formación e contratos.

ÓRGANO EXECUTOR

SNL do Sergas + FPUSG-061.

MEDIDA 5.1.23

Simulacros de emerxencia en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO *Prioridade* 1

Incluír o galego nos simulacros.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade.

MEDIDA 5.1.24

Programa "O 061 tamén coida en galego"

OBXECTIVO ESPECÍFICO *Prioridade* 1

Campaña específica para cidadanía e persoal: vídeos curtos, ambulancias e web-061.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade.

Medidas

Sanidade privada

GRUPO 5.2.1

Normalización nos colexios, asociacións e organizacións profesionais

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Conseguir a normalización do galego nos colexios, asociacións e organizacións profesionais do ámbito sanitario e estimular a promoción do seu uso habitual na práctica profesional a través do fornecemento de recursos e ferramentas para iso.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade, co apoio do servizo de normalización lingüística do Sergas e en coordinación cos colexios e asociacións profesionais.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.2.1. Promover, en colaboración cos colexios, asociacións e organizacións profesionais, recursos e ferramentas para fomentar accións de normalización lingüística e asesoramento.

GRUPO 5.2.2

Campaña de sensibilización lingüística

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Promover a oferta positiva de atención en galego na prestación dos servizos da sanidade privada.

Promover o uso do galego en todos os eidos da sanidade privada, de xeito que se garanta o cumprimento dos dereitos lingüísticos de profesionais e persoas usuarias.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade, Sergas e dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais privados.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.2.2. Deseño e implementación dunha campaña de sensibilización lingüística entre os dispensadores da sanidade privada para impulsar a oferta positiva en galego de cara a garantir os dereitos lingüísticos dos seus/súas usuarios/as.

GRUPO 5.2.3

Centro sanitario lingüísticamente responsable

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover unha oferta positiva sistemática e impulsar medidas institucionais firmes e intensivas.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.2.3. Creación do Selo "Centro Sanitario Lingüisticamente Responsable", baseado na promoción de oferta positiva, dispoñibilidade de documentación e sinalética e medición periódica orientada á mellora continua.

Medidas

Farmacia

GRUPO 5.3.1

Prospectos en galego

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Concienciar a industria farmacéutica de que co emprego da lingua galega incrementará a eficacia da información contida nos textos que dirixen aos usuarios e usuarias dos seus produtos.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade e Sergas, coa colaboración da SXL.

MEDIDAS

Prioridade 3

5.3.1. Fomentar que a industria farmacéutica, especialmente a establecida en Galicia, ofreza a versión galega nos prospectos dos medicamentos vendidos en Galicia.

GRUPO 5.3.2

Congresos e reunións profesionais

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Concienciar a industria farmacéutica sobre o valor do emprego da lingua galega na información contida nos textos que dirixen ás persoas usuarias. Ademais, constitúe unha ferramenta óptima de comunicación empresarial que axuda a acadar unha mellor posición competitiva no mercado.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade, coa colaboración da SXL.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.3.2. Establecer programas coa industria farmacéutica e mais coas axencias de organización de actividades para impulsar o uso da lingua galega en congresos e reunións profesionais.

GRUPO 5.3.3

Colexios oficiais do sector farmacéutico

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Concienciar os colexios oficiais do sector farmacéutico de que a lingua galega constitúe unha ferramenta útil que cómpre que incorporen á actividade que desenvolven tanto cara ás persoas colexiadas coma cara á sociedade en xeral.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade, Sergas e colexios oficiais do sector, coa colaboración da SXL.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.3.3.Asinar convenios de colaboración cos colexios oficiais do sector farmacéutico que teñan por obxecto a galeguización e mantemento das súas páxinas web, da documentación divulgativa e de comunicación dirixida aos seus colexiados, das plataformas de formación, etc.

GRUPO 5.3.4

Campañas de sensibilización

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover entre os farmacéuticos e persoas que traballan nas oficinas de farmacia a idea de que o uso da lingua galega incrementa a eficacia da información dispensada e a comunicación entre eles e os usuarios e usuarias destes establecementos.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade, Sergas e colexios oficiais do sector, coa colaboración da SXL.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.3.4. Elaborar, en colaboración cos colexios oficiais, campañas de sensibilización dirixidas ás e aos farmacéuticos, ás persoas que traballan nas oficinas de farmacia e ás cooperativas distribuidoras de medicamentos e parafarmacia para que ofrezan os seus servizos en galego e para que utilicen esta lingua nos escaparates e nos folletos publicitarios ou informativos.

GRUPO 5.3.5

Educación sanitaria

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Concienciar os colexios oficiais e os seus colexiados de de que o emprego da lingua galega é un dereito da cidadanía e unha ferramenta eficaz para se comunicar coas persoas usuarias dos seus servizos.

Conseguir que as oficinas de farmacia e o sector farmacéutico en xeral se impliquen directamente no proceso de normalización lingüística.

Promover que a lingua galega sexa empregada de xeito habitual, prestando especial atención á recuperación do idioma no ámbito urbano.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade, Sergas e colexios oficiais do sector, coa colaboración da SXL.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.3.5. Desenvolver, en colaboración cos colexios oficiais do sector e as principais cooperativas distribuidoras de medicamentos, campañas conxuntas de información, dirixidas aos usuarios e ás usuarias das oficinas de farmacia, nas que se difunda:

- O dereito das persoas usuarias a seren atendidas en lingua galega.

- Material divulgativo e de educación sanitaria en galego, elaborado ad hoc, sobre estilos de vida saudables, instrucións sobre tratamentos, campañas sanitarias, etc.

GRUPO 5.3.6

Formación e recursos en galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Conseguir que as oficinas de farmacia e o sector farmacéutico en xeral se impliquen directamente no proceso de normalización lingüística.

Acadar que a lingua galega sexa o idioma de uso habitual, prestando especial atención á recuperación do idioma no ámbito urbano.

Dotar as e os profesionais farmacéuticos das ferramentas necesarias que posibiliten o uso da lingua galega na súa actividade profesional.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Sanidade, Real Academia de Farmacia de Galicia, colexios oficiais do sector, Facultade de Farmacia, Ministerio de Sanidad e Consejo General de Colegios Farmacéuticos, coa colaboración de Termigal e a SXL.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.3.6. Levar a cabo un programa destinado a dotar o sector farmacéutico do necesario vocabulario técnico en lingua galega, así como do vocabulario popular relacionado coa profesión. Dito programa, que incluirá a dotación doutras ferramentas e recursos, abranguerá:

- A elaboración e distribución dun dicionario galego de termos farmacéuticos e doutros materiais terminolóxicos (vocabulario técnico-profesional, vocabulario de uso popular), que lles axuden ao correcto uso do idioma galego e á comprensión de expresións populares sobre síntomas, enfermidades, anatomía, etc. A todos os profesionais das oficinas de farmacia.

- Edición en galego do Formulario Nacional e da Real Farmacopea Española.

- Versión en galego daquelas bases de datos online e aplicacións de información sanitaria e de medicamentos oficiais que aínda non o ofrecen: BotPlus (Consejo General de Colegios Farmacéuticos), CimaVet (Ministerio de Sanidad), Reec (Ministerio de Sanidad).

SECTOR 5: SANIDADE

Medidas
Veterinaria

GRUPO 5.4.1

Sofware de programas de xestión, control e reprodutivo

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Traballar para evitar a perda de falantes no sector e aumentar a súa presenza na Rede, na documentación escrita que xeran os clínicos e nas industrias que ofrecen servizos relacionados.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Medio Rural e AMTEGA.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.4.1. Tradución ao galego do software dos programas de xestión, control leiteiro ou reprodutivo usados polos clínicos, actualmente ofrecidos en castelán ou inglés.

GRUPO 5.4.2

Terminoloxía específica

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Creación de máis materiais de consulta de vocabulario específico.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellerías de Sanidade e Medio Rural e Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.4.2. Creación de glosarios específicos e doutros materiais que recollan a terminoloxía tanto científica como popular, e divulgalos a través das ferramentas de busca xa existentes coma o Tergal. Banco de termos galegos recomendados.

GRUPO 5.4.3

Materias do grao de verterinaria

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Aumentar o uso do galego oral e escrito na Facultade de Veterinaria.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.4.3. Facilitar que as materias do grao en Veterinaria ofrezan os materiais en galego.

GRUPO 5.4.4

Actuación da comisión de normalización no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Facilitar o uso do galego oral e escrito no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.

ÓRGANO EXECUTOR

Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.4.4. Ampliar o marco de actuación da comisión de normalización lingüística da Facultade de Veterinaria ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina ou creación dunha propia.

GRUPO 5.4.5

Gabinetes de normalización lingüística nos colexios oficiais

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover que os colexios oficiais actúen como axentes de promoción da lingua nos seus respectivos ámbitos profesionais mediante a utilización do galego na atención aos usuarios e nas súas actividades colexiais (reunións, celebracións, formación continuada, etc.).

MEDIDAS

Prioridade 2

5.4.5. Impulsar gabinetes de normalización lingüística nos colexios oficiais de veterinarios.

GRUPO 5.4.6

Campañas de sensibilización para as clínicas veterinarias

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Concienciar os profesionais do sector da veterinaria, especialmente os que se dedican ao tratamento dos pequenos animais, sobre o uso da lingua galega.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Medio Rural e Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.4.6. Realizar campañas de sensibilización dirixidas a conseguir que o galego estea presente nas clínicas de veterinaria. Entre as súas accións incluirase a creación de material de divulgación para as clínicas veterinarias sobre a saúde das mascotas para distribuílo ben directamente ben por medio dos colexios veterinarios.

GRUPO 5.4.7

Axudas económicas para as clínicas veterinarias

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover a presenza e o uso da lingua galega no sector da veterinaria, a partir da premisa de que deste xeito estas empresas mellorarán as comunicacións cos seus clientes.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Facenda e Administración Pública (deducións fiscais) e Consellería de Economía e Industria (subvencións directas ás empresas).

MEDIDAS

Prioridade 3

5.4.7. Fomentar nas empresas veterinarias e clínicas o emprego do galego nos rótulos e publicidade.

GRUPO 5.4.8

Darlle visibilidade a lingua galega no sector da veterinaria rural e oficial

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incrementar a presenza e o uso da lingua galega no sector da veterinaria, e reforzar o uso do galego na veterinaria rural.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Medio Rural e Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.4.8.1. Cooperar coas ADS (Agrupacións de Defensa Sanitaria) para que a documentación sanitaria e a comunicación cos gandeiros se produza en galego.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incrementar e visibilizar a presenza e o uso da lingua galega na veterinaria oficial.

MEDIDAS *Prioridade* 1

5.4.8.2. Promover as medidas pertinentes para fomentar que os veterinarios oficiais dos matadoiros, control de fronteiras e inspección impulsen o uso do galego nos selos, actas, certificados sanitarios e documentos de movemento pecuarios (DTI, guías).

SECTOR 5: SANIDADE

Medidas

Investigación biosanitaria

GRUPO 5.5.1

Materiais docentes e científicos

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Integrar plenamente o galego na formación e na comunicación científica sanitaria.

ÓRGANO EXECUTOR

Axencia de Coñecemento en Saúde, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Consellería de Sanidade, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e as tres Universidades.

MEDIDAS *Prioridade* 1

5.5.1. Programa de axudas á publicación, tradución e edición en galego de materiais docentes e científicos (guías clínicas, manuais, revisións), incluíndo versións bilingües e repositorios de acceso aberto.

- Débese procurar que o galego sexa a lingua xeralmente utilizada nas monografías, discursos de ingreso, conferencias, revistas, etc, publicadas polas Academias do ámbito sanitario (Academia de Medicina, Academia de Farmacia, Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia).

GRUPO 5.5.2

Protocolos de actuación

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Impulsar a comprensión e o acceso á información, así como o cumprimento dos dereitos lingüísticos entre as persoas participantes en estudos e ensaios clínicos realizados en Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

Comités de ética da investigación de Galicia, en coordinación coas universidades do SUG (UDC, USC e UVigo), dos institutos de investigación sanitaria (IDIS, IISGS,INIBIC) e outros organismos dedicados á investigación.

MEDIDAS

Prioridade 1

5.5.2. Establecer protocolos que garantan a dispoñibilidade en galego de toda a documentación (información, enquisas, formularios, etc.), que reciban as persoas participantes en estudos e ensaios clínicos realizados en Galicia.

GRUPO 5.5.3

Axudas públicas

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar a comunicación científica en galego nas canles de difusión e encontro profesional (revistas, xornadas e congresos científicos).

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, en coordinación coa Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), coa colaboración da Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.5.3. Establecer programas de axudas públicas destinadas a:

- Premiar as mellores comunicacións presentadas en galego, en simposios científicos recoñecidos nos que a lingua galega sexa idioma admitido.

- Dotar premios aos mellores traballos fin de grao e fin de mestrado nos ámbitos das Ciencias da Saúde, redactados e presentados en galego nas universidades do SUG.

GRUPO 5.5.4

Divulgación científica

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Impulsar o emprego do galego para achegar a sociedade á actividade e os logros do tecido de investigación en saúde de Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en coordinación coa Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Secretaría Xeral da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

5.5.4. Convocatoria pública de axudas destinadas a actividades de divulgación científica en galego.

GRUPO 5.5.5

Colaboración internacional

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Favorecer o establecemento de pontes coa comunidade científica lusófona no ámbito da investigación biosanitaria.

ÓRGANO EXECUTOR

Colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Axencia Galega de Innovación (GAIN), a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Consellería de Educación, Ciencia e Universidades e Formación Profesional.

MEDIDAS

Prioridade 3

5.5.5. Promover a colaboración con Portugal, O Brasil e outros países da lusofonía no ámbito da investigación biomédica e sanitaria, mediante programas de cooperación, mobilidade investigadora e intercambio científico, bolsas para a asistencia a congresos, axudas para a organización de congresos e xornadas, etc.

SECTOR 6

SOCIEDADE



SECTOR 6: SOCIEDADE

Presentación

A lingua non é un simple instrumento de comunicación, senón un feito social profundamente ligado ás relacións de poder, ás dinámicas de inclusión e exclusión, ás identidades colectivas e ás prácticas cotiás da cidadanía. No caso do galego, a súa situación sociolingüística está marcada por un proceso histórico de minorización que condiciona tanto os usos reais como as actitudes sociais cara á lingua. A normalización lingüística require, por tanto, unha análise detallada dos contextos sociais nos que o galego se emprega, se transmite ou se substitúe, así como dos significados simbólicos que se lle atribúen.

O sector de Sociedade do Plan xeral de normalización da lingua galega céntrase precisamente nestes espazos de interacción social, nos que a lingua se fai visible, audible e socialmente significativa. As áreas de servizos sociais, inmigración, asociacionismo, deporte, crenzas relixiosas, turismo e paisaxe lingüística constitúen contextos privilexiados para observar os mecanismos de reprodución ou transformación dos usos lingüísticos, así como para intervir de maneira estratéxica na construción dun galego socialmente prestixiado, funcional e inclusivo.

Este sector estruturouse en sete áreas: 1. Servizos sociais:; 2. Inmigración; 3. Asociacionismo; 4. Deporte; 5. Crenzas relixiosas; 6. Turismo; 7. Paisaxe lingüística.

Os servizos sociais representan un ámbito clave na relación entre lingua, dereitos e cohesión social. Trátase de espazos de contacto directo coa cidadanía, especialmente con colectivos en situación de vulnerabilidade, nos que a elección da lingua non é neutra. O uso do galego nos servizos sociais contribúe á súa lexitimación como lingua de atención, coidado e acompañamento, ao tempo que garante os dereitos lingüísticos das persoas usuarias. Desde unha perspectiva sociolingüística, é fundamental analizar ata que punto o galego é percibido como lingua apropiada nestes contextos ou, pola contra, se producen dinámicas de substitución motivadas por prexuízos, rutinas institucionais ou supostos criterios de eficacia comunicativa.

O tecido asociativo constitúe un espazo fundamental de socialización lingüística informal, onde se constrúen prácticas e actitudes que adoitan escapar á regulación institucional. Asociacións culturais, veciñais, xuvenís ou sociais funcionan como comunidades de práctica nas que o galego pode consolidarse como lingua habitual de relación e participación. Desde un punto de vista sociolingüístico, o asociacionismo ofrece unha oportunidade estratéxica para reforzar o uso espontáneo do galego, especialmente cando se vincula a proxectos de participación, voluntariado e acción comunitaria que dotan a lingua de valor social e simbólico.

O ámbito deportivo é un espazo de alta visibilidade social e forte carga identitaria, no que a lingua pode representar un papel relevante na construción de pertenza colectiva. Clubs, escolas deportivas, competicións e eventos son contextos de interacción continua, especialmente entre a infancia e a mocidade, nos que se consoli-

dan hábitos lingüísticos duradeiros. A presenza do galego no deporte contribúe a normalizalo como lingua de uso natural en contextos dinámicos e informais, rompendo asociacións restritivas que o vinculan exclusivamente a ámbitos formais ou institucionais.

As crenzas relixiosas e os espazos de práctica espiritual constitúen ámbitos de socialización específicos nos que a lingua adquire unha dimensión simbólica particular. A utilización do galego nestes contextos reforza o seu status como lingua válida para a expresión de valores, emocións e experiencias transcendentes. As opcións lingüísticas nas prácticas relixiosas contribúen á transmisión interxeracional dunha lingua e á súa lexitimación en todas as esferas da vida social.

O turismo configura un espazo de contacto lingüístico no que o galego se proxecta cara ao exterior e se confronta con outras linguas. A súa presenza no sector turístico inflúe tanto na percepción que as persoas visitantes teñen de Galicia como na autoestima lingüística da propia poboación. A normalización do galego no turismo debe equilibrar criterios de accesibilidade comunicativa co recoñecemento da lingua como elemento central do patrimonio cultural, evitando dinámicas de invisibilización que reforcen a súa subordinación simbólica.

A paisaxe lingüística, entendida como o conxunto de signos visibles no espazo público (rotulación, sinalética, información institucional e comercial, ciberespazo), funciona como un indicador directo do status social das linguas. A presenza ou ausencia do galego nestes soportes condiciona as actitudes lingüísticas e os hábitos de uso, ao transmitir mensaxes implícitas sobre cales son as linguas lexítimas no espazo público. A análise da paisaxe lingüística permite identificar procesos de normalización, substitución ou conflito, e constitúe unha ferramenta clave para intervir simbolicamente no reforzo do galego.

SECTOR 6

SOCIEDADE
Diagnóstico

Servizos sociais

FORTALEZAS

Utilización ou coñecemento da lingua galega por parte da maioría dos e das usuarias dos servizos sociais.

Uso importante do galego por boa parte das persoas con discapacidade.

Vantaxe que supoñen as tecnoloxías para a inserción social de persoas con necesidades especiais.

Presenza social importante do idioma galego.

Habilidades comunicativas importantes en lingua galega pola maioría dos/as traballadores / as dos servizos sociais.

Esixencia legal de competencia lingüística en galego.

Dereito das persoas usuarias a ser atendidas en galego.

A lingua preferente nas actuacións escritas na xestión administrativa é o galego (comunicacións, formularios, solicitudes, difusión dos programas e recursos, campañas informativas...).

Elaboración e difusión en galego das publicacións, documentos técnicos e estudos deste eido.

Aceptación xeneralizada do uso oficial do galego nos distintos niveis dos servizos sociais (comunitarios e especializados).

DEBILIDADES

Tendo en conta a diversidade de procedencia de moitos usuarios/as dos servizos sociais, a maioría non fala habitualmente galego, incluso unha cantidade importante non ten suficientes destrezas receptivas orais e escritas.

Prexuízos lingüísticos cara ao galego dunha parte importante dos usuarios/as dos servizos sociais.

Unha parte importante dos usuarios/as considera que non ten suficiente competencia lingüística en galego.

Utilización sistemática do castelán como único sistema de comunicación nos sistemas Braille e lingua de signos.

Prexuízos arredor do status do galego por parte de moitos usuarios/as dos servizos sociais.

Uso oral habitual do idioma galego por parte dos profesionais deste eido aínda é minoritario.

Falta de motivación para adquirir as competencias lingüísticas en lingua galega por parte dos profesionais, especialmente os que exercen nos medios urbanos.

Baixa presenza da lingua galega nas empresas privadas especializadas en servizos sociais que traballan para as administracións locais, que se acentúa coa crecente contratación de traballadores procedentes do estranxeiro.

A presenza do galego é menor no caso dos traballadores dos cadros directivos.

Pouco emprego do galego na comunicación coa Administración de Xustiza.

Tendencia á acomodación lingüística en castelán do persoal técnico.

Menor prestixio social do galego.

Diagnóstico

Inmigración

FORTALEZAS

Mandato legal de que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa cidadanía.

Actitude positiva da maioría dos inmigrantes cara ao galego, que nunha minoría se percibe como un medio de integración en Galicia.

Existencia de cursos de lingua e cultura galegas para os inmigrantes en idade de escolarización obrigatoria.

O concepto de arraigamento -importante para obter os permisos de residencia- ten en conta a formación nas linguas cooficiais.

As tradicións, os costumes, os modos de vida, festas, ritos... atraen os migrantes, de modo que se interesan máis pola nosa lingua e a nosa cultura.

DEBILIDADES

Hábito de usar o castelán por cortesía con calquera persoa que non sexa galega.

Unha gran parte dos inmigrantes son de fala castelá, o que lles facilita a inserción laboral sen necesidade do galego.

Predominio do castelán nas áreas onde se asentan preferentemente os inmigrantes.

Importante presenza do castelán nos sectores onde atopa traballo a maioría da poboación inmigrante (hostalería, construción, servizo doméstico...)

Construción dun estereotipo dunha España como un territorio monolingüe.

Nalgúns casos, o galego pode non ser percibido como unha lingua necesaria, especialmente no caso das persoas procedentes de países de fala hispana.

Non existen suficientes protocolos aínda de acollida en galego.

Carencia de cursos de formación específica que, en moitos casos, demandan os propios migrantes que si teñen interese en aprender a nosa lingua ou simplemente porque desexan presentarse a un posto da Administración pública.

Carencia de manuais de aprendizaxe da lingua e da cultura dirixidos á poboación migrante.

Asociacionismo

FORTALEZAS

Uso frecuente da lingua galega no tecido asociativo.

Valoración da presenza de criterios lingüísticos nalgunhas axudas públicas no ámbito asociativo.

Papel importante do asociacionismo na promoción e valoración da lingua e cultura.

Hai un número importante de entidades culturais, deportivas e sociais que usan o idioma galego habitualmente.

DEBILIDADES

Reticencias ao uso do galego nalgunhas asociacións con moito uso de documentación (asociacións de veciños, comunidades de propietarios) ou de certa relevancia social en vilas e cidades (círculos recreativos, casinos).

Insuficiente apoio ás asociacións para reforzar os procesos de galeguización.

Efectividade irregular das axudas e escasa avaliación dos resultados.

Connotación negativa e certa perversión do sistema "galeguización por cartos".

Insuficiente número de persoal técnico de normalización lingüística a nivel municipal.

Deporte

FORTALEZAS

Boa parte dos deportistas galegos son galegofalantes ou están en condicións de selo.

O galego é a lingua espontánea de moitos afeccionados, visible non só nos estadios senón mesmo cando se comenta en galego un partido transmitido ou descrito en castelán.

Actitude favorable ao galego en moitas das entidades deportivas.

Existen deportistas de elite con actitudes favorables explícitas cara ao galego.

Manifestación explícita dalgunhas entidades deportivas da vontade de adoptar o galego como lingua preferente de relación.

Existencia de medios de comuni-

DEBILIDADES

Carácter minoritario do galego na práctica deportiva das categorías superiores e cando se participa en competicións de carácter estatal.

Ocultación case total da lingua galega en certas disciplinas deportivas e nas declaracións á prensa de certos deportistas.

Número insuficiente de deportistas de elite e de dirixentes que falen en galego, o que limita a existencia de referentes sociais.

Escasa presenza do galego na comunicación interna das entidades deportivas (escritos, acordos, contratos,, etc).

A pesar do esforzo que están realizando algunhas entidades deportivas tendentes á normalización do uso do galego, na maioría é aínda escasa a presenza do galego na comunicación externa e na paisaxe lingüística dos estadios e pavillóns deportivos (rotulación, megafonía dos encontros deportivos, información da actividade).

Ausencia case total na documentación deportiva (arbitral ou non).

cación públicos que ofrecen narración en galego de eventos deportivos.

Presenza do galego nos adestramentos, competicións e nalgúns casos na comunicación escrita das categorías inferiores vencelladas ao mundo rural.

Capacidade da lingua para vehicular a actividade, documentación e información deportiva.

Escasas campañas de promoción do uso do galego no deporte.

Presenza minoritaria da lingua galega na comunicación dos espazos deportivos de radio e TV.

Ausencia case total da información escrita. Tradución ao castelán mesmo da información que aos medios se lles facilita en galego.

Escasa presenza do galego na formación de deportistas galegos. Aínda que hai excepcións, a maioría dos adestradores e formadores do deporte de base utilizan o castelán.

Uso preferente da terminoloxía específica dos aspectos máis técnicos do deporte (xavelina, martelo, técnicas deportivas, partes do corpo, etc.) en castelán ou mesmo en inglés.

Ausencia de actividades formativas para que o persoal que traballa neste eido coñeza o vocabulario específico galego dos distintos deportes.

Escaseza ou descoñecemento da existencia de materiais de apoio en galego para os clubs ou entidades deportivas (fichas, formularios, contratos, vocabularios, etc.).

Débil emprego do galego nos recursos tecnolóxicos referidos ao deporte, tanto en programas informáticos coma noutros recursos na Rede.

Minoritario uso do galego nos videoxogos deportivos e nas redes sociais do deporte.

Crenzas Relixiosas

FORTALEZAS

Base social maioritaria de fregueses galegofalantes no mundo rural.

Existencia de oracións, cantos e fórmulas relixiosas que a xente utiliza en lingua galega.

Existencia dunha base significativa de comunidades de fieis e pastores que usan o galego na liturxia. Nos dous sectores hai mesmo persoas comprometidas coa lingua no labor pastoral.

A emisión da misa dos domingos na TVG en galego ten unha audiencia alta.

A emisión da misa pola TVG contribúe a que a xente que aprendeu a maioría das oracións e termos relixiosos en castelán se vaia familiarizando con estes en galego.

DEBILIDADES

Tradición plurisecular que liga ao castelán todo o que na liturxia católica oficial non é en latín.

Malia seren moitos dos fieis galegofalantes, os actos relixiosos desenvólvense maioritariamente en castelán, mesmo nos medios rurais.

Baixa porcentaxe de parroquias nas que a liturxia se fai en galego, ben porque os sacerdotes non son galegos, ben por prexuízos ou

Aceptación positiva e, por veces entusiasta, da liturxia en galego alí onde se iniciou.

Existencia de comunidades de base que encarnan na galeguidade a súa fe e practican unha liturxia aberta e innovadora, nas que toda a liturxia se fai sempre en galego.

Existencia de directrices conciliares que aconsellan o uso da lingua galega na liturxia católica en Galicia.

Boa disposición dos bispos, manifestada en pastorais e, con máis ou menos continuidade, manifestada tamén na práctica.

Existencia na liturxia católica dos libros litúrxicos indispensables en galego (Biblia, misal, rituais, oracional, cantigueiro; mesmo de materiais catequéticos) e a baixo prezo, o que facilita o seu acceso para os posibles usuarios e usuarias.

Existencia dalgúns materiais audiovisuais en galego, elaborados ou traducidos por católicos, evanxelistas e Testemuñas de Xehová.

Clero galego cada vez máis instalado na lingua galega (fóra de casos minoritarios e a zona ourensá dependente de Astorga).

Experiencia de moitos sacerdotes adquirida en varios decenios de uso litúrxico do galego.

Existencia de rapaces e mozos con hábito de ler, mesmo en público, textos en galego.

Facilidade de aprendizaxe e de transferencia castelán – galego.

Actitude positiva da curia foránea cara á aprendizaxe do galego.

Menor rexeitamento ao uso litúrxico que hai uns anos e maior receptividade entre a mocidade castelanfalante.

Existencia de gran número de documentos e mesmo formularios en galego das curias diocesanas ou de organismos relixiosos.

Existencia de programas relixiosos en galego tanto da Igrexa Católica (A sentinela, Santa Misa) coma das evanxélicas (Nacer de novo) na TVG e noutras emisoras e publicacións.

Lecturas bíblicas en galego entre as comunidades evanxélicas.

Existencia de diversas publicacións (impresas ou na rede) teolóxicas, relixiosas ou simplemente eclesiásticas en galego.

Crecente ruptura do uso xeneralizado do castelán e a incorporación progresiva do galego nos asuntos funerarios, maiormente nos da mocidade e xente da cultura.

Existencia de programas como "En galego, agora e sempre", que promoven o galego nos usos funerarios.

Cada vez hai máis lápidas gravadas con frases en galego e máis xente que pide celebrar bautizos, comuñóns, vodas e enterros en galego.

ben por costume de oficiar a misa en castelán.

Insuficiente difusión da existencia da liturxia en galego.

Sensación de retransmisión demasiado ríxida da misa que ofrece e que se transmite os domingos pola TVG por estar feita nun lugar sempre igual e case sen xente.

Descoñecemento das oracións básicas, dos cantos e respostas litúrxicas en galego por unha parte importante da poboación que non ten ocasión de familiarizarse coa liturxia en galego.

Aceptación sen resistencia do regreso á liturxia en castelán, cando falta a persoa ou grupo de persoas que introduciran o galego nela.

Falta de iniciativa ou vontade de moitos relixiosos para comezar a dicir a misa en galego.

Dificultades de influencia social deste grupo.

Existencia doutros grupos eclesiásticos, tamén dinámicos, que nunca utilizan o galego.

Diagnóstico

Turismo

FORTALEZAS

Fortaleza da lingua galega como máximo ben patrimonial galego.

O galego está presente de modo xeral en oficinas de turismo, museos e aloxamentos.

Maior presenza do galego nos nomes de hoteis, restaurantes, casas de turismo rural, furanchos... e tamén nos folletos informativos con rutas de sendeirismo e lugares de interese turístico.

Cada vez máis profesionais deste sector amosan interese en mellorar a súa competencia lingüística en galego, porque o entenden como un sinal positivo de acollida e diferenciación turística.

A lingua galega e a cultura en lingua galega son un ben cultural, que se pode converter nun atractivo turístico e nun valor engadido máis alá da paisaxe e da gastronomía para ofrecer ás e aos visitantes.

Os materiais de promoción turística, polo menos os elaborados desde as administracións públicas, adoitan estar en galego, castelán e, nalgúns casos, tamén en inglés.

Moitas persoas visitantes valoran positivamente o galego porque o entenden como parte da autenticidade da súa experiencia.

Forte presenza da lingua galega nos niveis básicos da actividade turística.

DEBILIDADES

Escasa utilización do galego no sector turístico privado.

Pouca presenza da lingua galega entre as organizacións profesionais que estruturan o sector. A súa proxección cara aos asociados non promove o seu uso.

Escasa presenza no ámbito empresarial pola crenza da falta de rendemento como idioma de expresión neste ámbito.

Presenza aínda escasa da lingua galega nas cartas dos restaurantes e na rotulación e facturación dos hoteis.

Frecuente ocultación da lingua galega, coma se fose un obstáculo ou algo que dificulta a relación co turista.

Prexuízo da falta de utilidade do galego no mercado turístico estatal e internacional.

Os materiais de promoción turística que máis se distribúen son os que están en castelán.

Moitas páxinas web privadas sobre casas de turismo rural e establecementos de hostalaría non ofrecen a información en galego.

En moitos establecementos privados dáselle prioridade ao inglés antes que ao galego, e utilizan o castelán como lingua natural de referencia .

Escasa formación técnica en lingua galega nos niveis de xestión e dirección turística.

Falta de cursos de formación en lingua e cultura galegas para o persoal que traballa no sector turístico.

Paisaxe linguística

FORTALEZAS

Aumento de rotulación en galego en cidades e vilas: anuncios, topónimos, nomes de establecementos públicos, patrimonio material... na busca de orixinalidade.

Existe un Nomenclátor oficial coa toponimia maior de toda Galicia (nomes de concellos, parroquias, aldeas, vilas e cidades)

Existencia de dicionarios de nomes e de apelidos galegos.

Existencia de lexislación que permite poñer en galego o nome e os apelidos a quen o desexar.

Maior presenza da lingua galega nos produtos galegos (viños, queixos, mel...), nas cartas dos restaurantes, bares, comercios.

No sector alimentario e da artesanía, cada vez hai máis presenza do galego como un sinal de identidade propia, de calidade e distinción do produto.

DEBILIDADES

Incongruencia entre o nome dun restaurante ou dun comercio en galego e o uso da lingua que fan as persoas que traballan dentro do establecemento.

A rotulación dunha gran parte das empresas que ofrecen os seus servizos en Galicia está en castelán, mesmo as que ofrecen servizos ás administracións.

A gran maioría das inscricións nos cemiterios de Galicia están en castelán, aínda que o defunto nunca utilizara na súa vida esta lingua.

Falta dun órgano que estimule a presenza do galego na paisaxe urbana e rural.

A toponimia oficial aínda non aparece en moitos recursos que utiliza a poboación (mapas, páxinas de información, centrais de reserva...).

Falta de coñecemento por parte da poboación do potencial que ten a nosa lingua, e a onomástica en particular, para ofrecer unha imaxe positiva da lingua ante os ollos das persoas que percorren a nosa comunidade.

Pouco uso na práctica de galeguización do nome e, sobre todo, dos apelidos en casos que son evidentes castelanizacións producidas en diversos momentos da nosa historia.

O dominio .gal, fundamental para a identificación e difusión do galego no ciberespazo aínda non ten a suficiente implantación na empresa privada.

Insuficiente fomento por parte das institucións públicas do emprego do galego na etiquetaxe de produtos, na rotulación...

Falta de asesoramento e formación para as persoas que queiran dar a coñecer ou anunciar os seus negocios, as súas iniciativas ou as súas empresas en galego dun xeito orixinal.

Falta de uso do galego nas redes sociais onde se fala de produtos ou de establecementos de Galicia (influentes...).

SECTOR 6

SOCIEDADE
Obxectivos

SECTOR 6: SOCIEDADE

Obxectivos xerais

01

Potenciar o uso e o prestixio do galego en todos os sectores da sociedade.

02

Incorporar a poboación inmigrante á lingua propia de Galicia, garantíndolle, para esta finalidade, unha oferta formativa accesible, atractiva e gratuíta.

03

Mellorar a percepción do galego como unha lingua útil e moderna para tratar calquera tema social.

04

Estimular a galeguización do mundo da igrexa, do mundo do deporte e do mundo do turismo para darlle unha maior proxección interior e exterior á nosa lingua e á nosa cultura.

05

Impulsar a presenza do galego en Internet e nas redes sociais.

06

Transformar a paisaxe lingüística para que sexa un reflexo do orgullo da sociedade galega pola súa cultura e tamén como marca de identidade e de calidade dos servizos e produtos do noso país.

07

Lograr que calquera cidadán galego poida desenvolver en galego as actividades relacionadas coa súa vida relixiosa, como mostra de respecto aos seus dereitos lingüísticos e culturais.

08

Promover unha oferta ampla e diversificada de produtos lúdicos en galego que combinen a diversión coa promoción dos valores humanísticos.

.

SECTOR 6: SOCIEDADE

Obxectivos específicos

Servizos sociais

01

Potenciar o uso da lingua galega como elemento vehicular do desenvolvemento laboral e de eficacia na prestación de servizos sociais tanto públicos como os fornecidos polo sector privado.

02

Promover que os servizos sociais dependentes das administracións públicas, e as entidades do sector privado que traballan nesta área, desenvolvan a súa actividade social respectando os dereitos lingüísticos dos usuarios destes servizos e buscando unha solución para o entendemento coas familias inmigrantes que o precisen.

03

Incluír nos plans de formación do persoal traballador dos servizos sociais unha área de formación en lingua galega que garanta a súa competencia lingüística oral e escrita, tanto da Administración pública como das empresas privadas.

04

Fomentar a produción de documentación, materiais, libros e ferramentas dixitais en galego que faciliten o uso do idioma coa terminoloxía propia desta área.

05

Impulsar o uso da lingua galega nas institucións e organismos asistenciais e de servizos sociais tanto dependentes da Administración como desenvolvidas por empresas privadas e organizacións sen fins de lucro.

SECTOR 6: SOCIEDADE

Obxectivos específicos

Inmigración

01

Concienciar os axentes sociais da conveniencia de incorporar a poboación inmigrante á lingua e cultura galegas pola importancia que ten formar parte dun grupo cultural e dunha nova identidade cultural para vivir en comunidade.

02

Velar por que a formación e inserción dos traballadores inmigrantes se faga tamén en lingua galega

03

Garantir a gratuidade e continuidade no tempo da formación en lingua galega para quen o desexe ou precise.

SECTOR 6: SOCIEDADE

Obxectivos específicos

Asociacionismo

01

Concienciar as asociacións e colectivos sociais da pertinencia e necesidade de usar a lingua galega nas súas iniciativas (lúdicas, culturais, formativas, informativas, etc.).

02

Lograr que as asociacións e colectivos sociais sexan axentes de promoción da lingua.

03

Promover a proposta de actividades por parte das asociacións para poñer en valor e divulgar o patrimonio cultural galego, o material e mais o inmaterial (toponimia, lendas, cantigas...).

SECTOR 6: SOCIEDADE

Obxectivos específicos

Deporte

01

Impulsar que o galego sexa a lingua de comunicación co público nos estadios, pavillóns e eventos deportivos, especialmente nos de seguimento masivo.

02

Promover a galeguización nos colectivos, federacións e clubs do ámbito do deporte.

03

Reforzar a presenza do galego nos medios de comunicación especializados en información deportiva.

04

Fomentar que o proceso de formación no deporte de base, desde a primeira idade, se desenvolva en lingua galega.

05

Conseguir que os adestradores e monitores deportivos, especialmente os relacionados co deporte de base, teñan competencia lingüística e actitudes favorables para desenvolveren o seu labor en lingua galega.

06

Favorecer a galeguización dos espazos destinados aos ximnasios e actividades deportivas: rotulación, carteis, música.

SECTOR 6: SOCIEDADE

Obxectivos específicos

Crenzas relixiosas

01

Impulsar entre o clero e nos seminarios católicos, en colaboración coa xerarquía eclesiástica, un proceso de reflexión bíblica, patrística e canónica sobre a cuestión da lingua galega no traballo pastoral, que permita aumentar o uso e o prestixio do galego nesta área. A lingua galega ten que verse válida para a práctica relixiosa.

02

Formación dos sacerdotes das distintas relixións para que poidan desenvolver os actos litúrxicos en galego.

03

Creación de textos relixiosos, oracións e cantos en galego para o culto das distintas relixións que conviven no noso país.

04

Amparar o dereito de calquera cidadán galego a que o bautizo do seu fillo, a comuñón, a súa propia voda ou o seu propio enterro, sexan en lingua galega se así o desexan.

SECTOR 6: SOCIEDADE

Obxectivos específicos

Turismo

01

Impulsar a idea de que o galego se perciba como un elemento diferencial e enriquecedor para os turistas, como unha marca de identidade e calidade.

02

Asociar a lingua ao concepto de patrimonio, paisaxe e ecoloxía da actividade turística.

03

Conseguir que o galego estea presente na documentación contractual, de información e propaganda do sector turístico.

04

Asegurar a presenza normal da lingua galega en todas as actividades da Hostalaría.

05

Promover que o turismo rural signifique achegamento do mundo urbano á lingua galega.

SECTOR 6: SOCIEDADE

Obxectivos específicos

Paisaxe lingüística

01

Fomentar que unha boa parte dos nomes para denominar empresas, establecementos... estean en galego.

02

Fomentar o uso do galego na denominación, etiquetaxe e divulgación dos produtos galegos, como unha marca de identidade, calidade, orgullo, respecto ao medio ambiente e amor pola nosa terra e o noso mar.

03

Asegurar que o galego teña visibilidade na promoción e exhibición dos bens de interese cultural (paneis informativos, rotulación, webs municipais, redes sociais...).

SECTOR 6

SOCIEDADE
Medidas

Medidas Xerais

GRUPO 6.1.1

Aproveitar o coñecemento e uso do galego que, en moitos usuarios e usuarias, é de moi alto nivel aínda que non estea filtrado pola norma

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Aumentar a autoestima das persoas usuarias facéndoas partícipes dunha obra colectiva construída cos saberes que teñen e para conseguir unha asistencia de maior calidade e eficacia.

Procurar que os usuarios e usuarias dos servizos sociais que son doutras nacionalidades entendan a nosa lingua.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade, RAG, residencias e centros de maiores e SXL.

MEDIDAS

Prioridade

6.1.1. Deseñar programas de actividades que incorporen o galego como lingua de traballo ou como obxecto de talleres ou conferencias. → 2

6.1.2. Recoller e publicar a memoria léxica, etnolingüística e etnográfica que atesouran os usuarios (por exemplo, as persoas que se reúnen nas residencias da terceira idade), cun premio anual que distinga a máis valiosa desas memorias. → 2

6.1.3. Estimular a participación das e dos usuarios dos centros de día e residencias de maiores en proxectos colaborativos sobre a memoria colectiva como pode ser **Galicia Nomeada**, un programa de salvagarda da nosa microtoponimia e de toda a tradición oral vencellada a ela. → 2

Aproveitar a versatilidade dos sistemas de comunicación de persoas discapacitadas

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Eliminar as barreiras lingüísticas que sofren as persoas discapacitadas galegofalantes.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade en colaboración coa ONCE e SXL.

MEDIDAS

Prioridade

6.1.4. Iniciar a adaptación, difusión e práctica dos sistemas Braille, lingua de signos... ao galego en colaboración coas correspondentes organizacións de atención a estas persoas. → 1

Aproveitar a versatilidade dos sistemas de comunicación de persoas discapacitadas

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Eliminar as barreiras lingüísticas que sofren as persoas discapacitadas galegofalantes.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política social e Igualdade en colaboración coas organizacións que se ocupan de persoas con necesidades específicas e SXL.

MEDIDAS

Prioridade

6.1.5 Establecer acordos coas asociacións de persoas con dificultades lectoras para elaborar materiais de lectura fácil en galego que permita a integración destas persoas e a accesibilidade cognitiva a través do galego. → 2

Potenciar os valores da lingua galega maioritaria, pero menos visible

Facer visible que a lingua é compañeira da realidade que viven as e os usuarios dos servizos sociais

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Presentar o uso do galego como un acto de riqueza social e cultural, por canto é a lingua propia e distintiva deste territorio.

Estimular a aparición do concepto e categoría de boa práctica laboral que inclúa o fomento do uso do galego.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, Consellería de Política Social e Igualdade en colaboración coa Administración local.

MEDIDAS

Prioridade

6.1.6. Campaña para facer ver que a dignidade dunha lingua non ten nada que ver co número de falantes e que todas as linguas teñen capacidade para expresar todas as nosas necesidades. → 2

6.1.7. Elaborar un folleto para a súa difusión entre o persoal traballador no que se especifiquen as normas que constitúen o concepto de boa práctica laboral, con especial atención a canto axude a remover reticencias verbo do uso profesional da lingua galega, porque redunda na eficacia do servizo, e que a sitúe dentro do contexto de reinserción social. → 2

6.1.8. Crear un premio anual que distinga o centro de servizo social que mellor cumpra os requisitos de boa práctica laboral en lingua galega. → 2

Aproveitar o coñecemento e uso do galego que ten ou que se pode fomentar no persoal que traballa nos servizos sociais

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Promover que o galego sexa a lingua en que son atendidas todas as persoas galegofalantes usuarias dos servizos sociais.

Impulsar o uso cotián do galego, considerándoo como boa práctica laboral.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política social e igualdade e Administración Local.

MEDIDAS

Prioridade

6.1.9. Establecer como recomendación xeral o uso do galego coas persoas usuarias galegofalantes por parte do persoal técnico, asistencial e administrativo, e facelo extensivo ao persoal máis cualificado e aos cadros directivos, tanto nos centros de titularidade pública coma nos privados. → 1

6.1.10. Reorientar a formación continua do persoal que traballa nos servizos sociais, co obxectivo de acadar unha competencia plena en galego, oral e escrita. → 1

6.1.11. Realizar anualmente un labor de avaliación do uso do galego cos usuarios e usuarias galegofalantes, ao mesmo tempo que se fai a da súa satisfacción co servizo prestado. → 1

6.1.12. Establecer incentivos públicos para entidades que desenvolvan as súas actividades e materiais en galego. → 1

Potenciar a presenza do galego escrito en toda a documentación para desbloquear posibles situacións de ocultación lingüística

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Procurar que o persoal cualificado e os cadros directivos dos servizos sociais fagan uso habitual do galego, especialmente coas persoas usuarias galegofalantes.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política social e igualdade , Administración Local e SXL.

MEDIDAS

Prioridade

6.1.13. Tradución ao galego da documentación técnica máis prestixiosa. → 2

6.1.14. Produción de documentación materiais, libros e ferramentas dixitais en galego que faciliten o uso do idioma coa terminoloxía propia desta área e que sexan facilmente accesibles. → 2

6.1.15. Acompañamento lingüístico e asesoramento ás entidades que queiran adoptar o galego nos seus procesos. 2

6.1.16. Impartir sempre en galego (salvo casos debidamente xustificados) os cursos de actualización profesional que organicen as administracións, facilitándolles a asistencia ao persoal traballador en horas laborais. 2

6.1.17. Fomentar que todas as reunións de dirección ou comisións técnicas, así como as súas intervencións públicas nos medios de comunicación se fagan en galego. 2

6.1.18. Promover que toda a publicidade e divulgación destes servizos se faga en galego. 2

SECTOR 6: SOCIEDADE

Medidas

Inmigración

GRUPO 6.2.1

Aproveitar o amplo e espontáneo uso do galego nos distintos sectores laborais onde participan as persoas inmigrantes

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Orientar as persoas inmigrantes sobre as características do país ao que acaban de chegar ao mesmo tempo que se lles facilitan algúns coñecementos básicos necesarios para entender o noso idioma, costumes e tradicións.

Conseguir que a poboación inmigrante perciba que o uso do galego é un dereito de toda a poboación galega.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade, Administración Local e SXL.

MEDIDAS

Prioridade

6.2.1. De acordo coa Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia, ofrecerlle ao colectivo inmigrante programas de acollida en lingua galega, así como libros e recursos actualizados para a súa aprendizaxe. 1

6.2.2. Campaña dirixida ás persoas inmigrantes motivándoas a aprender o galego e acreditar este coñecemento para que puntúe á hora de optar a un traballo. 1

Aproveitar a actitude favorable das persoas inmigrantes e a facilidade que as persoas de determinadas procedencias teñen para os idiomas

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Conseguir que o colectivo inmigrante perciba o galego como lingua propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política social e Igualdade , Administración Local, SXL e Asociacións de inmigrantes.

MEDIDAS

Prioridade

6.2.3. Campañas de información sobre o Estatuto (histórico, xurídico, etc.) do galego. 2

6.2.4. Creación dun premio anual á integración lingüística, que distinga o inmigrante neofalante que acade maior nivel no dominio da lingua ou que máis destaque no seu uso. 2

6.2.5. Establecer que os cursos de formación profesional especializada para inmigrantes e que conten con axuda pública inclúan contidos en lingua galega e promover que os alumnos acaden un dominio fluído en galego para o exercicio profesional. 2

6.2.6. Recomendar os mesmos criterios para o resto dos cursos de iniciativa privada. 2

6.2.7. Intensa colaboración institucional con todas as entidades que ofrecen servizos sociais aos inmigrantes para a consecución dos obxectivos deste plan. 2

6.2.8. Achegas orzamentarias directas ás entidades para que impartan cursos presenciais de lingua e cultura galegas (incidindo no coñecemento da contorna local) dirixidos ás persoas inmigrantes, con especial atención ás que están aínda en situación de irregularidade. 2

Aproveitar a existencia de formación para facilitar a integración lingüística e social das persoas inmigrantes e das súas familias

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Conseguir ampliar e mellorar a formación en galego da poboación inmigrante.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política social e igualdade, Administración Local, SXL, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

MEDIDAS

Prioridade

6.2.9. Realización de cursos continuados ao longo de todo o ano de iniciación á lingua e cultura galegas específicos para persoas inmigrantes. ····· 2

6.2.10. Preparación de materiais específicos destinados aos inmigrantes sobre lingua e cultura galegas en soportes tecnolóxicos atractivos. ····· 2

6.2.11. Campaña de información e sensibilización no mundo escolar para mellorar e incentivar a formación en lingua e cultura galegas do alumnado inmigrante. ····· 2

6.2.12. Promover que as diferentes culturas da poboación inmigrante se utilicen nas aulas, para que o inmigrante se sinta apreciado e as e os compañeiros galegos amplíen a súa visión cultural. ····· 2

Aproveitar a preocupación da persoa inmigrante de non perder as súas raíces para que comprenda a importancia de coñecer os costumes e tradicións de aquí á hora de integrarse na nosa cultura

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Identificar afectivamente a causa normalizadora galega co sentimento de identidade que estas persoas queren manter nun territorio estranxeiro.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade, Administración Local, SXL e Asociacións de inmigrantes.

MEDIDAS

Prioridade

6.2.13. Cursos de cultura galega impartidos en casas de reunións de persoas inmigrantes, dados en clave de identidade, valorando o contraste e integración das culturas de orixe e de acollida. → 1

6.2.14. Edición dun volume con textos literarios de linguas dos colectivos inmigrantes maioritarios de Galicia vertidos en lingua galega. → 1

SECTOR 6: SOCIEDADE

Medidas

Asociacionismo

GRUPO 6.3.1

Garantir a confianza na utilización da lingua galega por parte das entidades asociativas a través dun sistema de formación e de apoio lingüístico

Aproveitar as novas tecnoloxías e a utilización das redes sociais como estratexia de introdución da lingua galega na proxección pública das asociacións *(programa para a galeguización das páxinas web de cada asociación)*

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Aumentar a presenza do galego nas actividades cotiás e nas publicacións das entidades sociais.

Mellorar a eficacia das axudas públicas priorizando os procesos duradeiros de galeguización das asociacións.

Establecer a lingua galega como criterio transversal en todos os proxectos asociativos, apoiados con fondos públicos.

ÓRGANO EXECUTOR

AMTEGA, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en colaboración con Federacións/Asociacións e Administración local.

MEDIDAS

Prioridade

6.3.1. Elaborar unha campaña de difusión do dereito, da posibilidade técnica e da conveniencia de realizar en galego a actividade cotiá propia das asociacións. → 2

6.3.2. Elaboración e difusión de ferramentas informáticas en lingua galega para a mellora do funcionamento asociativo. → 2

6.3.3. Elaborar en lingua galega modelos de formularios de uso máis común no funcionamento das asociacións: actas, notas de prensa, mensaxes a través das redes... adaptados para cada tipo de entidade. → 2

6.3.4. Traducir ao galego a lexislación básica de aplicación ás asociacións, comunidades e entidades sociais e difundila entre as entidades afectadas. → 2

6.3.5. Establecer convenios coas federacións que aglutinen asociacións de menor entidade para, na medida do posible, deseñar con eles os materiais necesarios, conseguir que os distribúan coa maior eficacia e impulsen compromisos de avance no uso da lingua galega. → 2

6.3.6. Analizar o sistema de axudas das distintas administracións para fomentar unha maior presenza da lingua galega nas entidades receptoras.. → 2

6.3.7.Poñer en marcha un programa de axudas económicas para proxectos presentados polas asociacións que contribúan ao prestixio social do galego. → 2

Aproveitar a actividade das entidades promotoras da defensa e promoción da lingua galega

Crear unha rede profesional e subvencionada de asesoramento lingüístico para concellos e asociacións, apoiada por unha plataforma dixital que centralice recursos, formación e peticións de asistencia

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Comprometer o tecido asociativo para que sexa un axente dinámico de normalización da lingua galega.

Mellorar a coordinación da Administración cos axentes promotores da normalización da lingua galega evitando que se utilice a lingua como campo de discordia.

ÓRGANO EXECUTOR

AMTEGA, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en colaboración con Federacións/Asociacións e Administración local.

MEDIDAS

Prioridade

6.3.8. Establecer un programa anual de colaboración entre as Administracións e o asociacionismo cultural para deseñar accións conxuntas e coordinadas destinadas á promoción social do galego e á formación de axentes culturais (tanto públicos coma privados). 2

6.3.9. Promover un encontro anual de asociacións culturais para intercambio de experiencias e opinións referidas á normalización da lingua galega. 2

6.3.10. Crear un banco de recursos audiovisuais útiles para todo tipo de campaña de carácter asociativo. 2

6.3.11. Promover e incentivar o uso de topónimos locais singulares para denominar as asociacións, agrupacións... que se creen en cada concello. 2

SECTOR 6: SOCIEDADE

Medidas

Deporte

GRUPO 6.4.1

Intentar que os clubs se identifiquen co país para que o país tamén se identifique con eles

Aproveitar, onde exista, a actitude favorable cara ao galego das entidades deportivas e das persoas que practican calquera deporte

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Conseguir que a comunicación de máis entidades deportivas se desenvolva en galego.

Conseguir que un maior número de dirixentes de clubs e de deportistas de elite amosen un maior compromiso co galego e se poñan como exemplo do uso da lingua galega.

ÓRGANO EXECUTOR

Secretaría Xeral para o Deporte, SXL, en colaboración cos clubs.

MEDIDAS

Prioridade

6.4.1. Establecer un acordo conxunto cos grandes clubs deportivos co obxectivo de incorporar a lingua galega ás súas comunicacións, e que respecten a toponimia galega, de xeito que poidan ser exemplo no mundo deportivo. → 1

6.4.2. Establecer unha vía de diálogo con deportistas de elite galegofalantes para que fagan sempre en galego as súas declaracións aos medios de comunicación de Galicia. 1

6.4.3. Cursos de formación para que os e as deportistas dos clubs galegos procedentes doutros países poidan aprender a nosa lingua. → 1

6.4.4. Prestar os servizos de asesoramento lingüístico necesarios para facilitar que o galego estea presente en eventos de calquera modalidade deportiva. → 1

Aproveitar que a Administración autonómica de Galicia é a institución de maior transcendencia nas axudas ao ámbito deportivo

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Facer visible a presenza do galego como lingua oficial nas competicións deportivas.

Incrementar a presenza do galego na publicidade e na información sobre eventos deportivos.

ÓRGANO EXECUTOR

Secretaría Xeral para o Deporte, SXL, en colaboración cos clubs. Secretaría Xeral para o Deporte, SXL,Termigal, en colaboración cos clubs, co "Consejo Superior de Deportes" do Goberno de España, cos donos dos estadios e centros deportivos.

MEDIDAS

Prioridade

6.4.6. Constituír unha asociación de clubs de deporte de base (O DEPORTE FALA GALEGO), que sirva de estímulo para a promoción e normalización do galego no deporte. 2

6.4.7. Realizar unha campaña de uso preferente do galego na rotulación e comunicación dos estadios e centros deportivos. 2

6.4.8. Facilitar aos ximnasios terminoloxía e recursos lingüísticos necesarios para desenvolver a súa actividade en galego. 2

6.4.9. Campaña para fomentar que as persoas dirixentes, o equipo adestrador, o equipo técnico e os deportistas utilicen o galego nas súas declaracións á prensa e nas redes sociais. 2

6.4.10. Fomentar o emprego do galego nas comunicacións internas e externas das entidades deportivas. 2

6.4.11. Promover que o galego estea presente na publicidade de eventos deportivos de carácter estatal e internacional que se celebren en Galicia. 2

6.4.12. Desenvolver en lingua galega actividades formativas para o persoal que traballa na administración e dirección de clubs e entidades deportivas. 2

Aproveitar os recursos dispoñibles nos medios de comunicación públicos

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Procurar que o galego sexa lingua normal de comunicación no ámbito deportivo.

Facer visible a presenza do galego como lingua oficial nas competicións deportivas.

ÓRGANO EXECUTOR

Secretaría Xeral para o Deporte, Consejo Superior de Deportes e SXL

MEDIDAS

Prioridade

6.4.13. Regular a validez dos actos e documentos xurídicos das entidades deportivas e das actas arbitrais realizadas en galego. 1

6.4.14. Establecer nos convenios das administracións cos medios de comunicación unha progresión ascendente da información deportiva en lingua galega. 1

6.4.15. Organizar cursos de formación de técnicos de comunicación deportiva en galego (megafonía, comunicación escrita...). 1

6.4.16. Fomentar que nas comunicacións oficiais de clubs e federacións de Galicia se empreguen as dúas linguas oficiais en competicións estatais e internacionais. 1

Aproveitar a existencia do Instituto de Educación Física e do Centro de Alto Rendemento para formar tamén a expresión en galego dos/as futuros/as deportistas galegos/as de elite

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Introducir a lingua galega no proceso técnico de formación dos e das deportistas de elite, dos/as adestradores/as, árbitros/as e profesores/as de educación física.

ÓRGANO EXECUTOR

Secretaría Xeral para o Deporte, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, colaboración de TERMIGAL.

MEDIDAS

Prioridade

6.4.17. Convenio cos institutos, centros ou escolas deportivas (residentes en Galicia) para impulsar o desenvolvemento da formación técnica en lingua galega e facilitar que os profesionais do sector poidan desenvolver o seu labor profesional en galego sen dificultades. 1

6.4.18. Elaborar e difundir todo o material terminolóxico necesario para o desenvolvemento en galego da formación e da actividade deportiva. 1

6.4.19. Traducir ao galego, mediante acordo coas respectivas federacións, o conxunto da regulamentación deportiva. 1

6.4.20. Desenvolver un programa de divulgación amena (por exemplo, en formato cómic) da regulamentación dos deportes máis estendidos dirixido á xente nova. 1

6.4.21. Crear contidos divulgativos e lúdicos para as redes sociais sobre os deportes en galego. 1

Medidas

Crenzas relixiosas

GRUPO 6.5.1

Aproveitar que unha ampla maioría demográfica utiliza a lingua galega para vivir e expresar a súa fe relixiosa na intimidade

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Facer visible a extensión da lingua galega na liturxia.

Conseguir que a xerarquía e os pastores relixiosos acepten compasar o seu labor pastoral e litúrxico co Plan xeral de normalización da lingua galega.

Estimular a aparición dun movemento interno nas organizacións relixiosas que sexa sinérxico con este plan.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL coa colaboración das autoridades relixiosas.

MEDIDAS

Prioridade

6.5.1. Encontro dos poderes públicos coas diferentes xerarquías relixiosas (cristiás ou doutras crenzas) para crear unha canle de diálogo permanente verbo dos asuntos lingüísticos na actividade relixiosa e para impulsar un incremento de uso do galego na liturxia e na proxección pública de cada diocese ou sección. → 2

6.5.2. Creación dun organismo para cada confesión relixiosa que impulse, asesore, coordine e siga o proceso de normalización. → 2

6.5.3. Dirixirse aos sacerdotes responsables das grandes romarías galegas, nas que se xunta xente de toda Galicia, para que, se o galego non fose xa a lingua da liturxia, estea presente, polo menos, nos momentos máis importantes e comunicativos dos ritos. 2

6.5.4. Elaboración dun folleto coas oracións básicas en galego, que inclúa tamén as expresións populares galegas de maior uso e valor teolóxico e difusión a través das comunidades parroquiais. → 2

Aproveitar o éxito da liturxia en galego en todo tipo de comunidades rurais, vilegas ou urbanas para convencer da aptitude litúrxica da lingua

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Facer visible a extensión da liturxia en galego para provocar, por medio da TV, noutras parroquias a emulación que outros programas produciron, por exemplo, no campo do folclore ou da gastronomía.

Facilitar a incorporación á liturxia en galego das persoas que non teñen o hábito de participar nela.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL e CSGG coa colaboración das autoridades relixiosas.

MEDIDAS

Prioridade

6.5.5. Impulsar coa CSAG, en función dos recursos dispoñibles, a transmisión da misa en galego os domingos desde parroquias distintas, para que se vexan diferentes comunidades vivindo a fe en galego e se produza a emulación. → 3

6.5.6. Campaña nos medios de comunicación animando a poboación galega a utilizar o galego neste ámbito, tal como se fai con naturalidade en moitos outros lugares. 3

6.5.7. Colocar en todas as igrexas de Galicia un número de libros proporcional á asistencia media de fieis que conteña os textos e cantos da liturxia tamén en galego. → 3

Axudarse do exemplo que dá quen usa o galego na liturxia e do seu compromiso con el

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Potenciar o labor de quen usa o galego e se manifesta comprometido coa súa extensión.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, CSGG coa colaboración das autoridades relixiosas, Episcodado e Universidade Pontificia de Salamanca.

MEDIDAS

Prioridade

6.5.8. Acordar co Episcopado e cabidos de Galicia un aumento da presenza do galego nos actos litúrxicos de maior asistencia das nosas catedrais. → 3

6.5.9. Promover reportaxes na prensa sobre a naturalidade e a aceptación da liturxia en galego. → 3

6.5.10. Organizar encontros por zonas para axentes pastorais en que se debatan as razóns de boa técnica profesional, da fidelidade á cultura dun pobo con lingua propia e de diálogo da fe con esta cultura concreta. → 3

6.5.11. Incrementar o uso do galego para impartir as clases no Instituto Teolóxico Compostelán e nos Seminarios. → 3

Aproveitar a formación teolóxica dos sacerdotes para a elaboración de materiais de captación

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Superar toda idea da adscrición do galego a un grupo social, non só polo risco de caer en estereotipos, senón porque o idioma é de toda a cidadanía.

Mentalización de responsables de comunidades e axentes de pastoral.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, autoridades das diferentes relixións e Episcodado.

MEDIDAS

Prioridade

6.5.12. Elaboración (de acordo coa xerarquía) e difusión dun libro en que se recollan razóns de orde teolóxica, canónica, pastoral e cultural sobre a normalidade de empregar a lingua galega na liturxia e de como a pluralidade lingüística é signo distintivo da verdadeira tradición cristiá. 3

6.5.13. Facilitar, de acordo coas xerarquías correspondentes, un encontro interconfesional que analice con lóxica endóxena as posibilidades e motivos do uso da lingua galega nas súas áreas. 3

Aproveitar a lexislación eclesiástica para impulsar a presenza do galego na liturxia

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Conseguir o cumprimento das normas do Concilio Pastoral de Galicia de 1976.

Aumentar a porcentaxe dos pastores que entendan as razóns da liturxia en galego.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, autoridades das diferentes relixións, Episcodados

MEDIDAS

Prioridade

6.5.14. Organizar un simposio internacional sobre linguas minoritarias e relixión, no que emerxa a importante contribución do cristianismo á estandarización e promoción das linguas. Difusión das actas como material de debate. 3

6.5.15. Difusión masiva, de acordo coa xerarquía, dun folleto en que se recollan en forma breve e cordial os fundamentos teolóxicos, patrísticos e canónicos do uso da lingua dos e das fieis. 3

Aproveitar a existencia do material impreso para difundilo

Axudarse das técnicas actuais na difusión da lingua no ámbito relixioso

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Conseguir a normalidade do uso do galego no eido relixioso.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, Episcopados, editoriais do sector e autoridades das distintas relixións.

MEDIDAS

Prioridade

6.5.16. Editar en galego e a baixo prezo os materiais para a catequese en galego negociando coa xerarquía a súa utilización preferente. → 3

6.5.17. Reeditar os libros litúrxicos axeitándoos á nova norma do galego e primando as edicións de tamaño medio. → 3

6.5.18. Dobraxe ao galego e difusión dalgúns vídeos especialmente significativos para a educación na fe tanto na catequese coma no ensino relixioso. → 3

6.5.19. Editar os materiais litúrxicos doutras relixións distintas á católica en galego. 3

Aproveitar a plena instalación do clero no galego, moito maior cá de calquera outro gremio con estudos superiores

Aproveitar a existencia dos recursos humanos e materiais para a acción pastoral en galego

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Obter unha mellora da competencia, con especial atención á lectura pública, de xeito que repercuta nunha maior seguridade no uso.

Difundir a tradición patrística que hai moitos séculos xa resolveu o problema da corrección lingüística someténdoa na liturxia á máis doada e natural comunicación coas persoas fieis.

Mentalización de responsables de comunidades e axentes de pastoral.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, Episcopado de Astorga e autoridades das distintas relixións.

MEDIDAS

Prioridade

6.5.20. Fomentar o uso do galego na liturxia na parte galegofalante do bispado de Astorga. → 2

6.5.21. Solicitar das xerarquías relixiosas un incremento significativo da utilización do galego na formación teolóxica e bíblica dos futuros sacerdotes e pastores e un maior coñecemento da nosa identidade cultural. → 2

6.5.22. Realización de cursos para axentes pastorais e crentes orientados non só á formación lingüística práctica senón tamén, e sobre todo, a desinhibir o uso do galego nas súas actividades pastorais e a sentar criterios de cal é o papel da norma na acción litúrxica. → 2

6.5.23. Facilitar axuda institucional para a tradución ao galego dos libros litúrxicos básicos das distintas confesións relixiosas. → 2

Axudarse da maior receptividade cara ao galego neste momento

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Lograr que sedimente a idea ecolóxica de que toda lingua é axeitada para a expresión de calquera necesidade comunicativa.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, Episcopado e autoridades das distintas relixións.

MEDIDAS

Prioridade

6.5.24. Deseñar campañas para o fomento do uso do galego na práctica relixiosa. → 3

6.5.25. Acordo coas xerarquías das diferentes confesións relixiosas existentes en Galicia de remover prexuízos contrarios á utilización da lingua galega no seu ámbito específico. 3

Explotar as posibilidades das fontes existentes

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Facilitar que estea en galego a documentación eclesiástica ordinaria (impresos, formularios, etc.).

Vincular as axudas públicas a un aumento efectivo da presenza do galego.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, Episcopado, autoridades das distintas relixións e Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

MEDIDAS

Prioridade

6.5.26. Aumentar a presenza do galego nos textos e no ensino da relixión nos niveis básico e medio. → 2

6.5.27. Apoio económico á edición de formularios e impresos en galego, obtendo o compromiso do aumento efectivo do uso do galego. → 2

6.5.28. Impulsar a publicación e difusión de materiais en galego para uso das confesións relixiosas, obtendo o compromiso do aumento efectivo do uso do galego. → 2

Aproveitar os programas de radio e TV para fundamentar e estimular o uso do galego nesta área

Aproveitar a competencia lingüística da sociedade galega

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Obter un maior rendemento dos espazos que ofrece a CSAG e un mellor aproveitamento nos medios escritos tratando os temas relixiosos de forma atractiva e axeitada ao mundo de hoxe.

Mentalización de responsables de comunidades e axentes de pastoral.

Incrementar a presenza do galego nas publicacións relixiosas.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL, Episcopado e pastores evanxélicos e autoridades das distintas relixións.

MEDIDAS

Prioridade

6.5.29. Promover, en colaboración coa Igrexa Católica e coas demais confesións relixiosas, accións voluntarias sobre a validez do uso do galego na actividade relixiosa, empregando preferentemente os medios públicos de comunicación. → 2

6.5.30. Promover debates ecuménicos verbo do galego neste sector; darlles protagonismo a persoas que viñeron de fóra e fixeron o esforzo de apostar polo uso pastoral e normal do galego. → 2

6.5.31. Publicación de artigos de prensa polas distintas confesións nos seus medios propios. → 2

6.5.32. Colaboración na creación de web relixiosas en galego e introdución do galego nas existentes. → 2

6.5.33. Incrementar a presenza de contidos relixiosos en galego nas redes sociais. → 2

Aproveitar a aparición do galego neste ámbito

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incorporar as empresas dos servizos fúnebres ao proceso de normalización do galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Asociación de funcionarios para a normalización lingüística, SXL e autoridades relixiosas

MEDIDAS

Prioridade

6.5.34. Encontro coas empresas fúnebres de Galicia para que, utilizando os materiais existentes en galego (mesmo en formato electrónico), impulsen o fomento da lingua galega nos seus servizos. → 2

6.5.35. Promover coas autoridades relixiosas, e respectando a súa autonomía, orientacións de fomento da liturxia en galego. → 2

Medidas
Turismo

GRUPO 6.6.1

Facerlle presente o galego ao turista como lingua viva e patrimonio cultural principal de Galicia

Implicar as organizacións artelladoras do sector

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Lograr que os turistas e peregrinos regresen sabendo que Galicia ten unha lingua propia e que este coñecemento lles resulte unha experiencia agradable.

Promover que as entidades do sector turístico utilicen o galego nas súas comunicacións..

ÓRGANO EXECUTOR

Axencia de Turismo de Galicia, SXL, Arcebisbo de Santiago e administración provincial e municipal.

MEDIDAS

	Prioridade
6.6.1. Publicar un manual políglota de conversación que combine en formato bilingüe ou trilingüe o galego coas oito linguas máis frecuentes das persoas que visitan Galicia.	2
6.6.2. Fomentar que as cartas dos restaurantes e as facturas dos establecementos hostaleiros de Galicia empreguen tamén en galego.	2
6.6.3 Definir un protocolo de boas prácticas comunicativas no sector turístico que prime a eficacia comunicativa e a asunción normal da nosa lingua.	2
6.6.4. Programa de sinalización das zonas e recursos turísticos en lingua galega. Establecer que na rotulación dos lugares turísticos nunca falte a versión galega.	2
6.6.5. Promover coas autoridades relixiosas unha maior presenza do galego na liturxia dos peregrinos.	2

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Introducir o patrimonio lingüístico e literario galego como elemento substantivo en todo o traballo de promoción e xestión turística da Axencia de Turismo de Galicia.

Asociar a lingua galega ao concepto de patrimonio cultural, paisaxe e ecoloxía da actividade turística.

Conseguir facer visible nas cartas, rótulos e etiquetas o galego escrito.

ÓRGANO EXECUTOR

Axencia Turismo de Galicia, SXL, Administración municipal, Axencia Galega de Calidade Alimentaria, Artesanía de Galicia e Galicia Calidade.

MEDIDAS

Prioridade

6.6.6. Crear un catálogo de feitos culturais e lugares susceptibles de se converteren en recurso de turismo cultural de Galicia. → 1

6.6.7. Introducir a posibilidade de falar galego como unha opción máis do turismo rural, como existe neste mesmo sector noutros países en territorios bilingües. → 1

6.6.8. Deseñar referencias xeográficas e paisaxísticas inspiradas nas creacións máis sobranceiras da literatura e cultura en lingua galega e ofrecer puntos de información nos lugares que sexan referentes da vida literaria ou artística → 1

6.6.9. Introducir a lingua nas rutas turísticas temáticas (viño, mosteiros...), e nos museos etnográficos. → 1

6.6.10. Identificar a lingua galega cos produtos galegos de calidade, especialmente cos produtos autóctonos con denominación de orixe. → 1

Aproveitar a fortaleza da lingua galega para introducila nos niveis de xestión e dirección

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover que a publicidade turística empregue a lingua galega, incorporando esta como atractivo da nosa riqueza cultural.

ÓRGANO EXECUTOR

Escola Superior de Hostalería, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Axencia Turismo de Galicia, Consello Xacobeo, SXL e Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade

6.6.11. Establecer que a Escola Superior de Hostalería e todos os centros de formación hostaleira e turística de Galicia impartan unha competencia de calidade profesional en lingua galega. → 1

6.6.12. Establecer un programa de actualización e asesoramento lingüístico para que os profesionais do turismo traballen con seguridade en galego. → 1

6.6.12. Crear e difundir ferramentas informáticas que faciliten a incorporación ao galego das empresas do sector, que permitan a galeguización das súas rutinas (contratos, publicidade, web, rótulos, etc.). Campaña de sensibilización no sector para coñecer os beneficios da utilización da lingua galega. → 1

6.6.14. Incentivar a produción de materiais turísticos en galego e a elaboración de produtos promocionais (folletos, vídeos...). → 1

6.6.15. Procurar que as actividades dirixidas ao público galego teñan como lingua de comunicación o galego (contratos, folletos divulgativos, etc.), facendo especial fincapé nas viaxes colectivas vinculadas co sector público (comunidades educativas, terceira idade, etc.). → 1

6.6.16. Promover o contacto coa lingua galega fóra de Galicia (noutras comunidades autónomas, en Portugal...) aproveitando eventos como o Xacobeo, sobre todo no referente a materiais de divulgación turística (roupa, adhesivos...). → 1

6.6.17. Introducir nos obxectivos centrais do Xacobeo a proxección exterior da lingua galega e da cultura feita en lingua galega. → 1

SECTOR 6: SOCIEDADE

Medidas

Paisaxe lingüística

GRUPO 6.7.1

Aproveitar que o feito diferencial vende máis para fomentar a presenza e visibilidade do galego nas rúas, nas tendas, escaparates, restaurantes

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Lograr que se use o galego con normalidade e que estea presente na percepción visual da nosa contorna.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Axencia de Turismo de Galicia, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, SXL,RAG, Presidencia da Xunta de Galicia, en colaboración con PUNTOGAL, Confederación de empresarios, Confederación galega de municipios e provincias e Deputacións.

MEDIDAS

Prioridade

6.7.1. Programas de formación en impulso do galego nos centros educativos, empresas, hostalaría, concellos, asociacións... 1

6.7.2. Accións de sensibilización dirixidas especialmente á xente nova para que coñezan as alternativas léxicas e fraseolóxicas en galego a expresións importadas do inglés e doutras linguas. 1

6.7.3. Revisión da toponimia galega nas aplicacións cartográficas máis relevantes no ámbito mundial, e envío ás editoriais e responsables dunha listaxe de topónimos coa forma correcta e as súas coordenadas xeográficas. 1

6.7.4. Revisión da toponimia galega nas aplicacións de reservas de viaxe, e envío de proposta de utilización da toponimia correcta. 1

6.7.5. Campaña de difusión do dominio .gal, especialmente no mundo empresarial, como identificador da marca Galicia no ciberespazo. 1

Fomentar o uso do galego na denominación, etiquetaxe e divulgación dos produtos galegos, como unha marca de identidade, calidade, orgullo, respecto ao medio ambiente e amor pola nosa terra e o noso mar

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Conseguir o cumprimento de utilización da toponimia oficial en todo o país.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL e administración municipal

MEDIDAS

Prioridade

6.7.7. Campaña de sensibilización e asesoramento da sociedade para que se use o galego na denominación dos seus produtos, dos establecementos e nas cartas de restaurantes. 1

6.7.8. Campaña para fomentar e divulgar o emprego do galego nos usos funerarios. 1

Traballar coa Administración local na promoción en galego de todos os bens de interese cultural que ofrecen aos turistas *(nos paneis informativos, na rotulación, nas webs municipais, nas redes sociais)*

Sensibilizar o tecido empresarial e produtivo galego para ver a importancia do uso da lingua galega nos seus produtos como símbolo de identidade e calidade. Introdución da lingua no concepto Galicia Calidade

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Maior presenza na contorna visual que forma parte da paisaxe cotiá da poboación galega que nos visita.

Maior presenza do galego nas redes sociais á hora de falar da nosa gastronomía, da nosa paisaxe ou dos produtos icónicos da nosa terra e do noso mar.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL e administración municipal

MEDIDAS

Prioridade

6.7.11. Impulsar medidas de fomento do emprego do galego na comunicación e actividade empresarial, incluíndo a rotulación, a páxina web redes sociais, atención ao público. 2

6.7.12. Instauración de premios ás empresas que destaquen polo emprego do galego. 2

6.7.13. Creación dun ente de asesoramento e apoio aos establecementos comerciais para que inclúan o galego en toda a súa actividade. 2

6.7.14. Incentivar con premios ou algún tipo de recoñecemento aqueles influentes que usen o galego para difundir lugares de interese turístico, restaurantes ou establecementos, produtos gastronómicos, arte... nas redes sociais. 2

6.7.15. Elaboración de material informativo e didáctico para as empresas sobre as vantaxes de usar o galego nos seus produtos. 2





SECTOR 7

COMUNICACIÓN, INFRAESTRUTURAS E INDUSTRIAS CULTURAIS

Presentación

O ecosistema cultural de Galicia constitúe un **motor vital** para a normalización da lingua galega que senta os seus piares básicos na comunicación, nas infraestruturas e nas industrias creativas.

A **comunicación** xoga un papel estratéxico en canto que os medios convencionais e as plataformas dixitais son axentes de socialización lingüística de primeiro nivel: o propio acto comunicativo que ten o idioma como vehículo de expresión contribúe a que o galego estea presente no consumo de información, no lecer e nas redes sociais, e cómpre encamiñalo para que sexa quen de alcanzar un modelo de lingua moderno e funcional en todos os rexistros da vida. Un modelo de difusión do estándar, dunha lingua culta que a sociedade perciba como tal.

As **infraestruturas culturais** (bibliotecas, museos, teatros, arquivos, casas da cultura, auditorios, salas de concertos...) vertebran territorialmente Galicia e ofrecen a oportunidade de que calquera persoa, con independencia do lugar no que viva ou de necesidades especiais, poida ter acceso a produtos culturais en galego, crear espazos seguros para o uso da lingua e favorecer puntos de interacción social nos que esta poida ser o idioma vehicular natural e ferramenta de inclusión entre creadores, xestores e público.

As **industrias culturais** reafirman a identidade da sociedade galega nun contexto actual e global, así como a súa capacidade de construír referentes e imaxinario colectivo, en plena era dixital, desde unha óptica galega e en galego. Nesta urda cultural, o cine, a música, o teatro, os videoxogos ou a literatura deben impulsar o galego como lingua de consumo, de creación de contidos que xeren conexión emocional e eleven a percepción social do noso idioma á vista das novas xeracións. E con ela, o prestixio necesario para que o galego libre a batalla do futuro outras 1000 primaveras máis.

A proposta normalizadora que atravesa o sector da Comunicación, Infraestruturas e Industrias Culturais articúlase en tres grandes apartados centrados, respectivamente, nos medios e nas plataformas de comunicación, nos espazos e infraestruturas culturais e nas industrias creativas. Nestas últimas é onde os axentes da xestión cultural desempeñan un papel fundamental como motores da normalización lingüística, por actuaren como mediadores capaces de integrar o galego nos procesos de produción, comercialización e consumo cultural. Ademais, axudan a facer do galego un activo cultural e económico que fortalece o tecido social e a identidade do territorio.

Á consecución dos 17 obxectivos e ao desenvolvemento das 46 medidas que se presentan contribúen todos e cada un dos axentes da comunicación e da cultura que operan en Galicia (Administración, empresas e entidades, profesionais, público e cidadanía/comunidade), pezas clave para garantir que o galego teña unha presenza sólida e competitiva como lingua normalizada no contexto actual e como legado para o futuro do noso país nun mundo global.

SECTOR 7

COMUNICACIÓN, INFRAESTRUTURAS E INDUSTRIAS CULTURAIS

Diagnóstico

Diagnóstico do sector

FORTALEZAS

A existencia dunha industria cultural galega talentosa, consolidada e competitiva.

Gran parte do tecido asociativo está comprometido coa difusión da lingua e da cultura galega en todo o territorio, que tamén promove a súa dignificación e a creación de referentes no ámbito audiovisual e noutros sectores.

A existencia dun ecosistema de festivais e eventos culturais comprometidos co uso da lingua galega, que incorporan ademais criterios de accesibilidade e sostibilidade (como audiodescrición, encontros ou espazos de aprendizaxe), contribuíndo á normalización lingüística e á creación de públicos diversos.

A proximidade lingüística co mundo lusófono.

A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, proporciona un marco normativo que favorece a proxección do galego no espazo lusófono, abrindo oportunidades para a internacionalización dos contidos en galego e o reforzo da súa presenza en mercados exteriores.

A incorporación progresiva do galego na comunicación e en certas industrias e infraestruturas culturais demostrou a súa capacidade para conectar con públicos diversos, consolidando audiencias e reforzando a identidade cultural.

O compromiso de parte da mocidade galegofalante creativa, responsable e asertiva.

A produción creativa en galego é recoñecida nacional e internacionalmente, con premios destacados e participacións en festivais, certames e programacións de referencia.

O sistema educativo galego ofrece formación regrada de grao medio e superior vinculada á comunicación e ás industrias culturais.

A proliferación de iniciativas educativas e sociais que amosan o potencial transformador da cultura entre a mocidade e que favorecen o seu uso creativo e identitario.

O carácter universal e aberto de Internet favorece a visibilización da creación cultural en galego, especialmente entre o público xuvenil.

DEBILIDADES

A concentración do apoio institucional nos proxectos culturais xa consolidados, xunto coa dependencia dos circuítos subvencionados e a escasa ocupación dos espazos culturais existentes, dificulta o desenvolvemento dunha programación propia estable e frea a visibilización e consolidación do talento emerxente en galego.

Escaso compromiso lingüístico por parte de determinados axentes sociais, empresariais e fundacionais, tanto nos procesos internos como nas comunicacións externas, o que dificulta a incorporación plena do galego nos distintos ámbitos da actividade profesional e institucional.

Desconexión estrutural entre os ámbitos educativo, empresarial e administrativo no relativo á planificación e promoción do uso do galego.

Non existe un circuíto bilateral estable con Portugal para contido cultural en galego, malia que existen posibilidades reais de circulación.

Algunhas das páxinas web das Administracións públicas cargan por defecto en castelán e, nos niveis máis profundos de navegación, o galego adoita desaparecer ou ser substituído por traducións automáticas, o que limita a accesibilidade lingüística e dificulta a normalización do idioma.

Carencia de investigacións sistemáticas e actualizadas sobre o consumo de contidos en galego, o que dificulta o deseño de estratexias efectivas para a captación de novos públicos e a avaliación do impacto real das políticas lingüísticas en materia de comunicación e industrias culturais.

Falta de visibilización de referentes en galego nos medios e espazos culturais, o que reduce a súa capacidade para exercer de modelos sociais.

Falta de estratexias públicas coordinadas para a proxección exterior da cultura galega, que favo-

rezan a internacionalización da música, o libro, o audiovisual ou as artes escénicas en lingua galega.

Falta de desenvolvemento tecnolóxico específico en lingua galega, como asistentes virtuais ou sistemas de intelixencia artificial plenamente operativos.

A escasa presenza do galego na formación regrada de grao medio e superior vinculada á comunicación e ás industrias culturais limita a capacidade do alumnado para acceder a eses contidos en lingua galega.

Insuficiencia de circuítos culturais escolares que permitan integrar o galego como lingua vehicular nas programacións culturais dirixidas á infancia e mocidade.

A escaseza de terminoloxía técnica e materiais específicos en galego nos distintos sectores, dificulta a normalización lingüística e o prestixio do idioma nos contextos profesionais.

A perda de referentes culturais normalizadores e a dificultade para ofrecer contidos en galego adaptados aos novos formatos, con calidade e atractivo comparables aos das producións noutras linguas, dificulta a identificación do galego como lingua propia entre a mocidade.

A presenza limitada de contido en galego nas principais plataformas dixitais.

A globalización e proliferación de contidos en plataformas é un desafío para a difusión de contidos en lingua galega.

Inexistencia dunha plataforma interdisciplinaria con contidos infantís e xuvenís que se adapten á demanda actual.

A normativa que regula as axudas públicas á cultura non incorpora suficientes esixencias ou garantías reais respecto do uso da lingua galega por parte das entidades beneficiarias.

Comunicación

FORTALEZAS

A existencia dunha radio e televisión públicas de Galicia que utilizan a lingua galega nas súas emisións, integrando tanto as canles convencionais como a oferta dixital.

A existencia da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) xoga un papel clave no fortalecemento do tecido empresarial galego no ámbito da comunicación.

Proxección dunha imaxe que liga a CSAG co idioma de Galicia e coa idiosincrasia galega.

Presenza do galego na desconexión territorial de TVE en Galicia.

As emisoras de radio municipais galegas constitúen unha rede esencial que promove o uso habitual da lingua galega, tanto dentro como fóra da Comunidade. Fortalecen a conexión coa identidade galega e a súa diversidade cultural, cumprindo un papel clave na dinamización social e comunicativa en ámbitos rurais, locais e comarcais.

Existencia dunha liña de axudas específicas para as empresas xornalísticas de radiodifusión e publicacións periódicas escritas íntegra ou parcialmente en galego.

Existencia dun xornal, suplementos e semanarios en galego con tiraxe en papel.

Existencia dunha ampla e diversa oferta de publicacións dixitais en galego que reflicten a riqueza cultural e creativa do territorio. Estas publicacións abranguen distintos formatos e temáticas como cultura, literatura, arte, ou entretemento, e contribúen a normalizar o uso do galego no ámbito dixital, conectando cos novos públicos e xerando novos espazos comunicativos.

Os tradutores cos que se dotaron moitos medios de comunicación posibilita a súa consulta diaria na versión en galego.

A publicidade en galego conecta emocionalmente co público, favorecendo a confianza e fidelización, alcanzando un nivel de aceptación equiparable ao da publicidade en castelán e cumprindo os mesmos estándares de calidade e difusión.

Existencia de empresas de publicidade asentadas en Galicia.

Existencia dunha nova xeración de creadores en galego que desenvolven contidos innovadores e de calidade, con capacidade para conectar con públicos diversos e proxectar a lingua en novos espazos dixitais.

Existencia dun gran tecido empresarial vencellado aos novos formatos.

A apertura de varias canles e as multiplataformas permitiron a aparición de novos contedores como os portais Agalega.gal e Xabarín.gal ou Radio Picariña.

Convenios da CSAG coun outras canles permite a chegada do plurilingüismo á súa oferta audiovisual.

DEBILIDADES

Falta dunha avaliación sistemática sobre a formación lingüística dos profesionais que garanta e dote un dominio sólido do galego e que facilite ferramentas efectivas para producir contidos de calidade adaptados ao retos actuais.

Necesidade de continuar desenvolvendo máis formatos axeitados, contidos específicos e estratexias de difusión efectivas na oferta televisiva dirixidos ao público infantil e xuvenil.

Ausencia dunha definición clara de modelos lingüísticos que garantan a corrección e, ao mesmo tempo, transmitan credibilidade, recoñecemento e identidade na comunicación co público.

Relaxación da supervisión no control da calidade lingüística das programacións, mesmo das que presentan un alto nivel técnico e profesional.

Insuficiente tempo de emisión en lingua galega de RTVE en Galicia pola presenza residual de programación na desconexión territorial da RTVE en Galicia.

Nun contexto global de cambio do mercado audiovisual, fundamentalmente pola aparición das plataformas, mudou a cota de pantalla e audiencia da CSAG nos últimos anos.

Escasa presenza do galego e calidade lingüística deficiente (cando a hai) nas radios e nas televisións privadas.

A falta de porcentaxes fixas para a produción de contidos en galego nos medios limita a visibilidade do galego no ámbito xornalístico.

Insuficiente presenza cuantitativa do galego na prensa de maior tirada de Galicia.

Descoido no uso da toponimia galega por parte dos medios de comunicación.

Predominio de campañas publicitarias en castelán.

Aumento da publicidade en castelán nos medios dependentes da CSAG.

Falta de visibilidade dos creadores de contido en galego nas plataformas de streaming.

Os algoritmos das plataformas dixitais favorecen contido en idiomas non minorizados, o que dificulta a visibilidade do galego.

Baixa oferta de subtítulos en galego por defecto nas plataformas dixitais, mentres que outras linguas oficiais (catalán, éuscaro) si que están presentes en maior número.

Falta de coordinación entre plataformas dixitais e medios públicos para a reutilización e difusión de contidos culturais xa dispoñibles en galego.

Baixa presenza do galego nos menús dos sistemas operativos de "smartphones", tabletas e ordenadores.

Insuficiente apoio das institucións públicas para fomentar a creación de contido cultural dixital en galego.

Industrias e infraestruturas culturais

FORTALEZAS

A existencia dun amplo tecido empresarial do audiovisual, competitivo e internacionalizado.

A música en galego está a conectar especialmente coa mocidade, consolidándose como espazo de expresión e identidade para as novas xeracións.

Produción importante, relevante e diversa de música en galego.

Extensa rede de festivais, ciclos e concertos ao longo do ano que permiten visibilizar o talento en galego e xerar novos públicos.

Incremento practicamente constante da produción do libro en galego.

Ampla presenza do galego en publicacións literarias de todos os xéneros, temáticas e formatos, incluído o electrónico.

As redes de distribución e librarías existentes ofrecen unha infraestrutura valiosa para a circulación do libro en galego.

O desenvolvemento de novos formatos como os audiolibros e os contidos dixitais representa unha oportunidade de modernización e expansión para a lingua galega.

As artes escénicas amosan un alto nivel de produción en galego, especialmente no teatro, o que consolida o sector como un ámbito comprometido coa lingua e como espazo seguro para a súa aprendizaxe e normalización.

A maioría da produción teatral, tanto institucional como de iniciativa privada, faise en galego.

Existencia dun teatro amador, forte e organizado, que representa en lingua galega.

Existencia de proxectos teatrais en galego cun alto estándar de calidade asimilable ao do circuíto internacional que permiten a fidelización e captación de novos públicos.

Extensa rede de circuítos e programacións ao longo do ano que permiten chegar á cidadanía unha oferta teatral en galego diversa en canto a xéneros e formatos.

Rede de infraestruturas e espazos creativos que favorecen a aparición de novas posibilidades para a expresión cultural e artística en galego.

Crecemento e fortalecemento da rede museística e das fundacións de autor que contribúen á promoción da lingua e da cultura galegas.

DEBILIDADES

Débil presenza de filmes dobrados ao galego nas salas comerciais, soportes e plataformas audiovisuais.

O público non ten hábito de asistir a proxeccións de filmes comerciais en lingua galega.

Escasa presenza de VO en galego.

Pouca presenza do galego na oferta das plataformas de audiovisual.

As plataformas non teñen en consideración a oficialidade dunha lingua coma o galego á hora de ofrecer esta opción lingüística.

A demanda de contidos en galego por parte das plataformas dixitais vén dada en boa parte por obrigas legais (Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cine), mais a falta de financiamento público impide unha resposta sólida do sector.

Baixa presenza de música en galego nos principais circuítos comerciais de Galicia e plataformas de referencia.

Falta de medios para alentar a produción musical infantil/xuvenil en Galicia.

A produción literaria en lingua galega aínda é insuficiente.

Escasa presenza do libro en galego nas librarías.

Falta de visibilización da produción editorial en galego, especialmente en xéneros demandados pola mocidade como a banda deseñada ou o libro ilustrado.

Menor calidade nos acabados editoriais en galego (especialmente en maquetación e revisión lingüística), o que pode afectarlle á percepción da lingua como vehículo válido e atractivo no ámbito da lectura.

A produción editorial en galego presenta carencias de calidade e cobertura, especialmente no tramo de idade intermedio entre a infancia e a xuventude (aproximadamente entre os 10 e 13 anos), dificultando a fidelización lectora neste período clave.

Persistencia de prexuízos lingüísticos e ausencia de espazos reais de contornas galegofalantes dificultan a capacitación oral e a seguridade lingüística de moitos profesionais.

A precariedade do sector repercute no feito de que a calidade lingüística non sexa unha prioridade.

Menor penetración do uso do galego en determinados ámbitos da escena como o teatro de figuras e o circo.

Existencia dunha diferenciación en moitas programacións entre "teatro" e "teatro en galego".

Escaseza de propostas escénicas en galego destinadas ao púbico xuvenil que conecten con eles.

A presenza do galego como lingua vehicular é deficiente na maioría das infraestruturas culturais.

SECTOR 7

COMUNICACIÓN, INFRAESTRUTURAS E INDUSTRIAS CULTURAIS

Obxectivos

Obxectivos xerais

01

Garantir a presenza e o posicionamento da lingua galega en todas as plataformas comunicativas e culturais.

02

Promover o uso dun galego de calidade, actualizado e funcional nos ámbitos da comunicación e da creación cultural.

03

Reforzar o prestixio e o liderado social da lingua galega a través da cultura, os medios e os axentes sociais.

04

Impulsar a innovación tecnolóxica, a intelixencia artificial e a accesibilidade lingüística en galego.

05

Reforzar a proxección da cultura en galego no espazo lusófono.

.

Obxectivos específicos

Comunicación

01

Impulsar a presenza do galego nos medios de comunicación públicos e privados.

02

Reforzar o papel dos medios públicos como espazos de liderado lingüístico e como referentes de exemplaridade social da lingua.

03

Fomentar o uso do galego como ferramenta estratéxica de comunicación e valor diferencial nas empresas.

04

Velar polo uso do galego nos actos, comunicacións e campañas financiadas con fondos públicos.

Obxectivos específicos

Industrias e infraestruturas culturais

01

Incrementar de forma sostida e equilibrada a produción cultural en galego.

02

Consolidar vías estables de distribución, exhibición e internacionalización da cultura galega.

03

Reforzar o ecosistema das industrias culturais galegas a través da innovación, formación e boas prácticas.

04

Potenciar o papel das industrias culturais como espazos de socialización, creación e acción exterior da lingua..

05

Garantir que as infraestruturas culturais de titularidade pública e aquelas que reciban financiamento público actúen como espazos de visibilización, uso e aprendizaxe da lingua galega.

06

Consolidar as infraestruturas culturais como nodos de dinamización da lingua galega, favorecendo o seu uso habitual por parte de públicos diversos e xeracións novas.

07

Garantir a presenza da lingua galega nos procesos de dixitalización, documentación e mediación de infraestruturas culturais.

08

Reforzar a colaboración entre as infraestruturas culturais e o tecido creativo galego para fomentar o uso vehicular da lingua nas programacións e nos servizos culturais.

SECTOR 7

COMUNICACIÓN, INFRAESTRUTURAS E INDUSTRIAS CULTURAIS

Medidas

Medidas Xerais

GRUPO 7.1.1

Garantir a presenza e o posicionamento da lingua galega en todas as plataformas comunicativas e culturais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover unha presenza activa, diversa e renovada do galego nas plataformas culturais, comunicativas e dixitais, especialmente entre a mocidade, garantindo a súa visibilidade e uso como lingua vehicular da creación e da comunicación contemporánea.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas / Medios de comunicación.

MEDIDAS

Prioridade 1

7.1.1.1 Incluír criterios de valoración positivos da lingua galega nas axudas públicas a proxectos culturais e comunicativos, tanto físicos como dixitais, especialmente os dirixidos á mocidade.

7.1.1.2 Impulsar accións de visibilidade de referentes xuvenís e influentes sociais en galego, promovendo colaboracións con creadoras/es dixitais, artistas ou outras figuras que empreguen a lingua galega en contornas de grande impacto social.

Promover o uso dun galego de calidade, actualizado e funcional nos ámbitos da comunicación e da creación cultural

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Favorecer a autenticidade, corrección e naturalidade do galego profesional, garantindo recursos, modelos e condicións para o seu uso eficaz e atractivo en contextos diversos.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas / Medios de comunicación.

MEDIDAS

Prioridade 2

7.1.2.1 Promover a creación e actualización de guías, manuais e bancos de estilo en galego para profesionais da comunicación e da cultura.

7.1.2.2. Impulsar o acompañamento lingüístico e a revisión profesional en proxectos culturais e comunicativos financiados con fondos públicos.

Reforzar o prestixio e o liderado social da lingua galega a través da cultura, os medios e os axentes sociais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar unha imaxe moderna e positiva do galego, vinculándoo á creatividade, á diversidade e á inclusión, e fortalecendo o papel dos axentes culturais e comunicativos como motores de normalización social.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia / Administracións locais.

MEDIDAS

Prioridade 2

7.1.3.1 Crear programas de cooperación entre medios de comunicación e industrias culturais a través dunha convocatoria pública para proxectar unha imaxe innovadora e prestixiosa do galego.

7.1.3.2 Poñer en marcha en coordinación cos distintos departamentos das administracións programas culturais, proxectos comunicativos e campañas dirixidas á participación de neofalantes e persoas migrantes, que lles dean visibilidade como protagonistas, promovan referentes positivos e garantan a súa participación activa nos medios de comunicación e a cultura.

7.1.3.3. Desenvolver campañas de sensibilización que transmitan o galego como lingua de modernidade, innovación e calidade.

7.1.3.4 Empregar a cultura como elemento de creación de espazos seguros para o uso e aprendizaxe da lingua especialmente orientada a neofalantes, contornas educativas e comunitarias (clubs de lectura, teatro amador, etc.).

7.1.3.5 Reforzar a colaboración coa diáspora galega como axente de proxección da lingua e da cultura, apoiando iniciativas culturais e comunicativas en galego desenvolvidas fóra de Galicia.

Impulsar a innovación tecnolóxica, a intelixencia artificial e a accesibilidade lingüística en galego.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar a presenza efectiva do galego nas tecnoloxías dixitais emerxentes e nos sistemas de recomendación, accesibilidade e intelixencia artificial, asegurando a soberanía lingüística e a inclusión de todas as persoas usuarias.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia/Estado/Administracións locais.

MEDIDAS

Prioridade 2

7.1.4.1 Desenvolver proxectos de intelixencia artificial en galego dirixidos ao ámbito da cultura e a comunicación, así como ferramentas tecnolóxicas que reforcen a presenza dixital da lingua galega.

7.1.4.2. Optimizar a presenza do galego en plataformas e sistemas dixitais, incluíndo metadatos, interfaces e recomendacións personalizadas.

7.1.4.3. Garantir a accesibilidade universal e a inclusión lingüística nas dúas linguas oficiais en todos os produtos e contidos financiados con fondos públicos.

Reforzar a proxección da cultura en galego no espazo lusófono.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Aproveitar os vínculos lingüísticos co mundo lusófono para fortalecer a presenza dos produtos culturais en galego nas redes así como nos proxectos e espazos de cooperación internacional, de acordo cos principios da Lei 1/2014, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia/Estado/Administracións locais..

INDICADORES

Número de programas de intercambio e cooperación cultural.
Número de creacións culturais traducidas e difundidas.

MEDIDAS

Prioridade 2

7.1.5.1 Impulsar programas de intercambio e cooperación cultural con países e institucións do ámbito lusófono.

7.1.5.2 Crear unha liña de axudas públicas destinada á tradución, difusión e presenza de creacións culturais galegas en contextos lusófonos e viceversa.

Medidas

Comunicación

GRUPO 7.2.1

Impulsar a presenza do galego nos medios de comunicación públicos e privados.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar un incremento sostido, medible e de calidade, da presenza do galego en medios de comunicación públicos e privados, tradicionais e dixitais, mediante acordos, seguimento e capacitación profesional.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas / Medios de comunicación.

MEDIDAS

Prioridade 1

7.2.1.1. Continuar promovendo acordos e programas cos medios de comunicación públicos e privados para garantir a presenza de contidos en galego.

7.2.1.2. Ofrecer un plan de formación continua en galego para persoal de redacción, técnico e directivo dos medios de comunicación.

7.2.1.3. Ofrecer aos medios de comunicación cando o necesiten servizos de asesoramento lingüístico para garantir a correcta utilización dos diferentes rexistros, estilos e variedades lingüísticas.

7.2.1.4. Implementar ferramentas tecnolóxicas gratuítas aos medios públicos e privados que faciliten o bo uso do galego.

Reforzar o papel dos medios públicos como espazos de liderado lingüístico e como referentes de exemplaridade social da lingua.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Consolidar os medios públicos galegos como motores de normalización lingüística e cultural, garantindo unha oferta diversa e atractiva en galego que reflicta a pluralidade social e territorial.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia / CSAG / RTVE/ Medios de comunicación / Industrias culturais.

MEDIDAS

Prioridade 1

7.2.2.1 Desenvolver programas culturais en galego capaces de competir en audiencia e en todos os soportes.

7.2.2.2 Impulsar unha maior presenza de música en galego en emisións musicais, programas musicais e canles musicais nos medios públicos.

7.2.2.3 Fomentar que os medios públicos reforcen a presenza de colaboradores, convidados e testemuñas que se expresen en lingua galega.

7.2.2.4. Impulsar que CRTVE e outras plataformas dixitais incrementen a presenza de contidos en galego en cumprimento da Lei 13/2022, do 13 de xullo, xeral de comunicación audiovisual.

7.2.2.5 Incorporar, coa colaboración de todos os departamentos e entidades implicados, criterios de accesibilidade e igualdade comunicativa en lingua galega (subtitulación, linguaxe inclusiva, lectura fácil) na produción audiovisual con financiamento público.

7.2.2.6 Promover acordos entre CSAG e axentes privados e públicos para fomentar a circularidade e a distribución dos produtos culturais en galego.

Fomentar o uso do galego como ferramenta estratéxica de comunicación e valor diferencial nas empresas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Promover o galego como lingua competitiva e de proximidade nas empresas de comunicación, prestando especial atención ás axencias, coa finalidade de reforzar o seu papel na construción de marca e fidelización.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas / medios de comunicación.

MEDIDAS

Prioridade 1

7.2.3.1. Desenvolver campañas de sensibilización e formación dirixidas a empresas de comunicación, especialmente ás axencias, destacando a utilidade do galego como instrumento de marca, fidelización e creación de valor diferencial.

7.2.3.2. Elaborar e difundir materiais e boas prácticas de creación de marca en galego dirixidos a empresas e institucións.

Garantir, cando proceda, o uso do galego nos actos, comunicacións e campañas financiadas con fondos públicos, de acordo coa lexislación vixente

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Asegurar que o galego sexa a lingua vehicular e prioritaria en todas as accións publicitarias e campañas institucionais financiadas, total ou parcialmente, con recursos públicos, destinadas a Galicia e comunidades galegofalantes.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas e os seus organismos dependentes.

INDICADORES

Número de anuncios en galego financiados con fondos públicos.

Número de convocatorias de convenios, subvencións e contratos con cláusulas lingüísticas específicas.

MEDIDAS

Prioridade 1

7.2.4.1. Todas as campañas e anuncios financiados con fondos públicos e dirixidos ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia realizaranse en galego. Os medios públicos de titularidade autonómica apoiarán a publicidade en galego.

7.2.4.2. Incorporar, **cando proceda** e na medida en que o permita o ordenamento xurídico vixente, cláusulas de dispoñibilidade lingüística nos convenios, subvencións e contratos de publicidade institucional..

Medidas

Industrias e infraestruturas culturais

GRUPO 7.3.1

Incrementar de forma sostida e equilibrada a produción cultural en galego.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Favorecer a profesionalización, diversidade e sustentabilidade da produción cultural en galego, con especial atención a públicos e ámbitos menos representados.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións das que dependen as bibliotecas públicas.

MEDIDAS

Prioridade 3

7.3.1.1 Desenvolver programas de apoio á creación e produción cultural en galego, priorizando proxectos que promovan novos públicos, persoas creadoras e creación contemporánea, a través de axudas públicas e acordos específicos.

7.3.1.2 Impulsar plataformas e circuítos de distribución de produtos culturais en galego, tanto en espazos físicos coma dixitais, garantindo visibilidade e accesibilidade para todos os públicos, con contidos adaptados a distintos formatos e dispositivos.

7.3.1.3 Promover, a través dunha liña de axudas, a tradución e adaptación ao galego de obras de relevancia internacional, ampliando o catálogo de referencia.

Consolidar vías estables de distribución, exhibición e internacionalización da cultura galega.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Garantir a presenza da produción cultural en galego en circuítos nacionais e internacionais, fortalecendo a súa accesibilidade e visibilidade.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas / industrias culturais / plataformas.

MEDIDAS

Prioridade 2

7.3.2.1. Desenvolver unha estratexia de distribución e exhibición estable para produtos culturais en galego, que inclúa salas, plataformas dixitais, festivais e eventos nacionais.

7.3.2.2. Crear un programa, e potenciar os programas existentes, de promoción internacional da produción cultural en galego, fomentando coproducións, intercambios e presenza en feiras, festivais e plataformas internacionais.

7.3.2.3. Establecer alianzas estratéxicas con redes culturais e plataformas dixitais internacionais para garantir a presenza do galego en foros, catálogos, subtitulacións, metadatos e interfaces.

Reforzar o ecosistema das industrias culturais galegas a través da innovación, formación e boas prácticas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Introducir en todos os ámbitos profesionais das industrias culturais a cultura da innovación e da transformación social, con base formativa e de exemplarización con boas prácticas.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas / AMTEGA / universidades.

MEDIDAS

Prioridade 3

7.3.3.1. Apoiar proxectos culturais de calidade en galego que incorporen innovación tecnolóxica (IA, realidade aumentada, formatos inmersivos, transmedia).

7.3.3.2. Fomentar a formación e especialización dos profesionais das industrias culturais en materia de creatividade, innovación e uso avanzado do galego nos distintos rexistros profesionais.

Potenciar o papel das industrias culturais como espazos de socialización, creación e acción exterior da lingua.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Reforzar a cultura galega como elemento de cohesión social, aprendizaxe e proxección cultural no mundo.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia / Secretaría Xeral da Emigración / Axencia de Turismo de Galicia / AGADIC / Administración local.

MEDIDAS

Prioridade 3

7.3.4.1. Apoiar a presenza de proxectos culturais en galego en espazos, escenarios e festivais financiados con fondos públicos.

7.3.4.2. Empregar a cultura como ferramenta de creación de espazos de uso e aprendizaxe da lingua, especialmente orientado a neofalantes, contornas educativas e comunitarias.

7.3.4.3. Reforzar o papel da cultura en galego na representación institucional e na acción exterior das Administracións públicas.

Garantir que as infraestruturas culturais de titularidade pública e aquelas que reciban financiamento público actúen como espazos de visibilización, uso e aprendizaxe da lingua galega.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Asegurar que os espazos culturais públicos integren o galego como lingua vehicular en todos os ámbitos de comunicación, atención, sinalización e servizo, fortalecendo a súa imaxe como lingua de proximidade e servizo público.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas e os seus organismos dependentes.

MEDIDAS

Prioridade 3

7.3.5.1. Promover que as infraestruturas culturais públicas reforcen a o uso do galego na súa comunicación interna e externa.

7.3.5.2. Incorporar cláusulas de dispoñibilidade lingüística, dentro do marco normativo vixente, nos convenios, subvencións e contratos de xestión cultural que afecten a equipamentos públicos.

Consolidar as infraestruturas culturais como nodos de dinamización da lingua galega, favorecendo o seu uso habitual por parte de públicos diversos e xeracións novas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Reforzar o papel das infraestruturas culturais como espazos vivos de socialización en galego, fomentando programacións estables, participación cidadá e a creación de novos hábitos lingüísticos.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas / comunidade asociativa / comunidade educativa.

MEDIDAS

Prioridade 3

7.3.6.1. Promover que as infraestruturas culturais públicas incorporen, de maneira progresiva, actividades en galego.

7.3.6.2. Fomentar a implicación das infraestruturas culturais na elaboración e implementación de programas comunitarios en galego de base cultural interxeracional, en colaboración coas comunidades educativas e asociativas.

Garantir a presenza da lingua galega nos procesos de dixitalización, documentación e mediación de infraestruturas culturais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incorporar o galego como lingua normalizada e visible en todos os soportes tecnolóxicos, ferramentas de xestión e contidos dixitais das infraestruturas culturais públicas.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas e os seus organismos dependentes.

MEDIDAS

Prioridade 2

7.2.7.1. Incorporar o galego como lingua de referencia na documentación, catalogación e descrición de fondos patrimoniais e culturais.

7.2.7.2. Promover a creación de contidos audiovisuais e multimedia en galego asociados ás infraestruturas culturais (visitas virtuais, vídeos divulgativos, pódcasts, etc.)

Reforzar a colaboración entre as infraestruturas culturais e o tecido creativo galego para fomentar o uso vehicular da lingua nas programacións e nos servizos culturais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Potenciar unha rede de cooperación entre infraestruturas culturais, creadoras/es e entidades do sector que promova que a lingua galega estea presente en todas as fases: creación, produción,

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas / industrias culturais.

MEDIDAS

Prioridade 3

7.3.8.1. Impulsar a cooperación entre espazos culturais e industrias culturais galegas para desenvolver programas de residencia artística e mediación cultural en galego, nos que creadoras e creadores traballen directamente co público desde o idioma.

7.3.8.2. Crear un banco de recursos e boas prácticas en galego para infraestruturas culturais, que sirva de apoio á planificación e á comunicación dos espazos.





SECTOR 8

GALEGO EXTERIOR, LUSOFONÍA E PROXECCIÓN

Presentación

Raramente os territorios nos que se fala unha lingua coinciden exactamente cos territorios políticos ou administrativos. O húngaro esténdese por unha parte do territorio de Romanía; o francés esténdese por unha parte de Bélxica; o catalán esténdese fóra de Cataluña por Andorra, unha parte de Francia e da Sardeña e, dentro de España, polas Comunidades Autónomas de Valencia e unha pequena zona de Aragón; e así poderiamos seguir lingua por lingua. O galego non é unha excepción, e ten a súa continuidade fóra das actuais fronteiras administrativas polo territorio do occidente de Asturias e de Castela e León, e tamén atopamos falas galegas, probablemente como froito do proceso da Reconquista, no Val do Ellas en Estremadura. Un Plan Xeral de normalización da lingua galega non pode nin debe esquecerse da situación da lingua galega nestes territorios nos que, en xeral, o galego non posúe o mesmo nivel de protección legal nin político que ten en Galicia. Sabemos que as actuacións nestes territorios son ás veces delicadas e complexas, que esixen certas dotes de diplomacia para evitar que os gobernos das respectivas autonomías teñan a percepción de que se pretende invadir competencias que a eles lles corresponden. Aínda así, as dificultades non poden levar á inacción, e hai que tratar de buscar solucións a nivel do Estado e fórmulas de colaboración cos gobernos destas comunidades para avanzar no recoñecemento dos dereitos lingüísticos da poboación galegofalante destes territorios, e para adoptar medidas de protección no camiño da súa normalización.

Segundo datos do Instituto Nacional de Estadística do 1 de xaneiro de 2025, actualmente hai 548.252 galegos que viven fóra de España, como consecuencia dos ben coñecidos procesos migratorios que, principalmente por necesidades económicas, se produciron primeiro cara a América (Arxentina, Brasil, Cuba, Uruguai, Venezuela, México...) e despois cara a determinados países europeos (Suíza, Alemaña, Francia, Reino Unido...). Existe tamén un grupo considerable de galegos en países da Unión Europea, pero tamén en América, que, como consecuencia da internacionalización dos mercados, están desenvolvendo as súas profesións con total normalidade e co mesmo status social que os cidadáns dos países de acollida. Son persoas que, en moitos casos, ocupan postos de relevancia, e que manexan perfectamente os novos sistemas de comunicación e de relación social, polo que o seu sentimento de estrañamento é moito menor ca na emigración tradicional. Son persoas, xeralmente educadas en Galicia, que nunha boa parte manteñen un fondo compromiso coa lingua e coa cultura galegas, pero aos que determinadas estruturas como os Centros Galegos tradicionais lles resultan en certos aspectos anacrónicas, e que necesitan outras alternativas culturais. Son todas elas realidades ás que este PXNLG debe atender.

Cando falamos dunha lingua normalizada referímonos a aquela que é vehículo de comunicación habitual para todas as funcións entre os membros da comunidade nun territorio no que, ademais, os cidadáns gozan de todos os dereitos e medios para poderen vivir nesa lingua. Pero no mundo actual é necesario tamén que esa

lingua sexa coñecida e recoñecida fóra do ámbito no que se fala. O galego debe aumentar a súa visibilidade fóra das súas fronteiras territoriais, debe estar presente nos foros lingüísticos e culturais estatais e internacionais e presentarse neles como portador dunha cultura propia.

Un elemento importante para a difusión da lingua e da cultura galegas son os Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros, presentes en centros universitarios de fóra de Galicia, tanto a través dos programas de estudos regrados destes centros como por medio dos lectorados e Centros de Estudos Galegos. Pero é tamén importante que o galego circule coa máxima notoriedade posible en proxectos internacionais de impacto. A planificación e coordinación dos Centros de Estudos Galegos e a promoción exterior da lingua, literatura e cultura galegas debe estar ao cargo dun instituto específico.

Un lugar particular na proxección internacional do galego debe ocupalo a súa relación cos países lusófonos. A lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outorga unha valiosa vantaxe á cidadanía galega na vertente cultural, pero tamén na social e na económica. Debemos facer un esforzo especial en dar a coñecer a lingua galega nestes países, pero tamén facilitar o acceso dos galegos e galegas á aprendizaxe do portugués, dotándoos de métodos formativos e comunicativos que lles permitan desenvolverse con naturalidade nunha lingua que lles é moi próxima e lles concede unha gran proxección internacional. Seguindo as directrices da Lei Paz Andrade, o Goberno galego debe coidar e promover as relacións a todos os niveis cos países de lingua portuguesa.

SECTOR 8

GALEGO EXTERIOR, LUSOFONÍA E PROXECCIÓN

Diagnóstico

Diagnóstico do sector

FORTALEZAS

Existencia dunha numerosa comunidade galega en países de América e de Europa que aínda conservan en distinto grao o galego na vida familiar.

Interese e curiosidade dos fillos de emigrantes por coñeceren a cultura dos seus pais e avós.

Existencia dun corpo xurídico que apoia o galego no exterior, como a Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, Lei 1/2014, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía; e a Lei 10/2021 de acción exterior de Galicia.

Existencia dunha sensibilidade internacional polas linguas e culturas minoritarias e por todo canto se refire á potenciación de carácter étnico.

Certa admiración dos habitantes do exterior pola traxectoria recente de Galicia, e polo ascenso do prestixio da lingua galega.

Presenza da CSAG no exterior.

Existencia de tecnoloxías que facilitan a información e a comunicación en galego entre as comunidades galegas no exterior.

Crecente coñecemento de Galicia no mundo, grazas a fenómenos coma o Camiño de Santiago.

Existencia dunha base social importante que aínda utiliza o galego como lingua habitual nos territorios do galego estremeiro.

Presenza do galego en universidades e nalgúns centros de ensino non universitario de fóra de Galicia.

Resposta favorable do alumnado, tanto en número coma en compromiso, das universidades nas que o galego se soubo presentar dunha maneira atractiva.

Existencia dos cursos de lingua e cultura galegas para persoas estranxeiras.

DEBILIDADES

Dificultade para asegurar un contacto estreito coa lingua e cultura galegas nos descendente de 2ª e 3ª xeración.

Escasa e irregular información que reciben os fillos de emigrantes sobre o galego.

Escaseza de convenios bilaterais entre a Administración e os países con presenza de colectividade galega.

Afloramento de certas ideoloxías que priman o utilitarismo, o negocio e o beneficio económico por riba de calquera valor cultural.

Redución da presenza do galego como lingua oral nas relacións familiares nos emigrantes galegos.

Escasa oferta de programas culturais específicos feitos para a emigración.

Insuficiente oferta atractiva en galego na Rede.

As grandes empresas e entidades galegas non apostan pola promoción da lingua galega no exterior.

Recoñecemento legal e apoio institucional insuficiente ao galego nos territorios galegófonos de fóra de Galicia.

Planificación e avaliación insuficiente da promoción do galego nas universidades e centros de ensino non universitario de fóra de Galicia.

Inexistencia dunha institución pública dedicada especificamente á proxección exterior do galego a semellanza do Etxepare Euskal Institutua ou do Institut Ramon Llull.

Aproveitamento aínda insuficiente do Instituto Cervantes para a divulgación da lingua galega.

Non houbo capacidade de xerar dinámicas no interior das universidades para incrementar a presenza do galego, á parte das actividades subvencionadas, e de garantir a súa continuidade no caso de que desaparezan as axudas.

Integración deficiente das materias de lingua, literatura e cultura galegas nos programas de estudos das universidades.

Pouca reflexión sobre as materias que se deben ofertar en cada unha das universidades, segundo o interese maioritario dos seus posibles destinatarios.

Crecente coñecemento no mundo científico internacional da lingua galega por obra dos congresos internacionais e da participación dos lingüistas galegos en proxectos lingüísticos internacionais.

Coñecemento e circulación internacional de obras de escritores e escritoras en lingua galega.

A proximidade lingüística entre o galego e o portugués facilítanos a comunicación co mundo lusófono.

Existencia dun marco xurídico que posibilita o emprego do galego en certas institucións europeas.

Indefinición dos obxectivos que se pretenden acadar cos cursos e pouca adaptación aos distintos perfís das persoas participantes.

Insuficiente bibliografía sobre o galego nas linguas de maior difusión.

Insuficiencia de traducións das principais obras de referencia da literatura galega ás principais linguas estranxeiras.

Unha parte importante da sociedade galega non percibe a proximidade lingüística entre o galego e o portugués como unha vantaxe para a comunicación internacional.

Falta de compromiso das institucións da Unión Europea coa promoción e uso das linguas minoritarias.

Galego no exterior

FORTALEZAS

As comunidades galegas no exterior utilizan a lingua como elemento para salientar a identidade e pertenza a un grupo.

Esvaecemento da divisoria entre o que é estar dentro ou fóra de Galicia grazas ao acceso xeneralizado a internet e ás redes sociais.

Maior facilidade e inmediatez no contacto con Galicia grazas a internet e ás redes sociais.

A maior mobilidade internacional cambia e amplía a experiencia migratoria.

Existencia de centros galegos e entidades da diáspora cun importante patrimonio bibliográfico e documental en galego que se segue nutrindo.

Maior facilidade para entrar en contacto e organizar encontros con outros galegos emigrados e outras comunidades galegas do exterior a través de aplicacións de mensaxería e as redes sociais.

Existencia dunha xeración máis formada nas novas tecnoloxías, que lles permite o contacto a distancia.

DEBILIDADES

Predominio do uso do galego de forma oral, con pouco coñecemento da forma escrita nas xeracións de máis idade. Utilización da lingua no ámbito privado ou no grupo, pero uso escaso nas relacións con outros grupos.

Algúns centros galegos non souberon adaptarse aos cambios radicais da experiencia migratoria e teñen dificultades para conectar e manter o interese das xeracións migrantes máis novas.

Estruturas de goberno moi pechadas nas entidades asociativas da emigración, que poden producir desafección.

Existen centros galegos que non promoven actividades culturais nin o uso da lingua.

As bibliotecas e arquivos históricos de materias ás veces son demasiado especializadas e con material desfasado ou obsoleto.

Dificultade para adquirir novos materiais, didácticos ou non.

Falta de apoio institucional flexible e accesible para a organización de actividades e eventos culturais fóra de Galicia por iniciativa de comunidades pequenas que non están formalmente rexistradas.

Pouco apoio á conexión identitaria coa lingua e a cultura.

Maior diversidade e maior mobilidade nas comunidades de galegos no exterior, o que pode facilitar os contactos e as interaccións.

Internet pode ser aproveitada para a aprendizaxe a distancia do galego. Posibilidade tecnolóxica de ter subtítulos en galego para consumir produtos audiovisuais de calidade e referencia internacional.

Uso habitual do idioma galego para relacionarse entre si, como unha forma de identidade e pertenza, por parte da migración do século XX e da nova diáspora.

Interese e curiosidade por parte de fillos/as e netos/as de emigrantes por coñecer a lingua e cultura de orixe.

Existencia de referentes en galego en distintos eidos da cultura que acumulan unha gran comunidade de seguidores/as de todas as partes do mundo e están a ser grandes motores da promoción lingüística.

Existencia de redes de comunicación, en internet, en Galicia (TVG, RTG) e nos distintos países onde hai colectividade galega, que manteñen vivas as relacións coa diáspora.

Existencia de cursos de lingua e cultura galegas para residentes fóra de Galicia.

Insuficiente aproveitamento do potencial da cultura, as artes, a música ou a gastronomía para conectar cos galegos fóra de Galicia e para proxectar máis a nosa identidade no exterior.

As comunidades galegas no exterior son moi diferentes entre si.

Desaproveitamento de internet para a exposición e aprendizaxe do galego na distancia, en especial nos grupos de máis idade.

A existencia de certos prexuízos sobre a lingua galega segue contribuíndo a que o seu uso se restrinxa ao ámbito privado.

Inexistencia de escenarios estables de relación intergeracional que faciliten a transmisión da lingua ás xeracións máis novas na emigración.

Escaseza de acceso a produtos culturais nos que a lingua teña presenza (música, cine, literatura, videoxogos, etc.), especialmente os vehiculados a través de novos soportes tecnolóxicos.

Insuficiente coñecemento dos recursos existentes para aprender lingua e cultura galegas en contextos non formais.

Afastamento da xuventude dos medios de comunicación tradicionais

A lingua galega non está presente en plataformas internacionais usadas para aprender idiomas

O galego estremeiro

FORTALEZAS

O galego é unha lingua viva nos territorios de Asturias e León limítrofes con Galicia.

O Estatuto de Autonomía de Castela e León recoñece o galego e os galegofalantes.

Apoio institucional da Xunta de Galicia para a promoción e defensa do galego nos territorios estremeiros.

DEBILIDADES

Nas novas xeracións o galego está a perder vitalidade tanto no territorio de Asturias coma no de Castela e León.

A pesar do recoñecemento no Estatuto, existe marxe para avanzar na implicación do Goberno de Castela e León para protexer os dereitos dos galegofalantes da súa comunidade.

Escasas medidas dos gobernos dos territorios de fala galega fóra de Galicia para a promoción do galego, e mesmo existencia de trabas burocráticas para a utili-

Interese dunha parte da poboación dos territorios estremeiros de fala galega por teren acceso ás canles da TVG.

Existencia de grupos que traballan a prol da lingua e da cultura galega.

En Castela e León a materia de galego é escollida cada vez por máis alumnado alí onde se imparte.

zación plena do galego, especialmente no Principado de Asturias.

A TVG, que pode facer un labor de expansión do galego, non chega a toda a comunidade galegofalante fóra das fronteiras de Galicia.

Os medios de comunicación dos territorios estremeiros prestan un baixo nivel de atención á lingua e á cultura galegas.

Poucas actividades nas extraescolares dos centros onde se imparte galego nos territorios fronteirizos.

A materia de galego está relegada a unha optativa, nos últimos cursos da ESO.

Campañas no territorio asturiano para desvincular o galego de Asturias das falas irmás do galego oriental de Galicia, tratando de ocultar mesmo o nome de "galego" para designalas.

Cabería avanzar na coordinación e nos acordos entre os gobernos galego e asturiano para abordar a situación do galego de Asturias.

Lectorados e centros de estudios galegos

FORTALEZAS

Hai un importante número de lectorados e centros de estudos galegos (37) fóra de Galicia (7 deles en España, 20 no resto de Europa, 8 en América, 2 en Asia e 1 en África).

Interese dalgunhas universidades en ter lectorados de galego.

Existencia de cursos de lingua e de cultura galegas no exterior.

Apoio institucional da Xunta de Galicia á presenza da lingua galega en centros universitarios de fóra de Galicia.

DEBILIDADES

Percepción de que o número de lectorados está estancado.

Falta de criterios claros para a selección de universidades nas que promover a creación de lectorados e centros de estudos galegos.

Desinterese dalgunhas universidades en manter os lectorados de galego debido aos custos económicos.

Número insuficiente de cursos no exterior. Ademais, resultan excesivamente academicistas, en lugar de fomentar a cultura galega.

Inexistencia dun organismo público dedicado especificamente á xestión técnica e coordinación dos centros de estudos galegos, a semellanza do Etxepare Euskal Institutua ou do Institut Ramon Llull.

Relacións coa lusofonía

FORTALEZAS

A proximidade do galego-portugués facilita a intercomprensión e achega ao galego novas oportunidades internacionais.

O galego é comprensible na lusofonía e con frecuencia é usado informalmente en interaccións orais e dixitais.

Portugal recoñece afectivamente a conexión cultural con Galicia, valorando a súa identidade diferenciada.

Portugal e O Brasil son dous importantes emisores de inmigrantes e turistas cara a Galicia, favorecendo vínculos lingüísticos e culturais.

A Lei Paz Andrade ofrece un marco legal para fortalecer vínculos coa lusofonía.

Hai consenso político e social en apoiar os vínculos galego-lusófonos.

Galicia e o galego poden facer de ponte entre o mundo lusófono e o hispanófono.

A proximidade entre o galego e o portugués permite acceder a outros mercados.

Demanda de profesionais nos países de lingua portuguesa: o coñecemento do galego -combinado co español e portugués- permite acceder a mercados laborais emerxentes.

As redes sociais aumentaron as relacións directas entre galegos e lusófonos, xerando novos espazos de intercambio.

DEBILIDADES

Unha boa parte da sociedade galega non percibe esta vantaxe nin ten interese real por aprender portugués, nin se sente parte da lusofonía.

Persiste un descoñecemento xeral sobre Galicia na lusofonía, sen conciencia da súa proximidade lingüística.

Non se aproveita este fluxo para fomentar o galego. Faltan políticas de integración lingüística e accións culturais bidireccionais.

O grao da lei aínda é limitado, o que non facilita un avance continuado.

O apoio institucional é puntual e sen continuidade, cunha estratexia débil e falta de vontade real do Estado.

As relacións directas entre galegos e lusófonos a través das redes sociais aínda non acadaron a extensión desexable.

Relacións institucionais

FORTALEZAS

Normativa internacional para a protección e defensa das linguas minorizadas (Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias).

Desde 2005 pódese empregar o galego en determinadas institucións comunitarias (Comité das Rexións, Comisión Europea, Consello da UE...)

Desde 2023 recoñécese o dereito de empregar o galego no Congreso dos Deputados e no Senado.

DEBILIDADES

Moi escasa presenza do galego nas institucións internacionais (nin institucional nin como lingua de traballo).

Na práctica, a presenza do galego é anecdótica, e o procedemento para o seu emprego, pouco operativo.

Algunhas institucións, como o Parlamento Europeo, non admiten aínda o uso do galego. Algunha vez utilizouse o galego, adaptado ao portugués, como vía para intervir no Parlamento.

Poucos deputados ou senadores empregan o galego e as demáis linguas oficiais, máis alá dun uso esporádico e máis ben testemuñal.

SECTOR 8

GALEGO EXTERIOR, LUSOFONÍA E PROXECCIÓN

Obxectivos

Obxectivos

01

Impulsar e apoiar institucionalmente fóra de Galicia o uso, a promoción e a proxección da lingua galega, así como as distintas manifestacións culturais que a empregan, como expoñentes dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego.

02

Apoiar a acción cívica da poboación galega residente no exterior dirixida a conservar o uso da lingua e a manter a conexión coa realidade social e cultural de Galicia.

03

Mellorar o recoñecemento legal do galego estremeiro e acadar unha escolarización que asegure nese territorio a continuidade do coñecemento da lingua e aumente a estima por ela.

04

Impulsar as relacións cos países lusófonos e aproveitar o potencial que ten o galego como lingua ponte entre o mundo de fala castelá e a lusofonía.

05

Creación dunha institución pública dedicada especificamente á proxección exterior do galego a semellanza do Etxepare Euskal Institutua ou do Institut Ramon Llull.

SECTOR 8

GALEGO EXTERIOR, LUSOFONÍA E PROXECCIÓN

Medidas

Medidas

GRUPO 8.1.1

Galego no exterior

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Reforzar o papel dos centros galegos na promoción da lingua e cultura galegas.

ÓRGANO EXECUTOR

Secretaría Xeral de Emigración e concellos no caso de municipios con especial vinculación con asociacións da emigración.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.1.1.1. Campaña da Xunta de Galicia e, no seu caso, dos concellos implicados para fomentar o uso do galego por parte dos centros galegos e asociacións galegas da emigración na documentación e comunicacións.

8.1.1.2. Convocatoria anual para apoiar a organización por parte dos centros galegos de actividades que promovan a lingua e a cultura galegas.

8.1.1.3. Programación anual de actividades formativas dirixidas á mocidade galega residente no exterior, que incidan no coñecemento da historia, lingua e cultura galegas.

GRUPO 8.1.2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Crear as condicións que permitan apoiar novas formas de organización da poboación galega no exterior que favorezan a presenza da lingua como elemento cultural de cohesión.

ÓRGANO EXECUTOR

SX Emigración.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.1.2.1. Harmonizar nas normativas polas que se establece a galeguidade fórmulas de adquisición de compentencia e uso da lingua galega nas colectividades no exterior.

GRUPO 8.1.3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Aproveitar a rede de centros galegos para fortalecer a imaxe de marca de Galicia e a proxección da nosa identidade no exterior

ÓRGANO EXECUTOR

SX de Emigración en colaboración con outros departamentos da Xunta de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 3

8.1.3.1. Programar, en coordinación coas entidades galegas do exterior, actividades de promoción da lingua, cultura e imaxe de Galicia nos lugares de asentamento.

8.1.3.2. Dotar as bibliotecas das entidades galegas do exterior de produtos culturais galegos que sirvan para espallar a cultura galega, como vía de achegamento da poboación á lingua galega (libros, pero tamén CD, videos...).

8.1.3.3. Fomentar novos produtos culturais que faciliten o achegamento á cultura e a lingua galegas (pódcasts, actividade en redes sociais, actividades en streaming...).

GRUPO 8.1.4

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Estender o galego fóra do territorio físico de Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

CSAG/SXL/AGADIC/Parlamento de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 3

8.1.4.1. Estender a versión internacional da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) cunha programación activa e que promova a lingua a través doutras manifestacións artísticas (música, cinema, teatro...).

8.1.4.2. Campaña de promoción da oferta audiovisual da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) alén das nosas fronteiras e da súa oferta dixital.

8.1.4.3. Crear o "Instituto Rosalía de Castro" como instrumento para promover e defender a lingua galega alén das nosas fronteiras.

8.1.4.4. Divulgar a existencia de orquestras, grupos musicais, teatrais... galegos, con miras a facilitar a súa contratación alén do territorio de Galicia e achegar o galego a través das outras artes, fóra das nosas fronteiras (nomeadamente no resto de España e en Portugal).

8.1.4.5. Seguimento da presenza internacional do galego.

GRUPO 8.1.5

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Achegar o galego a outras situacións idiomáticas a partir da cultura.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua, SX de Emigración, RAG, Ministerio de Asuntos Exteriores.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.1.5.1. Promover edicións bilingües dos clásicos galegos para facilitar o seu coñecemento fóra de Galicia.

8.1.5.2. Fornecer aos centros galegos e aos lectorados de obras importantes da cultura galega actual (literaria, pero tamén cinematográfica, musical ou doutras manifestacións artísticas).

8.1.5.3. Impulsar acordos coas principais embaixadas españolas para que distribúan estas obras e promovan, dentro da súa programación anual, actos referidos á lingua e cultura galegas.

GRUPO 8.1.6

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Impulsar e apoiar institucionalmente fóra de Galicia o uso, a promoción e a proxección da lingua galega, así como as distintas manifestacións culturais que a empregan, como expoñentes dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego.

ÓRGANO EXECUTOR

SX de Emigración, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e IGAPE.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.1.6.1. Convocatoria de subvencións para proxectos de promoción da lingua e cultura galegas no exterior, destinados a alianzas de entidades sen fins lucrativos, entre entidades da Galicia territorial e a Galicia exterior.

8.1.6.2. Integración de valoracións suplementarias nas convocatorias do Plan de internacionalización do IGAPE pola normalización do uso do galego nas súas actividades, así como a presentación razoada de converxencia das accións beneficiadas coa Lei galega de acción exterior e a Lei de aproveitamento dos vínculos coa lusofonía, coñecida como Lei Paz Andrade.

8.1.6.3. Participación en feiras internacionais, asegurando a visibilidade do galego: sección de libro galego nas feiras de libros, produtos etiquetados en galego nas feiras de alimentación..., impulsando marcas galegas de referencia como poden ser Galicia Calidade ou Xacobeo.

8.1.6.4. Promover a participación e visibilidade do galego en festivais internacionais.

GRUPO 8.2.1

O galego estremeiro

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fortalecer e estender o uso do galego nos territorios de fala galega que non pertencen á Comunidade Autónoma de Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

Presidencia da Xunta de Galicia, SX da Lingua, CSAG.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.2.1.1. Establecer canles de diálogo para favorecer a visualización da TVG en aberto sen ter que recorrer ás edicións internacionais.

8.2.1.2. Facer unha campaña de sensibilización entre a poboación dos territorios galegofalantes de fóra da C.A. de Galicia para poñer en valor a preservación da súa lingua e as vantaxes e oportunidades que ofrece o coñecemento do galego.

8.2.1.3. Poñer en marcha actividades de dinamización en galego dirixidas á poboación en xeral, fóra do ámbito escolar, como festivais de cine, ou sensibilización sobre a importancia de conservación da toponimia propia, etc.

GRUPO 8.2.2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Defensa do galego nos territorios estremeiros de Asturias e de Castela e León.

ÓRGANO EXECUTOR

Presidencia da Xunta e SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.2.2.1. Acordos co Principado de Asturias e coa Comunidade Autónoma de Castela e León para a defensa dos dereitos dos galegofalantes nas áreas do seu territorio onde se fala este idioma.

8.2.2.2 Promover un acordo cos concellos de fala galega de Asturias e Castela e León para impulsar o uso do galego naquelas actuacións ou servizos que consideren oportuno.

8.2.2.3. Realizar as negociacións pertinentes para conseguir que os recoñecementos para a presenza do galego na Administración Xeral do Estado, acadados a través do Consejo de las lenguas oficiales e a Oficina para las lenguas oficiales, teña validez tamén para os cidadáns do galego estremeiro, por exemplo o recoñecemento dos dereitos lingüísticos na Administración Xeral do Estado e os seus organismos vinculados.

8.2.2.4. Impulsar acordos co Principado de Asturias para impulsar a visibilidade da realidade lingüística do galego no occidente da Comunidade.

GRUPO 8.2.3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Incremento da presenza do galego no sistema educativo dos territorios estremeiros de Asturias e Castela e León.

ÓRGANO EXECUTOR

Presidencia da Xunta, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.2.3.1. Promover acordos co Principado de Asturias e coa Comunidade Autónoma de Castela e León para impulsar a oferta voluntaria de ensino en galego nos centros onde exista demanda suficiente.

8.2.3.2. Realizar unha campaña nos centros de ensino dos territorios galegófonos de fóra de Galicia para fomentar o ensino da lingua galega.

8.2.3.3. Impulsar a docencia do galego, e de actividades en galego, nos centros de fóra de Galicia que o soliciten e teñan demanda suficiente.

GRUPO 8.3.1

Lectorados e centros de estudos galegos

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Consolidar unha rede de lectorados que funcionen como centros de expansión da cultura galega.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

8.3.1.1 Redactar un plan de creación e funcionamento dos lectorados no que se expliciten os obxectivos que se pretenden e os criterios que deben primar para a súa creación.

MEDIDAS

Prioridade 1

8.3.1.2. Mellorar as condicións laborais e salariais dos lectores para adecualas ás peculiaridades propias de cada país de destino.

GRUPO 8.3.2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Que a rede de lectorados actúe como embaixadora da cultura e da lingua galegas.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.3.2.1 Ampliar paulatinamente o número de lectorados e Centros de Estudos Galegos, segundo os criterios que se establezan no Plan de creación e funcionamento dos lectorados, que non sexan só lugares de transmisión académica, senón que actúen tamén como axentes dinámicos de iniciativas e actividades que dean a coñecer Galicia, a súa lingua e a súa cultura.

GRUPO 8.3.3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Creación dunha institución pública dedicada especificamente á proxección exterior do galego a semellanza do Etxepare Euskal Institutua ou do Institut Ramon Llull.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

8.3.3.1. Creación e aprobación do decreto ou norma de creación do "Instituto Rosalía

MEDIDAS

Prioridade 1

de Castro" (IRC), medida xa prevista na área de galego no exterior.

8.3.3.2. Colaboración con outros centros similares, nomeadamente co Cervantes, o Camões, o Etxepare e o Raimon Llull.

8.3.3.3. Integración no IRC -ou colaboración – dos Centros de Estudos Galegos.

8.3.3.4. Definir a colaboración do IRC coas embaixadas de España, centros galegos e similares.

8.3.3.5. Definición e desenvolvemento dun Plan estratéxico de coordinación, seguimento e visibilización dos centros de estudos galegos no exterior.

GRUPO 8.4.1

Relacións coa lusofonía

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Utilizar a ponte estratéxica coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) / UNESCO.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia, Instituto de Camões, CPLP e Ministerio de Asuntos Exteriores.

MEDIDAS

Prioridade 3

8.4.1.1. Desenvolver un acordo entre a Xunta de Galicia, o Ministerio de Asuntos Exteriores e a CPLP para darlle maior visibilidade á participación galega na CPLP.

8.4.1.2. Incentivar a participación da Xunta de Galicia como impulsora da actuación española na CPLP e organismos afíns para visibilizar a presenza do galego.

GRUPO 8.4.2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Impulsar as relacións de Galicia cos países lusófonos, como parte dun ámbito internacional de comunicación con proximidade lingüística.

ÓRGANO EXECUTOR

DX de RREEUE, UE e Cooperación para o Desenvolvemento, Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea, Cooperación e IGAPE.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.4.2.1 Colaboración da Xunta de Galicia, Ministerio de Asuntos Exteriores e a CPLP para a realización de actividades galegas nos países lusófonos, nomeadamente culturais, económicas ou de axuda ao desenvolvemento.

GRUPO 8.4.3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Ter datos fiables sobre a visión da lingua que temos os falantes sobre a relación do galego co portugués.

ÓRGANO EXECUTOR

IGE

MEDIDAS

Prioridade 2

8.4.3.1. Encargar ao IGE a realización de estudos sobre o comportamento lingüístico dos emigrantes galegos, en especial en Portugal e no Brasil, e dos lusófonos en Galicia.

GRUPO 8.4.4

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Alcanzar un maior coñecemento da lingua portuguesa en España que repercuta positivamente no seu prestixio en Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

Ministerio de Educación; Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude; Rede de Bibliotecas e CSAG.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.4.4.1. Campaña para presentar o galego como facilitador da comunicación coa lusofonía, sen obviar que se precisa de certa preparación en portugués para iso.

8.4.4.2. Crear unha tarxeta para que os habitantes da Eurorrexión (ou polo menos as Eurocidades ou os da área da fronteira) poidan utilizar servizos culturais e deportivos a ambos os lados da raia (bibliotecas, teatros, museos, centros de interpretación...).

8.4.4.3. Promover campamentos de verán para as nenas e nenos e adolescentes na raia portuguesa (ou en Portugal ou alternando cada ano nun lugar diferente de Galicia/Portugal) para conviviren galegos e portugueses, con linguas de comunicación galego e portugués e con actividades e talleres culturais, lingüísticos, sociais, etc.

8.4.4.4. Facer intercambios de libros infantís con bibliotecas portuguesas. Programar asistencia de familias á hora do conto dun lado e doutro da fronteira, nomeadamente nas Eurocidades.

8.4.4.5. Acordo entre a CSAG e a RTVP para poñer en marcha programas mixtos galego-portugueses, e facilitar o acceso mediante subtitulados con transcrición fiel da lingua utilizada en cada caso.

8.4.4.6. Editar e divulgar dous cursos (con material audiovisual e impreso): "Aprende galego a partir do português e aprende português a partir do galego".

8.4.4.7. Aumentar nos fondos das bibliotecas públicas os autores en lingua portuguesa, nomeadamente na oferta dirixida ao público infantil e xuvenil.

8.4.4.8 Favorecer o acceso a recursos científicos relevantes no ámbito lusófono aproveitando a afinidade lingüística.

GRUPO 8.4.5

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Presentar Galicia na lusofonía como país de acollemento, usando a lingua como factor de simpatía que consolide os fluxos turísticos entre países lusófonos e Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

Deputacións provinciais, concellos, SX da Lingua, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e Axencia Turismo de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.4.5.1. Promover e apoiar iniciativas culturais de troca cultural e lingüística coa lusofonía.

8.4.5.2. Realizar unha campaña de promoción turística de Galicia dirixida aos viaxeiros lusófonos, na que se incida na proximidade lingüística entre o galego e o portugués.

8.4.5.3. Difundir o papel de Galicia como territorio de orixe da lingua medieval galegoportuguesa, da que derivan o galego e portugués actuais.

GRUPO 8.4.6

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Conseguir que os visitantes lusófonos (inmigrantes ou turistas) volvan aos seus países cunha idea das nosas peculiaridades como pobo, principalmente aquelas que máis nos unen ás terras de orixe deles.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 3

8.4.6.1. Realizar campañas ou materiais explicativos sobre a nosa historia lingüística común, por exemplo un documental para algunha plataforma de streaming.

8.4.6.2. Facer unha campaña para animar as persoas a falaren galego cos visitantes lusófonos e pedirlles a eles educadamente que nos falen en portugués.

GRUPO 8.4.7

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Animar a participación de Galicia en organismos e proxectos relacionados coa lusofonía.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

MEDIDAS

Prioridade 3

8.4.7.1. Impulsar un festival de música no que participen Galicia e países de fala portuguesa.

GRUPO 8.4.8

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Visibilizar o galego como lingua con valor propio.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia; CSAG; Ministerio de Asuntos Exteriores, UE e Cooperación; Goberno de Portugal e Instituto Camões.

MEDIDAS

Prioridade 2

8.4.8.1. Fomentar a redacción dun Plan de acción cultural de Galicia no marco dos países da CPLP.

GRUPO 8.4.9

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Potenciar a interacción nas redes sociais.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta, universidades, startups e TIC.

MEDIDAS

Prioridade 3

8.4.9.1. Poñer en marcha unha plataforma dixital de intercambios sociais entre galegos e lusófonos.

GRUPO 8.5.1

Relacións institucionais

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Garantir un procedemento operativo que favoreza a presenza real do galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia e MAEC.

MEDIDAS

Prioridade 3

8.5.1.1. Divulgar entre a cidadanía o coñecemento da posibilidade de emprego do galego perante determinadas institucións comunitarias.

8.5.1.2. Mellorar o sistema de funcionamento de utilización do galego nas institucións da UE, reforzando os servizos de interpretación e tradución ao galego e desde o galego.

GRUPO 8.5.2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Avanzar no recoñecemento pleno do galego en institucións españolas e internacionais.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia, Parlamento Europeo e MAEX.

MEDIDAS

Prioridade 3

8.5.2.1. Impulsar o recoñecemento no Parlamento Europeo do galego como lingua de traballo nas institucións comunitarias cando a tecnoloxía permita facelo sen custos económicos elevados.

GRUPO 8.5.3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Garantir a presenza real de persoal galegofalante nas institucións.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia, universidades e SEPIE (Erasmus+).

MEDIDAS

Prioridade 2

8.5.3.1. Fomentar o incremento do número de funcionarios galegofalantes nas institucións do Estado e da Unión Europea.

8.5.3.2. Oferta de cursos de formación en galego para os funcionarios comunitarios (especialmente para os españois e portugueses).

8.5.3.3. Facilitar a participación de estudantes galegofalantes nos programas europeos de mobilidade académica.



SECTOR 9

TECNOLOXÍAS



Presentación

Son moitas as voces autorizadas que desde hai tempo veñen advertindo sobre a importancia das tecnoloxías lingüísticas para o futuro das linguas e mesmo preconizando que as linguas que perdan o carro das tecnoloxías lingüísticas son linguas sen futuro. E isto parece cada día máis evidente.

Está claro que a explosión de internet, a expansión das plataformas dixitais e a revolución da intelixencia artificial están a modificar profundamente as relacións entre as persoas e entre as persoas e as máquinas. Están mudando a maneira de nos comunicarmos, de accedermos á información, de entretérmonos, de socializarmos ou de aprender novas linguas. Na sociedade de hoxe non podemos vivir plenamente en galego se non contamos con ferramentas eficientes de síntese de voz, de recoñecemento de voz, de tradución automática (en pouco tempo estenderase a tradución voz a voz) e outras utilidades relacionadas coa intelixencia artificial que nos permitan acceder a un número de servizos cada vez máis imprescindibles. Pensemos na xeneralización social que están tendo os asistentes virtuais (tipo Alexa ou Siri), ou chat GPT, por poñer só dous exemplos.

Pero sabemos que as enormes posibilidades que nos ofrece a revolución tecnolóxica non están dispoñibles para todas as linguas. Existe unha fenda dixital que vai en aumento entre as linguas con máis e menos recursos dixitais, unha fenda que empurra as linguas non hexemónicas cara á irrelevancia e cara á percepción social de que hai unhas linguas que son adecuadas para seren utilizadas no ámbito dixital e audiovisual e outras que non o son. Entre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas está o de reducir a fenda dixital para garantir o acceso á información e o coñecemento a través de todas as linguas. Na mesma liña vai orientado o programa European Language Equality (ELE), que pretende lograr a igualdade total das linguas dixitais en Europa para o ano 2030 e reducir a fenda dixital entre o inglés e todas as demais linguas europeas, cunha filosofía baseada na apertura (código aberto, acceso aberto e estándares abertos), na interoperabilidade e na estandarización. Este programa trata de superar o grave problema da falta de datos lingüísticos dispoñibles para a maioría das linguas.

A utilización das redes neuronais nos últimos anos produciu un salto de gran trascendencia nas tecnoloxías lingüísticas. O adestramento destes sistemas esixe unha gran cantidade de datos, que xeralmente só están dispoñibles para as grandes linguas, pero supón un enorme esforzo para todas as demais. Linguas con pouco poder demográfico e económico, como é o caso do galego, corren o risco de se situaren no lado das que quedan atrás na fenda dixital. Por iso cómpre esforzarse na creación de contidos dixitais en galego e na creación de grandes corpus que permitan un adestramento axeitado das tecnoloxías de vangarda. Galicia está facendo este traballo e, por exemplo, na actualidade o galego é a décima lingua do mundo en corpus de voz en Common Voice, a base de datos de voz libre e pública da Mozilla Foundation.

Un esforzo que debe manterse no tempo.

Debemos traballar na dirección de conseguir a soberanía tecnolóxica, tanto en aplicacións informáticas de software libre coma noutros sectores dixitais para defendérmonos do perigo das grandes empresas que dominan o mercado e que non teñen un especial interese en investir en linguas que non lles poden reportar un alto beneficio económico.

En Galicia, no 2021 asinouse un acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -AMTEGA-) e a Universidade de Santiago (a través do Instituto da Lingua Galega e o CiTIUS), para definir, deseñar e elaborar a planificación do Proxecto Nós para o período 2022-2025. En anos sucesivos asináronse novos convenios entre a Consellería de Cultura, a AMTEGA, a USC e, nalgún caso tamén a Universidade de Vigo para desenvolver as actividades deseñadas. Por outro lado, o Proxecto Nós recibiu un notable impulso do PERTE Nova Economía da Lingua, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, con fondos Next Generation da Unión Europea. O Proxecto Nós está a xerar os recursos necesarios para colocar o galego na vangarda das tecnoloxías intelixentes, nomeadamente naquelas áreas relacionadas coas tecnoloxías lingüísticas e, de modo xeral, na sociedade e economía da intelixencia artificial. Os recursos desenvolvidos en Nós son de libre acceso por terceiros, o que vai permitir e facilitar o desenvolvemento de produtos e servizos finais en lingua galega, por parte das empresas, institucións e organizacións, tanto públicas como privadas, que así o desexaren.

É ben sabido que o desenvolvemento das tecnoloxías lingüísticas evoluciona a velocidade de vertixe, polo que cómpre asegurar que un esforzo coma o realizado no Proxecto Nós non sexa flor dun día, e manter un nivel de investimento ao longo do tempo que garanta estar ao día dos novos avances, para o que é imprescindible o contacto permanente e a colaboración cos demais grupos de investigación de fóra de Galicia. Só así estaremos en disposición de desenvolver os produtos tecnolóxicos que demande a sociedade para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía galega no mundo dixital, e de contribuír á modernización e dixitalización do ecosistema de empresas galegas e á creación de valor con novos produtos que empreguen a lingua galega.

É necesario garantir que todos os traballadores das distintas administracións e dos servizos públicos teñan ao seu dispor as aplicacións informáticas que lles permitan desenvolver o seu traballo en lingua galega, e cómpre asegurar que os servizos automatizados de atención á cidadanía funcionen en galego. Pero debemos tamén ter un coñecemento das necesidades reais que as empresas e a cidadanía galega teñen no ámbito das tecnoloxías en lingua galega, e facilitar aos posibles usuarios un acceso fácil aos recursos tecnolóxicos dos que xa dispoñemos. Por iso parece conveniente poñer en marcha unha oficina na que se poidan escoitar e recoller as necesidades expresadas polos usuarios, e que ao mesmo tempo faga chegar con fluidez os recursos existentes a quen os necesite ou os demande.

SECTOR 9

TECNOLOXÍAS
Diagnóstico

FORTALEZAS

O galego é unha lingua con recoñecemento legal e institucional (cooficialidade) e conta cunha comunidade de falantes activa e comprometida tanto en sectores da sociedade como no ámbito académico e cultural.

O impulso da administración pública:

A existencia dunha normativa que promove que as administracións públicas fagan uso do galego e do dominio .gal en Internet.

O desenvolvemento dos servizos dixitais das administracións públicas en galego incrementou o seu uso en internet.

Existen proxectos pioneiros de tecnoloxía en galego (dicionarios en liña, tradutores automáticos, corpus lingüísticos...). Poden requirir mellorar ou afondar en ámbitos especializados, pero o punto de partida supón unha base sólida.

Presenza de centros de investigación e universidades, así como de equipos de investigación e persoal formado (graos de IA nas universidades galegas), que traballan en tecnoloxías lingüísticas e lingüística computacional aplicadas ao galego.

Existencia dun Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), que dispón de infraestruturas avanzadas con gran potencia de cálculo computacional, destinadas a incrementar a capacidade investigadora e tecnolóxica.

O galego pode ser un elemento de identidade e valor de marca no sector:

- Algunhas empresas demostran que o galego pode ser un elemento central (non só unha localización), achegando valor identitario e de proximidade.

- Posibilidade de usar o galego como diferencial competitivo en certos ámbitos especializados.

- Empresas tecnolóxicas galegas traballan en software en galego.

- Experiencias exitosas: algúns produtos xa ofrecen 100 % de contido en galego (UI, documentación), probando que é viable.

DEBILIDADES

Escasa demanda real detectada de produtos e servizos en galego, coa excepción da administración pública e do sector cultural:

- Fóra da Administración e do sector cultural, case non hai demanda de produtos en galego. Non hai demanda privada.

- Percepción social: o uso do galego no eido dixital aínda non está plenamente normalizado entre moitas persoas, que optan polo castelán ou o inglés cando crean contidos ou usan ferramentas en liña.

- No sector tecnolóxico: moitas empresas non ven utilidade como produto no galego e priorizan o castelán por defecto, ante a falta de demanda.

Uso residual do galego fóra dos contornos culturais ou institucionais:

- O inglés predomina no sector tecnolóxico (70-95 % dos contidos).

- Reducido uso do galego en plataformas sociais por cidadáns e empresas máis aló dun núcleo concienciado coa lingua .

- Baixo uso do galego nos sectores produtivos tecnolóxicos, onde o castelán e o inglés predominan. Os contidos técnicos en galego son escasos; mesmo en castelán hai carencias.

- Falla de referentes galegofalantes en plataformas sociais (non se pode ser influente sen unha ampla masa de público).

Dominio absoluto de plataformas globais (Google, Meta, OpenAI...) que non priorizan linguas minoritarias. Falta a presenza do galego en plataformas de acceso masivo:

- A ausencia do galego nas aplicacións móbiles máis empregadas.

- A ausencia do galego nos produtos de Apple (cando o catalán está presente no iPhone dende 2010 e en Mac OS X dende 2012).

- A ausencia do galego na plataforma publicitaria de Google, e as súas consecuencias directas: a imposibilidade de participar nas principais plataformas publicitarias e a falla de representación dos medios en galego como tales. Non hai un buscador activo no dominio Google.gal cando Google.cat leva activo desde 2006.

- O algoritmo non conduce ás páxinas en galego.

- Os contidos en galego quedan marxinados nos sistemas de recomendación de plataformas YouTube ou TikTok.

- As dificultades para acceder aos contidos que están dispoñibles na nosa lingua en plataformas de vídeo baixo demanda por falla de visibilidade e un deseño de interface con moitos atrancos.

A concienciación de sectores especializados no ámbito da cultura e da tecnoloxía:

- Os esforzos da industria cultural en empregar o galego na Rede e facer bandeira a través do uso de dominios .gal.

- A existencia de ciberactivistas que promoven a localización dalgunhas plataformas en liña (Facebook, X e Bluesky) ao galego.

- No ámbito da creación dixital e os videoxogos existe un interese crecente do público por xogos en galego, e unha participación activa de profesionais da tradución e iniciativas universitarias.

- A localización ao galego do sistema operativo Windows e do paquete ofimático de Microsoft, así como a integración neste último dun corrector ortográfico competente.

A proximidade á comunidade lusófona:

- Favorece o acceso a recursos e tecnoloxías en portugués que poden enriquecer e adaptarse facilmente ao galego.

- A Lei Paz Andrade lexisla co fin de favorecer e permitir a reciprocidade das emisións televisivas e radiofónicas entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Portugal.

Baixo investimento público e privado en proxectos tecnolóxicos específicamente en galego.

Gran dependencia de financiamento público para iniciativas en galego:

- A maior parte do financiamento para iniciativas en galego depende do sector público, como demandante de desenvolvemento de servizos dixitais.

- Bótase en falta un apoio institucional mellor estruturado, o que leva a subvencións pouco eficaces, en concreto en sectores especializados como o videoxogo ou a creación dixital.

Falta de recursos lingüísticos amplos e actualizados:

- Aínda que está dispoñible software de tradución, falta máis software lingüístico de calidade para o galego.

- Moitas ferramentas tecnolóxicas (asistentes de voz, apps, correctores) non teñen en conta o galego.

- Escasa presenza en contidos e servizos globais: a intelixencia artificial, as plataformas de streaming, as aplicacións móbiles e a maioría dos grandes sistemas dixitais priorizan outras linguas.

- Escaseza de conxuntos de datos para IA en galego (0,1–1 % fronte a 80 % en inglés).

Custos de localización: aínda que as ferramentas axudan, a adaptación e mantemento destas en galego supoñen un esforzo adicional (ou polo menos así é percibido no mundo da empresa).

Inexistencia dun coñecemento claro de casos de uso das tecnoloxías lingüísticas, que permitan afrontar unha planificación óptima de elaboración de recursos tecnolóxicos en galego.

SECTOR 9

TECNOLOXÍA
Obxectivos

SECTOR 9: TECNOLOXÍA

Obxectivos

A presenza do galego nas tecnoloxías é fundamental para asegurar a súa normalización como lingua do S. XXI. A lingua debe estar presente no software, na internet e en todos os soportes dixitais, xa que estes se converteron en espazos esenciais para a comunicación, a educación e o lecer. A supervivencia e proxección do galego no futuro dependerán, en gran medida, da súa capacidade de estar presente e funcionar con normalidade no ecosistema tecnolóxico global, asegurando que sexa unha lingua habitual na creación, comunicación e innovación na era dixital.

O impulso da presenza da lingua galega no eido dixital concrétase nos seguintes obxectivos:

01

Normalizar o uso do galego no ecosistema dixital. O galego debe ser unha lingua habitual no contexto dixital co que se relaciona a cidadanía galega: páxinas web, redes, apps, videoxogos, servizos vinculados á intelixencia artificial e proxectos de innovación. Tanto a nivel de interface como á hora de crear contidos nas distintas plataformas.

02

Lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos en galego. Ampliar o corpus dixital, as ferramentas e contidos nativos en galego para que sexa competitivo tecnoloxicamente.

03

Potenciar a presenza da lingua galega en internet e fomentar a demanda social: que a sociedade reclame contidos e servizos en galego no seu día a día.

04

Formar en competencias dixitais en galego, para que a mocidade e as empresas vexan a lingua como un activo tamén no mundo dixital. E igualmente acadar un uso habitual do galego no desenvolvemento da actividade profesional do sector tecnolóxico en Galicia.

05

Fomentar o desenvolvemento de recursos e aplicacións en tradución automática, recoñecemento e síntese de voz e outras técnicas que aseguren a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da sociedade actual.

SECTOR 9

TECNOLOXÍA
Medidas

Medidas

GRUPO 9.1

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Fomento dos referentes culturais e empresariais comprometidos co galego.

Incremento dos produtos dixitais en galego, dándolles maior visibilidade e facilitando aos usuarios o acceso a eles.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración pública.

MEDIDAS

Prioridade 2

9.1.1. Apoiar proxectos e contidos dixitais en galego e crear un portal no que se lles dea visibilidade aos contidos en galego, pero tamén aos medios dixitais, ás persoas creadoras de contido e ás empresas que poñan o galego no centro.

O apoio á creación de contidos dixitais en galego pode realizarse mediante premios ou outros estímulos.

GRUPO 9.2

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Que o galego dispoña de corpus e ferramentas que o fagan competitivo nas tecnoloxías lingüísticas.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia; Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública e universidades galegas.

MEDIDAS

Prioridade 2

9.2.1. Institucionalizar e dar un modelo de gobernanza e financiamento estable ao Proxecto Nós, transformándoo dunha iniciativa puntual nunha infraestrutura crítica permanente. Podería ser en forma de consorcio formado e financiado pola Xunta de Galicia e as universidades galegas.

As súas funcións principais serían:

1) Mantemento e actualización continua dos modelos de linguaxe xa existentes, adaptándoos ás novas variantes da lingua e á evolución tecnolóxica.

2) Creación e desenvolvemento dunha folla de ruta para crear novos recursos.

3) Ofrecer servizos en nube (APIs) destes modelos ás administracións públicas, ás empresas tecnolóxicas e á comunidade desenvolvedora para asentar un ecosistema tecnolóxico estable que favoreza o seu uso práctico e real.

O Proxecto Nós pasaría de ser un proxecto a ser un servizo público esencial en tecnoloxías da lingua.

GRUPO 9.3

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Estimular a creación de aplicacións en galego, especialmente no ámbito empresarial, que teñan unha aplicación concreta nos modelos de negocio.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.3.1. Axudas para o desenvolvemento de ferramentas de IA en galego no ámbito empresarial.

Establecer un programa de axudas económicas destinado especificamente a empresas e startups que integren ferramentas lingüísticas (por ex: LLMs de dominio, RAGs ou chatbots) en aplicacións útiles para as súas necesidades e modelos de negocio, que inclúan o galego como unha das súas linguas de funcionamento.

GRUPO 9.4

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia, AMTEGA, AGAIN, SXL.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.4.1. Favorecer o emprego e dispoñibilidade do galego no software de maior demanda social.

Esta medida consiste en promover a localización de medios de software en galego nos programas de maior demanda social (Office, Windows, etc.).

GRUPO 9.5

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Garantir que os traballadores públicos poidan desenvolver a súa actividade en galego para dar cumprimento ao dereito dos cidadáns a seren atendidos nesta lingua.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia, AMTEGA, SX da Lingua, Administracións locais, Delegación do Goberno en Galicia e Ministerio de Xustiza.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.5.1. Impulsar, cando sexa viable, que o galego estea presente nas aplicacións informáticas para o uso do persoal ao servizo das administracións públicas das Administracións en Galicia, de todos os corpos xurídicos, das oficinas notariais e rexistrais e dos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Esta medida consiste en promover a localización de software en galego para uso en todos os servizos públicos en Galicia. Cómpre prestar especial atención á incorporación do galego á aplicación de xestión procesual Atenea.

GRUPO 9.6

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia, AMTEGA, SX da Lingua, Administracións locais, Delegación do Goberno en Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.6.1. Favorecer a incorporación da lingua galega a todos os servizos de atención ao cliente nas Administracións (asistentes virtuais, chats das webs corporativas e sistemas de resposta telefónica automática).

GRUPO 9.7

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Proporcionar aos desenvolvedores de ferramentas de IA en galego datos e corpus que permitan a súa realización.

ÓRGANO EXECUTOR

AMTEGA.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.7.1. Creación dun DataHub galego ou repositorio Público de Datos Multimodais para IA.

Plataforma pública centralizada que albergue, organice e distribúa de forma gratuíta e aberta conxuntos de datos (datasets) en lingua galega. Este repositorio non sería un simple arquivo, senón un hub dinámico que incluiría datos textuais, datos de audio e datos audiovisuais.

GRUPO 9.8

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ter un coñecemento de casos de uso e necesidades de aplicacións informáticas en lingua galega.

Facilitar o acceso dos usuarios ao software existente en lingua galega.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua e AMTEGA.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.8.1. Creación dunha oficina de software e recursos tecnolóxicos en galego.

Nesta oficina recolleranse as suxestións das empresas e usuarios en xeral sobre necesidades de creación de software para casos de uso específico, propostas de localización de software ao galego, e servirá tamén de distribución de software libre existente en galego.

GRUPO 9.9

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Producir a terminoloxía en galego necesaria para satisfacer as necesidades do desenvolvemento tecnolóxico nesta lingua.

ÓRGANO EXECUTOR

Termigal-CIRP e SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

9.9.1. Elaborar e publicar un glosario de termos científicos, técnicos e tecnolóxicos en galego.

GRUPO 9.10

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomento do uso do galego no ámbito da I+D+i.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración pública de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 2

9.10.1. Facilitar e incorporar requisitos para que a prestación de servizos externalizados e as solucións tecnolóxicas inclúan soporte completo en galego (sempre que sexa posible).

GRUPO 9.11

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar entre a cidadanía galega a idea de que o galego é unha lingua normal tamén no ámbito tecnolóxico.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración pública de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 3

9.11.1. Seccións en xornais e medios de comunicación en galego dedicados á tecnoloxía.

GRUPO 9.12

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomento do uso do galego nas tecnoloxías aplicables ao ámbito sanitario.

ÓRGANO EXECUTOR

Administración pública de Galicia, especialmente a Consellería de Sanidade.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.12.1. Recompilar, crear, traducir e curar datos do ámbito sanitario que permitan adaptar os modelos ao galego, permitindo así desenvolver sistemas de intelixencia artificial rigorosos, útiles e plenamente operativos na nosa lingua.

GRUPO 9.13

OBXECTIVS ESPECÍFICO

Normalizar o uso galego no ecosistema dixital.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia e administracións locais.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.13.1. Introducir cláusulas de dispoñibilidade lingüística, dentro do marco normativo vixente, que valoren o uso do galego como criterio adicional nas contratacións e axudas autonómicas e locais, incentivando provedores para que normalicen o galego nos seus servizos dixitais.

GRUPO 9.14

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Facilitar a implantación da domótica en galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Economía e Industria e Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

MEDIDAS

Prioridade 2

9.14.1. Promover a incorporación de domótica e robótica en galego.

GRUPO 9.15

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Fomentar a demanda social.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 2

9.15.1. Promover a tradución ao galego de aplicacións e videoxogos dirixidos á infancia e mocidade.

GRUPO 9.16

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Normalizar o uso galego no ecosistema dixital.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia (SX da Lingua; Consellería de Economía e Industria; Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) e .gal, coa colaboración da Confederación de Empresarios de Galicia e a Federación Galega de Comercio.

MEDIDAS

Prioridade 2

9.16.1. Campaña dirixida especialmente ao empresariado e ao comercio de utilización do dominio .gal nos seus portais web e correos electrónicos corporativos, como símbolo de identificación con Galicia e coa lingua galega.

Nesa campaña deberíase explicar as vantaxes, mesmamente económicas, que pode ter a visibilidade da vinculación con Galicia.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia e Clúster TIC.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.16.2. Crear un selo de compromiso lingüístico para empresas que impulsen o uso do galego en servizos dixitais, con vantaxes en visibilidade e recoñecemento público.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia (Consellería de Economía e Industria; Consellería de Emprego, Comercio e Emigración; e SX da Lingua).

MEDIDAS

Prioridade 1

9.16.3. Liña de axudas da Xunta de Galicia para que as empresas e comercios poñan as súas webs en galego.

GRUPO 9.17

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Monitorizar e avaliar impacto das medidas.

ÓRGANO EXECUTOR

AMTEGA, CCG e .gal.

MEDIDAS

Prioridade 1

9.17.1. Sistema de indicadores sobre presenza do galego en webs, apps, IA e redes sociais, con informes anuais.

GRUPO 9.18

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Formar en competencias dixitais e fomentar demanda.

ÓRGANO EXECUTOR

Universidades, Clúster TIC e Xunta de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 2

9.18.1. Hackathons e Game Jams temáticas en galego.

Eventos para desenvolver apps, videoxogos e contidos dixitais en galego, con premios e difusión.

GRUPO 9.19

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Favorecer a creación e consumo de contidos en galego: científicos, divulgativos, tecnolóxicos, debuxos animados, videoxogos.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 2

9.19.1. Produtos en galego nos bonos

Dar visibilidade a produtos etiquetados en lingua galega na oferta de bonos de consumo no comercio galego.

GRUPO 9.20

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Normalizar o uso do galego e abrir mercados no exterior.

ÓRGANO EXECUTOR

IGAPE e Xunta de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 3

9.20.1. Promover produtos galegos coma ponte cara ao mercado portugués e brasileiro.

GRUPO 9.21

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Facilitar a presenza internacional das empresas galegas mediante as tecnoloxías en lingua galega.

ÓRGANO EXECUTOR

Coordinado pola Xunta e en colaboración con universidades e centros de investigación de Galicia e Portugal.

MEDIDAS

Prioridade **2**

9.21.1. Creación dunha estratexia para usar o galego como ferramenta de internacionalización empresarial e potenciar o seu valor tecnolóxico.

SECTOR 10

RECURSOS LINGÜÍSTICOS

Presentación

Os recursos lingüísticos son fundamentais para o desenvolvemento de calquera lingua na sociedade actual. Acudimos a un dicionario para coñecer o significado dunha palabra ou a un vocabulario ortográfico se temos dúbidas de se unha voz se escribe con "b" ou con "v", con "c" ou con "cc", ou a unha gramática para coñecer o réxime dun verbo ou a unha base de datos terminolóxica para coñecer o equivalente dun termo de especialidade que nos chega en inglés. Pero aínda o son moito máis para unha lingua que, como é o caso do galego, está en proceso de normalización, se queremos que responda a todas as necesidades comunicativas da sociedade actual, que sexa a lingua da educación, que sexa a lingua dos medios de comunicación ou que sexa a lingua da administración. Teñen, xa que logo, un carácter transversal, xa que son necesarios en practicamente todos os ámbitos da actividade profesional e do lecer, e son necesarios en maior ou menor medida para todas as persoas independentemente do seu status social ou económico.

Non podemos lograr unha normalización do galego se non contamos con recursos lingüísticos suficientes que faciliten, por exemplo, o seu emprego como lingua vehicular na actividade económica e na comercial, na administración pública, na xustiza, na sanidade, nos medios de comunicación, no deporte, no lecer e en calquera outra actividade.

Tradicionalmente os recursos lingüísticos tiñan como soporte o papel, pero na sociedade do S. XXI isto sufriu unha transformación radical: os libros, dicionarios, formularios... en papel teñen cada vez menos espazo, e son substituídos por recursos dixitais, que facilitan un acceso máis rápido, ubicuo, económico e universal que os que teñen como soporte o papel. De aí que cada vez cobren máis peso os recursos lingüísticos dixitais, e, sobre todo, os que se ofrecen en liña.

Un ámbito especialmente sensible e fundamental é o do ensino. Un problema amplamente recoñecido e que cómpre afrontar nas linguas en proceso de normalización é a dispoñibilidade de material didáctico de alta calidade que permita a formación de profesores cualificados para ensinar nelas con solvencia as distintas disciplinas, e igualmente a dispoñibilidade de materiais didácticos nesas linguas para que os alumnos poidan ser instruídos nas distintas materias. Pero no caso do galego no

momento actual, amais de no ensino regrado, cómpre poñer o foco tamén noutros ámbitos, ben por seren estratéxicos ou por seren fortemente deficitarios de recursos. Sen pretensión de exhaustividade podemos sinalar:

a. A necesidade de incrementar os recursos lingüísticos orientados á poboación infantil.

b. Recursos para a aprendizaxe oral do galego.

c. Recursos terminolóxicos de todas as áreas de especialidade.

d. Recursos para o lecer ou tempo libre (videoxogos, xogos de mesa...), tanto de nova creación como a través de traducións de calidade.

e. Recursos lingüísticos para integrar no galego á poboación mundial.

f. Recursos que poñan o foco na atención á diversidade, adaptados para atender persoas con necesidades específicas.

Moitas veces, aínda que existan os recursos, os potenciais usuarios non teñen coñecemento da súa existencia. Non abonda con crear os recursos, é imprescindible facer un grande esforzo en divulgar entre os posibles destinatarios a súa existencia e, ademais, facilitar o acceso a estes a través de plataformas virtuais coñecidas e accesibles. O descoñecemento e a dificultade de acceso non é un problema exclusivo dos profesionais que necesitan determinados recursos lingüísticos no desenvolvemento do seu labor diario, é unha realidade que se detecta xa desde a formación escolar. Diversos estudos mostran que os alumnos, en xeral, teñen escasos coñecementos sobre os recursos lingüísticos e que estes se limitan ás ferramentas máis populares. Non se trata só dunha eiva que cómpre corrixir no alumnado, é necesario comezar a afrontar este problema polo profesorado, que dunha maneira maioritaria manifesta que eles tamén teñen un coñecemento moi limitado destes recursos e que practicamente non ensinan a utilizar na aula máis ca os dicionarios de autoridade.

Aspectos importantes deben ser tamén aqueles que teñen unha forte presenza nas dinámicas sociais neste momento, como son os relacionados coa igualdade, cos problemas do medio ambiente, coa sanidade ou coa saúde. Todos estes ámbitos deben ocupar un lugar importante nas accións que se leven a cabo para dotar de ferramentas útiles que axuden a desenvolver unha vida plena en lingua galega.

Nun Plan xeral de normalización da lingua galega temos que saber planificar os recursos lingüísticos necesarios para capacitar a lingua dos recursos lingüísticos para responder dunha maneira eficaz ás necesidades da sociedade que a fala, e facer accesible estes recursos aos usuarios para que o desenvolvemento da súa vida en galego non lles supoña un esforzo complementario dificilmente superable.

SECTOR 10

RECURSOS LINGÜÍSTICOS Diagnóstico

FORTALEZAS

Abundancia e diversidade de recursos léxicos, terminolóxicos, didácticos e tecnolóxicos.

Compromiso dunha parte do profesorado para a utilización dos recursos relacionados co galego.

Apoio e compromiso de diversas administracións para a elaboración e difusión de recursos.

Existencia de medios de comunicación, asociacións profesionais e outras entidades como plataforma para a difusión de recursos.

Existencia de materiais de referencia consolidados nalgúns sectores.

DEBILIDADES

Dispersión das vías de acceso aos recursos e servizos relacionados coa lingua galega.

Dificultade de acceso a algúns recursos.

Insuficiencia de recursos en galego en determinados sectores.

Falta de coordinación na elaboración e na difusión de recursos.

Ausencia dun espazo público que ofreza de modo organizado, accesible, flexible, intuitivo e actualizado os recursos lingüísticos existentes.

Escasa implicación en xeral do sector privado na produción de materiais en lingua galega.

Escaso financiamento para a elaboración de recursos.

Recursos de formación. Ensino regrado

FORTALEZAS

Boa disposición por parte do profesorado a empregar recursos de calidade en lingua galega.

Existencia de recursos valiosos e motivadores en lingua galega.

Existencia de servizos lingüísticos universitarios e de EDLG nos centros educativos.

Existencia dos respectivos servizos de publicacións das universidades, con obras en lingua galega.

Implicación dunha parte da comunidade universitaria no uso do galego.

Existencia de comisións de normalización en moitas facultades do Sistema Universitario Galego.

Existencia de abundante material lexicográfico, incluídos os dicionarios escolares, así como dalgúns repertorios terminográficos e de dous bancos terminolóxicos de referencia para o galego (TERGAL, BUSCatermos).

DEBILIDADES

Descoñecemento por parte da maioría do profesorado dos recursos existentes.

Escaseza de formación continua do profesorado en lingua galega e dos EDLG.

Escaseza de recursos de calidade en lingua galega para os distintos niveis do ensino.

Pouca oferta de contido audiovisual en galego para o día a día das aulas: cancións, curtas, debuxos animados, aplicacións, documentais, infografías, etc.

Déficit do uso da lingua nas aulas, sobre todo nas áreas tecnolóxicas e científicas, así como na investigación.

Escaseza de corpus escritos e orais especializados.

Recursos de formación. Ensino non regrado

FORTALEZAS

O sistema CELGA está asentado en Galicia e é acorde cos estándares europeos de avaliación de persoas adultas.

Existencia de oferta formativa telemática actualizada.

Existencia de oferta formativa en linguaxes de especialidade.

Alta demanda de formación en linguaxes de especialidade por parte do persoal das administracións públicas.

Existencia dunha oferta formativa non regrada moi ampla en diferentes ámbitos (música, baile, pintura, costura...) e que chega a unha gran parte da poboación.

A lingua galega pode ser unha ferramenta decisiva de integración para as persoas inmigrantes.

DEBILIDADES

Insuficiente oferta formativa en linguaxes de especialidade.

Ausencia de material adaptado á administración electrónica.

Restrición no acceso á oferta formativa en linguaxes de especialidade para o persoal empregado da Administración pública.

Ausencia de cursos de autoformación de linguaxes específicas.

Inexistencia de probas de acceso libre para acreditar competencias en linguaxes de especialidade.

Escaseza de oferta en academias para a aprendizaxe do galego e para a preparación de exames CELGA.

Falta de recursos para a aprendizaxe da lingua galega de persoas adultas adaptados aos niveis CELGA.

Inexistencia dun sistema que mida o nivel lingüístico previo para optar aos CELGA.

Falta de materiais e recursos didácticos para o ensino da lingua galega entre a poboación inmigrante.

Falta de materiais para a oferta formativa non regrada en diferentes ámbitos (música, baile, pintura, costura, robótica...) que se imparte maioritariamente en castelán.

Escaseza de oferta formativa en linguaxes de especialidade.

Falta de manuais de linguaxes de especialidade que aproveiten as posibilidades que ofrece o soporte electrónico.

Inexistencia de perfís lingüísticos nas relacións de postos de traballo da maioría das administracións públicas.

Acceso á función pública

FORTALEZAS

As persoas que concorren ás oposicións habitualmente adoitan ter competencia en lingua galega.

Posibilidade de canalizar a elaboración de temarios en galego para as oposicións da Administración xeral e a Administración especial a través da EGAP.

DEBILIDADES

Ausencia de recursos formativos en lingua galega para a maioría das oposicións.

Falta de oferta formativa en galego nas academias de preparación dalgunhas oposicións.

Inclusión

FORTALEZAS

O profesorado e os profesionais están cada vez máis sensibilizados coa inclusión e a atención á diversidade e coa necesidade de creación de recursos ao respecto.

DEBILIDADES

Escaseza de recursos de apoio educativo en lingua galega para atender o alumnado con necesidades específicas.

Escaseza de materiais orixinais ou traducidos ao galego como recursos imprescindibles para a atención á diversidade como pictogramas, comunicadores como GRID3...

Acollemento lingüístico

FORTALEZAS

Existencia dunha rede de docentes e de asociacións que promoven o coñecemento e intercambio dos recursos e actividades elaborados para o acollemento lingüístico en galego.

Existencia de cursos e actividades en galego nas universidades da Comunidade específicos para o alumnado con necesidades lingüísticas.

DEBILIDADES

Insuficiencia de programas de acollida en todos os ámbitos sociais, incluído o educativo.

Inexistencia de unidades específicas de acollemento nas distintas administracións.

Escaseza de recursos formativos dirixidos á poboación inmigrante.

Recursos tecnolóxicos

FORTALEZAS

Forte implantación da Administración electrónica nas distintas administracións galegas como ferramenta para estender o uso do galego na lingua escrita.

Existe versión en galego dalgúns sistemas operativos e dalgún software, sobre todo no caso do software libre.

DEBILIDADES

Insuficiente presenza do galego nos sistemas operativos, software de uso máis común e redes sociais.

Recursos documentais, léxicos e terminolóxicos

FORTALEZAS

Existencia dun Servizo Galego de Terminoloxía (Termigal) con capacidade normativa (RAG) e unha traxectoria de traballo, malia a súa escasa dotación económica e de recursos humanos.

A RAG vén desenvolvendo o seu labor de normativización da lingua galega.

Funcionamento de varios servizos lingüísticos universitarios e de diferentes administracións que elaboran dicionarios terminolóxicos regularmente.

Existencia de grupos de investigación, redes e investigadores e investigadoras individuais cunha produción recoñecida en materia de estudo do léxico, da lexicografía e de terminoloxía.

Existencia nas universidades de profesorado competente para elaborar repertorios lexicográficos e terminográficos e para cooperar na súa produción e difusión.

Existencia de especialistas e colexios profesionais que elaboran e difunden terminoloxía.

Existencia de dicionarios terminolóxicos de referencia en determinados ámbitos de coñecemento.

Existencia de bancos terminolóxicos (TERGAL, bUSCatermos, etc.) e doutros recursos dixitais (Galnet, Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo) relevantes en terminoloxía e en lexicografía.

O galego está representado na Rede Panlatina de Terminoloxia REALITER e noutras asociacións de terminoloxía, o que favorece a produción de dicionarios colaborativos.

Existencia dun Diccionario da Real Academia Galega que fixa o estándar léxico e semántico da lingua galega e goza de gran prestixio científico e social, e que é sometido a unha revisión e actualización continuas.

Existencia dun tecido de obras lexicográficas monolingües de iniciativa privada de carácter descritivo ou baseadas no DRAG.

Existencia dun novo dicionario bilingüe castelán-galego elaborado na Real Academia Galega, que dá continuidade ao publicado pola institución no 2004, de grande importancia social e, en particular, nos ámbitos da docencia e da tradución.

DEBILIDADES

Falta de coñecemento xeral por parte da poboación dos servizos lingüísticos dedicados á terminoloxía e lexicografía.

Escaseza de recursos humanos suficientes para atender de maneira eficaz todas as consultas nos servizos lingüísticos institucionais existentes.

Ausencia dunha política terminolóxica axeitada que cubra as necesidades terminolóxicas, planifique a produción de recursos, así como a súa avaliación, actualización e difusión.

Inexistencia dun Centro de Terminoloxía suficientemente dotado e con recursos económicos e humanos que lidere calquera iniciativa terminolóxica e faga planificación neste senso.

Ausencia dunha política terminolóxica eficiente, que se anticipe á implantación de estranxeirismos ou castelanismos nos medios de comunicación.

Falta de textos científicos e especializados en lingua galega. Aínda que existen corpus xeneralistas (CORGA, TILGA, etc.) e máis un corpus técnico, hai unha gran carencia de textos científicos (manuais, revistas científicas especializadas en todas as áreas de coñecemento, ensaios, etc.).

Escaseza de materiais lexicográficos en galego para aprendizaxe doutras linguas.

Inexistencia dun dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega.

Inexistencia dun dicionario dialectal.

Recursos para o lecer e tempo libre

FORTALEZAS

Alta implantación das novas tecnoloxías e emerxencia da IA na sociedade actual (electrodomésticos, aparellos, asistentes virtuais...).

Existencia dalgúns recursos para o lecer en galego (cine, música, lectura...).

Gran relevancia do deporte no tempo de lecer.

Existencia de múltiples eventos culturais, deportivos, musicais, relixiosos de gran transcendencia e con apoio das administracións públicas.

Existencia dun tecido asociativo cultural e creativo que desenvolve a súa actividade en lingua galega.

Existencia dalgúns xogos en galego e unha rede de colaboración e de asociacionismo.

Existencia dun lecer vinculado ao comercio e ás areas comerciais.

Uso xeneralizado das plataformas para consumo de contidos dixitais.

Gran difusión do uso das redes sociais e os videoxogos entre a mocidade.

DEBILIDADES

Escasa implantación do galego nestas novas tecnoloxías e na IA.

Escasa difusión e coñecemento dos recursos para o lecer existentes en galego.

Falta de planificación da normalización lingüística no ámbito do deporte e case nula existencia de recursos para o deporte en galego.

Escasa presenza do galego nos eventos deportivos, musicais e relixiosos de gran transcendencia.

Moi baixa presenza dos contidos dixitais das plataformas de consumo xeneralizado en galego.

Pouca implantación do galego nas redes sociais, nos videoxogos e nos xogos de mesa.

Pouco alcance das redes de colaboración arredor da oferta de xogo en galego.

SECTOR 10

RECURSOS LINGÜÍSTICOS

Obxectivos

01

Planificar, promover, dinamizar e difundir os recursos en lingua galega de maneira que exista unha actualización continua e un deseño claro para o seu mantemento e expansión.

02

Crear un espazo público dixital que ofreza de modo organizado, accesible, flexible, intuitivo e actualizado os recursos existentes.

03

Constituír un organismo ou comisión técnica que deseñe e supervise as liñas de actuación prioritarias na creación de recursos e a súa avaliación.

04

Fomentar a creación de novos recursos tanto desde o sector público coma desde o sector privado. Impúlsase así a creación de recursos didácticos en galego que potencien o intercambio oral en situacións variadas, de maneira que permitan a adaptación do repertorio lingüístico ás diferentes interaccións cotiás para desenvolver habilidades comunicativas libres de prexuízos.

05

Fomentar a utilización de recursos para acadar un uso activo do galego en distintos espazos e propostas lúdicas, tanto na escola como fóra dela.

06

Garantir a existencia de materiais didácticos en lingua galega para todas as disciplinas curriculares e para os diferentes niveis educativos e especialidades, desde a educación infantil ata a universidade.

07

Fornecer os medios técnicos, servizos e recursos para que a comunidade universitaria poida desenvolver o seu labor profesional en lingua galega calquera que sexa o colectivo de pertenza (PDI, PTXAS, alumnado).

08

Incrementar a oferta formativa e facilitar a autoformación en linguaxes de especialidade.

09

Facilitar a acreditación das competencias en linguaxes de especialidade.

10

Ofrecer recursos formativos para o ensino da lingua galega dirixidos á poboación inmigrante.

11

Diversificar a oferta formativa de niveis CELGA.

12

Incrementar os materiais formativos.

13

Mellorar o acceso aos recursos formativos existentes.

14

Dimensionar os requerimientos da competencia lingüística no acceso á Administración pública.

15

Elaborar, **cando proceda**, unha categorización orientativa dos perfís lingüísticos dos postos de traballo nas administracións públicas que aínda carezan dela..

16

Aumento da oferta de temarios e recursos formativos para as oposicións en galego.

17

Aumento da oferta formativa en galego nas academias de preparación de oposicións.

18

Ofrecer a lexislación autonómica e estatal actualizada en galego.

SECTOR 10: RECURSOS LINGÜÍSTICOS

Obxectivos

19

Garantir a dispoñibilidade de recursos inclusivos actualizados en lingua galega para todas as etapas educativas e demais ámbitos da sociedade.

20

Visibilizar os recursos inclusivos existentes para todos os sectores da sociedade.

21

Lograr que a poboación inmigrante adquira o coñecemento lingüístico e cultural necesarios para integrarse no mundo educativo, social e laboral.

22

Garantir a dispoñibilidade de recursos e ferramentas precisas para que a poboación inmigrante poida dar os seus primeiros pasos en galego.

23

Mellorar a presenza e a calidade da lingua galega nas plataformas de tramitación da Administración.

24

Ofrecer sistemas operativos e software de uso común en lingua galega.

25

Fornecer os medios e servizos necesarios para que calquera persoa poida expresarse en galego en calquera actividade profesional, académica, artística ou persoal.

26

Ofrecer os medios e servizos necesarios para que a divulgación de innovacións (investigación, prensa, etc.) se realice en galego.

27

Dotar dos medios económicos e persoais suficientes para desenvolver os traballos lexicográficos en curso e para iniciar novos proxectos estratéxicos para o coñecemento, valorización e o uso do galego.

Obxectivos

28

Aumentar a implantación do galego no plano tecnolóxico (aparellos, asistentes virtuais...).

29

Promover unha maior difusión dos recursos para o lecer en galego e procurar a súa accesibilidade.

30

Aumentar a presenza do uso do galego no ámbito do deporte.

31

Aumentar a presenza do galego nos contidos dixitais das plataformas de consumo xeneralizado.

32

Aumentar a presenza do galego nos eventos deportivos, musicais e relixiosos de grande transcendencia.

33

Aumentar a implantación do galego nas redes sociais e nos videoxogos.

34

Difundir e dar a coñecer a rede de colaboración arredor do xogo en galego.

35

Dotar de recursos para a investigación encamiñada ao aumento da presenza do galego no ámbito da tecnoloxía.

SECTOR 10

RECURSOS LINGÜÍSTICOS
Medidas

Medidas

GRUPO 10.1.1

Recurso de formación. Ensino regrado

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.1.1 Creación dun espazo unificado, especialmente nos ciclos medio e superior e na educación a distancia, de materiais educativos e ferramentas didácticas para as distintas familias profesionais en galego que permitan o desenvolvemento das aulas e o desenvolvemento profesional na nosa lingua.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.1.2 Desenvolver unha estratexia de divulgación dos recursos que desemboque nun coñecemento real por parte do profesorado e no seu uso nos ámbitos educativos e fóra deles.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.1.3 Crear un repositorio de recursos de infantil e primaria con materiais en lingua galega, actualizado de xeito continuo.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.1.4 Promover a creación de iniciativas que valoren e visibilicen a utilización da lingua galega e as boas prácticas nas escolas (feiras educativas, concursos, selos distintivos...).

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.1.5. Elaborar materiais educativos (manuais, glosarios, dicionarios especializados, modelos de documentos) para as diversas especialidades de FP, pór en valor e difundir os que xa hai, e dalos a coñecer nos distintos centros.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.1.6 Constituír plataformas virtuais por familias profesionais nas que albergar os recursos terminolóxicos e de linguaxes específicas, e promover e facilitar o seu acceso tanto para alumnado como para profesorado.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e AMTEGA.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.1.7 Desenvolver ferramentas informáticas, formularios ou calquera outra documentación necesaria, como apoio ás comunicacións internas e externas das entidades e empresas colaboradoras na formación dos alumnos de FP.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.1.8 Fomento da creación de materiais especializados nos ámbitos de coñecemento en galego (manuais, dicionarios, unidades didácticas...) destinados aos estudos universitarios.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.1.9 Creación dunha liña de promoción para a elaboración planificada de materiais científicos en galego das titulacións implantadas no Sistema Universitario Galego.

GRUPO 10.1.2

Recurso de formación. Ensino non regrado

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.2.1 Incorporar cursos de galego de distintos niveis ás grandes plataformas de ensino do idioma.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e AMTEGA.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.2.2 Crear unha plataforma de autoaprendizaxe de linguaxes específicas.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.2.3 Ofrecer manuais en lingua galega das diversas especialidades en soporte electrónico.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.2.4 Aumentar os materiais didácticos en galego para a oferta formativa non regrada en diferentes ámbitos (música, baile, pintura, costura, robótica...).

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e SXL.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.2.5 Implantar un sistema de probas de acceso libre para acreditar competencias en linguaxes de especialidade.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Consellería de Política Social e Igualdade e SXL.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.2.6 Elaborar e difundir recursos formativos para o ensino da lingua galega dirixidos á poboación inmigrante.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.2.7 Publicar unha nova edición dos materiais formativos dos cursos Celga.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.2.8 Incentivar a oferta formativa de niveis Celga en academias privadas.

ÓRGANO EXECUTOR

SXL e AMTEGA.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.2.9 Elaborar e ofrecer de maneira aberta e telemática un sistema de nivelación de coñecementos de lingua xeral e aplicado aos Celga.

GRUPO 10.1.3

Acceso á función pública

ÓRGANO EXECUTOR

Parlamento de Galicia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.3.1 Dar a coñecer a plataforma LexGal que ofrece a lexislación consolidada en lingua galega.

GRUPO 10.1.4

Inclusión

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.4.1 Promover a creación dun equipo de profesorado das distintas etapas educativas, especialistas dos distintos ámbitos e entidades sen ánimo de lucro relacionadas coa atención á diversidade para elaborar materiais en lingua galega inclusivos e accesibles para toda a poboación.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.4.2 Creación e tradución de materiais imprescindibles en lingua galega (pictogramas, comunicadores...) para atender a diversidade.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.4.3 Crear un repositorio de recursos para a inclusión destinados ás distintas etapas educativas (Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, FP...) e demais ámbitos da sociedade con materiais en lingua galega, actualizado de xeito continuo.

GRUPO 10.1.5

Acollemento lingüístico

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade e Administración local.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.5.1 Constituír unha comunidade de intermediadores lingüísticos para traballar coa poboación inmigrante, e proporcionarlles a formación necesaria para abordar temas non só educativos, senón tamén laborais e sociais.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade e SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.5.2 Crear e desenvolver todos aqueles recursos e ferramentas precisos para dar os primeiros pasos nunha lingua, dicionarios visuais, bilingües, material audiovisual ou guías de conversa, e configurar un espazo que os aloxe e que sexa de fácil acceso para as persoas usuarias.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.5.3 Crear a materia "Galego de acollida" para as persoas que acaban de chegar con materiais educativos propios, alternativa á situación de exención dentro do grupo de referencia.

GRUPO 10.1.6

Recursos documentais, léxicos e terminolóxicos

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.6.1 Crear a infraestrutura de xestión que lidere e apoie as iniciativas terminolóxicas en galego (públicas e privadas, individuais e colectivas) e sirva como punto de referencia e consulta a calquera usuario/a para acadar unha resposta acaída de modo rápido e eficaz e con potencia para atender a demanda de editoriais, departamentos universitarios, investigadores/as, tradutores/as, medios de comunicación, etc.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua coa colaboración do servizo de terminoloxía.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.6.2 Realizar tarefas de planificación, creación, difusión, revisión, actualización e avaliación da implantación das terminoloxías oficiais propostas e afondar na colaboración de novas terminoloxías.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.6.3 Mellorar a dotación de recursos económicos e humanos do Servizo de Terminoloxía (Termigal) que lidere calquera iniciativa terminolóxica e faga planificación neste senso.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua coa colaboración do centro de Terminoloxía.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.6.4 Crear un Observatorio de Neoloxía Institucional con capacidade para resolver consultas, realizar vixilancia terminolóxica, etc., especialmente orientado á prensa, primeira difusora de neoloxismos (estilo FUNDEU).

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua coa colaboración do Centro de Terminoloxía.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.6.5 Realizar vixilancia de xeito que a terminoloxía dos conceptos especializados de maior divulgación entre a poboación xeral estea normalizada, fomentando a súa divulgación.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua, AMTEGA e Administración Local.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.6.6. Crear un portal no que se ofrezan directrices sobre a utilización da lingua clara e se propoñan modelos actualizados de formularios e documentos seguindo as súas normas.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua en colaboración coas universidades, coordinado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.6.7 Poñer en marcha corpus de textos en galego de discurso especializado (con distintos niveis de especialización) en colaboración cos sectores profesional, académico e técnico nas grandes áreas de coñecemento.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Colexio de Notarios e Colexio de Rexistradores da Propiedade.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.6.8 Impulsar a versión galega dos textos legais e dos formularios empregados nas administracións e nas actuacións notariais e rexistrais, garantindo a súa difusión en formato dixital e accesible desde os portais oficiais da Xunta de Galicia, dos concellos, do Colexio Notarial e do Colexio de Rexistradores da Propiedade (véx. sector 1).

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua coa colaboración do IELG, RAG, universidades e Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.6.9 Crear repertorios lexicográficos bilingües e multilingües, prioritariamente entre o galego e todas as linguas estudadas no ensino público universitario e non universitario (incluídas EOI) e que permitan, ademais, a consulta interactiva no seu formato dixital.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua coa colaboración da RAG e Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.6.10 Elaboración dun dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega, pancrónico e en liña, de acceso libre e gratuíto.

ÓRGANO EXECUTOR

SX da Lingua coa colaboración do IELG.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.6.11 Confección dun dicionario dialectal.

GRUPO 10.1.7

Recursos para o lecer e tempo libre

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Política Social e Igualdade e AMTEGA.

MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.7.1 Recompilar os recursos para o lecer en galego existentes (cine, música, xogos, lectura...) e crear unha infraestrutura virtual para darlles difusión.

ÓRGANO EXECUTOR

SX do Deporte.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.7.2 Aumento dos recursos (léxicos, manuais, regulamentos...) para o deporte en galego.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

MEDIDAS

Prioridade 2

10.1.7.3 Fomentar as traducións ao galego a través de axudas ás plataformas de contidos dixitais.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Política Social e Igualdade.


MEDIDAS

Prioridade 1

10.1.7.4 Crear unha liña de axudas para a tradución ao galego e a creación de xogos de mesa para todas as idades.

SECTOR 11

DEREITOS LINGÜÍSTICOS



Presentación

Á hora de valorar o grao de cumprimento dos dereitos lingüísticos en Galicia e de examinar as lagoas ou pexas lexislativas que impiden ou non garanten suficientemente a plena normalización da lingua galega, temos que examinar o corpus legal en tres ámbitos complementarios: o da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras comunidades con territorio de fala galega, o de España, (eliminar coma) e o da Unión Europea.

No ámbito autonómico os dereitos lingüísticos aparecen regulados fundamentalmente polo Estatuto de Autonomía, no que se produce o recoñecemento da oficialidade da lingua galega, e pola Lei de normalización lingüística do ano 1983. Estes dous textos fundamentais abriron as portas á utilización do galego nas administracións, no sistema escolar, a creación da Radio e Televisión públicas galegas, etc., pero tiveron tamén un forte impacto no cambio da valoración da lingua galega por unha parte importante da sociedade, e a súa desasociación co atraso, coa incultura ou co ruralismo, por máis que aínda permanezan certos prexuízos negativos con respecto a ela. Hoxe o galego é percibido por unha amplísima maioría da sociedade como unha lingua apta para desempeñar calquera tipo de función.

Non hai dúbida de que a Lei 3/1983 de normalización lingüística significou un punto de inflexión no recoñecemento dos dereitos lingüísticos, (eliminar coma) e tivo o valor importantísimo de ser froito dun consenso. Pero tamén se viu desde pronto que, amais dunha notable carencia de aparato coercitivo, presentaba lagoas significativas, postas de relevo en diferentes estudos. En todo caso, hoxe, pasados máis de corenta anos da súa aprobación, resulta unha lei moi xenérica -aínda que sexa moi representativa polo momento histórico no que se aprobou e polo que supuxeron os seus redactores para a nosa lingua e cultura- e non responde xa a realidades fundamentais da sociedade actual (pensemos só na irrupción da informática, de Internet ou da IA e as súas repercusións nas comunicación, no acceso á información, na administración, na organización das empresas, no teletraballo, nas redes sociais, no lecer...) e que cómpre substituír ou actualizar cando se dean as condicións e consensos necesarios para tal modificación normativa.

A lexislación autonómica galega, pero tamén doutras comunidades autónomas con lingua propia, non poucas veces se viu condicionada pola lexislación estatal, e co fin de resolver algunha destas colisións intentouse sen éxito hai xa bastantes anos a elaboración dunha lei de linguas de España. Estas colisións entre a lexislación estatal e a autonómica deu lugar a unha serie de pronunciamentos do Tribunal Constitucional, que van creando unha doutrina aínda vacilante en certos aspectos. Recentemente, mediante o Real Decreto 798/2025 creouse e regulouse o Consello das Linguas Oficiais e a Oficina para as Linguas Oficiais, que veu substituír o Consejo de las Lenguas de la Administración General del Estado e a Oficina para las Lenguas Oficiales, creado por Real Decreto 905/2007, que tivo un impacto practicamente insignificante. O novo Consejo de las Lenguas Oficiales configúrase como un "Organismo de impulso e seguimento que, ao incluír as comunidades autónomas con linguas oficiais e outros actores relevantes sobre a materia, actúa á vez como observatorio e como foro de diálogo adecuado da política lingüística no ámbito do sector público".

Non podemos obviar que nos últimos tempos houbo algúns avances simbólicos de cara á visibilidade do carácter plurilingüe de España, como a posibilidade desde setembro de 2023 de utilización das linguas oficiais distintas do castelán no Parlamento e no Senado.

No ámbito da UE, España ratificou, e está vixente desde o 1 de agosto de 2001, a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias do Consello de Europa, aprobada en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992. Cómpre, xa que logo, adaptar as actuacións dos poderes públicos de toda España (e, xa que logo tamén de Galicia e das Autonomías en que hai territorio galegófono) aos principios asumidos por esta sinatura. Pero os sucesivos informes do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da CELRM subliñan a existencia de cuestións que se deben corrixir e mellorar tanto en Galicia como nos territorios de fala galega de fóra da Comunidade Autónoma. En agosto de 2023 o goberno español solicitou formalmente ao Consello da Unión Europea a oficialidade do catalán, éuscaro e galego nas institucións europeas, pero ata o momento non se lograron os apoios necesarios para lograr este obxectivo debido, en gran medida, aos problemas co seu financiamento.

Ademais do recoñecemento dos dereitos lingüísticos, é necesaria unha información eficaz na poboación sobre cales son eses dereitos, e facilitarlle á poboación a posibilidade de denuncia cando algún deses dereitos sexan conculcados. Por iso parece altamente conveniente a creación dunha oficina que se encargue de facer chegar á cidadanía o coñecemento dos seus dereitos lingüísticos, e que, ao mesmo tempo, reciba e facilite a tramitación oportuna, das denuncias das persoas que senten que algún dos seus dereitos lingüísticos non foi respectado.

SECTOR 11

DEREITOS LINGÜÍSTICOS **Diagnóstico**

FORTALEZAS

Existe un marco estatutario suficiente para acometer un proceso de reforma dos dereitos lingüísticos en profundidade.

Existe un marco xurídico internacional de referencia: a CELRM, asinada por España na súa integridade e vixente para o Goberno de España desde o 1 de agosto de 2001.

Dende a data de aprobación da Lei 3/1983, de normalización lingüística, conformouse unha ampla doutrina constitucional que ofrece un marco de referencia importante para levar a cabo reformas normativas.

Existe normativa autonómica comparada, validada polo Tribunal Constitucional, que pode servir de referencia nun proceso de reforma.

Cóntase con abundantes estudos doutrinais na materia.

Aprobación do Real Decreto 798/2025, de 9 de setembro polo que se crean e se regulan o Consello das Linguas Oficiais e a Oficina para as Linguas Oficiais.

Existe unha avaliación periódica realizada polo Comité de Expertos do Consello de Europa sobre a CELRM, que permite coñecer o grao de cumprimento dos compromisos asumidos nesta materia.

DEBILIDADES

Deficiencias no cumprimento da CELRM, segundo consta nos sucesivos informes.

Os sucesivos informes do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da CELRM subliñan a existencia de importantes deficiencias.

Marco legal insuficiente:

a) O concepto de dereito de uso está sen determinar ou concretar respecto das facultades e dereitos específicos que outorga. Non se recoñece o dereito a ser respondido ou atendido na lingua de elección (vertente pasiva do dereito de uso).

b) O desenvolvemento normativo do dereito de uso limítase a sectores determinados e só do ámbito público: Administración autonómica, Administración de xustiza, documentos públicos e rexistros públicos autonómicos.

c) Ausencia total de regulación xeral do dereito de uso no ámbito privado: documentos civís e mercantís, dereitos de consumidores e usuarios, lingua de atención ao público.

d) Ausencia de regulación xeral do dereito de uso respecto dos rexistros públicos non autonómicos (entre outros, rexistros da propiedade e rexistro civil).

e) Ausencia de regulación xeral do dereito de uso respecto das empresas públicas, das empresas de servizo público e das empresas concertadas ou subvencionadas.

f) Inexistencia de mecanismos efectivos de garantía do cumprimento dos dereitos lingüísticos recoñecidos normativamente.

Escaso desenvolvemento regulamentario dos dereitos lingüísticos recoñecidos legalmente.

Escaso desenvolvemento dos perfís lingüísticos no ámbito profesional, público e privado, para garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos.

Efectividade práctica:

a) Descoñecemento dos dereitos lingüísticos, tanto pola cidadanía como polos empregados públicos e profesionais.

b) Inexistencia dun órgano ou unha unidade administrativa, específica e facilmente identificable para os cidadáns, que asesore e ampare no exercicio dos dereitos lingüísticos.

c) Insuficiencia de competencias lingüísticas para facer efectivo o dereito de elección lingüística nalgunhas Administracións e no sector privado.

SECTOR 11

DEREITOS LINGÜÍSTICOS
Obxectivos

SECTOR 11: DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Obxectivos xerais

01

Dotarse dun marco lexislativo xeral actualizado sobre a lingua galega, mediante a aprobación dunha nova Lei da Lingua.

02

Harmonizar os dereitos lingüísticos mediante a actualización da lexislatura sectorial.

03

Actualización do marco normativo relativo aos dereitos lingüísticos.

04

Facilitar o cumprimento dos dereitos lingüísticos da cidadanía mediante a creación dun órgano ou unidade administrativa de asesoramento e amparo destes dereitos.

05

Promover a capacitación lingüística profesional específica para garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos.

06

Mellora do nivel de coñecemento dos dereitos lingüísticos pola cidadanía.

07

Lograr o compromiso doutras AAPP (especialmente, a Administración Xeral do Estado) de levar a cabo actuacións da súa competencia conducentes ao recoñecemento e efectividade dos dereitos lingüísticos da cidadanía.

SECTOR 11: DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Obxectivos específicos

01

Regulación do dereito a ser atendido/recibir resposta en galego nas relacións coas Administracións públicas.

02

Regulación do uso institucional da lingua por parte da Administración autonómica e local.

03

Regulación do dereito de uso do galego no ámbito privado: documentos civís e mercantís, dereitos de consumidores e usuarios, lingua de atención ao público.

04

Regulación xeral do dereito de uso respecto dos rexistros públicos non autonómicos (entre outros, rexistros da propiedade e rexistro civil).

05

Regulación xeral do dereito de uso respecto das empresas públicas, das empresas de servizo público e das empresas concertadas ou subvencionadas.

06

Regulación de mecanismos efectivos de garantía do cumprimento dos dereitos lingüísticos recoñecidos normativamente.

07

Avaliación en cada consellería do contido das respectivas normas sectoriais con rango de lei para detectar posibles deficiencias e facer propostas de mellora en materia de dereitos lingüísticos.

08

Desenvolvemento regulamentario dos perfís lingüísticos que habiliten de xeito efectivo e real para garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos nos ámbitos público e privado.

09

Aprobación dunha disposición regulamentaria pola que se cree un órgano ou unidade administrativa que asesore e ampare a cidadanía no exercicio dos dereitos lingüísticos.

10

Establecemento de ferramentas permanentes, actualizadas e accesibles para a cidadanía de información sobre dereitos lingüísticos.

11

Comunicación e colaboración con outras AAPP (estatal e autonómicas) para mellorar a regulamentación e efectividade dos dereitos lingüísticos.

SECTOR 11

DEREITOS LINGÜÍSTICOS **Medidas**

Medidas

GRUPO 11.1

Renovación lexislativa

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Regulación do dereito a ser atendido/recibir resposta en galego nas relacións coas Administracións públicas.

Regulación do uso institucional da lingua por parte da Administración autonómica e local.

Regulación do dereito de uso do galego en documentos civís e mercantís, dereitos de consumidores e usuarios, lingua de atención ao público, de acordo coa lexislación vixente.

Regulación xeral do dereito de uso respecto dos rexistros públicos non autonómicos (entre outros, rexistros da propiedade e rexistro civil).

Regulación xeral do dereito de uso respecto das empresas públicas, das empresas de servizo público e das empresas concertadas ou subvencionadas.

Regulación de mecanismos efectivos de garantía do cumprimento dos dereitos lingüísticos recoñecidos normativamente.

ÓRGANO EXECUTOR

Administracións públicas.

MEDIDAS

Prioridade 1

11.1.1. Valorar a actualización do marco normativo en materia lingüística, co obxectivo de reforzar a seguridade xurídica e os dereitos lingüísticos.

GRUPO 11.2

Avaliación lexislativa

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Avaliación en cada consellería do contido das respectivas normas sectoriais con rango de lei para detectar posibles deficiencias e facer propostas de mellora en materia de dereitos lingüísticos.

ÓRGANO EXECUTOR

Xunta de Galicia.

MEDIDAS

Prioridade 1

11.2.1. Encomenda a un órgano específico dentro de cada consellería da avaliación do contido das normas sectoriais con rango de lei para detectar as deficiencias en materia de dereitos lingüísticos para proceder á súa corrección, e determinación do prazo de execución.

GRUPO 11.3

Perfís lingüísticos

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Desenvolvemento regulamentario para garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos, cando así proceda.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellerías competentes en materia de lingua, función pública, emprego e formación profesional.

MEDIDAS

Prioridade 2

11.3.1. Encomenda a un órgano específico dentro de cada consellería da avaliación do contido das normas sectoriais con rango de lei para detectar as deficiencias en materia de dereitos lingüísticos para proceder á súa corrección, e determinación do prazo de execución.

GRUPO 11.4

Asesoramento en dereitos lingüísticos

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Aprobación dunha disposición regulamentaria pola que se cree un órgano ou unidade administrativa que asesore e ampare á cidadanía no exercicio dos dereitos lingüísticos.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellerías competentes en materia de lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

11.4.1. Creación dun novo órgano ou unidade administrativa que asesore e ampare a cidadanía no exercicio dos dereitos lingüísticos, previa determinación das súas competencias específicas e da forma xurídica máis axeitada.

GRUPO 11.5

Material en dereitos lingüísticos

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Establecemento de ferramentas permanentes, actualizadas e accesibles para a cidadanía de información sobre dereitos lingüísticos.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellerías competentes en materia de lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

11.5.1. Elaboración dun catálogo de dereitos lingüísticos accesible en liña e realización dunha información sobre preguntas frecuentes (FAQs) que ofreza unha información clara sobre dereitos lingüísticos.

GRUPO 11.6

Colaboración con outras AAPP

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Comunicación e colaboración con outras AAPP (estatal e autonómicas) para mellorar a regulamentación e efectividade dos dereitos lingüísticos.

ÓRGANO EXECUTOR

Consellerías competentes en materia de lingua.

MEDIDAS

Prioridade 2

11.6.1. Traslado por parte da Xunta de Galicia ao Consello das Linguas Oficiais, a través do seu representante nese órgano, das necesidades de modificación de normas estatais para dar cumprimento á CELRM (p. ex. LOPX) e as deficiencias e eivas que se observan no respecto aos dereitos lingüísticos dos cidadáns por parte da Administración Xeral do Estado.


XUNTA
DE GALICIA